

MEMORIA DE SERVIZO PÚBLICO 2025

INTRODUCCIÓN	7
 CAPÍTULO 1. As relacións laborais na CSAG.....	25
1.1 Negociacións coa parte social	25
1.2 Renovación tecnolóxica. Sistema de información de RRHH.....	28
1.3 Seguridade e saúde laboral	28
1.4 Formación e selección.....	34
 CAPÍTULO 2. Impacto e audiencia multiplataforma	39
2.1 Un modelo integrado de consumo	39
2.2 Audiencia total multiplataforma <i>crossmedia</i>	41
 CAPÍTULO 3. Ecosistema dixital e expansión da comunidade	55
3.1 Estratexia OTT e contidos baixo demanda.....	55
3.2 Distribución multidispositivo.....	56
3.3 Expansión cara a novas audiencias.....	57
3.4 Innovación en formatos e modelos de comercialización.....	58
3.5 Medición integrada e visión 360º	59
 CAPÍTULO 4. Os servizos informativos da CSAG.....	61
4.1 Os formatos informativos en 2025	61
4.2 Servizos informativos en TVG.....	62
4.3 Servizos informativos en Radio Galega.....	65
4.4 Portal informativo G24.gal	67
4.5 Redes sociais e contidos dixitais	68
4.6 Cultura365	69
4.7 Deportes	70
4.8 O tempo.....	72
4.9 Documentación e arquivo	73
4.10 Innovación, novas narrativas e transformación dixital	74
 CAPÍTULO 5. Os contidos e emisións da CSAG	79
5.1 Programación televisiva	81
5.2 Emisións televisivas	103
5.3 Producción allea	108
5.4 Dobraxe e subtitulación.....	115
5.5 Programación radiofónica.....	117
5.6 As plataformas OTT	137

CAPÍTULO 6. Relación co sector audiovisual.....	151
6.1 Medidas de apoio ao cine	151
6.2 Proxectos aprobados no 2025	152
6.3 Relación global co sector audiovisual	154
6.4 Promoción e presenza exterior das producións galegas	156
 CAPÍTULO 7. O desenvolvemento tecnolóxico.....	 159
7.1 Creación da nova canle TVG en Ultra Alta Definición	159
7.2 Renovación do sistema de control de Continuidade	159
7.3 Radio Galega: novo sistema de produción.....	160
7.4 Maximizar o transporte de sinais de audio e vídeo das canles	161
7.5 Ciberseguridade: adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade	162
7.6 Ciberseguridade: equipamento da seguridade perimetral	163
7.7 Implementación do uso da IA xenerativa na produción.....	163
7.8 Incremento da capacidade de almacenamento de datos	163
 CAPÍTULO 8. Normalización lingüística.....	 167
8.1 Adaptación a novas necesidades da Corporación	169
8.2 Equipo de asesores lingüistas.....	169
8.3 Principais cometidos.....	170
8.4 Participación en procesos de selección	171
8.5 Relación con institucións académicas e lingüísticas	172
8.6 Colaboracións de normalización lingüística.....	172
 CAPÍTULO 9. A Proxección Social da CSAG.....	 175
9.1 Responsabilidade Social Corporativa.....	175
9.2 Coordinación Creativa	183
9.3 Comunicación e relación co público	185
9.4 Igualdade e inclusión.....	186
9.5 Accións internacionais	198
9.6 Colaboracións institucionais e apoio ao tecido social galego.....	200
9.7 Premios e recoñecementos á CSAG.....	202

CAPÍTULO 10. A administración, o control e o goberno da CRTVG/CSAG.....	206
10.1 Normativas de aplicación.....	206
10.2 Organización e atribucións.....	208
10.3 Composición	208
10.4 Competencias e funcións	209
10.5 Elección e nomeamento	210
10.6 Duración do mandato	212
10.7 Réxime das persoas membros do Consello de Administración.....	213
10.8 Presidencia	214
10.9 Secretaría dos Consellos de Administración da CRTVG e da CSAG.....	215
10.10 Direccións xerais da CRTVG e da CSAG	215
10.11 Funcionamentos dos Consellos de Administración da CRTVG e da CSAG....	217
10.12 Relación das 16 sesións plenarias que se realizaron no 2025	217
10.13 Decisións que adoptou o socio único da CRTVG e da CSAG.....	247
10.14 Órganos ou comisión de participación, asesoramento ou de control interno...	249
10.15 Comisión de Economía e Control	250
10.16 Restantes comisións permanentes.....	256
10.17 Parlamento de Galicia.....	266
10.18 Outros organismos de control	269

INTRODUCCIÓN

A entrada en vigor da Lei 1/2025, do 14 de marzo, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, significou a transformación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. -CRTVG- en Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., sociedade anónima de capital público á que se encomenda a prestación en réxime de xestión directa do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma. Non se trata dun simple cambio de denominación, senón que este reflicte e proxecta un cambio cualitativo na definición e contido do servizo público, así como dos termos en que se regula.

A efectos prácticos, o sinalado implica que a Corporación de SAG herda da extinta CRTVG todo o seu capital produtivo, humano, simbólico, nomeadamente vinculado ás marcas de identidade TVG e RG -e asociadas-, todo o patrimonio histórico acumulado de significado social, cívico, lingüístico, de audiencia e alcance dos medios públicos de comunicación da Comunidade Autónoma de Galicia no seu percorrido de xa catro décadas; e tamén a súa organización estrutural. En consecuencia, o significado real e efectivo da mudanza legal da regulación deses medios e, en paralelo, da denominación da sociedade empresarial, vén dado por un cambio na definición e obxecto do servizo público encomendado. Coexistiron así no 2025, ano no que a Corporación de SAG inicia a súa andaina, dúas liñas de acción que a impelen: continuidade e evolución. En definitiva, un único vector que marca a dirección do seu futuro inmediato sobre o que se vai exercer a acción de goberno.

Ao fío do exposto, en termos de estrutura organizativa configurouse unha nova estrutura directiva para axeitala, en clave de eficiencia, ás esixencias ditadas pola evolución do contido e significado do servizo público a prestar (resolución da Dirección Xeral -21.07.2025- establecendo a estrutura directiva da Corporación e as funcións das figuras que a conforman).

Unha traza sumaria do contorno de xestión que caracterizou a Corporación ao longo do exercicio 2025 permite constatar os avances seguintes:

- **Organización e goberno.** Contribuíuse á mellora dos sistemas de información de apoio á dirección de goberno corporativa.
- **Promoción e xestión do cambio.** Impulsouse un contorno para dar soporte á consolidación e ampliación da estratexia dixital.
- **Proxección institucional, social e responsabilidade social corporativa.** Optimizáronse as canles de comunicación corporativa da Corporación de SAG.

- **Economía e administración.** Tráballose nunha liña constante de perfeccionamento e mellora continua da eficiencia na xestión.
- **Contratación administrativa.** Constatase un perfeccionamento e consolidación da implantación da administración electrónica na Corporación.
- **Prestación de soporte xurídico.** Avanzouse na preservación das garantías en orde á salvagarda da responsabilidade xurídica corporativa.
- **Xestión das persoas e a organización.** Xestión estratéxica dos recursos humanos da Corporación.
- **Dinamización da cultura corporativa e do clima socio-laboral.** Desenvolvéronse actuacións no ámbito da xestión da igualdade, da diversidade e a inclusión e do diálogo social.
- **Incremento da eficiencia organizativa e operacional.** Consolidación e mellora continua do aproveitamento das virtualidades da produción e xestión dixital de contidos.
- **Estratexia e xestión de contidos.** Mellora e adaptación continua da oferta de contidos.
- **Servizo público e concorrência no mercado.** Definición, seguimento e revisión dos resultados das estratexias nos diferentes medios da Corporación.
- **Comercialización.** Xestión estratéxica da posición no mercado comercial audiovisual estatal.
- **Tecnolóxica.** Actualización de equipos e infraestruturas.

1. Resultado da provisión de servizo público de comunicación audiovisual

1.1 Resultados en clave de audiencia

A CSAG dispón de diferentes canles polas que emite programación en galego. Esas canles son: 2 canles de televisión dixital terrestre, TVG e G2; dúas canles de televisión vía satélite para o exterior, América e Europa; xunto a tres canles de radio, a Radio Galega xeralista e dúas canles de música, unha delas exclusivamente dedicada á música galega. Tamén ten operativas as canles dixitais G24, CSAG.gal, AGalega.gal, AGalegaAudio.gal, Xabarán.gal e 29 canles en redes sociais.

Aproximación ao rendemento da grella de contidos

En clave de eficiencia dende o punto de vista dos resultados da provisión do servizo público audiovisual media, a traza de xestión da sociedade conclúe cun compromiso para manter o pulso da competitividade.

No ano 2025, a TVG situouse na 4ª posición das televisións máis vistas en Galicia, segundo o medidor Kantar Media, e como a primeira máis vista de Galicia segundo o EXM. No ámbito das televisións autonómicas en España (FORTA), a marca TVG tamén se sitúa na 4ª posición, segundo Kantar Media, e na primeira posición segundo os datos do EXM. Para ambos medidores, a TVG pechou 2025 en posicións de liderado da FORTA. A Radio Galega, pola súa parte, no ano 2025 logrou 112.000 oíntes, situándose na 4ª posición. No ámbito das emisoras autonómicas en España (FORTA), a RG sitúase tamén na 4ª posición.

A eficiencia leva asociado un xuízo custo/resultado. Os valores orzamentarios sen IVE son os seguintes: o orzamento en 2009 foi de 147 millóns de euros e en 2025 de 122 millóns de euros. Isto representa, por tanto, un $< -17\% >$ inferior. En valores absolutos son $< -25,0 >$ millóns de euros, sen ter en conta actualización do IPC. Pola contra, os resultados en clave de audiencia (comparativa no ámbito da FORTA) foron semellantes en 2025 vs. 2009, acadando en ambos casos o 4º lugar da FORTA. Ponse así de manifesto un compromiso, en clave de competitividade, da CSAG coa eficiencia da grella de programación.

Televisión

A primeira canle da TVG, no conxunto do día ao longo do ano 2025, acadou unha cota de audiencia media do 8,4%. As canles públicas galegas (TVG e G2) que emiten a través de TDT obtiveron unha cota de pantalla conxunta no 2025 do 9,4%.

Radio

A audiencia diaria da Radio Galega (RG) de luns a domingo do ano 2025, segundo os datos do Estudo Xeral de Medios, foi de 112.000 oíntes. Ao respecto da Radio Galega Música (RGM), a audiencia diaria no ano 2025 foi de 27.000 oíntes. As canles públicas galegas de radio (RG e RGM) acadaron no 2025 un total de 139.000 oíntes diarios, o que supón unha cota de escoita en Galicia do 14,9% de Radio Galega sobre radio xeralista e o 3% de Radio Galega Música. Por outra banda, os 139.000 oíntes das canles públicas galegas de radio (RG e RGM) supoñen o 63,2% do total de oíntes de radio en Galicia.

Canles dixitais

En 2025, a CSAG consolida a súa aposta polo ecosistema dixital a través das súas plataformas OTT, estruturadas tamén arredor de tres webs complementarias: AGalega.gal, que integra a oferta audiovisual da Televisión de Galicia xunto con contido propio da plataforma; AGalegaAudio.gal, dedicada aos contidos de audio e vídeo procedentes do

estudo multimedia da Radio Galega; e Xabarán.gal, orientada especificamente ao público infantil. De forma paralela, G24.gal consolídase como o medio dixital informativo en galego de referencia, acadando preto de 2 millóns de usuarios. As redes sociais corporativas da CSAG bateron récord de visualización e impactos en 2025 e reflicten así tamén unha evolución moi positiva, reforzando o seu papel como referente dixital en lingua galega.

O ecosistema audiovisual da CSAG amplíase non só a través das redes sociais, senón tamén grazas á distribución global da OTT, accesible mediante app móbiles, dispositivos compatibles con iOS e Android, televisións conectadas (Smart TV) e sistemas híbridos (HbbTV), o que permite chegar a públicos cada vez máis amplos e diversos.

A distribución propia da OTT posibilita que os contidos das tres plataformas — AGalega.gal, AGalegaAudio.gal e Xabarán.gal— estean dispoñibles en máis de 200 países, poñendo de manifesto a súa capacidade de difusión global e consolidando a OTT como unha canle estratéxica para a proxección internacional dos contidos audiovisuais da CSAG. Esta ampla cobertura contribúe decisivamente á difusión da lingua e da cultura galegas no ámbito dixital internacional.

O consumo en directo consolídase como o formato máis visto da OTT, representando o 67% do consumo total das plataformas. Este dato constitúe unha vantaxe competitiva clave fronte ás OTT privadas, ao permitir ofrecer contidos en tempo real, de interese inmediato e cun marcado carácter de proximidade. Esta capacidade reforza a conexión coa audiencia, incrementa o valor informativo e social da oferta e consolida o papel da CSAG como servizo público diferencial no ecosistema dixital.

O modelo de consumo ATAWAD (accesible desde calquera lugar) confirma a adaptación da OTT aos distintos hábitos de uso. O móbil destaca polo elevado número de reproducións, asociado a un consumo máis frecuente e fragmentado, mentres que as Smart TV e HbbTV reflicten un consumo máis prolongado e continuado. Os resultados evidencian que HbbTV se integrou de maneira efectiva nos hábitos da audiencia da TVG, consolidándose como un eixe estratéxico para o desenvolvemento de servizos interactivos, a extensión de contidos e a evolución da experiencia dixital da canle principal. No seu conxunto, a CSAG acada en 2025 preto de 4 millóns de usuarios e 19 millóns de páxinas vistas nas súas plataformas dixitais propias. Nas redes sociais, rexístranse máis de 1.000 millóns de visualizacións e 48 millóns de interaccións (*engagement*).

Especialmente en 2025, tras o cambio de estratexia en redes sociais, obsérvase unha clara ampliación da audiencia, cun incremento do público feminino entre os 18 e 34 anos e unha presenza estable do público masculino novo, especialmente no tramo de 18 a 24 anos. Esta evolución confirma o impacto positivo da estratexia iniciada en setembro de

2025, que permitiu chegar a públicos máis novos e reforzar o cumprimento do obxectivo de servizo público. Durante 2025, a CSAG xerou 114.403 contidos dixitais, que acadaron 1.600 millóns de impactos na cidadanía, tanto a través de reproducións audiovisuais (Instagram, TikTok e YouTube) como mediante contidos non audiovisuais (Facebook e X).

AGalega.gal

As tres plataformas de consumo audiovisual, AGalega.gal, AGalegaAudio.gal e Xabarán.gal, iniciaron as súas emisións o 17 de xaneiro de 2024. En 2025 rexistraron 1,7 millóns de usuarios e máis de 8 millóns de visualizacións, así como 794.783 reproducións de contidos integramente en galego, tanto en directo como baixo demanda. Segundo o barómetro de OTT de Barlovento Comunicación, AGalega.gal sitúase como a 3ª OTT autonómica máis consumida (a segunda con lingua propia) tras 3Cat e Canal Sur Más.

G24

A canle dixital informativa da CSAG, denominada G24.gal, remata o ano con preto de 2 millóns de usuarios e 10 millóns de visualizacións, consolidando o seu posicionamento como referente informativo en galego.

Facebook

Os contidos das diferentes canles da CSAG na rede social Facebook lograron acadar as 216 millóns de visualizacións, o que supón un 5% máis que no ano 2024, e as canles máis seguidas foron TVG e a conta da G24.

Instagram

O alcance de Instagram amosou 654 millóns de visualizacións, o que supón un incremento do 110% respecto a 2024. Ademais, incrementou nun 110% o *engagement* (13 millóns), converténdose na rede con maior *engagement*, é dicir, a de maior grao de implicación, conexión e participación activa.

TikTok

TikTok amosou 195 millóns de visualizacións, cun incremento do 25% respecto a 2024; e un incremento do 1.143% no *engagement*, con preto de 7 millóns, converténdoa na rede con maior crecemento e con *engagement* da CSAG. Os contidos de arquivo e da nova programación da TVG, así como as noticias informativas da conta G24, foron os responsables destes resultados.

X

X amosou 25 millóns de visualizacións, cun incremento do 181% respecto a 2024; e preto de 2 millóns de *engagement*, o que supón un 61% de incremento respecto a 2024.

YouTube

A canle en YouTube da TVG amosa un incremento do 124% en 2025 en visualizacións respecto a 2024, con preto de 19 millóns. O número de subscritores incrementouse nun 14% respecto a 2024, amosando 13.936 subscritores nesta canle.

2. Liquidación orzamentaria

Para financiar os custos do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a CSAG xestionou un orzamento definitivo no 2025, por importe de 135,7 millóns de euros (122,2 millóns de euros excluindo a achega finalista destinada a Tributos para financiar o sobrecusto do IVE por importe de 13,5 millóns de euros). A liquidación orzamentaria da CSAG correspondente ao exercicio 2025 acada un resultado orzamentario en posición de superávit por importe de 687.166 euros.

Euros				
DOTACIÓNS E RECURSOS CONSOLIDADOS 2025	ORZAMENTO INICIAL 2025	ORZAMENTO DEFINITIVO 2025	ORZAMENTO EXECUTADO 2025	RESULTADO ORZAMENT. 2025
<u>DOTACIÓNS</u>				
Compras	41.045.000	45.482.821	46.512.993	(1.030.172)
Servizos Exteriores	17.716.515	18.066.515	18.044.577	21.938
Tributos	12.143.738	13.679.311	13.660.870	18.441
Gastos de Persoal	57.977.689	51.662.295	51.631.608	30.687
Outros Gastos de Xestión	20.000	10.000	5.100	4.900
Gastos Financeiros	65.000	40.000	36.364	3.636
Perdas Proc. do Activo e G. Excep.	0	27.000	25.407	1.593
Inmobilizacións Intanxibles	3.561.000	2.676.000	2.673.406	2.594
Inmobilizacións Materiais e en Curso	3.204.000	4.089.000	4.086.522	2.478
TOTAL DOTACIÓNS	135.732.942	135.732.942	136.676.847	(943.905)
<u>RECURSOS</u>				
Ingresos Publicitarios Netos	7.570.000	7.570.000	7.182.874	(387.126)
Outras Vendas	702.000	702.000	637.872	(64.128)
Outros Ingresos Xestión	30.000	30.000	893.743	863.743
Ingresos Financeiros	0	0	816.722	816.722
Benef. Prod. do Activo non Cte e I. Excep.	0	0	6.350	6.350
Achega Patrimonial	115.180.942	113.645.369	113.656.824	11.455
Achega Patrimonial Finalista IVE	12.000.000	13.535.573	13.524.118	(11.455)
Subvencións de Capital	250.000	250.000	250.000	0
Remanentes de Capital	0	0	395.510	395.510
TOTAL RECURSOS	135.732.942	135.732.942	137.364.013	1.631.071
RESULTADO ORZAMENTARIO 2025	0	0	687.166	687.166

A conciliación cos valores de balance do exercicio 2025 a través do estado demostrativo das variacións de remanente de tesourería é a seguinte:

Euros			
CONCEPTOS	2025	2024	VARIACIÓN
DEREITOS PENDENTES DE COBRO	88.516.860	78.493.398	10.023.462
Crédito Facenda Pública l/p	82.776.725	72.884.266	9.892.459
Fianzas e depósitos constituídos l/p	77.344	67.280	10.064
Debedores por operacións tráfico	5.302.947	5.219.757	83.190
Investimentos financeiros c/p	7.123	21.687	(14.564)
Axustes periodificación	344.011	260.217	83.794
Anticipos sobre compras	8.710	40.191	(31.481)
OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	(98.667.375)	(107.297.028)	8.629.653
Provisións responsabilidades	(1.896.345)	(3.182.552)	1.286.207
Débedas a l/p	(82.626.456)	(72.884.266)	(9.742.190)
Débedas a c/p	0	(1.475.633)	1.475.633
Acredores por operacións tráfico	(14.048.815)	(29.664.399)	15.615.584
Outras débedas a c/p	(95.759)	(90.178)	(5.581)
TESOURARÍA	33.923.923	53.484.387	(19.560.464)
(=) REMANENTE TESOURARÍA	23.773.408	24.680.757	(907.349)
Variación neta incluídos remanentes por incorporacións orzamentarias			1.594.515
(=) RESULTADO ORZAMENTARIO 2025			687.166

O resultado da liquidación orzamentaria da CSAG no exercicio 2025 evidencia un modelo de xestión que prové o servizo público audiovisual con sentido empresarial, instituíndo a eficiencia, en actuación dinámica de procedementos e procesos como eixo do modelo.

En síntese, a liquidación 2025 dos créditos orzamentarios que dan cobertura ao conxunto de servizos que prestan os medios públicos de comunicación audiovisual no marco da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, pon de manifesto que: presenta unha situación financeira e patrimonial estable e saneada; ordenou e estabilizou a súa contorna laboral e axústase con moi notable precisión ás determinacións normativas sobre o tamaño do seu cadro; dispuxo unha estrutura organizativa que garante unha plena eficiencia no desempeño da misión encomendada, segundo a fórmula da Lei 1/2025, e desenvolve a súa actividade desde unha plena integración produtiva de medios.

Como resumo, o sinalado implica que a CSAG herda da extinta CRTVG todo o seu capital produtivo, humano, simbólico, nomeadamente o vinculado ás marcas de identidade TVG e RG -e asociadas-, todo o patrimonio histórico acumulado de significado social, cívico, lingüístico, de audiencia e alcance dos medios públicos de comunicación da Comunidade Autónoma de Galicia no seu percorrido de xa catro décadas; tamén a súa organización estrutural.

O significado real e efectivo da mudanza legal da regulación deses medios e, en paralelo, da denominación da sociedade empresarial de capital público que os encarna, vén dado por un cambio na definición e obxecto do servizo público encomendado. Coexisten así, no 2025 en que a CSAG inicia a súa andaina, dúas liñas de forza que a impelen: continuidade e evolución, que se trenzan nun único vector sinalando a dirección do seu futuro inmediato sobre o que se exerceu a acción de goberno.

En definitiva, a provisión do servizo público media centrouse, a nivel de xestión, na transformación dixital, a innovación e a competitividade a cubrir nunha secuencia sucesiva de transformación cultural, transformación orgánica, transformación profesional e transformación tecnolóxica e modernización.

Histórico de resultados orzamentarios

O conxunto informativo que se recolle a continuación contribúe a unha mellor comprensión e facilita a análise do resultado orzamentario do exercicio 2025. Os datos para o período 1985-2025 son os seguintes:

Millóns de euros

EXERCICIO	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO	EXERCICIO	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO
1985		(0,7)	(0,7)	2007	133,8	3,7	(47,3)
1986	20,5	(1,8)	(2,5)	2008	142,1	(3,7)	(51,0)
1987	27,4	(1,4)	(3,9)	SUMA 1985-2008		(51,0)	(51,0)
1988	35,3	(7,5)	(11,4)	2009	146,9	2,0	(49,0)
1989	41,0	(14,0)	(25,4)	2010	145,4	21,6	(27,4)
1990	66,6	(3,8)	(29,2)	2011	121,5	0,4	(27,0)
1991	72,2	(11,0)	(40,2)	2012	114,4	0,3	(26,7)
1992	64,1	(9,4)	(49,6)	2013	104,0	0,3	(26,4)
1993	62,0	(2,3)	(51,9)	2014	107,8	0,3	(26,1)
1994	68,1	(2,7)	(54,6)	2015	103,6	0,8	(25,3)
1995	71,6	0,7	(53,9)	2016	104,1	3,7	(21,6)
1996	76,0	2,4	(51,5)	2017	107,2	1,6	(20,0)
1997	81,0	(0,1)	(51,6)	2018	106,9	2,2	(17,8)
1998	87,3	(2,5)	(54,1)	2019	109,2	1,7	(16,1)
1999	100,9	5,5	(48,6)	2020	111,2	1,8	(14,3)
2000	101,0	10,6	(38,0)	2021	110,4	2,8	(11,5)
2001	99,9	1,7	(36,3)	2022	111,2	3,1	(8,4)
2002	105,5	(21,9)	(58,2)	2023	115,8	2,1	(6,3)
2003	108,1	(9,6)	(67,8)	2024	128,2	1,3	(5,0)
2004	118,0	(7,6)	(75,4)	2025	122,2	0,7	(4,3)
2005	125,1	19,9	(55,5)	SUMA 2009-2025		46,7	(4,3)
2006	134,7	4,5	(51,0)	TOTAL 1985-2025		(4,3)	(4,3)

Nota: Dende 2022, a efectos comparativos e homoxéneos, exclúese a achega finalista para financiar o sobrecusto do IVE.

Fonte: Contas anuais auditadas.

Ao respecto da liquidación orzamentaria da CSAG do exercicio 2025 a mesma presenta un resultado orzamentario positivo de 687.166 euros. As posicións no período 2009-2025 (a.i) acadaron unha sistemática do resultado orzamentario con superávit. Isto permitiu sanear a acumulación histórica de déficits de tesourería negativos non presupostados, os cales evolucionan desde < -51,0 > millóns de euros en 2008 ata < -4,3 > en 2025. No período 2009-2025 (a.i) executouse unha xestión centrada na redución do déficit histórico.

En total no período obxecto de observación sanéanse 46,7 millóns de euros, o cal representa unha porcentaxe do 92%.

Evolución do orzamento

A evolución do orzamento consolidado da CSAG é a seguinte:

EXERCICIO	EUROS	VARIACIÓN INTERANUAL	% VARIACIÓN INTERANUAL	Euros	
				VARIACIÓN S/2009	% VARIACIÓN S/2009
2008	142.145.146	-	-	-	-
2009	146.908.995	4.763.849	3,4%	-	-
2014	107.770.030	3.805.755	3,7%	-39.138.965	-26,6%
2019	109.165.000	2.282.170	2,1%	-37.743.995	-25,7%
2023	115.760.016	4.549.629	4,1%	-31.148.979	-21,2%
2024	128.216.424	12.456.408	10,8%	-18.692.571	-12,7%
2025	122.197.369	-6.019.055	-4,7%	-24.711.626	-16,8%

Nota: Dende 2022, a efectos comparativos e homoxéneos, exclúese a achega finalista para financiar o sobrecusto do IVE.

Fonte: Contas anuais auditadas.

Evolución dos indicadores do PAIF

A evolución dos indicadores do Programa de Actuacións, Investimentos e Financiamento (PAIF) do orzamento do exercicio 2025 é a seguinte:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN INDICADOR	UNIDADE	OBXECTIVO	REALIZADO	GRAO CONSECUCCIÓN
P01006	Emisión de programas producidos en Galicia na RG	Horas	7.525	7.643	101,6%
P01007	Emisión de programas producidos en Galicia na TVG	Horas	6.650	6.966	104,8%
P01126	Contidos publicados nas canles dixitais da CSAG	Número	100.000	114.403	114,4%

Fonte: CSAG e plataformas dixitais.

Os valores acadados no caso dos 3 indicadores son superiores aos obxectivos establecidos no PAIF do orzamento do ano 2025.

3. Xestión das persoas

No marco das disposicións normativas que regulan os servizos que prestan os medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, os criterios executivos que se establecen en forma de acordo de directrices básicas en materia de persoal son os seguintes: igualdade, capacidade, mérito e publicidade na captación e xestión do talento cuxa perspectiva de aplicación se realiza no marco dun respecto estrito aos imperativos legais e aos dereitos adquiridos, así como ao diálogo social no interior da empresa; estabilidade e calidade no emprego a partir dunha política de contratación que primou a estabilidade baixo unha perspectiva de aplicación que significa conxugar unha xestión do cadro de persoal e unha organización produtiva flexible, cun emprego de calidade en sentido integral; a intencionalidade e autonomía na xestión dos efectivos e do cadro de persoal, o cal implica tomar a iniciativa na xestión estratéxica orientando os recursos dispoñibles á competitividade e eficiencia; racionalidade e sustentabilidade da organización produtiva, procurando unha coherencia entre os custos da actividade produtiva e os retornos económicos e sociais desta actividade; a eficiencia e optimización da organización produtiva no sentido de aproveitamento de talento e capacidades; e a actualización e provisión do cadro de persoal no sentido de que a actualización constante do cadro de persoal se constitúe nun instrumento central da xestión dos recursos humanos.

No contexto descrito, a CSAG está a desenvolver un plan de acción laboral centrado nas persoas baixo a finalidade de contribuír á mellora en clave de competitividade, eficiencia e adaptación ás necesidades produtivas. Por conseguinte, no ano 2025 aplicouse o plan laboral como vector sistemático ordinario da xestión de recursos humanos, executando operativamente as liñas de traballo seguintes: estabilidade e calidade no emprego, clima laboral, coidado do contorno de traballo, recoñecemento e participación das persoas traballadoras, comunicación corporativa efectiva e formación continua.

3.1 Un proxecto laboral centrado nas persoas, que integra os avances conceptuais, estratéxicos e de xestión no ámbito dos recursos humanos

O conxunto de actuacións e medidas executadas no ámbito laboral contribuíron a favorecer o desenvolvemento profesional, a iniciativa e un esquema que propiciou contornos favorables para contribuír a acadar unha maior satisfacción profesional baixo criterios de manter a estabilidade da CSAG. En termos de compromiso cun emprego de

calidade, co desenvolvemento profesional e unha política laboral inclusiva para persoas con discapacidade, sinálanse a continuación as resolucións máis relevantes:

Proceso extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

Con data 1 de xaneiro de 2025 asináronse os contratos de persoal laboral fixo resultantes do proceso selectivo convocado polo sistema de concurso, en virtude do que se estabilizaron 255 prazas do cadro de persoal da Sociedade, incluídas na Oferta Pública de Emprego correspondente ao ano 2022.

Proceso selectivo para acceso libre mediante concurso oposición convocado por Resolución da Dirección Xeral da Sociedade do 30 de novembro de 2023

Durante o ano 2025 executouse o proceso selectivo derivado das ofertas públicas de emprego ordinarias correspondentes aos anos 2021 e 2022, polo que se convocaron 14 prazas do cadro de persoal da Sociedade, en virtude do que se asinarán proximamente os correspondentes contratos como persoal laboral fixo.

Convocatoria do proceso selectivo de acceso libre para persoas con discapacidade intelectual

Por Resolución da Dirección Xeral da Sociedade do 3 de abril de 2025 convocouse unha praza de ordenanza para o ingreso como persoal laboral fixo reservado a persoas que acrediten discapacidade intelectual, procedente da Oferta Pública de Emprego do ano 2022.

Convocatoria do proceso selectivo de promoción interna

Por Resolución da Dirección Xeral do 16 de maio de 2025 convocouse un proceso selectivo de promoción interna de 21 prazas, correspondentes ás Ofertas Públicas de Emprego dos anos 2023 e 2024, que se acumularon para a súa execución conxunta.

Oferta de Emprego Público do ano 2025

Por Resolución da Dirección Xeral da Sociedade do 16 de decembro de 2025 publicouse a Oferta Pública de Emprego da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A. correspondente ao ano 2025, no que se inclúen 26 prazas de acceso libre e 13 de promoción interna.


3.2 Estado de situación da cuestión laboral

A actual política de xestión das persoas da CSAG ten como punto de partida a execución dun plan laboral xestionado pola CSAG desde o ano 2009 que deu, entre outras, unha solución satisfactoria á problemática derivada principalmente da contratación externa dos servizos de novas que configuraban as actuais delegacións territoriais e a práctica desaparición dos contratos temporais de curta duración. Ao fío do exposto, o proceso desenvolvido pode resumirse nas seguintes fases: 1) asunción como medio propio interno das delegacións territoriais, 2) execución operativa de procesos de estabilización no emprego, 3) xestión continuada do cadro de persoal, 4) adaptación progresiva do número de efectivos reais ao cadro de persoal autorizado, e 5) redución drástica da taxa de temporalidade, especialmente a de curta duración.


O conxunto de actuacións que se acaban de expoñer completouse coa adopción dunha serie de criterios de xestión do cadro -incluíndo a súa actualización periódica e outros a prol dun emprego de calidade-, cunha liña estable de diálogo social e cunha atención á formación mediante plans articulados como forma de xestión que distingue entre xestión laboral e a do cadro entre outras liñas.

De xeito paralelo coa dinámica produtiva e en liña de evolución cara a unha maior eficiencia en adaptación ás esixencias da concorrència, a xestión de soporte foi obxecto dunha mellora continua en orde a aumentar a súa eficiencia.

Neste contexto, a distribución do persoal medio e o gasto da Sociedade no período 2008-2025 presenta o comportamento seguinte:



Fonte: Contas Anuais auditadas.



Fonte: Contas Anuais auditadas.

A CSAG pecha o exercicio 2025 cun número medio de persoas traballadoras de 833. Este dato pon de manifesto o compromiso corporativo con manter unha coherencia dos custos de explotación.

Cómpre salientar tamén os efectos da aposta corporativa por un emprego estable e de calidade no cadro de persoal da CSAG tendo en conta que a temporalidade no ano 2008 superaba o 40%. A distribución do promedio das persoas traballadoras no exercicio 2025, por tipo de vinculación contractual, é a seguinte: fixos 73,8%; indefinidos 2,7%; relevos 4,6%; substitucións 11,4%; temporais por circunstancias da produción 0,1%; prácticas 3,1%; e directivos 4,3%.

A desagregación por natureza do vínculo das 833 persoas traballadoras é a seguinte:

- Cadro directivo: 36.
- Persoal de cadro: i) fixos: 614; ii) relevistas: 38, iii) indefinidos en praza vacante: 12; iv) substitutos en praza vacante: 42; e; v) substitutos que ocupan prazas reservadas: 8;
- Persoal de longa duración: i) indefinidos sentenza non firme: 11; e ii) contratos formativos: 25.
- Substitucións (motivadas principalmente por Incapacidades Temporais): 46 e 1 contrato temporal por circunstancias da produción.

En síntese, a conxunción das distintas actuacións expostas conformaron un plan de acción laboral 2025 aliñado coa eficiencia produtiva, a estabilidade e calidade do emprego, a adaptación continua e a coherencia nos custos de explotación.

4. Tributación indirecta

A provisión do servizo público de comunicación audiovisual recolle, na última década, o efecto asociado á xestión da problemática do IVE, a cal proxecta inestabilidade sobre a xestión financeira e orzamentaria da CSAG e, en consecuencia, sobre o conxunto da actividade de provisión do servizo público.

A AEAT foi adoptando diversos criterios cambiantes en función das modificacións legislativas que se foron aprobando, promovidas coa pretensión de clarificar a tributación

do IVE e establecer un contorno estable. A pesar diso, a AEAT interpretou sempre a normativa en sentido contrario ao que se pretendía, en contra dos intereses dos contribuíntes e tratando de maximizar a súa recadación.

A situación financeira e a evolución da tesourería da Sociedade viuse afectada polas continuas e cuantiosas inspeccións de IVE. Por este motivo a CSAG formalizou un convenio de financiamento co Accionista Único (Xunta de Galicia) en 2019, modificado por tres addendas ata un montante total de 38,9 millóns de euros, que dá cobertura ao risco e compensa o debilitamento financeiro e que actualmente ofrece un saldo de 33,7 millóns de euros.

Dende o exercicio 2022 a CSAG financia a problemática de IVE mediante unha achega orzamentaria na aplicación de Tributos, que para o ano 2025 tivo unha liquidación orzamentaria de 13,5 millóns de euros.

Á data de emisión deste informe, as controversias abertas coa AEAT son as seguintes:

- Problemática IVE repercutido (Xan.-Mai./2017).
Nesta inspección de IVE, a AEAT aplicou o criterio de “contraprestación de servizos” sobre o IVE repercutido, considerando que a achega patrimonial do socio único está suxeita ao IVE do 21%. A AEAT emitiu o 14.11.2017 un Acordo de Liquidación, que se anulou por unha resolución do TEAC que cambiou o criterio a “actividade dual”; en consecuencia, a AEAT ditou un Acordo de Execución o 28.07.2023, que se recorreu pola CSAG, presentando o 19.12.2024 escrito de conclusións ante a Audiencia Nacional. A última actuación levada a cabo pola CSAG respecto á cuestión de fondo (contra o criterio da “prorrata financeira”) foi a presentación do escrito de conclusións o 25.05.2023 ante a Audiencia Nacional.
- Problemática IVE repercutido (Exercicio 2016 e Xuñ.-Out./2017).
No 2020 a AEAT iniciou unha inspección para tódolos períodos non prescritos. No caso destes períodos, volve de novo ao criterio de “contraprestación de servizos”, aplicando o 21% de IVE repercutido sobre as achegas da Xunta de Galicia. A AEAT emitiu o 23.02.2021 dous Acordos de Liquidación, que se anulou por unha resolución do TEAC que cambiou o criterio a “actividade dual”; en consecuencia, a AEAT ditou un Acordo de Execución o 19.02.2025, que se recorreu pola CSAG ante o TEAC o 17.10.2025. A última actuación levada a cabo pola CSAG respecto á cuestión de fondo (contra o criterio da “prorrata financeira”) foi a presentación do escrito de conclusións o 18.03.2025 ante a Audiencia Nacional.

- Problemática IVE soportado (Nov.2017-Dec.2018).
Nesta inspección de IVE, a AEAT aplicou o criterio “actividade dual” sobre o IVE soportado, considerando que a CSAG exerce 2 actividades: “comercial” (publicidade e programas con alta audiencia, con dereito a dedución do IVE) e “non comercial” (programas con baixa audiencia, sen dereito a dedución do IVE). A AEAT emitiu o 04.03.2019 o Acordo de Liquidación correspondente. A última actuación levada a cabo pola CSAG foi a presentación do escrito de conclusións o 14.03.2024 ante a Audiencia Nacional.
- Problemática IVE soportado (E exercicios 2019 e 2020).
A inspección do 2020, comentada anteriormente, tamén actúa sobre estoutro período, volve de novo ao criterio da “actividade dual”. Neste caso, a pretensión foi a de restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. A AEAT emitiu o 23.06.2021 un Acordo de Liquidación, que se anulou por unha resolución do TEAC, por non respectar o criterio acordado para o período Nov.2017-Dec.2018, ata a data do devandito Acordo do 23.06.2021, baixo o principio de confianza lexítima; en consecuencia, a AEAT ditou un Acordo de Execución o 17.12.2024 do que resultou unha cantidade a devolver á CSAG por 17.539.419 euros. A última actuación levada a cabo pola CSAG respecto á cuestión de fondo (contra o criterio da “prorrata financeira”) foi a presentación do escrito de conclusións o 18.03.2025 ante a Audiencia Nacional.
- Problemática IVE soportado (E exercicio 2021).
No 2022 a AEAT inicia unha nova inspección, ao igual que no caso anterior, polo criterio da “actividade dual”. Do mesmo xeito pretende restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. A AEAT emitiu o 25.05.2022 o Acordo de Liquidación correspondente, que se anulou por unha resolución do TEAC, por non respectar o criterio acordado para o período Nov.2017-Dec.2018, ata a data do devandito Acordo do 23.06.2021, baixo o principio de confianza lexítima; en consecuencia, a AEAT ditou un Acordo de Execución o 10.03.2025 do que resultou unha cantidade a devolver á CSAG por 3.631.659 euros. A última actuación levada a cabo pola CSAG respecto á cuestión de fondo (contra o criterio da “prorrata financeira”) foi a presentación do escrito de conclusións o 12.09.2025 ante a Audiencia Nacional.
- Problemática IVE soportado (E exercicios 2022, 2023 e 2024).
A CSAG, dende o Acordo de Liquidación da AEAT do 23.06.2021, resultante da inspección dos exercicios 2019 e 2020, nos que a Axencia Tributaria aplicou o criterio da “actividade dual”, para evitar posibles sancións, presentou as

declaracións mensuais conforme ao criterio imposto, reflectindo na epígrafe VI de Debedores do Activo non corrente, do mesmo xeito que nos anos anteriores, o IVE soportado pendente de recuperar en consideración de que é ao 100% deducible. O 16.05.2025 a CSAG solicitou a rectificación das autoliquidacións presentadas dos exercicios 2022, 2023 e 2024; e o 12.11.2025 a AEAT iniciou as actuacións de comprobación e investigación dos ditos exercicios que se atopan en curso á data de formulación das presentes contas anuais.

- Problemática IVE soportado (Exercicio 2025).

A CSAG presentou, polos mesmos motivos que no período 2022-2024, as declaracións mensuais. Na data da formulación das presentes contas anuais está pendente a presentación, por parte da CSAG, da solicitude de rectificación das mesmas.

1. AS RELACIÓNS LABORAIS NA CSAG

Ao respecto da política sociolaboral da CSAG durante o ano 2025, podemos salientar os seguintes aspectos.

1.1 Negociacións coa parte social

A interlocución entre a parte social e a empresa é unha das principais e recorrentes características nas relacións laborais na Corporación. Existen na actualidade diferentes foros de negociación abertos relacionados coa actividade habitual e outras cuestións organizativas e técnicas. O obxectivo da apertura destas comisións de negociación parte da vontade de chegar a acordos beneficiosos para a Corporación e as persoas traballadoras, así como obter a perspectiva e análise da representación do persoal. Procédese a mencionar as xuntanzas dos diferentes comités e os principais temas abordados nos mesmos ao longo do 2025.

Comité Intercentros e Comité de Empresa

Estes comités representan o persoal da Corporación. No caso do Intercentros representa todo o seu conxunto e no caso do Comité de Empresa representa o persoal do centro de San Marcos. No 2025 realizáronse 16 xuntanzas, das que podemos destacar as seguintes cuestións, entre outras, derivadas da actividade diaria:

- Negociación da Oferta de Emprego Público e das bases dos procesos de concurso-oposición que posibilitan acadar a situación de laboral fixo/a ou no caso da promoción interna o acceso a unha categoría distinta.
- Xestión do cadro de persoal e das contratacións.
- Sistemas de traballo, quendas.
- Novo sistema de acceso á xubilación parcial.
- Cuestións de xestión de infraestruturas, espazos e condicións de traballo.

Comisión Paritaria

Segundo o disposto no artigo 11 do convenio colectivo da Corporación, a comisión paritaria ten como principal función interpretar o disposto no dito texto. No ano 2025 realizáronse 2 xuntanzas, nas que se analizaron diferentes cuestións que, por cambios normativos ou de aplicación, suscitaron dúbidas. As xuntanzas teñen como obxecto acadar

unha interpretación acorde ao espírito da norma, ao beneficio do persoal, con respecto ao marco que establece a lexislación vixente.

Comisión de Listaxes de Contratación

En 2025 mantivéronse 12 reunións da Comisión de Listaxes de Contratación, nas que se trataron temas de xestión ordinaria como a contratación en prácticas, as ampliacións das listaxes, a aplicación do recollido na normativa convencional de aplicación e outros de carácter máis particular que non afectan á colectividade.

Comité de Seguridade e Saúde

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral (CSSL) asume as competencias que a Lei 31/1995, de Prevención de riscos laborais (LPRL), establece no seu artigo 39. Trátase dun órgano colexiado e paritario composto por todas as persoas delegadas de prevención e en igual número por representantes da empresa. As persoas delegadas de prevención son nomeadas polos sindicatos atendendo á súa representación. No 2025 producíronse un total de 10 xuntanzas, nas que se levaron a cabo diferentes análises, protocolos e avaliacións das diferentes actividades nestas materias que afectan ao persoal da CSAG.

Comisión de Igualdade

No 2025 a Comisión de Igualdade reuniuse en 7 ocasións. Nestas xuntanzas abordouse o deseño, aplicación e implantación das diversas medidas contidas no I Plan de Igualdade da Corporación aprobado en 2024.

Comisión de Formación

A Comisión Paritaria de Programación e Seguimento da Formación está integrada por un membro de cada sindicato e o mesmo número de representantes da empresa. Esta comisión reúnese polo menos unha vez cada trimestre. No 2025 houbo 12 xuntanzas da Comisión de Formación, que abordaron:

- Desenvolvemento de accións de formación de carácter xeral para todos os traballadores.
- Desenvolvemento de accións de formación específica de carácter voluntario ou obrigatorio, dirixida a determinadas categorías laborais. A formación obrigatoria resulta necesaria para a adaptación ás modificacións operadas no posto de traballo.
- Así mesmo, no seo da Comisión de Formación informouse das prácticas non laborais realizadas na Corporación, as de carácter formativo (FCT, FP dual e

prácticas académicas externas dos estudos universitarios) e as complementarias á formación (prácticas para estudantes ou titulados sen experiencia).

Outras xuntanzas coa representación sindical

En 2025 estiveron en marcha: a comisión da nova clasificación profesional, que se reuniu en 3 ocasións; e a comisión negociadora do convenio colectivo, que, ao longo de 9 xuntanzas, seguiu cos seus traballos trala denuncia do texto en vigor pola parte social.

Ademais, a Comisión de Plan de Pensións celebrou 2 xuntanzas no 2025, nas que se trataron as cuestións ordinarias referentes á súa actividade e se aprobaron as contas anuais e o informe de xestión do fondo.

Cómpre salientar as 6 xuntanzas realizadas coas cinco seccións sindicais presentes na empresa que, a modo de grupo de traballo, permitiron acadar unanimidade na aprobación dun novo texto de protocolo para a tramitación dos casos de acoso e violencia no traballo, texto referendado con posterioridade polo CSSL e pola Comisión de Igualdade.

En total, ao longo do ano realizáronse 72 xuntanzas formais cos distintos comités, comisións e seccións para informar e negociar sobre diferentes puntos de interese para o persoal da Corporación. Esta vontade negociadora por ambas partes é mostra do compromiso a prol da paz social e co fomento do diálogo entre os diferentes axentes sociais corporativos.

A representación sindical está informada de xeito puntual de materias como os procesos selectivos, a contratación, conciliacións, chamamentos de listaxes, xubilacións, materias de seguridade e saúde e eventos especiais, entre outras cuestións. Os métodos de información son o seo das comisións e comités, ademais doutros habituais como a Intranet, onde se comparten espazos e documentos, correos electrónicos, notas, etc.

Todo o persoal pode acceder por diferentes vías aos comunicados e novas de aplicación ou interese xeral, sendo o máis habitual a Intranet, na que se publican a maioría de medidas e acordos. Toda a normativa nesta materia recóllese no convenio colectivo e, de non facer referencia no mesmo, remítese á lexislación xeral vixente sobre a materia.

No ano 2025 determinadas reivindicacións de carácter social materializáronse na convocatoria de xornadas de folga. En total, foron 3 xornadas de folga total que interromperon a programación dos medios públicos. Realizáronse tres xuntanzas cos comités de folga para tratar de acadar consensos que evitasen a súa realización e para acordar os efectivos mínimos durante as xornadas para as que se convocaban folgas ou paros parciais.

1.2 Renovación tecnolóxica – Sistema de información de Recursos Humanos

Neste exercicio 2025 destaca a posta en produción da ferramenta informática ‘Alteryx’, que permite preparar, combinar e analizar datos de forma rápida e fiable. Esta ferramenta utilízase para extraer informes que requiren ofrecer datos cunha información sistematizada e específica como, por exemplo, o rexistro retributivo en materia de igualdade entre mulleres e homes. Porén, dado que a ferramenta está especialmente orientada a procesos ETL (extracción, transformación e carga de datos), analizarase a súa posible extensión a outros procedementos.

Así mesmo desenvolveuse unha aplicación para a xestión do traballo extraordinario –XESTRAE- que permite á Corporación xestionar as incidencias relacionadas co traballo extraordinario realizado polo persoal da Corporación (festivos, horas extras, etc.).

Por último, parametrizouse a aplicación informática PREMIER (Presentación de méritos), que xa xestionou o proceso excepcional de estabilización polo sistema de concurso da Corporación para que se adaptara aos procesos de selección ordinarios polo sistema de concurso-oposición.

1.3 Seguridade e Saúde Laboral

A protección das persoas traballadoras e a prevención dos riscos que lles poderían afectar é unha liña fundamental do traballo da área de RRHH da CSAG desde a creación dos medios públicos. Neste punto cabe indicar que o CSSL, antigamente chamado Comité de Seguridade e Hixiene, foi constituído hai máis de trinta anos.

Como servizo público de comunicación audiovisual, a CSAG é unha organización complexa que dispón dunha multiplicidade de lugares de traballo, cunha localización xeográfica dispersa e cun elevado número de persoal, pertencente a colectivos diferenciados, tanto na actividade desenvolvida como no réxime legal aplicable á súa relación contractual.

A complexidade da Corporación e o seu carácter de servizo público, desde o punto de vista da seguridade e a saúde laboral, evidéncianse tamén na multiplicidade de factores de risco presentes nos seus centros de traballo.

Obxectivos

Deseñáronse, ao longo do tempo, diversas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación de todos os niveis da empresa no ámbito da seguridade e a saúde, empezando pola Dirección Xeral, que promulga unha política particular para unha cuestión fundamental no transcurso do día a día da empresa.

Entre as actividades para protexer o persoal cabe destacar o deseño, aplicación e coordinación dos plans e programas de actuación preventiva, a avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e saúde do persoal; a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas axeitadas e a vixilancia da súa eficacia; o seguimento das accións preventivas; a información e formación do persoal; a prestación dos primeiros auxilios; os manuais de autoprotección; a vixilancia da saúde en relación cos riscos derivados do traballo; o rexistro e as estatísticas de accidentes de traballo; a xestión da documentación que se xere relacionada coa prevención de riscos laborais; o fomento dunha cultura preventiva e a promoción da prevención; así como calquera outra función que poida ser encomendada e asumida en función da lexislación en materia de prevención de riscos laborais vixente e da política de seguridade e saúde da Corporación.

Seguridade e a saúde laboral

Tendo en conta todo o anterior, dentro das posibilidades de organización preventiva que recolle a lexislación de aplicación, a CSAG conta cun servizo de prevención propio. A seguridade e a saúde laboral das persoas traballadoras, no exercicio da súa actividade profesional, son prioritarias sobre calquera outras nas actividades que como servizo público desenvolve a Corporación.

Querendo chegar máis alá das esixencias legais vixentes, deseñáronse diversas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación da CSAG como servizo público no ámbito da seguridade e da saúde laboral. O persoal ten á súa disposición todos os medios necesarios de protección para desenvolver o seu traballo, sendo a empresa a responsable de proporcionar tal protección.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde como un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades.

O “traballo” pode definirse como toda actividade de transformación da natureza, para satisfacer as necesidades humanas. O “perigo” é aquela fonte ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles.

O “risco laboral” consiste na posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo, que é unha combinación da frecuencia e a probabilidade e das consecuencias que poderían derivarse da materialización dun perigo (LPRL, art. 4º), entendendo por perigo aquel factor ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles.

Polo tanto, a política da CSAG neste ámbito proxéctase en dous niveis:

- Un xenérico, constituído por determinadas accións de promoción da saúde, así como o control e redución do impacto da actividade no medio ambiente, en canto atenden a reducir e evitar danos nel.
- Un específico, obxecto agora desta epígrafe en particular.

Neste nivel específico, o vector determinante é a prevención. Prevención é, segundo o art. 4 da LPRL, o conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo. Do devandito séguese que a política de prevención se proxecta en varias dimensións conectadas entre si:

- A adopción dun marco de referencias normativas e de orde teórica que, en especial no primeiro caso, veñen dadas polo marco xurídico, aínda que poden ampliarse como efecto da iniciativa da empresa ou do diálogo entre esta e o seu persoal.
- A identificación en consecuencia dos riscos para a saúde e a seguridade e a súa avaliación.
- A adopción de medidas correctoras e de mellora por ampliación da prevención.
- Desenvolvemento destas.
- Seguimento, control e eventual axuste.

A Corporación é unha empresa comprometida na prevención dos riscos que poden afectar á seguridade e á saúde do seu persoal. No actual convenio colectivo, na medida que concreta e amplía as obrigas de orde normativa que ao respecto a atinxen, reflíctese ese compromiso expresado como produto do diálogo social. É así que dar conta dese compromiso esixe glosar o disposto nese documento, en particular no seu Capítulo XV, que contén desde o art. 96 ao art.106, no que se expresa a regulación referente á seguridade e saúde laboral. Nel especificase:

- A protección da saúde e a seguridade como obxectivo prioritario para as dúas partes asinantes.
- Un compromiso de asunción dos dereitos e obrigas ao respecto que, con carácter recíproco, se derivan do marco normativo vixente xeral de aplicación, de xeito

especial en materia de prevención, particularmente: a LPRL, o Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención; a Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais; e o Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da LPRL, en materia de coordinación de actividades empresariais; así como doutras normas que se poidan ditar durante a vixencia do convenio colectivo, do disposto nel e da toma en consideración das normas e recomendacións da OIT e da UE.

- A planificación anual das actuacións en materia de seguridade e saúde laboral, así como a inclusión nelas dos correspondentes estudos e proxectos, a execución de medidas de prevención, control e inspección e os programas precisos de formación do persoal.
- O compromiso por parte da empresa de incluír nos pregos das licitacións unha cláusula determinando que as empresas adxudicatarias se comprometan ao estrito cumprimento da normativa laboral xeral e do convenio colectivo que lles sexa de aplicación, en particular, en materia de prevención, saúde e seguridade laborais; mesmo, sendo a Corporación competente, aplicando a normativa propia para satisfacer ese criterio, e fixando que o incumprimento poderá dar lugar á rescisión da relación contractual. Ese compromiso fai explícita a necesaria observancia do art. 42 do Estatuto dos Traballadores en caso de subcontratacións.
- O establecemento de criterios sobre organización dos servizos e órganos encargados da prevención e, en xeral, de velar pola saúde e seguridade laborais.
- Un servizo de prevención propio, de seguridade e saúde laboral, coas especialidades de seguridade, ergonomía e psicosocioloxía, sen prexuízo de que as disciplinas de hixiene e vixilancia da saúde son atendidas por un servizo de prevención alleo.
- Un Comité de Seguridade e Saúde Laboral, coas competencias e facultades que a LPRL establece no seu art. 39, como órgano colexiado e paritario composto por todos os delegados de prevención, nomeados polos sindicatos atendendo á súa representación, e, en igual número, por representantes da empresa. O articulado relativo a este órgano fixa a periodicidade das reunións e o dereito de convocatoria, as proporcións e maiorías para os acordos.

Finalmente, o convenio colectivo desprega no capítulo e artigos referidos unha serie de determinacións sobre cuestións relacionadas coa prevención de riscos en eventualidades ou para colectivos singulares:

- En canto aos equipos de protección individual (EPIs) e a roupa de traballo, a preferencia por medidas de seguridade colectivas sobre as individuais; o fornecemento destas, por conta e con cargo á empresa, en función das

características dos postos atinxidos e dos resultados das avaliacións de riscos que se realicen, a todos os traballadores que o precisen.

- En relación ao traballo nocturno sublíñase que a empresa prestará especial atención en materia de prevención de riscos laborais ás persoas que o desenvolvan.

O servizo de prevención desenvolve no nivel técnico de deseño e execución a política, programas e medidas correspondentes. A súa función concrétese así en:

- a avaliación dos riscos que poidan afectar á seguridade e saúde do persoal.
- a determinación das prioridades na adopción de medidas preventivas.
- deseño, coordinación, vixilancia e seguimento dos plans, programas e medidas.
- a supervisión e control técnicos da homologación e funcionamento dos equipos e dispositivos de seguridade.
- a disposición dos medios de prevención e o fornecemento nos termos en que sexa preciso dos EPI ao persoal.
- a elaboración dos manuais de autoprotección.
- en xeral, o fomento dunha cultura preventiva e a promoción desta; en particular a información e formación do persoal, incluíndo expresamente o adestramento específico que poida ser preciso no uso de equipos e dispositivos de seguridade.
- a vixilancia da saúde do persoal en relación cos riscos laborais.
- a prestación de primeiros auxilios dentro das instalacións da empresa.
- a xestión técnica dos servizos externos contratados en materia de seguridade e saúde a efectos de estudos, avaliacións, deseño e implantación de medidas, fornecemento de equipos e dispositivos, etc.
- exercicio no nivel técnico da representación e participación da empresa no CSSL.
- a xestión da documentación xerada en relación coa prevención de riscos laborais.
- rexistro dos accidentes de traballo e a xeración das estatísticas correspondentes.

Desde o punto de vista do seu emprazamento orgánico na empresa e dos recursos de que dispón, debe dicirse do servizo de prevención que constitúe unha unidade operativa dentro da estrutura organizativa da CSAG. Fai parte da dirección de Xestión das Persoas. Polo tanto, o persoal que o integra ten unha dedicación íntegra e exclusiva ao desempeño das funcións do servizo de prevención. Articúlase en dous ámbitos dados polas disciplinas de seguridade e mais ergonomía e psicosocioloxía.

O servizo conta coas instalacións e medios materiais precisos para desenvolver de xeito eficaz esas funcións. Conta como instancia coordinada co servizo médico, xestionado por acordo cun servizo de prevención alleo. O servizo médico está acreditado pola Consellería de Sanidade e incluído así no Rexistro de Centros, Servizos e

Establecementos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia. Como apoio complementario dispón dun servizo de prevención alleo.

A conxunción de medios, singularmente a especialización técnico-profesional do persoal do servizo de prevención propio e alleo, garante a debida interdisciplinariedade no desenvolvemento de tales funcións, particularmente en relación coas relativas ao deseño preventivo dos postos de traballo, a identificación e avaliación de riscos, o plan de prevención e os plans de formación derivados.

Un balance xeral en materia de seguridade e saúde laboral leva a concluír, tomando como referencia 2025, que a política de prevención presenta un alto grao de relevancia na dinámica da empresa e que esa relevancia está ademais formalmente recoñecida no vixente convenio colectivo. Así, en virtude del, e excedendo os termos do marco normativo legal de aplicación común, a participación do persoal no marco do diálogo social no seu impulso, deseño e control está garantida cun igualmente alto nivel de responsabilidade e capacidade.

Como foi aludido, a política específica descrita da CSAG no ámbito da seguridade e a saúde proxéctase no sentido da promoción da saúde integral, mediante algunhas actuacións singulares de índole sanitaria, converxendo tamén nese sentido as medidas humanizadoras da dedicación laboral de carácter xeral e de conciliación en particular. O marco global desas políticas e medidas é a responsabilidade social corporativa, e nel as de orde preventiva conectan así nalgúñas dimensións concretas coas de protección do medio ambiente.

Vixilancia da saúde

Dentro da preocupación pola saúde dos seus traballadores, xa no 2011 a CSAG acreditou o seu servizo médico fronte á Consellería de Sanidade, que o inclúe no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da comunidade autónoma de Galicia. No ano 2015, dito servizo médico, despois das adaptacións e cos medios solicitados postos á súa disposición, foi adscrito ao programa galego de vacinacións, converténdose así en punto de vacinación da comunidade autónoma.

No ano 2025 leváronse a cabo 357 recoñecementos médicos correspondentes á vixilancia da saúde, dos que 175 foron realizados a mulleres e os outros 182 a homes. Administráronse un total de 108 vacinas da gripe, das que 61 foron administradas a mulleres e 47 a homes.

Analizados os datos, pode indicarse que tanto a saúde xeral como laboral da empresa non presenta alteracións relevantes que requiran intervencións colectivas

específicas. As alteracións individuais detectadas foron postas en coñecemento das persoas traballadoras afectadas pola médica do traballo, entregándolles nos seus informes individuais as recomendacións personalizadas requiridas en función da patoloxía detectada.

Comité de Seguridade e Saúde Laboral

Durante o transcurso do ano tiveron lugar 10 reunións do CSSL, co fin de mellorar a protección e a saúde dos traballadores, tendo en conta que é un obxectivo básico e prioritario das partes asinantes do vixente convenio colectivo.

Accidentabilidade laboral

O Servizo de Seguridade e Saúde Laboral encárgase da seguridade, a hixiene, a ergonomía e a psicosocioloxía no traballo e do recoñecemento, avaliación e control dos factores de risco provocados no lugar de traballo que poidan ocasionar accidentes ou enfermidades, alterar a saúde, o benestar ou crear algún malestar significativo entre as traballadoras e traballadores.

Durante o ano 2025, no servizo público de comunicación audiovisual galego, debe indicarse que se computaron 5 accidentes de traballo, dos que 2 deron lugar a baixas. Todos os procesos derivados foron cualificados como leves, sen producirse, pois, ao longo do exercicio ningún grave nin moi grave; como tampouco se produciu ningunha outra continxencia de calquera outro tipo neste ámbito. Os accidentes sen baixa foron 3, afectando a 2 mulleres e a 1 home, e os accidentes con baixa foron 2, afectando a 1 home e a 1 muller.

1.4 Formación e selección

Formación

A actividade da CSAG en materia de formación continua en 2025 articulouse, como vén sendo práctica habitual, nun plan de carácter ordinario onde se recollen os contidos demandados polas diferentes áreas, departamentos ou servizos e canalizados tamén pola súa representación legal, definindo así o carácter participado deste. A isto temos que engadir a formación do Proxecto HAZ que, mediante convenio asinado co Instituto RTVE e a través da súa plataforma de formación, pon a disposición do persoal formación en materia de imaxe, son, produción e medios e negocio audiovisual con 25, 75 e 150 h de duración.

A formación impartida no ano 2025 foi destinada aos diversos colectivos profesionais da Corporación, no marco da formación continua establecido polo capítulo XIII do convenio colectivo, o emanado do Estatuto dos Traballadores (art. 23), o deber de planificación do departamento de Xestión das Persoas de formar ao persoal (art. 69.1.d) e mais polo deber dos traballadores de manter actualizada a formación e cualificación (art. 54.8).

Os principais datos da formación de 2025 son os seguintes:

- Número de cursos: 56
- Número de accións formativas: 83
- Número de categorías formadas: 42
- Número de alumnos: 262
- Número de asistentes: 445
- Número de horas impartidas: 3.096.50
- Número de horas lectivas: 8.833

Selección

En 2025 convocáronse 38 probas de selección para a realización de contratos en prácticas e ampliación de listaxes nas seguintes categorías:

- Analista programador/a
- Auxiliar de programas de radio
- Axudante/a de realización
- Cámara de primeira
- Control de cámara
- Deseñador/a gráfico/a
- Documentalista
- Iluminador/a
- Locutor/a
- Locutor/a – presentador/a
- Maquillador/a
- Operador/a de posproducción
- Operador/a montador/a de vídeo
- Promotor/a
- Redactor/a
- Relacións públicas

- Reporteiro/a gráfico/a
- Técnico/a de administración
- Técnico/a de iluminación
- Técnico/a electrónico/a
- Técnico/a de son
- Técnico/a de control de radio
- Titulado/a medio

Bolseiros

A CSAG é un dos destinos preferidos para a realización das prácticas educativas en todas as súas modalidades. Asumindo a súa responsabilidade de servizo público, a CSAG proporciónalles aos bolseiros un marco de primeira clase para a realización das prácticas en empresas, obrigatorias no caso da Formación Profesional e optativas no caso da universidade, podendo ser, neste caso, curriculares ou extracurriculares, dependendo de se forman ou non parte do Plan de Estudos.

Todas as prácticas están reguladas por convenios subscritos cos centros de procedencia e cumprindo coa lexislación vixente. Cando inicia as prácticas, o bolseiro recibe un Manual de Acollida en que se expoñen, de forma detallada, os aspectos básicos para o seguimento da bolsa, así como os dereitos e deberes tanto do alumno como da CSAG. Así mesmo, será informado tamén en normas básicas en materia de seguridade e saúde laboral.

As procedencias das modalidades das prácticas non laborais son:

1.- Módulo Profesional de formación en centros de traballo dos ciclos de FP

O obxectivo desta modalidade de prácticas é o de completar as competencias profesionais propias de cada titulación, adquiridas no centro educativo, e facilitar a inserción laboral. As actividades formativas, sempre supervisadas, desenvólvense nas instalacións da empresa, sen que isto implique ningunha relación laboral. A duración do período de prácticas nos ciclos formativos de grao medio e grao superior é, como regra xeral, de 400 horas.

O alumnado debe cursar ciclos relacionados coas actividades e requisitos das categorías laborais existentes nos medios públicos e proceder de centros do sistema educativo de Galicia.

Ciclos de procedencia:

- Produción de audiovisuais e espectáculos
- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
- Iluminación, captación e tratamento da imaxe
- Márketing e publicidade

Centros de procedencia de Formación en Centros de Traballo (FCT):

- CPR O Raio Verde
- CIFP Imaxe e Son (A Coruña)
- EISV Marcote (Vigo)
- IES as Fontiñas (Santiago de Compostela)
- EFA Piñeiral (Arzúa)
- CIFP Audiovisual de Vigo
- Coláiste Dhúlaigh (Dublín, Irlanda)

2.- Módulo Profesional de formación FP Dual

A FP Dual é unha modalidade de Formación Profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo. A duración do período de prácticas é, de media, de 800 horas. O alumnado debe proceder de centros do sistema educativo de Galicia.

Ciclos de procedencia:

- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
- Son para audiovisuais e espectáculos
- Iluminación, captación e tratamento da imaxe

Centros de procedencia de FP Dual:

- CIFP Imaxe e Son (A Coruña)
- IES Sanxillao

3.- Universidade e máster

Os obxectivos das prácticas externas son o de permitir que os estudantes apliquen e complementen os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecer a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais,

facilitar coa obtención dunha experiencia práctica a súa inserción no mercado laboral e fomentar a súa capacidade de emprendeduría.

Estas prácticas poden ser curriculares, prácticas conducentes á elaboración dos traballos fin de máster ou extracurriculares. A duración das prácticas para os estudos de grao é de 300 horas e para estudos de máster de 150 horas.

Graos de procedencia dos bolseiros en 2025:

- Comunicación Audiovisual
- Xornalismo
- Dobre grao Xornalismo e Comunicación Audiovisual
- Lingua e Literatura galegas
- Publicidade e Relacións Públicas
- Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais (Máster)
- Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación
- Máster en Documentación

Facultades de procedencia dos alumnos:

- CC. da Comunicación (USC)
- CC. Sociais e da Comunicación (UVIGO)
- Facultade de Filoloxía (USC)
- Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
- Humanidades e documentación (UDC)

4.- Prácticas para titulados sen experiencia

As prácticas desta modalidade fixéronse a través dos Programas da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), que están dirixidos a titulados das tres universidades públicas galegas e a titulados procedentes de centros de FP a través dun programa de bolsas coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Estes programas favorecen a incorporación do alumnado recentemente titulado ao mercado laboral e complementan a súa formación teórica previa cunha estadía práctica na empresa.

As titulacións de procedencia desta modalidade son:

- Comunicación Audiovisual
- Xornalismo

2. IMPACTO E AUDIENCIA MULTIPLATAFORMA

2.1 Introducción: un modelo integrado de consumo

A evolución do ecosistema mediático contemporáneo está marcada por un proceso de transformación estrutural no que converxen factores tecnolóxicos, sociais e culturais que redefinen profundamente a relación entre os medios de comunicación e a cidadanía. A progresiva dixitalización, a fragmentación das audiencias e a irrupción de novos axentes e plataformas configuran un escenario no que o consumo audiovisual deixa de responder a lóxicas lineais para adoptar dinámicas híbridas, descentralizadas e personalizadas, o que deriva nunha medición de audiencias necesariamente *crossmedia*.

Neste contexto, o concepto tradicional de audiencia, vinculado historicamente á medición de soportes individuais, resulta insuficiente para explicar o alcance real dos contidos e o impacto social dos medios públicos. A análise actual require unha aproximación integral que contemple o conxunto das interaccións que se producen entre os usuarios e os contidos a través das diferentes canles, dispositivos e momentos de consumo.

A medición *crossmedia* responde precisamente a esta necesidade de integración. Trátase dun modelo de análise orientado a ofrecer unha visión unificada do consumo audiovisual, combinando información procedente dos distintos soportes e plataformas nos que se distribúen os contidos. O seu obxectivo é superar a fragmentación dos sistemas tradicionais de medición e construír unha lectura global da relación entre os medios e a audiencia.

Este enfoque permite analizar non só o volume total de usuarios alcanzados, senón tamén a maneira en que as audiencias se desprazan entre plataformas, complementan os seus hábitos de consumo e interactúan cos contidos ao longo do tempo.

Así, a medición *crossmedia* incorpora dimensións que van máis alá da audiencia lineal convencional, integrando o consumo baixo demanda, a visualización en diferido, a navegación web, o acceso desde dispositivos móbiles, a interacción nas redes sociais e os niveis de participación e fidelización xerados arredor dos contidos.

A aproximación *crossmedia* introduce tamén unha dimensión cualitativa da análise, especialmente relevante para os medios públicos.

O impacto dun contido xa non se limita ao dato de audiencia obtido nunha emisión concreta, senón que abrangue a súa capacidade de xerar conversación social, notoriedade, vinculación emocional e presenza continuada nos distintos espazos de consumo dixital. Deste modo, a medición do impacto combina indicadores cuantitativos de alcance e cobertura con indicadores cualitativos relacionados coa relevancia social e cultural dos contidos.

A Corporación sitúase neste novo paradigma a través da consolidación dun modelo multiplataforma que integra televisión, radio e contornas dixitais nun sistema único de produción, distribución e análise.

Este modelo non só responde ás transformacións do mercado audiovisual, senón que tamén reforza a súa función de servizo público ao garantir a accesibilidade universal aos contidos, a presenza da lingua galega en todos os espazos de consumo e a adaptación ás necesidades informativas, culturais e de entretemento da sociedade galega.

A converxencia entre soportes implica, ademais, unha redefinición das estratexias de programación e distribución, orientadas a optimizar a experiencia de usuario en función dos seus hábitos de consumo.

A convivencia entre o consumo lineal e baixo demanda, o acceso multipantalla e a interacción nas redes sociais configuran un ecosistema no que a fidelización xa non depende exclusivamente da programación, senón da capacidade de xerar relacións continuas e significativas coa audiencia.

Neste marco, a medición do impacto adquire unha dimensión máis complexa e estratéxica. A combinación de fontes —medidores oficiais de audimetría, estudos de audiencia e datos internos— permite construír unha visión máis completa e matizada do posicionamento da Corporación, tendo en conta tanto o alcance cuantitativo como a relevancia cualitativa dos contidos.

O ano 2025 consolida este modelo integrado, no que a fortaleza dos medios tradicionais continúa a desempeñar un papel esencial, ao tempo que se produce unha expansión sostida das contornas dixitais.

Esta complementariedade entre soportes permite á Corporación manter a súa posición como medio de referencia en Galicia, adaptándose aos cambios nos hábitos de consumo sen renunciar aos principios que definen a súa misión de servizo público.

2.2 Audiencia total multiplataforma *crossmedia*

2.2.1 Dixital

O ecosistema dixital da Corporación configúrase como un sistema complexo e diversificado, no que conviven plataformas OTT, portais informativos e redes sociais, cada unha delas cunha función específica dentro da estratexia global de distribución e consumo de contidos.

Neste ámbito, G24.gal consolídase como o principal referente informativo en galego, con preto de 2 millóns de usuarios, reafirmando o peso da información como eixo central do consumo dixital. De feito, os contidos informativos continúan a liderar o consumo, o que pon de manifesto a relevancia da función informativa no contorno dixital e a capacidade da Corporación para trasladar ao novo ecosistema os seus valores tradicionais de rigor e proximidade.

No ámbito das redes sociais, prodúcese unha consolidación e especialización do consumo. TikTok emerxe como a principal plataforma en termos de impresións, visualizacións e interaccións, situándose como un espazo estratéxico para a difusión de contidos e a conexión con novos públicos.

Ao mesmo tempo, obsérvase unha evolución significativa na composición da audiencia: as redes sociais permiten ampliar a presenza do público feminino novo, ao tempo que se consolida o segmento masculino de entre 18 e 24 anos, reforzando así a capacidade de penetración en franxas demográficas tradicionalmente máis afastadas dos medios convencionais.

A plataforma OTT representa outro dos piares fundamentais deste ecosistema. No 2025, a OTT da Corporación alcanza unha distribución global en máis de 200 países, ampliando o alcance internacional dos contidos en galego e reforzando a proxección exterior da cultura e da lingua.

No que respecta aos hábitos de consumo, o modelo OTT presenta características propias que o diferencian das plataformas privadas. O consumo en directo representa o 67% do total, configurándose como unha das principais vantaxes competitivas da Corporación, ao combinar a inmediatez da emisión lineal coa flexibilidade do acceso dixital. Dentro deste contorno, AGalega.gal consolídase como a canle principal de consumo e retención de usuarios, articulando a oferta de contidos e favorecendo a continuidade da relación coa audiencia.

En conxunto, o ecosistema dixital da Corporación caracterízase pola súa capacidade de adaptación aos distintos hábitos e dispositivos de consumo, mediante unha estratexia que combina produción específica para cada plataforma e optimización da distribución.

Esta capacidade reflíctese tamén no incremento da actividade: a produción de contidos dixitais na OTT medra un 47% respecto ao ano anterior, evidenciando un esforzo sostido por reforzar a presenza e competitividade no contorno dixital.

A actividade dixital da CSAG acadou en 2025 datos récord, con preto de 4 millóns de usuarios, 12 millóns de sesións e 19 millóns de páxinas vistas nas súas plataformas propias. En paralelo, a produción de contidos dixitais alcanzou os 114.403 elementos, que xeraron arredor de 1.600 millóns de impactos na cidadanía.

Neste ecosistema, G24.gal consolídase como o principal medio dixital informativo en galego, con preto de 2 millóns de usuarios, reforzando o seu papel como eixo da actualidade en tempo real e como porta de entrada ao conxunto da oferta informativa da Corporación.

As redes sociais constitúen un elemento clave neste modelo, tanto pola súa capacidade de alcance como polo seu papel na captación de novos públicos.

Durante 2025, batéronse todas as marcas establecidas cun crecemento dos principais indicadores, con máis de 1.000 millóns de visualizacións e 48 millóns de interaccións, consolidando a CSAG como un dos principais referentes dixitais no ámbito autonómico.

Por plataformas, destacan:

- Facebook, con preto de 640 millóns de impresións, o que supón un incremento do 50% respecto a 2024, mantendo o seu papel como principal xerador de tráfico cara ás plataformas propias.
- Instagram, cun crecemento do 214% en impresións e do 110% en reproducións, acadando 711 millóns de impresións e 654 millóns de visualizacións, e consolidándose como a rede con maior nivel de *engagement*.
- TikTok, que experimenta o maior crecemento relativo, cun incremento do 1.143% no *engagement* e preto de 7 millóns de interaccións, consolidándose como canle clave para a conexión con públicos novos.

- X (Twitter), con preto de 70 millóns de impresións e incrementos superiores ao 170% en alcance e visualizacións, reforzando o seu papel como canle de inmediatez informativa.
- YouTube, cun incremento do 124% en reproducións e unha evolución positiva no número de subscritores, consolidándose como repositorio estratéxico de contido audiovisual.


Este crecemento vén acompañado dunha evolución cualitativa da audiencia, cun incremento significativo do público novo, especialmente no segmento de 18 a 34 anos, e unha maior presenza do público feminino, o que evidencia a eficacia da nova estratexia dixital implantada. No seu conxunto, a actividade en redes sociais e plataformas dixitais permite reforzar a capacidade de difusión, interacción e fidelización da audiencia, consolidando un modelo de comunicación máis aberto, participativo e adaptado ás dinámicas do consumo contemporáneo.

2.2.2 Televisión (TDT)

2.2.2.1 O EXM marca de novo un claro liderado no 2025 para a TVG


Segundo o Estudo Xeral de Medios elaborado pola AIMC (Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación, que é o auditor da audimetría en España), a Televisión de Galicia foi no 2025 a canle líder absoluta na comunidade, cunha cota do 22,8% no conxunto da semana e cun 24,4% no período de luns a venres. Tamén foi o referente informativo absoluto da sociedade galega. Con este 22,8%, a TVG é líder con 8,8 puntos máis, no conxunto da semana, que o seguinte competidor, La1 (14%).

Comparativa de canles luns a domingo. Fonte: EXM



O liderado repítese no período comprendido de luns a venres, ao acadar a canle galega a cota máis elevada en Galicia, cun valor de 24,4% e superando o competidor máis próximo, La1 (que media unha cota do 14,2%) en 10,2 puntos de cota.


Comparativa de canles luns a venres. Fonte: EXM



A audiencia dos informativos da TVG marcaron un novo liderado no 2025. Na sobremesa, 'Galicia noticias' e 'Telexornal mediodía' foron a principal alternativa informativa na franxa entre as 13:30 e as 17:00 h, cun 36,1% de cota de pantalla, máis que duplicando a audiencia de Antena 3 (cunha media do 14,2%).


Por franxas horarias destaca o 'Galicia noticias' entre as 14:00 e as 14:30, cunha cota de pantalla do 46,3%, ou o 'Telexornal mediodía', entre as 14:30 e 15:00, cunha cota do 45,9%.

Comparativa na franxa do mediodía. Fonte: EXM



Na franxa de noite (entre 20:00 e 04:00 h), a TVG acada tamén o liderado en Galicia cunha cota do 17%, a 3,6 puntos de distancia do competidor máis próximo (La1, cunha cota do 13,6%). Destacan sobre todo os martes, co 20,1%.

Comparativa na franxa da noite. Fonte: EXM



Esta franxa contén o último informativo da xornada e tamén o *prime time*, na que triunfa entre a audiencia unha grella que inclúe ficción, con propostas como 'Land Rober + Show' ou 'Luar', entre outros.

TVG, líder tamén das canles autonómicas

Entre as televisións autonómicas reunidas baixo o paraugas de FORTA, Televisión de Galicia é a que acadou maior cota, segundo o EXM do ano (ano móbil febreiro a novembro), con 6,2 puntos de cota máis que o seguinte competidor no conxunto da semana. De luns a venres, a cota da canle galega atópase 6,8 puntos por riba do seguinte competidor.


2.2.2.2 A segunda canle con lingua propia máis vista de España para Kantar Media (Fifty5Blue)

A primeira canle da CSAG chega ao 98,2% dos fogares galegos e, no 2025, 494.000 persoas contactaron diariamente co soporte ao longo dun día.

No conxunto de canles de televisión da CSAG chegan ao 98,4% dos fogares galegos, con 550.000 contactos de media cada día, que supón o 20,9% dos galegos de 4 e máis anos.

ANO 2025						
	Contactos Ano (000)			Contactos Ano %		
	TVG	TVG2	GRUPO CRTVG	TVG	TVG2	GRUPO CRTVG
Ind. 4+	2.518	2.234	2.536	95,7	84,9	96,4
Hogares	1.101	1.044	1.104	98,2	93,1	98,4
	Media de Contactos Diarios (000)			Media de Contactos Diarios %		
	TVG	TVG2	GRUPO CRTVG	TVG	TVG2	GRUPO CRTVG
Ind. 4+	494	174	550	18,8	6,6	20,9
Hogares	337	132	372	30	11,8	33,1

Audiencia en Galicia da TVG e a competencia. 2025 (cota de pantalla).Fonte: Fit5Blue – Share




Segundo o medidor Kantar Media (Fitfy5Blue), a TVG pechou o ano 2025 como a cuarta televisión autonómica máis vista de España, sendo tamén o cuarto orzamento da FORTA. Este é o mesmo lugar que a TVG ocupaba en 2009, pero con dúas difenzas fundamentais: o orzamento de 2009 era fortemente superior ao de 2025, e a competencia de 2009 -previa ás plataformas e á explosión dixital- fai que calquera comparación de audiencias en canto á relevancia e posicionamento dos sistemas públicos careza de calquera clase de base sustentable.

Neste 2025 a TVG rematou como segunda entre as que teñen lingua propia, só por detrás de TV3.

Se se analiza a evolución dos últimos trece anos, obsérvase como TVG ten consolidada a súa presenza no mercado audiovisual galego, e cómpre salientar que, máis alá da estabilización, no 2023 acádase o valor máis elevado do período.

Como se afondará máis adiante, os anos 2024 e 2025 estiveron fortemente marcados polas graves deficiencias no proceso de medición de audiencias en ámbito Galicia por parte do medidor Kantar Media.

Evolución audiencia TVG e competencia (cota de pantalla). Fonte: Fifty5Blue.



Un dos datos máis relevantes para medir os resultados da TVG é que un 18,8% dos galegos maiores de 4 anos contactan diariamente con TVG, o que a converte na terceira das televisións autonómicas con maior impacto en España. No caso da TVG, está 2 puntos por riba da media de contactos das canles autonómicas (16,8%).

Evolución da audiencia das televisións autonómicas por media de contactos diarios sobre o total de poboación (datos en porcentaxes). Fonte: Fifty5Blue.


	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
TVG	42,9	36,8	35,2	34,4	32,2	31,8	30	30,9	29,3	26,5	25,1	27,6	26,3	24,4	22,6	19,6	18,8
C.SUR	47,2	42,2	37,5	38,1	36,8	33,3	29,2	26,8	26,2	24,2	22,7	24,6	22,9	21	19,8	17,9	18,3
TV3	43	40,8	38,9	40,5	38,3	34,9	31,5	29,1	28,2	27,7	27	26,9	24,6	22,2	20,9	19,2	18,3
ETB2	48,6	40,5	36,4	37,5	36,3	34,5	31,1	29	28,7	27,3	25,9	29,1	28	23,7	22,9	21,7	20,1
TVM	38,5	32	28,5	26,2	22	22,2	21,5	22,3	20,9	19,4	18,2	19,8	18,5	15	14	12,5	12
C9	40,6	33,7	30,6	28,6	23,5												
A PUNT										1,9	9,7	12,9	13,4	12	10,3	9,3	9
TPA	35,6	33,1	33,2	33	29,7	30,1	26,5	23,1	22,2	21,4	20,8	23,6	22,4	20,7	18,1	15,3	15,5
TVCAN	42,2	36,9	34,8	32,9	29,9	29	24,5	22,1	22,5	20,5	18,5	22,2	24,1	19	17,1	14,6	14,6
CMM	39,5	33,6	30	28,9	26,3	25	24,6	24,3	23,7	20,6	19,8	21,8	20,2	18,7	18,8	16,1	14,7
ATV	40,3	40,7	40,2	38,7	38,7	36,5	34,3	32,3	31,3	30,1	30,1	32,7	31	27,8	26	24,1	22,4
IB3	26,5	25,4	22,7	25,6	25,9	24,8	22,8	17,1	15,7	13,7	13,5	15,8	15	13,6	12,3	11,7	10,6
FORTA	44,3	39,3	37,1	36	32,2	27,5	25,4	24,6	24,1	22,8	22,6	24,5	22,9	20,4	19,1	17,4	16,8

2.2.2.3 Televisión de Galicia, referencia informativa

A TVG é referencia informativa televisiva para a poboación galega, sendo líder historicamente na franxa do mediodía. O liderado na cota de pantalla dos programas informativos da TVG en Galicia demostra unha preferencia clara por parte dos galegos polo conxunto de informativos da canle, segundo o medidor oficial de TV en ámbito España Fifty5Blue. A audiencia total dos informativos por televisión da CSAG ascendeu a 2.404.000 telespectadores ao longo do ano 2025, o 91,4% dos galegos de 4 e máis anos (no caso de TVG 2.335.000 ou o 88,7%, no caso da G2 1.881.000 ou o 71,5% e no caso de Galicia TV 166.000 ou o 6,3%), empatados con Antena 3 e seguidos por La Sexta.

Evolución audiencia TVG e competencia. Cota de pantalla da información diaria.

Fonte: Fifty5Blue



A maior aposta polo entretemento da canle concéntrase no horario de *prime time*, desde as 20:30 h ata as 24:00 h. Nesa franxa, a TVG acada unha media de 8,3 puntos de *share*, segundo o medidor de audimetría Fifty5Blue, trátase dun valor similar aos acadados nos últimos 10 anos. Cómpre salientar que é a mesma cota do ano, o que indica unha forte estabilidade ao longo da grella diaria. No ano 2025 a TVG seguiu a traballar na cobertura das súas canles, mellorando o número de operadores que distribúen o seu sinal en América e en Europa.

2.2.2.4 Penalizacións a Kantar Media (Fifty5Blue)

Neste eido é fundamental destacar que 2025 foi o segundo ano consecutivo no que a Corporación se viu obrigada a aplicar as penalizacións establecidas no contrato co medidor oficial de audiencia televisiva, Fifty5Blue (Kantar Media). Estas multas estan fundamentadas nas fallas no sistema de medición que provocaron que se producisen situacións que superaban amplamente as marxes de erro establecidas nos dous parámetros básicos contratados. Se no ano 2024 Kantar Media foi sancionada por este motivo en 11 dos 12 meses do ano, no 2025 a situación seguiu sendo semellante, e as penalizacións abarcaron 9 dos 12 meses anuais.

Isto fai que en 2024 e 2025, nos dous anos nos que segundo este medidor a audiencia da TVG caeu do 10% ao 8,4%, Kantar Media fora sancionada en 20 dos 24 meses. Unha situación que non atopa precedentes no histórico contractual da empresa de medición e a Corporación. Nos dous anos, as principais baixadas de audiencia coinciden asemade cos maiores desvíos do medidor sobre os termos contractuais pactados.


Así, en 2024, o mes no que se impuxo a máxima penalización foi marzo, xa que ese mes se producíron desviacións respecto da mingua mostral en 30 dos 31 días do mes, e produciuse unha perda de eficiencia mostral todos os días do mes, trinta e un de trinta e un días. TVG comezou ese mes de marzo cun 10 % de cota e rematou cun 8,5 %, cunha caída de 1,5 puntos.

E no 2025 a maior oscilación entre un mes e outro, tanto de subida como de baixada, produciuse en outubro, cando, segundo os datos de Kantar, a TVG caeu do 9% ao 7,7% de cota, é dicir, 1,3% puntos. Nese mes de outubro a combinación de mingua mostral e perda de eficiencia do panel afectou ao 25% dos días do mes. É de salientar a reiterada negativa de Kantar Media de facer públicas estas sancións, un feito de extraordinaria relevancia cando falamos da comunicación con transparencia de resultados do exercicio empresarial con afectación a terceiros.

2.2.3 Radio Galega


A Radio Galega seguiu a ser en 2025, e un ano máis e con notable diferenza, a radio pública máis escoitada de Galicia. Na radio, a audiencia xeral das emisoras da CSAG acada valores á alza para o tramo de luns a venres. No 2025 tanto Radio Galega como Radio Galega Música acadan unha audiencia acumulada de 142.000 persoas. A tendencia que existe no ano 2025 é a incrementar audiencias en relación ao ano anterior.

Evolución da audiencia acumulada de luns a venres 2008-2025 en miles de persoas. Fonte: EXM



No período de luns a domingo, os valores tamén tenden á alza coma na medias acadadas de luns a venres. No 2025 acadouse a audiencia acumulada de 139.000 oíntes.


Evolución da audiencia acumulada de luns a domingo 2008-2025 en miles de persoas. Fonte: EXM



Salientables son os datos deste Estudo Xeral de Medios, elaborado pola AIMC, no terceiro ano móbil do 2025, de febreiro a novembro. O EXM indicou que a Radio Galega acadou o mellor dato de fidelidade en Galicia tanto no conxunto da semana coma no período luns a venres.


Media de minutos de escoita por oínte e día de luns a domingo 2008-2025 en miles de persoas.

Fonte: EXM




Media de minutos de escoita por oínte e día de luns a venres 2008-2025 en miles de persoas.

Fonte: EXM




Calculando o *share* ou a participación do mercado sobre radio xeralista en Galicia, o EXM marca a terceira posición para a Radio Galega no ano 2025 no período luns a domingo e a segunda posición no ano 2025 no período luns a venres.

Share de escoita sobre radio xeralista luns a domingo 2008-2025. Fonte: EXM




Share de escoita sobre radio xeralista luns a venres 2008-2025. Fonte: EXM



Na radio tamén se consolida o crecemento producido nos programas de entretemento, especialmente nos tramos de tarde e de noite. Tanto na franxa matinal, mediodía e noite/madrugada é doado ver audiencias superiores aos 20.000 oíntes.

Audiencia acumulada dos programas de entretemento de luns a venres da Radio Galega (En miles de oíntes). Fonte: EXM



3. ECOSISTEMA DIXITAL E EXPANSIÓN DA COMUNIDADE

3.1 Estratexia OTT e contidos baixo demanda

A evolución dos hábitos de consumo audiovisual no ano 2025 responde a unha dinámica de transformación estrutural profunda, marcada pola convivencia de modelos tradicionais e dixitais, a diversificación dos dispositivos de acceso e unha progresiva personalización da experiencia de usuario. O consumo audiovisual deixou de estar vinculado a unha única pantalla ou a unha grella de programación para configurarse como un ecosistema dinámico, no que os contidos se distribúen en múltiples plataformas e se adaptan aos diferentes momentos, contextos e preferencias da audiencia.

No caso da CSAG, esta transformación concrétase nun modelo híbrido no que o consumo lineal continúa a ter un peso relevante como elemento de cohesión e acceso universal, ao tempo que medran de maneira exponencial as contornas dixitais e o acceso baixo demanda. A posta en marcha da OTT propia permitiu centralizar e organizar a oferta audiovisual, facilitando o acceso aos contidos en calquera momento e reforzando a capacidade de distribución nun contorno dixital competitivo.

Neste contexto, obsérvase unha convivencia clara entre o consumo en directo e o vídeo baixo demanda. O directo mantén a súa relevancia como elemento diferencial en contidos informativos e eventos de interese xeral, mentres que o consumo baixo demanda responde á crecente necesidade de flexibilidade por parte da audiencia, especialmente nos públicos máis novos.

Este modelo híbrido permite á CSAG combinar inmediatez, profundidade e accesibilidade, adaptándose aos diferentes hábitos de consumo.

Desta forma, nas plataformas propias, a CSAG acada 2025 cun consumo do 66% de directo e do 34% de contido baixo demanda. O dato do directo constitúe unha vantaxe competitiva clave fronte ás OTT privadas, ao permitir ofrecer contidos en tempo real, de interese inmediato e cun marcado carácter de proximidade.

Esta capacidade reforza a conexión coa audiencia, incrementa o valor informativo e social da oferta e consolida o papel da CSAG como servizo público diferencial no ecosistema dixital.

3.2 Distribución multidispositivo

Outro dos trazos definitorios do ecosistema audiovisual actual é o carácter multipantalla e a mobilidade. A audiencia accede aos contidos a través de múltiples dispositivos —móbil, web, smart TV, HbbTV e aplicacións—, configurando un modelo de consumo fragmentado pero complementario, no que cada pantalla responde a un contexto de uso específico.

No caso da CSAG, esta realidade concrétase nun ecosistema dixital que permite a distribución dos contidos en todos os soportes dispoñibles a través da súa OTT. O móbil e a web funcionan como principais portas de acceso, asociados a un consumo máis inmediato e recorrente, mentres que a televisión conectada presenta sesións máis longas e intensivas, especialmente no ámbito do entretemento.

A distribución multidispositivo constitúe un dos piares fundamentais do ecosistema dixital da CSAG, permitindo adaptar o consumo aos diferentes contextos de uso da audiencia. Nas web propias, como G24.gal, o acceso realízase maioritariamente a través de dispositivos móbiles, que representan o 85% do total, seguidos do ordenador (14%) e da tableta (1%), o que evidencia a importancia da mobilidade como porta de entrada ao contido.

Porén, ao analizar o comportamento na OTT (AGalega.gal; AGalegaAudio.gal e Xabarín.gal), obsérvase un patrón diferente: os televisores conectados e o contorno HbbTV concentran a maior parte do consumo efectivo, chegando ao 56,9% dos dispositivos e superando o 90% tanto en minutos de visionado como en reproducións.

Esta dualidade confirma a existencia dun modelo complementario, no que web e móbil funcionan como canles de acceso e descubrimento, mentres que as smart TV e a televisión conectada se consolidan como os principais espazos de consumo intensivo e prolongado. No caso de plataformas como AGalega.gal e Xabarín.gal, esta tendencia refórzase, e o tempo de visionado concéntrase de forma significativa en smart TV e dispositivos conectados, evidenciando un cambio progresivo cara a un consumo máis próximo ao modelo televisivo tradicional dentro do contorno dixital.

Esta distribución multidispositivo permite acompañar a audiencia ao longo do día, adaptando os contidos aos diferentes momentos de consumo e reforzando a accesibilidade e a presenza da oferta audiovisual en todos os contornos dixitais.

3.3 Expansión cara a novas audiencias

Neste contexto de transformación do ecosistema audiovisual, a análise da audiencia adquire un papel central para comprender os cambios nos hábitos de consumo e o seu impacto nos diferentes segmentos da poboación. A evolución cara a modelos dixitais, personalizados e multiplataforma redefine a relación coa audiencia, especialmente no caso dos públicos máis novos.

A combinación das redes sociais e das plataformas propias permite á CSAG ampliar o seu alcance e diversificar a súa base de usuarios. Así, as plataformas dixitais consolidan a audiencia en segmentos de maior idade, mentres que as redes sociais actúan como porta de entrada para públicos máis novos, especialmente entre os 13 e os 44 anos. Así, en G24.gal preto do 16% dos galegos e galegas consomen contidos informativos na franxa de idade de 55 a 64 anos, e un 12% na de 45 a 54.

No caso de AGalega.gal, a plataforma acada un 24% da poboación na franxa de 45 a 54 anos e un 27% na de 55 a 64. Pola súa banda, as redes sociais permiten chegar a públicos máis novos, especialmente entre os 13 e os 44 anos, complementando así as audiencias televisivas.

Instagram e TikTok configúranse como as canles que máis rexuvenecen o ecosistema G24, concentrando a súa maior audiencia nos tramos de 25 a 44 anos e mantendo presenza ata os 54. Constitúen, ademais, a principal porta de entrada dos públicos novos e adultos novos ao contido informativo. No ámbito do entretemento, AGalega.gal presenta un comportamento semellante, cunha forte concentración da súa audiencia en Instagram nos tramos de 25 a 44 anos.

Deste xeito, a análise crossmedia permite observar como as redes sociais actúan como porta de entrada para públicos novos, mentres que as plataformas propias consolidan o consumo e manteñen unha forte penetración en públicos maduros, garantindo a continuidade e estabilidade da audiencia. En 2025, a estratexia dixital permitiu incrementar a presenza do público feminino entre os 18 e 34 anos e reforzar a base de público masculino novo, especialmente no tramo de 18 a 24 anos, evidenciando a capacidade da CSAG para rexuvenecer a súa audiencia a través dunha distribución multicanle e coordinada.

Deste xeito, a estratexia dixital permite combinar a consolidación da base tradicional coa captación de novos públicos, favorecendo un proceso progresivo de rexuvenecemento da audiencia.

3.4 Innovación en formatos e modelos de comercialización

A transformación dixital da CSAG en 2025 concrétase nunha evolución significativa dos formatos audiovisuais e dos modelos de distribución e comercialización, orientada a adaptar a oferta de contidos ás dinámicas propias do ecosistema dixital e aos novos hábitos de consumo da audiencia.

Neste contexto, a adopción dun enfoque *digital first* permitiu desenvolver contidos nativos para cada plataforma, incorporando linguaxes máis visuais, dinámicas e inmediatas. A produción audiovisual evolucionou cara a formatos optimizados para o consumo móbil e social, como vídeos verticais, pezas breves e contidos subtitulados, mellorando tanto a accesibilidade como a capacidade de impacto nun contorno caracterizado pola fragmentación da atención.

Esta innovación narrativa complementase cunha identidade gráfica recoñecible e unha adaptación sistemática dos contidos ás características de cada canle, o que permite reforzar a marca e incrementar a eficacia da distribución. Iniciativas como ‘DígochoEu’ ou ‘Bótalle azucre’ exemplifican esta evolución cara a formatos propios do contorno dixital, capaces de conectar con públicos máis novos e de promover activamente o uso da lingua galega.

Paralelamente, a incorporación de tecnoloxías baseadas en intelixencia artificial contribuíu a optimizar os procesos de produción e adaptación de contidos, mediante ferramentas de edición automatizada, subtitulado e análise de tendencias en redes sociais. Estas solucións permiten aumentar a eficiencia operativa, reducir tempos de produción e adaptar os contidos en tempo real ás demandas da audiencia.

Desde a perspectiva dos modelos de comercialización e distribución, a consolidación das redes sociais como canle estratéxica permitiu ampliar de maneira significativa o alcance dos contidos, acadando máis de 1.600 millóns de impresións e máis de 1.000 millóns de reproducións no conxunto do ecosistema dixital. Este volume de consumo evidencia a capacidade da CSAG para xerar impacto e relación coa audiencia en contornos altamente competitivos.

A distribución multiplataforma, combinada cunha estratexia baseada en datos, facilita ademais modelos máis segmentados e eficientes, permitindo adaptar os contidos a diferentes públicos e optimizar a súa monetización e rendemento.

Neste sentido, as redes sociais non só funcionan como canle de difusión, senón tamén como espazo de captación, fidelización e conversión de audiencia cara ás plataformas propias, reforzando o conxunto do ecosistema dixital.

En conxunto, a innovación en formatos e modelos de comercialización sitúa a CSAG nunha posición competitiva no ámbito dixital, permitindo combinar creatividade, tecnoloxía e análise de datos para ofrecer unha proposta de valor adaptada ás necesidades da cidadanía e aos retos do novo contorno audiovisual.

3.5 Medición integrada e visión 360º

Este novo modelo susténtase nun sistema avanzado de medición crossmedia que permite analizar de forma integrada o comportamento da audiencia en todo o ecosistema dixital. A través dun DataHub propio, baseado na tecnoloxía de Konodrac, a CSAG mide de maneira unificada o consumo en OTT, web, móbil, HbbTV, aplicacións e redes sociais, combinando datos agregados e desagregados.

Este enfoque proporciona unha visión 360º da audiencia, permitindo comprender tanto o alcance global dos contidos como os hábitos específicos de consumo por dispositivo, plataforma ou tipo de contido. A análise non se limita á visibilidade, senón que incorpora métricas de consumo efectivo, interacción e fidelización, o que permite avaliar o impacto real da estratexia dixital.

Grazas a esta infraestrutura analítica, a CSAG pode optimizar a súa oferta, adaptar os contidos ás preferencias da audiencia e reforzar a toma de decisións baseada en datos. A medición convértese así nun elemento clave da transformación dixital, permitindo avanzar cara a un modelo máis eficiente, sostible e centrado na cidadanía.

A evolución dos hábitos de consumo audiovisual no ano 2025 responde a unha dinámica de transformación estrutural caracterizada pola convivencia de modelos tradicionais e dixitais, a diversificación dos dispositivos e unha progresiva personalización da experiencia de usuario. No caso da CSAG, esta transformación concrétase nun modelo no que o consumo lineal continúa a ter un peso relevante, ao tempo que medran de maneira significativa os contornos dixitais e o acceso baixo demanda, en liña coas tendencias xerais do sector audiovisual en España.

4. OS SERVIZOS INFORMATIVOS DA CSAG

4.1 Os formatos informativos en 2025

O ano 2025 supón para os servizos informativos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia un novo paso na consolidación dun modelo plenamente multimedia, integrado e orientado á transformación dixital.

A evolución do sistema informativo estivo marcada pola implementación dun novo modelo organizativo e editorial, que reforza o papel da redacción única e sitúa o contido dixital como eixo vertebrador da produción informativa.

Neste contexto, a actividade das distintas áreas desenvolveuse arredor de tres piares estratéxicos fundamentais:

- Fortalecemento da estrutura dixital e multiplataforma, mediante a implantación efectiva da estratexia *digital first*, que prioriza a publicación inmediata en soportes dixitais e adapta os contidos aos novos hábitos de consumo en mobilidade, redes sociais e plataformas propias.
- Transformación dos procesos internos e do modelo organizativo, coa redefinición da mesa central como núcleo de coordinación editorial e operativa, a integración efectiva das redaccións de televisión, radio, web e redes sociais, e a consolidación dun sistema de redacción única multimedia que permite unha planificación máis áxil, coherente e eficiente.
- Evolución dos contidos e das narrativas informativas, coa incorporación de novos formatos dixitais, o reforzo da unidade de narrativas dixitais, a adaptación das linguaxes ao consumo actual e a integración progresiva de ferramentas de intelixencia artificial orientadas á mellora dos fluxos de traballo e á optimización da produción informativa.

Este novo escenario permitiu avanzar cara a un modelo informativo máis dinámico, coordinado e conectado coas audiencias, reforzando o papel da CSAG como servizo público de referencia no ecosistema mediático galego.

4.2 Servizos informativos de TVG

‘Bos días’

O programa informativo matinal da TVG mantén en 2025 a súa posición como primeiro espazo de referencia do día, tanto pola súa capacidade de anticipación informativa como polo seu papel na estruturación da axenda diaria. Emítese de luns a venres en horario de mañá, cun formato consolidado que combina actualidade, análise e conexión directa cos principais temas da xornada.

Durante 2025, o espazo mantivo unha liña continuísta, reforzando o seu modelo informativo e introducindo axustes orientados á mellora da coordinación multimedia e da calidade do relato. Neste sentido, cómpre salientar:

- A integración de sinerxías co espazo ‘Galicia por diante’ da Radio Galega, que precede a súa emisión e se incorpora parcialmente ao relato televisivo, favorecendo a continuidade informativa e a coherencia entre soportes desde primeira hora da mañá.
- Reforzo das entrevistas en directo, ampliando a presenza de voces institucionais, sociais e económicas, cun enfoque centrado na contextualización e na análise da actualidade.
- Incremento das conexións en directo, co obxectivo de ofrecer unha cobertura máis inmediata e próxima aos feitos, en coordinación coa redacción multimedia.
- A mellora da linguaxe gráfica e dos recursos audiovisuais, adaptados aos novos códigos de consumo e orientados a facilitar a comprensión da información.

‘Galicia noticias’

‘Galicia noticias’ mantense en 2025 como un informativo de proximidade con identidade propia, centrado nas realidades que afectan directamente á cidadanía galega e cunha clara vocación territorial. A súa emisión diaria ao mediodía consolida un modelo informativo que combina actualidade inmediata con contidos de contexto e interese social.

Durante 2025, o espazo mantivo unha liña continuísta, reforzando os seus sinais de identidade e introducindo axustes orientados a profundar na súa función de servizo público.

Neste sentido, cómpre destacar:

- Incremento do peso da información procedente de concellos de menos de 50.000 habitantes, ampliando así a representación do territorio e atendendo a realidades menos presentes nos grandes fluxos informativos.
- A consolidación dunha narrativa de proximidade, centrada nas historias que impactan directamente na vida cotiá da cidadanía, con especial atención ao ámbito local e comarcal.
- A continuidade na aposta por unha estrutura flexible, que permite combinar a cobertura da última hora con pezas de maior desenvolvemento e contido social.

‘Telexornal mediodía’

O ‘Telexornal mediodía’ continúa en 2025 como o principal referente informativo da TVG na franxa central do día, mantendo o seu papel como espazo de cobertura xeralista e multitemática que integra a actualidade de Galicia, España e o contexto internacional. Durante este exercicio, o informativo mantén unha liña continuísta, reforzando os elementos que definen o seu modelo e adaptando a súa narrativa aos novos hábitos de consumo informativo. Neste sentido, destacan:

- Reforzo do ritmo informativo, cunha edición máis áxil e directa, orientada a facilitar a comprensión e a retención da información por parte da audiencia.
- A mellora da linguaxe gráfica, incorporando máis recursos visuais, datos contextualizados e elementos explicativos que complementan o relato xornalístico.
- Incremento das conexións en directo, co obxectivo de reforzar a inmediatez e a presenza no lugar da noticia, en coordinación coa redacción multimedia.
- Un enfoque máis adaptado ao ecosistema dixital, incorporando criterios de claridade narrativa, síntese e contextualización, en liña coa estratexia *digital first* da Corporación.

‘Telexornal serán’

O ‘Telexornal serán’ mantense en 2025 como o espazo de peche informativo da xornada na TVG, cun formato consolidado que ofrece unha visión ordenada, completa e contextualizada da actualidade do día. Durante este período, o informativo segue unha liña continuísta, reforzando os seus elementos estruturais e adaptando o seu relato ás novas dinámicas de consumo informativo. Neste sentido, cómpre salientar:

- Reforzo do ritmo informativo, cunha edición máis clara e estruturada, orientada a facilitar a comprensión global da xornada.
- A mellora dos recursos gráficos e visuais, incorporando elementos explicativos que permiten afondar na interpretación dos feitos.
- Incremento das conexións en directo, co obxectivo de manter a inmediatez informativa ata o peche do día.
- Un especial coidado na contextualización das noticias, incorporando claves interpretativas, antecedentes e explicacións que permiten unha lectura máis completa e reflexiva da actualidade.
- A adaptación progresiva aos criterios do ecosistema dixital, reforzando a claridade narrativa e a capacidade de síntese.

‘No foco’

‘No foco’ consolídase en 2025 como un dos formatos informativos diferenciados da TVG, cunha proposta centrada na análise, a reportaxe e a mirada pausada sobre a actualidade. Durante este exercicio, o programa mantén a súa identidade, ao tempo que introduce algunhas novidades relevantes orientadas a reforzar a súa presenza e o seu contido:

- A ampliación da súa emisión a dúas edicións semanais, incorporando tamén a xornada do domingo, o que permite unha maior continuidade na oferta informativa de fin de semana.
- A recuperación das entrevistas como elemento central do formato, reforzando a súa capacidade para afondar nos temas e ofrecer voces protagonistas con maior desenvolvemento.
- A continuidade na aposta pola reportaxe e pola narración coidada, cun enfoque que prioriza o contexto, a profundidade e a interpretación fronte á inmediatez.
- Mantemento dunha produción ligada ao territorio e á actualidade, con presenza directa nos escenarios das historias e participación da redacción de informativos.

Faladoiros televisivos

Durante o ano 2025 continuaron a emitirse os espazos de análise política e social da CSAG, mantendo os formatos consolidados e a súa presenza multicanle dentro do modelo de servizo público.

Neste sentido, seguen a formar parte da oferta informativa os principais espazos de referencia, como ‘Galicia por diante’, ‘A Crónica’, ‘Conexión Galicia’ e ‘Café sen gotas’, que combinan análise, debate e contextualización da actualidade desde diferentes enfoques e franxas horarias.

Estes programas manteñen unha estrutura baseada na reflexión pausada, o diálogo plural e a participación de voces representativas das distintas sensibilidades políticas, sociais e económicas, contribuíndo a enriquecer o relato informativo máis alá da cobertura diaria.

A súa emisión en diferentes soportes (televisión, radio e contornas dixitais) permite ampliar o seu alcance e facilitar o acceso da audiencia a contidos de análise, reforzando así a función de servizo público da CSAG na interpretación da actualidade.

4.3 Servizos informativos da Radio Galega

‘Galicia por diante’, tramo informativo

Durante 2025, o tramo informativo do magazine matinal ‘Galicia por diante’ consolida o seu papel como espazo de referencia da actualidade en tempo real na Radio Galega, dentro dun modelo que combina inmediatez, análise e conexión directa coa audiencia. O programa mantén unha liña continuísta, reforzando os seus sinais de identidade e afondando na súa capacidade interpretativa e de contextualización da información. Neste sentido, cómpre salientar:

- Reforzo do contido analítico, incorporando máis claves interpretativas que permiten comprender en profundidade os temas de actualidade máis relevantes.
- A ampliación da presenza de correspondentes internacionais, que achegan unha visión global e contextualizada da actualidade desde diferentes puntos de interese informativo.
- A consolidación dun relato informativo máis estruturado, no que se combinan a cobertura inmediata dos feitos coa explicación e o contexto necesarios para a súa comprensión.
- Mantemento da coordinación co resto dos soportes da redacción multimedia, favorecendo a coherencia informativa e a continuidade do relato ao longo da xornada.

‘A crónica’ ás 14 h e 19 h

O espazo informativo ‘A crónica’, nas súas dúas edicións diarias, mantense en 2025 como un dos eixes fundamentais da actualidade na Radio Galega, estruturando o relato informativo tanto na franxa central do día como na tarde.

Durante este exercicio, o programa segue unha liña continuísta, consolidando o seu modelo e reforzando o seu papel dentro da redacción multimedia. Neste sentido, cómpre destacar:

- Mantemento dunha estrutura informativa sólida e recoñecible, que permite ofrecer unha visión completa e ordenada da actualidade en cada unha das súas edicións.
- A continuidade na aposta por un relato equilibrado entre información inmediata e contido de contexto, garantindo unha cobertura rigorosa e comprensible.
- A integración no sistema de coordinación editorial da redacción única, favorecendo a coherencia co resto dos soportes e a adaptación ao modelo *digital first*.

‘Faladoiro’ de 20:00 a 21:00 h

O ‘Faladoiro’ mantense en 2025 como un espazo de referencia para a análise da actualidade na Radio Galega, cun formato consolidado baseado no debate plural e na reflexión pausada. Durante este período, o programa segue unha liña continuísta, mantendo os seus trazos definitorios:

- A participación de voces representativas de diferentes ámbitos e sensibilidades, garantindo unha análise plural e enriquecedora da actualidade.
- Un ton sereno e reflexivo, orientado á comprensión dos temas complexos, afastado do ruído e da confrontación innecesaria.
- A integración dentro do modelo editorial da redacción multimedia, contribuíndo á continuidade do relato informativo ao longo da xornada.

Informativos da fin de semana

Durante sábados e domingos, a Radio Galega mantén en 2025 unha programación informativa continua, centrada na actualidade e no desenvolvemento dos temas máis relevantes.

Ao longo deste exercicio, os informativos de fin de semana consolidan o seu modelo mantendo os seus principais sinais de identidade:

- A cobertura en tempo real da actualidade, garantindo a presenza informativa mesmo durante a programación deportiva, sen interrupción da actualización das noticias.
- A emisión regular de boletíns horarios, que aseguran a conexión permanente coa última hora.
- A continuidade na aposta polos contidos de fondo, coa presenza de reportaxes e entrevistas que permiten a reflexión sobre os temas tratados.
- A atención a ámbitos específicos menos presentes na programación diaria, como a cultura local, a vida comunitaria ou as historias humanas, reforzando o carácter de servizo público.

4.4 Portal informativo G24.gal

2025 consolida o portal G24.gal como o eixo central do ecosistema informativo dixital da Corporación, nun modelo plenamente integrado coa redacción única multimedia e orientado á aplicación efectiva da estratexia *digital first*. O portal reafírmase así como o primeiro soporte de publicación da actualidade, marcando o ritmo informativo e condicionando a produción nos restantes medios.

Este posicionamento baséase en dous principios fundamentais: a inmediatez na publicación e a coherencia editorial entre plataformas, garantindo un relato informativo continuo, actualizado e adaptado aos novos hábitos de consumo. Durante 2025, o funcionamento do portal evoluciona cara a un modelo máis estruturado e coordinado, no que:

- A publicación en G24.gal constitúe a primeira saída de calquera contido informativo, priorizando a actualización en tempo real e a capacidade de reacción ante a actualidade.
- A redacción dixital intégrase plenamente na dinámica da mesa central, participando na definición de prioridades e na planificación das coberturas, en coordinación co resto dos soportes.
- Establécense fluxos de traballo coordinados entre o equipo de Tempo Real e a unidade de Narrativas Dixitais, co obxectivo de garantir coherencia narrativa, evitar duplicidades e optimizar a difusión dos contidos.

No plano editorial, refórzase a aposta por contidos de proximidade e de interese directo para a cidadanía galega, que son os que presentan maior capacidade de alcance e interacción no ecosistema dixital. Ao mesmo tempo, consolídanse ferramentas como a cobertura en continuo, a actualización permanente das noticias e a integración de contidos multimedia (vídeo, audio, gráficos), adaptados ao consumo en dispositivos móbiles. Ademais, durante 2025 avánzase na consolidación dun ecosistema dixital ampliado, no que G24.gal se complementa con novas plataformas e canles de distribución:

- O desenvolvemento de G24Play como soporte específico para contidos audiovisuais curtos, verticais e adaptados ao consumo móbil, favorecendo a difusión directa e o control editorial dos contidos.
- A utilización das redes sociais como porta de entrada ao portal, orientando a estratexia cara á conversión de tráfico e á fidelización da audiencia.
- A incorporación dunha lóxica de medición baseada en métricas como alcance, interacción e conversión, que permiten avaliar o impacto dos contidos e optimizar a estratexia editorial.

Así mesmo, refórzase a produción de contido en tempo real mediante a activación de fluxos operativos que permiten a chegada inmediata de imaxes, vídeos e información desde o lugar da noticia, favorecendo a capacidade de resposta e a actualización constante do portal.

4.5 Redes sociais e contidos dixitais

Durante o ano 2025, a CSAG consolidou de maneira definitiva o seu modelo de presenza no ecosistema dixital, articulado arredor dunha estratexia integrada que combina plataformas propias, redes sociais e novos formatos de distribución audiovisual. Este modelo reforza o papel da Corporación como referente informativo e de contidos en lingua galega no ámbito dixital.

Neste contexto, o ecosistema dixital estrutúrase arredor da plataforma OTT da CSAG, configurada mediante tres espazos complementarios: AGalega.gal, centrada na oferta audiovisual da Televisión de Galicia e contido propio da plataforma; AGalegaAudio.gal, orientada aos contidos sonoros e audiovisuais da Radio Galega; e Xabarán.gal, dirixida ao público infantil, e que é de facto a maior oferta de contidos audiovisuais en galego baixo demanda da historia dos medios

públicos galegos. Este conxunto configúrase como unha oferta integral, accesible desde múltiples dispositivos e adaptada aos novos hábitos de consumo.

A distribución global da OTT, dispoñible en máis de 200 países a través de aplicacións móbiles, Smart TV e sistemas híbridos como HbbTV, permite ampliar significativamente o alcance da Corporación, reforzando a súa proxección internacional e contribuíndo á difusión da lingua e da cultura galegas no ámbito dixital. O consumo en directo consolídase como o principal formato das plataformas, representando o 67% do total, o que supón unha vantaxe competitiva fronte a outras OTT, ao permitir ofrecer contidos en tempo real, cun forte compoñente de proximidade e utilidade pública.

Ao mesmo tempo, o modelo de consumo ATAWAD (“Any Time, Any Where, Any Device”) confirma a adaptación da oferta aos distintos hábitos de uso, combinando consumo intensivo en móbil con experiencias máis prolongadas en Smart TV e HbbTV.

4.6 #Cultura365

Durante o ano 2025, a CSAG mantivo e reforzou a súa aposta por unha oferta cultural ampla, estable e especializada, articulada de maneira transversal a través da televisión, a radio e as plataformas dixitais. Este modelo consolida unha estratexia cultural baseada na calidade dos contidos, na especialización dos equipos e na adaptación ás novas formas de consumo. A información cultural desenvolveuse baixo un enfoque multiplataforma e interxeracional, reforzando as sinerxías entre os distintos soportes da Corporación. Neste sentido, destaca a coordinación entre o ‘Diario cultural’ da Radio Galega, o programa ‘ZigZag’ da TVG e a difusión a través das plataformas, así como das redes sociais, co obxectivo de ampliar o alcance e conectar con públicos máis novos.

Este modelo estrutúrase arredor de emisións regulares e consolidadas, entre as que salientan:

- O ‘Diario cultural’ na Radio Galega, integrado nos principais magazines da mañá e da tarde, complementado cunha edición semanal propia e cunha produción continua de podcasts dixitais.
- O ‘ZigZag’ da TVG, tanto na súa edición diaria na G2 como na versión de fin de semana na primeira canle, como principal referencia televisiva da información cultural.

- A presenza crecente dos contidos culturais nas plataformas dixitais, que permiten o consumo baixo demanda e a adaptación aos novos hábitos de mobilidade.

O programa 'ZigZag', integrado nos servizos informativos, continúa a ser un referente no xornalismo cultural en Galicia, cunha traxectoria consolidada e un formato que combina entrevistas en profundidade, reportaxes no territorio e colaboracións especializadas. A súa programación mantén un especial coidado na diversidade cultural, na visibilización de artistas emerxentes e consolidados e na incorporación de perspectivas como a de xénero ou a diversidade creativa.

Durante 2025, a cobertura cultural estendeuse tamén a grandes eventos e fitos do sector, tanto en Galicia como no exterior, con presenza en festivais audiovisuais, citas artísticas e acontecementos de relevancia, así como no seguimento de traxectorias destacadas do ámbito cultural galego. Neste contexto, cómpre salientar a cobertura de eventos como festivais, premios e iniciativas culturais de referencia, así como o seguimento de figuras destacadas do audiovisual galego no ámbito estatal e internacional.

Así mesmo, a programación cultural incorporou emisións especiais de gran relevancia, como o especial do Día das Letras Galegas, que cada ano se configura como unha das principais citas de divulgación cultural da CSAG, combinando contido informativo, memoria e participación de especialistas e protagonistas do ámbito cultural. A cultura mantivo tamén unha presenza destacada nos informativos xerais da TVG, contribuíndo á súa difusión entre públicos máis amplos e reforzando o seu papel como elemento central da identidade e da actualidade galega.

No ámbito radiofónico, o 'Diario cultural' consolidou o seu modelo mixto, combinando presenza en programas xeralistas, espazos propios de maior duración e produción de contidos dixitais, ampliando así o seu impacto e adaptándose aos novos formatos de consumo.

4.7 Deportes

Durante o ano 2025, a CSAG mantivo o seu modelo de información e programación deportiva como referente audiovisual do deporte galego, reforzando a súa presenza nas principais competicións e ampliando ao mesmo tempo a cobertura de disciplinas minoritarias, do deporte feminino e do ámbito territorial.

Este modelo baséase nunha concepción integral do servizo público deportivo, que combina retransmisións en directo, seguimento informativo, análise e presenza multiplataforma, garantindo a visibilidade do conxunto do sistema deportivo galego.

No ámbito televisivo, a TVG reforzou a súa posición coa cobertura das principais competicións do fútbol profesional, coa retransmisión de partidos do RC Celta de Vigo e a incorporación, a partir de outubro, dos encontros do RC Deportivo da Coruña na Segunda División, recuperando para a cidadanía galega o acceso en aberto a esta competición. Esta aposta completouse cunha ampla cobertura do fútbol non profesional, garantindo a presenza regular de equipos galegos nas categorías da RFEF e reforzando a visibilidade do deporte de base e territorial.

Un dos eixos fundamentais da programación en 2025 foi o impulso ao deporte feminino, cun seguimento destacado de competicións de alto nivel en disciplinas como o fútbol, o baloncesto, o balonmán ou o hóckey sobre patíns. Neste contexto, cómpre salientar a cobertura histórica do Baxi Ferrol na EuroCup Women, acompañando o equipo ata a final da competición europea, nun fito sen precedentes para o baloncesto galego.

A oferta deportiva completouse cunha ampla presenza doutras disciplinas, entre as que destacan o motor (coa retransmisión do Mundial de Motocrós MXGP), as traíñeiras, o ciclismo, o tenis ou o deporte base, configurando unha programación diversa e representativa da realidade deportiva galega. Ademais das retransmisións, a programación incorporou contidos de valor engadido, como entrevistas en profundidade, reportaxes e formatos especiais, reforzando a dimensión informativa e divulgativa do deporte. Neste ámbito, destacaron as entrevistas en exclusiva a figuras relevantes e o seguimento personalizado de deportistas galegos en competicións internacionais.

No ámbito radiofónico, a Radio Galega mantivo o deporte como eixo central da súa programación de fin de semana, coa consolidación de 'Galicia en Goles' como espazo de referencia nas retransmisións en directo, acadando cifras históricas de audiencia. A programación completouse con espazos informativos e de análise como 'A Crónica Deportes' ou 'Ao Contraataque', así como programas especializados en motor e deporte olímpico.

Durante 2025, reforzouse tamén a integración do deporte no ecosistema dixital, ampliando a difusión de contidos a través das plataformas propias e das redes sociais, o que permitiu incrementar o alcance e conectar con novos públicos. Así mesmo, a actividade deportiva da CSAG estivo marcada por fitos relevantes e recoñecementos institucionais, que avalan o seu papel como axente clave na promoción e difusión do deporte galego.

4.8 O Tempo

Durante o ano 2025, a área de O Tempo da CSAG reforzou a súa presenza tanto nos espazos propios como no conxunto dos informativos.

Este exercicio aportou a incorporación de melloras técnicas e a ampliación da súa presenza no ecosistema dixital. Neste sentido, cómpre salientar:

- O reforzo da produción diaria, cun volume aproximado de 37 minutos de contido, distribuído entre os espazos propios ('O Tempo mediodía', 'O Tempo serán', 'Mar mañá' e 'Mar serán') e as intervencións nos principais informativos da cadea, como 'Bos días', 'Telexornal' ou 'Galicia noticias'.
- A mellora dos recursos gráficos e tecnolóxicos, coa evolución do sistema de produción que permite incrementar a calidade visual dos mapas e incorporar novos elementos como datos en aberto de AEMET, información de Meteogalicia e ferramentas de realidade aumentada, reforzando a capacidade explicativa e pedagóxica dos contidos.
- A integración progresiva de novas fontes de datos e sistemas de visualización, que permiten ofrecer información máis completa, especialmente no ámbito da predición e dos avisos meteorolóxicos.

No ámbito dixital, a área do Tempo experimentou un crecemento significativo da súa presenza, especialmente a través das redes sociais, coa produción de contidos específicos adaptados a estes soportes:

- A incorporación de vídeos informativos diarios distribuídos a través das canles dixitais da CSAG, ampliando o alcance da información meteorolóxica.
- O reforzo da colaboración co equipo de redes sociais, coa elaboración de contidos específicos en momentos de especial relevancia informativa, así como a integración de material achegado pola audiencia.

Así mesmo, a área mantivo a súa actividade de proxección social e divulgación, con iniciativas como as visitas a centros educativos en colaboración coa área correspondente, contribuíndo á educación e sensibilización da cidadanía en materia meteorolóxica.

O equipo do Tempo participou tamén en encontros e congresos especializados, reforzando a súa actualización profesional e a súa conexión co ámbito científico e técnico.

4.9 Documentación e arquivo

Durante o ano 2025, o Servizo de Documentación e Arquivo da CSAG seguiu a promover o seu papel como infraestrutura esencial de soporte á actividade informativa e audiovisual da Corporación, desenvolvendo liñas de traballo orientadas tanto á xestión cotiá dos contidos como á mellora da accesibilidade, preservación e explotación do patrimonio audiovisual.

No ámbito operativo, o servizo mantivo unha actividade continua de atención ás necesidades internas, garantindo o acceso á documentación audiovisual para a produción informativa e a reemisión de contidos.

Este traballo inclúe tarefas de supervisión, catalogación, clasificación e validación de materiais, cun volume estimado de arredor de 35.000 validacións ao longo do ano, o que evidencia o seu carácter central no funcionamento da redacción multimedia.

En paralelo, durante 2025 avanzouse en diversas liñas estratéxicas orientadas á modernización e optimización do servizo:

- A análise de ferramentas baseadas en intelixencia artificial aplicadas aos arquivos audiovisuais, co obxectivo de mellorar os procesos de descrición, clasificación e recuperación de contidos, sentando as bases para futuras implementacións.
- Estudo de solucións para a dixitalización masiva do fondo histórico, mediante contactos con empresas especializadas, co fin de garantir a preservación dun patrimonio audiovisual de catro décadas e mellorar a súa accesibilidade.
- A incorporación de novos contidos ao arquivo, cun volume relevante tanto de material histórico dixitalizado como de contidos nativos dixitais, mantendo un fluxo constante de crecemento do fondo documental.

No ámbito da organización física, desenvolvéronse tarefas de reorganización do arquivo histórico, que conta con máis de 600.000 cintas, mellorando a súa identificación, localización e conservación mediante actuacións de sinalización, recolocación de materiais e mantemento preventivo das instalacións.

No plano da explotación do arquivo, produciuse un incremento significativo da demanda de contidos, cun aumento do 69% no número de solicitudes xestionadas respecto ao ano anterior, procedentes maioritariamente de produtoras audiovisuais.

Este dato confirma a consolidación do arquivo da CSAG como recurso de referencia para a produción profesional e para proxectos de carácter institucional e cultural.

Así mesmo, durante 2025 desenvolvéronse actuacións orientadas á mellora da xestión administrativa e xurídica dos contidos, como a revisión das tarifas de cesión de imaxes (actualizadas por primeira vez en función da antigüidade do material) e a participación no proceso de dixitalización da documentación contractual, reforzando a seguridade e eficiencia na explotación do fondo.

O Servizo de Documentación e Arquivo participou tamén en múltiples proxectos de servizo público, mediante a cesión de materiais para iniciativas culturais, educativas e institucionais, contribuíndo á difusión do patrimonio audiovisual galego e ao apoio a entidades públicas e privadas.

4.10 Innovación, novas narrativas e transformación dixital

Durante o ano 2025, a CSAG consolidou a innovación como unha das principais pancas de transformación do seu modelo de servizo público, desenvolvendo un proceso sostido de adaptación ao ecosistema dixital que combina evolución organizativa, incorporación de novas tecnoloxías e transformación das linguaxes narrativas.

Neste contexto, un dos elementos clave foi a integración do Servizo de Innovación e Novas Narrativas dentro da Área de Información e Documentación, o que permitiu alinear a estrutura organizativa cos obxectivos estratéxicos da Corporación. Esta reorganización favoreceu unha maior coordinación entre capacidades editoriais, tecnolóxicas e analíticas, consolidando un modelo máis transversal, eficiente e orientado á produción e difusión de contidos dixitais.

No ámbito dos procesos, esta transformación traducíuse na consolidación dun modelo de redacción dixital baseado no enfoque *digital first*, reforzando a coordinación entre os equipos de Tempo Real e Narrativas Dixitais, optimizando os fluxos de traballo e garantindo unha maior coherencia editorial entre plataformas.

A innovación tecnolóxica tivo un dos seus eixes principais na incorporación progresiva da intelixencia artificial, aplicada a distintos ámbitos da actividade informativa e de produción de contidos:

- No ámbito da accesibilidade, mediante ferramentas de transcripción automática e subtitulado de contidos audiovisuais e radiofónicos, mellorando o acceso á información e a reutilización dos materiais.
- Na análise e xestión das redes sociais, coa implantación de sistemas de *social listening* que permiten monitorizar o comportamento da audiencia, analizar o sentimento e identificar tendencias en tempo real.
- Na optimización dos procesos produtivos, a través de ferramentas de edición automatizada de vídeo e outras solucións que permiten axilizar a adaptación dos contidos ás linguaxes propias do contorno dixital.

Estas actuacións enmárcanse nunha estratexia orientada ao desenvolvemento de solucións de intelixencia artificial en galego, garantindo unha adopción ética, transparente e aliñada cos valores do servizo público.

No ámbito das novas narrativas, a CSAG avanzou cara a formatos máis dinámicos, visuais e adaptados ao consumo en mobilidade, incorporando unha identidade gráfica recoñecible e reforzando o uso sistemático de subtítulos, contidos breves e linguaxes propias das redes sociais. Este proceso permitiu mellorar a accesibilidade, incrementar o impacto dos contidos e conectar con públicos novos.

O departamento de Novas Narrativas consolidouse como unidade estratéxica na organización, creación e distribución dos contidos dixitais, especialmente no ámbito informativo, cunha implicación directa tanto na Área de Información e Documentación como na Área de Contidos. A súa colaboración co portal G24.gal resultou determinante para optimizar a difusión dos contidos, incrementar as visualizacións e reforzar a captación de tráfico cara á web.

No plano dos procesos e da xestión, a innovación centrouse tamén na mellora dos fluxos de traballo e na integración entre sistemas de produción audiovisual e plataformas dixitais, facilitando a automatización da publicación de contidos e a súa reutilización en múltiples canles. Así mesmo, avanzouse na explotación de datos, incorporando ferramentas de análise de audiencias que permiten coñecer os hábitos de consumo e orientar a estratexia de contidos en base a evidencias.

A transformación dixital da CSAG concretouse tamén na definición dun marco estratéxico, orientado á integración de plataformas, á optimización dos procesos e á mellora da experiencia de usuario. Neste contexto, desenvolvéronse iniciativas como a exploración de novos modelos de distribución (incluíndo probas de concepto

para canles FAST de informativos) e a consolidación dun ecosistema dixital unificado arredor das plataformas propias da Corporación.

Finalmente, a CSAG reforzou o seu papel no ecosistema de innovación mediante a participación en proxectos de investigación e colaboración con universidades, centros tecnolóxicos e iniciativas internacionais, explorando novas solucións baseadas en intelixencia artificial e realidade estendida, e contribuindo ao desenvolvemento do sector audiovisual.

Como parte do seu compromiso co impulso do tecido empresarial galego, a CSAG presentou en xaneiro de 2025 na BBC o proxecto internacional '*Holoconferencing and Interactive Social XR for Education, Telecommunication, and Entertainment*' (HIS-XR). O proxecto permite explorar novas formas de comunicación audiovisual baseadas na realidade estendida e na interacción inmersiva, con potencial aplicación no ámbito educativo, cultural e informativo.

No marco das actuacións de innovación en intelixencia artificial, a CSAG tamén participou en iniciativas de carácter investigador orientadas á análise do valor público no contorno dixital. Neste contexto, interveu no proxecto '*VALUEbot — Creación dunha plataforma xeradora de chatbots mediante intelixencia artificial para a comunicación do valor público dos medios de servizo público (PSM)*', financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación, a Axencia Estatal de Investigación e os fondos europeos NextGeneration EU. Isto permitiu coñecer o funcionamento do prototipo, os resultados da investigación aplicada e os requisitos para a súa posible escalabilidade. Así mesmo, exploráronse posibles vías de colaboración para a integración futura deste tipo de solucións no ecosistema dixital da CSAG, en liña coa súa aposta pola innovación e a mellora do servizo público.

No ámbito da colaboración con centros tecnolóxicos e da promoción da innovación en intelixencia artificial aplicada ao sector audiovisual, a CSAG participou en iniciativas orientadas á definición de casos de uso sectoriais en IA. Neste contexto, prestouse apoio a unha proposta liderada polo ITG para unha licitación do Barcelona Supercomputing Center (BSC), centrada na dinamización dun nodo sectorial de comunicación e medios dentro da BSC AI Factory. A iniciativa, desenvolvida en colaboración con diversos centros tecnolóxicos estatais, contempla a organización de talleres, actividades de *networking* e a selección de empresas para o desenvolvemento e validación de modelos de IA aplicados ao sector.

A participación e apoio da CSAG contribúe a reforzar a capacidade tractora do ecosistema galego e a súa integración en redes estatais de innovación, favorecendo a transferencia tecnolóxica, a identificación de casos de uso e o impulso de solucións baseadas en IA con impacto no ámbito dos medios de comunicación.

5. CONTIDOS E EMISIÓNS 2025

O ano 2025 supuxo a consolidación dun modelo no que as canles tradicionais, as plataformas dixitais e as redes sociais acadaron un grao elevado de estabilidade, coherencia e eficiencia no seu funcionamento conxunto.

Os eixes de actividade desenvolvidos en 2025 foron os seguintes:

- Unha oferta televisiva altamente enfocada á proximidade dos contidos nas diferentes canles de distribución, que continúa a ser unha das principais fortalezas dos medios públicos galegos. Neste sentido, mantívose o peso da produción realizada en Galicia, combinando un sólido nivel de produción propia interna co máximo nivel do sector audiovisual galego a través da produción propia externa. Esta estratexia segue a consolidar e fornecer o tecido audiovisual do país e conforma a identidade dos contidos emitidos en todas as canles e soportes da CSAG.
- A canle principal da TVG continuou a especializar a súa oferta nos contidos en directo, especialmente durante a franxa diúrna, como expresión da aposta pola proximidade, a actualidade e a conexión inmediata coa audiencia. Esta orientación é un dos principais elementos diferenciais fronte á competencia, mantendo unha ampla presenza de programación en directo ao longo da semana e reforzando tamén os directos en fins de semana e en franxas específicas da G2.
- O compromiso co servizo público mantívose como eixo central, garantindo unha oferta de contidos de alto valor cultural, divulgativo e identitario, conforme aos principios editoriais da CSAG e á normativa vixente. Neste ámbito, consolidouse a transformación do ecosistema infantil e xuvenil, co fortalecemento de Xabarín.gal como plataforma de referencia, ampliando o seu catálogo baixo demanda e reforzando a súa oferta en directo. Así mesmo, incrementouse a produción de contidos orientados á mocidade, tanto nas plataformas dixitais como nas emisións lineais.
- O alcance a novos públicos a través das canles dixitais seguiu a medrar en 2025, cunha estratexia máis madura e segmentada nas redes sociais. A produción de contidos adaptados a cada plataforma consolidouse como unha liña estratéxica, apoiada na optimización de procesos mediante ferramentas avanzadas —incluíndo solucións de intelixencia artificial para subtulado, indexación e recomendación de contidos— e nunha maior coherencia na identidade dixital da CSAG. Este avance traducíuse nun incremento sostido do consumo e da interacción coa audiencia.

- A participación do público continuou a reforzarse como elemento diferencial, tanto nos contidos lineais como nos dixitais. A interacción multiplataforma, a presenza activa da audiencia en programas en directo, así como o desenvolvemento de formatos participativos e contidos nativos dixitais consolidaron un modelo de comunicación bidireccional acorde coas tendencias actuais do consumo mediático.
- O modelo de produción e difusión 360º continuou a desenvolverse mediante a integración efectiva de televisión, radio e medios dixitais. Os formatos híbridos TV-radio consolidáronse como unha referencia no panorama estatal, avanzando na automatización dos procesos de realización e na creación de contidos multiplataforma, o que permitiu optimizar recursos e ampliar o alcance dos contidos informativos e de entretemento.
- No ámbito da adquisición de contidos, reforzouse a estratexia orientada á obtención de dereitos dixitais, considerados xa un elemento esencial para a explotación multiplataforma. Priorizouse a capacidade de dispoñer dos contidos nas plataformas propias en diferentes modalidades de consumo baixo demanda, garantindo así unha maior rendibilidade do investimento e unha mellor adaptación aos hábitos actuais da audiencia.
- Todas estas liñas de actuación desenvolvéronse nun contexto de alta competencia no sector audiovisual, marcado pola presenza de operadores estatais e plataformas globais de *streaming*. Neste escenario, a CSAG continuou a apostar pola eficiencia na xestión dos recursos, co obxectivo de maximizar o alcance e a calidade do servizo público mantendo unha contención responsable do gasto.
- Neste marco, reforzáronse as alianzas estratéxicas con outros operadores, especialmente do ámbito público. Mantívose a colaboración coa RTP portuguesa, ampliando as vías de cooperación en produción e coprodución, e consolidáronse as relacións coas canles autonómicas da FORTA e con socios europeos. Así mesmo, avanzouse na concreción de proxectos de ficción en colaboración con outras televisións públicas e na participación en redes internacionais como CIRCOM Regional e Celtic Media Festival, favorecendo o intercambio de contidos e o acceso a producións de ámbito europeo. No ano 2025 concretouse o proxecto de ficción desenvolvido en colaboración entre as canles públicas de Galicia, Cataluña e o País Vasco, materializado na serie 'Pensión incompleta', converténdose nun exemplo de cooperación interterritorial no ámbito audiovisual público, sendo a primeira serie da historia co galego, vasco e catalán e castelán como linguas principais.
- En 2025, a Radio Galega combinou a emisión en directo cunha aposta decidida pola información rigorosa, a cultura, o deporte e a cobertura territorial de toda Galicia. A emisora mantivo a súa posición de referencia no panorama radiofónico galego, estabilizando a audiencia e reforzando a súa presenza dixital a través de

AGalegaAudio.gal, dos podcasts e dos formatos multiplataforma con imaxe, ao tempo que avanzou na innovación tecnolóxica, na modernización dos sistemas de produción e na capacidade de resposta ante situacións excepcionais. Todo isto permitiu fortalecer un modelo de radio pública baseado na proximidade, na participación da audiencia, na promoción da lingua galega e na adaptación continua ao ecosistema mediático actual.

. En 2025, as plataformas AGalega.gal e Xabarín.gal consolidaron o seu papel como eixos fundamentais da estratexia dixital da CSAG, reforzando a prestación do servizo público no ámbito audiovisual a través dunha oferta accesible, estruturada e adaptada aos novos hábitos de consumo. Ambas plataformas permitiron ampliar de maneira significativa a distribución de contidos en galego, garantindo o acceso universal, flexible e baixo demanda á información, ao entretemento e aos contidos dirixidos ao público infantil e xuvenil. Ao longo do exercicio, avanzouse na optimización das funcionalidades, na diversificación da oferta e na integración dentro do ecosistema dixital da Corporación, contribuíndo á captación de novos públicos e ao reforzo da vinculación coa audiencia. Este desenvolvemento consolida un modelo de comunicación pública baseado na innovación, na promoción da lingua e da cultura galegas e na adaptación permanente ás dinámicas do contorno dixital.

5.1. Programación televisiva

A programación televisiva da Televisión de Galicia durante o ano 2025 estivo definida por unha estratexia baseada na proximidade, a identidade cultural e o servizo público, combinando grandes eventos, reforzo de formatos propios e unha oferta diversa e de calidade. Entre os principais fitos cómpre destacar:

- Celebración do 40 aniversario da TVG: O 2025 foi un ano especialmente significativo coa conmemoración das catro décadas de historia da canle. A celebración artellouse arredor de varios eventos de grande impacto: unha gran gala no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela o 24 de xullo, que serviu para poñer en valor a traxectoria da TVG; un innovador espectáculo de drons na praia de Silgar, en Sanxenxo, que fusionou a historia da televisión pública coa historia de Galicia; e un peche de ano excepcional coas badaladas desde o reloxo da Berenguela, na praza do Obradoiro, realizadas por primeira vez desde as cubertas da Catedral nunha noite tan simbólica.
- Reforzo do entretemento con identidade propia: a posta en marcha de ‘Land Rober + Show’ en emisión diaria, de luns a xoves, supuxo un paso adiante na estratexia de competir en franxas de máxima audiencia cun formato de humor plenamente

galego. Este reforzo permitiu consolidar unha oferta diferenciada, baseada na proximidade, a lingua e o talento propio, fronte ás propostas das cadeas nacionais.

- Programación especial en datas sinaladas: a TVG mantivo unha aposta firme por contidos específicos en xornadas de especial relevancia social e cultural, como o Día das Letras Galegas, o 25 de novembro (25N) ou o Día Internacional da Muller en marzo. Estas programacións especiais contribuíron á sensibilización da audiencia, á promoción da lingua e á reflexión arredor de cuestións de interese colectivo.
- Programas de servizo público con enfoque divulgativo e entretido: a canle consolidou formatos que combinan información, divulgación e entretemento, poñendo en valor o labor de profesionais esenciais para a sociedade. Neste ámbito destacan programas como 'Os gardiáns do mar', centrado no traballo dos profesionais do mar; 'Código 092', que achega o día a día das forzas policiais locais; e 'Alarma 080', dedicado ao labor dos servizos de emerxencias e bombeiros. Estes contidos reforzan o papel da TVG como medio de utilidade pública, achegando realidades profesionais á cidadanía dun xeito accesible e atractivo.
- Aposta continuada pola ficción en galego: a TVG mantivo o seu compromiso coa produción e emisión de contidos de ficción en lingua galega, elemento clave para a creación cultural, a normalización lingüística e o impulso do sector audiovisual. As series de ficción continúan a ser unha peza fundamental na construción dun relato propio e na proxección da cultura galega.

En conxunto, estes fitos reflicten un ano de especial relevancia para a Televisión de Galicia, no que se reforzou o seu papel como medio público comprometido coa sociedade, a cultura e a lingua galega.

5.1.1 Contidos culturais e de servizo público

O presente apartado recolle o compromiso da Televisión de Galicia coa promoción e difusión de contidos culturais e de servizo público, fundamentais para o fortalecemento da identidade galega e a cohesión social.

A través dunha programación diversa e de calidade, a canle galega contribúe á posta en valor do patrimonio cultural, á divulgación do coñecemento e á atención das necesidades informativas da cidadanía, garantindo unha oferta accesible, plural e orientada ao interese xeral.

1. Celebración Letras Galegas 2025, coas seguintes emisións:

- O espazo cultural 'ZigZag' emitíuse no Día das Letras Galega na primeira canle da TVG. O equipo de cultura elaborou un monográfico especial sobre as cantareiras, recuperando a súa obra e vida no seu contexto histórico e cultural. O espazo contou coa participación de músicos, familiares, amigos, académicos e estudosos do cancionero popular, e abordou a pegada da poesía popular oral na xente máis moza e nas novas correntes musicais.
- 'Pandeireta-tok', unha peza sobre a música tradicional vista polos mozos e os seus novos medios de difusión.
- A serie documental 'Os nomes da nosa terra' (A Illa de Arousa, A Serra do Cando, Rodeiro, Baiona).
- A produción da Real Academia Galega 'Se canto é porque quero'.
- A gala de entrega dos Premios Escolares DigochoEu 2025, que se celebrou o martes 13 de maio na Cidade da Cultura, e que se emitiu por TVG o sábado 17.
- As noites dos sábados 10 e 17 de maio dedicáronse ao cine galego. TVG programou no *prime time* 'O corno', película gañadora da Cuncha de Ouro en San Sebastián no 2023, e 'O corpo aberto', cinta triunfadora nos Premios Mestre Mateo 2023. E a G2 emitíu 'Eroski Paraíso', 'O home e o can', 'Lúa vermella' ou 'Unicorn wars'.
- Concerto das Letras do Consello da Cultura Galega, na G2 no *prime time* do propio 17 de maio. O concerto estivo a cargo de Do Bertau, unha formación efémera coordinada por Richi Casás e creada expresamente para esta ocasión. Integrada por 11 artistas de distintos eidos musicais, Do Bertau interpretou unha ducia de pezas dos cancioneros para ofrecer, cunha envoltura de jazz, muiñeiras, comparsas, xotas, pasodobres e outros tipos de cantos tradicionais de diferentes zonas de Galicia.
- Documentais e música tradicional, vertebraron a programación na G2 xa desde o día 12 coa estrea dos documentais 'Dorothe na vila', que narra a experiencia de dous mozos que inician unha viaxe tras os pasos da musicóloga suíza Dorothe Schubarth para descubrir as voces que ela gravou hai 40 anos en Galicia; e 'Non canto por cantare', serie estreada no *prime time* do martes 13 que explora en seis episodios a evolución da música popular galega a través das mulleres que a mantiveron viva e celebra o rexurdir do folclore nos torreiros do século XXI, conectando o pasado co presente nunha guía para redescubrir a nosa identidade musical. A 'Noite da Música' incluíu tamén varios capítulos especiais do programa de música tradicional galega 'Alalá' que salientaron o labor das cantareiras na transmisión da lírica popular, tal como recoñeceu a RAG dedicándolles o Día das Letras Galegas.

2.- Celebración do Día da Muller, o 8 de marzo, coa estrea da multipremiada película 'Matria', a primeira longametraxe do director vigués Álvaro Gago, que continúa a historia de Ramona comezada como unha curtametraxe en 2017. A versión longa está protagonizada por María Vázquez e pon no centro do debate o patriarcado silencioso, a precariedade laboral das mulleres e a crise dos coidados. Baseada na premiada curta, este filme catapultou a nivel nacional a actriz galega, cuxo papel lle valeu unha candidatura aos Premios Goya do 2024 e o galardón á mellor actriz no Festival de Málaga de 2023.

3.- Programación especial o 25 N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller coa emisión dunha programación especial. A segunda canle emitíu unha coidada selección de filmes e documentais que abordaron esta problemática desde múltiples perspectivas: historias reais, testemuños, ficción social, debates e reflexións colectivas. O obxectivo desta programación especial é visibilizar a violencia machista, promover a reflexión social e dar voz a mulleres e colectivos que traballan pola igualdade.

Os programas en directo de TVG tamén se implicaron durante a semana con contidos específicos e adaptados a cada formato. Programáronse os seguintes títulos:

- 'O club da calceta', un retrato coral de mulleres que, a través das súas vivencias, revelan os múltiples matices da desigualdade e da opresión cotiá.
- 'Unha historia de crimes: ata que a morte nos separe', documental que reconstrúe un caso marcado pola violencia de xénero, coas voces de quen o investigou e padeceu.
- 'Sara', un drama social que segue a historia dunha muller na loita pola súa autonomía e supervivencia.
- 'Contraaluz', peza documental que afonda nas sombras da violencia machista e na capacidade de resiliencia das vítimas.
- 'Prefiro condenarme', longametraxe documental de estrea: un relato intenso sobre os límites, o medo e as decisións extremas ás que pode levar a violencia.
- 'Onde máis doe', documental que analiza os efectos emocionais e sociais da violencia simbólica e psicolóxica. Baseado no caso coñecido como "O parricida de Oza", reflexiona sobre a violencia vicaria como a expresión máis cruel da violencia de xénero.
- 'Na mente do asasino 2: Non estará con outro', unha aproximación aos patróns e mecanismos dos agresores machistas. Este espazo aborda o asasinato de Ana María Enjamio e reflexiona sobre como o sentimento de propiedade, a incapacidade de asumir o abandono e a cultura do control poden desembocar en situacións de extrema violencia contra as mulleres.
- 'Non estará con outro' (debate posterior) 2. Un espazo de debate e reflexión con especialistas, xornalistas e profesionais, que contextualizan e analizan os contidos do documental anterior.

- 'Matria', a aclamada longametraxe do director vigués Álvaro Gago que retrata a loita dunha muller traballadora nun contexto de precariedade e desigualdade estrutural.
- 'Señora de...', documental que aborda a identidade, o control e as presións sociais sobre o papel da muller na familia e na sociedade.

4. Noites temáticas na G2

Durante 2025, a G2 emitíu no marco das 'Noites temáticas', os seguintes espazos:

- 'O camiño de Ramón Chao. Tralas pegadas de Prisciliano' (63')
- 'Dando a nota' (serie de 30')
- 'Xosé Vizoso e Sargadelos' (20')
- 'Sons do mundo' (70')
- 'Julio Camba. O home que non quería ser nada' (72')
- 'Léocho' (serie de 30')
- 'Rosendo Salvado. O Humboldt galego' (1):
- 'O Livingstone galego. De Tui a Terra Australis incógnita' (26')
- 'Rosendo Salvado. O Humboldt galego' (2):
- 'Un galego global en terra de canguros. A fundación de Nova Nursia' (26')
- 'Son de Seu-Entreterras' (101')
- 'Fila 1' (serie teatral 90')
- 'A grande epopea de Galicia' (serie de 60')
- 'Reto astrolabio' (6 capítulos de 25')
- 'Corrente do Golfo na Quintana' (87')
- 'Mine Kawakami e o piano de cristal' (76')
- 'Historias a pé de páxina' (serie de 25')
- 'Recantos con feitizo' (serie de 45')
- 'Crónicas da transición' (serie de 60')
- 'Unha noite de inverno' (73')
- 'Ondas novas 9 (Mondra e Law)' (50')
- 'Raíña-me! ii (5): Foliada das Raíñas con Mondra (20')
- 'O gran camiño. Grandes rutas a pé do mundo' (serie de 50')
- 'Fillas de Cassandra no Festival de Ortigueira' (67')
- 'A nota de ouro' (66')
- 'Á procura da estrela' (77')
- 'Reboiras. Acción e corazón' (61')
- 'Aulas sen acoso' (62')

5. 'ZigZag'

O espazo 'ZigZag' recolle e visibiliza a cultura de Galicia de luns a venres pola G2 e os sábados e domingos pola TVG. Música, cine, libros, tendencias, teatro, unha sección para cada día da semana e un bloque inicial que resume a actualidade conforman o programa. Completa os 25 minutos diarios de información cultural unha entrevista cunha personalidade para tratar en profundidade algún tema da actualidade. O equipo de especialistas do programa percorre Galicia co obxectivo de dar cobertura ás actividades culturais que se desenvolven en calquera vila ou cidade galega.

6. Noite Intercéltica do Festival de Lorient 2025

O grande espectáculo celebrado no estadio de Lorient con motivo do Festival Intercéltico dedicouse á mocidade para celebrar o potencial dos novos talentos, os grupos emerxentes e a organizar encontros de mozos das diferentes nacións. Por parte de Galicia participaron a Banda de Gaitas Arume de Malvas e o grupo de baile e música tradicional Rebulir. A transmisión que recolle o esplendor artístico de todos os territorios célticos para a televisión pública francesa foi estreada pola TVG na mañá do 1 de xaneiro.

7. Gran Parada da Noite Intercéltica 2025

Retransmisión do gran desfile de agrupacións dos territorios célticos polas rúas da cidade francesa de Lorient. A edición de 2025 deu prioridade á mocidade, con grupos emerxentes, fomentando iniciativas culturais para a rapazada, dando a coñecer entidades dedicadas á mocidade e organizando encontros de diferentes nacións para favorecer os intercambios e construír o futuro.

8. 'Nosoutras'/'Elas'

Programa de tipo divulgativo e social centrados na visibilización do papel da muller na sociedade galega.

9. 'Mine Kawakami e o piano de cristal'

Concerto único celebrado na Catedral de Santiago, protagonizado pola pianista e compositora xaponesa Mine Kawakami, acompañada polo organista Adrián Regueiro. O evento empregou un exclusivo piano de cristal, traído expresamente para a ocasión, que dialoga coa acústica e a espiritualidade do templo compostelán. A través da interpretación musical e da posta en escena ofrécese unha experiencia sensorial que combina música, patrimonio e emoción, poñendo en valor a singularidade do escenario e a proxección internacional da cultura en Galicia.

10. Xabarín Club

Xabarín Club é o programa contedor de series e debuxos animados para o público infantil da TVG. Un club que leva décadas reunindo os galegos arredor dos títulos de animación máis coñecidos, con contidos de produción galega e de produción allea dobrada ao galego. O Xabarín Club actual mantén espazos para a afiliación no club e participación en concursos, así como a celebración dos aniversarios dos membros. Entre os seus títulos, programas tan sonados como a produción galega 'Aquelandando con chispa', con participación de 25 centros educativos galegos, e series de debuxos feitas en Galicia como 'Os Bolechas' ou o último éxito 'Bibopalula'.

10. Programas relixiosos

TVG emite a Santa Misa en directo, cada domingo desde a igrexa de San Frutuoso en Santiago de Compostela. Así mesmo, a grella da canle pública inclúe 'Polo camiño da fe', programa semanal con reportaxes de temática relixiosa relacionada coa Igrexa Católica, e 'Nacer de novo', a cita semanal dos seguidores da Igrexa Evanxélica.

5.1.2 Programas de entretemento con contido divulgativo

Televisión de Galicia aposta por programas de entretemento que incorporan un claro compoñente divulgativo, combinando o carácter lúdico coa transmisión de coñecemento. Este tipo de contidos contribúe a achegar información de interese á audiencia dun xeito accesible e atractivo, favorecendo a aprendizaxe, a curiosidade e a participación cidadá, ao tempo que reforza o papel do medio público como axente de difusión cultural e social.

‘GAÑA A TÚA ALDEA’

Concurso baseado no coñecemento do territorio e o patrimonio galego, no que os participantes avanzan por comarcas ata acadar unha proba final con premio económico.

‘TAL COMO FACEMOS’

Documental. Serie que pon en valor a contribución da sociedade galega ao longo do tempo, ofrecendo unha visión da evolución social e cultural.

‘CONFIDENCIAS’

Debate. Programa de entrevistas e reflexión arredor dos valores sociais, relixiosos e éticos na sociedade actual.

‘OS AUTÉNTICOS’

Divulgativo / social. Espazo que dá visibilidade a persoas e historias singulares de Galicia, destacando a súa autenticidade e valor humano.

‘HISTORIAS DE AQUÍ’

Divulgativo. Serie que combina elementos documentais e recreación ficcionada para achegar unha nova perspectiva sobre acontecementos, personaxes e fitos que marcaron a historia recente de Galicia. A través de testemuños de protagonistas e expertos, xunto con secuencias dramatizadas, o programa reconstrúe episodios de grande impacto social e cultural, como a explosión na discoteca compostelá Clangor, a traxectoria dunha investigadora galega na NASA ou a traxedia do Mar Exeo, entre outros. O formato ofrece unha visión didáctica, rigorosa e accesible da memoria colectiva galega.

‘CURSO ACELERADO DE GALEGUIDADE’

Divulgativo. Programa que ofrece unha aproximación dinámica e accesible aos elementos que definen a identidade galega, estruturado en diferentes leccións temáticas sobre a lingua, a cultura, a gastronomía, o territorio ou as tradicións. A través dun formato áxil e con ton próximo e humorístico, o espazo combina explicacións, testemuños e experiencias para explorar como se vive e se percibe Galicia, incluíndo a visión de persoas chegadas doutros lugares. O programa propón así un percorrido didáctico e ameno polos trazos que configuran a galeguidade.

‘ATRÁPAME SE PODES’ (EDICIÓNS ESPECIAIS)

Concurso. Versións especiais do coñecido concurso, adaptadas a datas sinaladas como o Nadal, mantendo a súa dinámica de preguntas e respostas e reforzando o seu carácter lúdico e divulgativo.

‘FAKE NEWS’

Concurso de rúa. Formato dinámico no que o presentador percorre a rúa en busca de participantes espontáneos, que se enfrontarán a un xogo baseado na identificación de información veraz e noticias falsas. A través de distintas probas, os concursantes deben determinar se os titulares e contidos propostos son reais ou inventados, poñendo a proba o seu coñecemento e criterio. O espazo combina entretemento e divulgación, fomentando o pensamento crítico e a reflexión sobre a desinformación no contexto actual.

‘PAIS EN APUROS’

Divulgativo / familiar. Espazo que aborda a realidade das familias con ton práctico e próximo.

‘EU SEI + CA TI’

Concurso. Concurso de cultura xeral no que tres equipos formados por persoas con algún vínculo entre si compiten en distintas probas baseadas no coñecemento, a lóxica e o enxeño. Estructurado en varias fases eliminatorias, o formato combina preguntas rápidas, retos temáticos e xogos de habilidade mental co obxectivo de acadar a fase final e abrir unha caixa forte que contén o premio económico.

‘SEN CÓDIGO POSTAL 2.0’

Divulgativo. Evolución do formato que percorre Galicia a través das súas localidades e habitantes.

‘PULSO ACTIVO’

Divulgativo / saúde. Programa diario que propón unha sesión de exercicio físico adaptado, concibido como unha ferramenta de promoción da saúde e loita contra o sedentarismo. Conducido por un adestrador persoal e acompañado por participantes con diferentes condicións e perfís, o espazo ofrece rutinas accesibles e seguras que poden seguirse desde o fogar. A través dun formato próximo e inclusivo, o programa combina actividade física, motivación e acompañamento emocional, fomentando a adopción de hábitos saudables e mellorando a calidade de vida da audiencia.

‘UN GUIRI NA RIBEIRA SACRA’

Divulgativo. Programa de viaxes protagonizado por un explorador británico que percorre o patrimonio da Ribeira Sacra e descobre os seus atractivos naturais, culturais e patrimoniais. Ao longo do seu percorrido polas ribeiras do Sil e do Miño, o protagonista entra en contacto directo coa poboación local, coñecendo as súas tradicións, modos de vida e costumes, así como a riqueza gastronómica e paisaxística do territorio. A través dunha mirada externa e curiosa, o espazo ofrece unha aproximación próxima e experiencial á esencia da Galicia interior, contribuíndo á súa divulgación e promoción.

‘NIN OFICIO NIN BENEFICIO’

Entretemento. Programa centrado na realidade laboral da mocidade, no que os participantes se enfrontan a distintos oficios e retos profesionais co obxectivo de descubrir as súas habilidades e posibilidades de futuro. A través de experiencias prácticas e situacións reais, o formato amosa as dificultades de acceso ao emprego, combinando entretemento e reflexión cun ton próximo e dinámico.

‘AQUÍ GALICIA FEST’

Entretemento. Programa especial que traslada o formato de ‘Aquí Galicia’ a un contexto máis festivo, convertendo cada emisión nun grande evento en directo desde distintas localidades galegas. O espazo combina actuacións musicais, espectáculos, contidos gastronómicos e a participación activa da veciñanza, recreando o ambiente das

festas populares. O programa pon en valor as tradicións, o patrimonio cultural e a capacidade de dinamización social do territorio galego.

‘O TERMÓMETRO’

2025 foi o ano da consolidación deste formato matinal, que fixo un oco entre a programación das mañás, con duros competidores nas canles nacionais.

‘A VOLTAS CO PRATO’

‘A voltas co prato’ presenta o reto de realizar un programa de cociña en directo, con toda a problemática que isto supón, como é a limitación de tempo e estar aberto a todo tipo de posibles incidencias. O programa, que naceu con vocación estacional, converteuse nunha das gratas sorpresas da TVG pola frescura e enfoque, as receitas de toda a vida, así como a participación de persoas da rúa como chefs ocasionais e que lograron o apoio da audiencia.

‘QUEN ANDA AÍ?’

Programa magazine que ocupa tres horas da sobremesa de luns a venres e que ten un gran valor de servizo público, divulgación e promoción das actividades, tradicións e valores culturais da nosa comunidade. Todo isto combinado co entretemento expresado en galego e con óptica galega, e co valioso servizo de facer compañía a boa parte da audiencia das tardes.

‘HORA GALEGA’

Espazo que conta en directo con cámaras en todos os recunchos galegos o que lles pasa aos espectadores, o que pensan, o que senten, o que lles preocupa e do que falan. A actualidade de entretemento e a frescura acompañan o espectador servíndolle un menú de proximidade onde descubrir que o noso país é único. As súas xentes, os barrios, a cultura popular, a gastronomía, as tradicións, festas e produtos do país xúntanse en ‘Hora galega’ para chegar ao serán con bo humor. Ducias de persoas pasan por cada programa, que se converte nun desfile diario do cotián, nun altofalante do que se comenta nas rúas.

5.1.3 Programas de *prime time*

‘LAND ROBER + SHOW’

Entretemento e humor para as noites da TVG con este programa de humor e variedades que combina sketches, entrevistas e actuacións, ofrecendo unha visión desenfadada da actualidade e da sociedade galega. A partir do 10 de novembro, o formato converteuse nun programa diario de luns a xoves, ‘Land Rober + Show’, que se posicionou como un dos máis vistos na súa franxa de emisión.

‘A LIGA DOS CANTANTES EXTRAORDINARIOS’

Talent musical. Concurso musical que reúne voces destacadas, promovendo o talento artístico e a cultura musical.

‘COS PÉS NA TERRA’

Divulgativo. Espazo que aborda a vida no rural galego, destacando iniciativas, tradicións e modos de vida.

‘TRIÁNGULOS MÁXICOS’

Divulgativo / entretemento. Concurso musical estruturado en galas no que diferentes tríos de cantantes, integrados por profesionais e afeccionados, compiten entre si ao longo de varias fases eliminatorias. Cada grupo debe demostrar a súa calidade vocal, capacidade interpretativa e cohesión artística ante un xurado especializado, nun formato que combina espectáculo e emoción. O obxectivo final é acadar a vitoria para gravar un disco e conseguir un premio económico destinado a fins solidarios, reforzando así o papel da música como ferramenta de participación e compromiso social.

‘MORRA O CONTO’

Entretemento / cultura. Programa en clave humorística e participativa que enfronta diferentes tópicos e elementos identitarios de Galicia, representados habitualmente por dúas opcións. A través de reportaxes, entrevistas e a implicación do público, o formato propón un debate lúdico arredor de cuestións culturais, sociais ou tradicionais, fomentando a reflexión sobre a identidade galega desde unha perspectiva próxima e dinámica.

‘TRAES UNHA CANTIGA?’

Musical / tradicional. Programa centrado na recuperación e posta en valor da música tradicional galega, especialmente dos cantos de taberna, como expresión do patrimonio inmaterial. En formato de concurso, diferentes grupos e participantes interpretan pezas do repertorio popular, que son avaliadas por un xurado profesional e mediante unha enquisa elaborada por unha empresa especializada, co obxectivo de elixir a mellor cantiga. O espazo promove a transmisión oral, a convivencia arredor da música e a preservación das tradicións, ofrecendo unha visión próxima e festiva da cultura galega.

‘LÉVAME, LÉVAME’

Entretemento / viaxes. Programa de entretemento no que personaxes coñecidos galegos fan autostop polas estradas comarcais de Galicia e comparten traxecto con condutores anónimos, xerando encontros espontáneos e conversacións próximas. O formato combina desprazamento, sorpresa e diálogo para amosar historias persoais, experiencias de vida e distintas realidades do territorio, convertendo cada viaxe nun espazo de descuberta e conexión coa cidadanía.

‘O MELLOR TRACTOR DO MUNDO’

Divulgativo. Espazo que pon en valor o sector agrario e a innovación no ámbito rural.

‘SALVAXE’

Concurso de supervivencia. Programa de telerrealidade que pon a proba a resistencia física e mental dos concursantes, illados da súa contorna habitual e obrigados a convivir en condicións esixentes en plena natureza. Organizados en equipos, deben superar retos diarios que combinan esforzo físico, capacidade estratéxica e traballo en grupo, nun formato no que tamén teñen un peso relevante as relacións persoais e a convivencia. Gravado en escenarios naturais de Galicia, ‘Salvaxe’ combina competición, aventura e posta en valor do territorio, co medio natural como eixo central do espazo.

‘CASAMOS!’ / ‘CASAMOS! QUE FOI DE...?’

Divulgativo / social. Programas centrados en historias persoais arredor do matrimonio e a súa evolución.

‘O NOVO REI DA COMEDIA’

Talent / humor. Concurso de talento centrado na comedia, no que dez participantes procedentes de toda Galicia compiten por converterse no novo referente do humor galego. Ao longo de distintas galas, os concursantes enfróntanse a probas como monólogos, sketches humorísticos e intervencións na rúa, nas que deben demostrar a súa capacidade interpretativa, creatividade e conexión co público. Avaliados por un xurado profesional, os participantes avanza nun formato eliminatorio ata a elección final do gañador.

‘HIT LIST GALICIA’

Concurso musical de ritmo dinámico no que tres parellas de concursantes compiten por demostrar o seu coñecemento do cancionero nacional e internacional. Ao longo de varias fases eliminatorias, os participantes deben identificar o título e o intérprete de coñecidas cancións a partir de breves fragmentos sonoros, nun formato que combina rapidez, memoria e oído musical. O programa, estruturado en diferentes probas e cun premio económico final, ofrece un espectáculo áxil e participativo que conecta co público a través da música e da emoción da competición.

‘ALARMA 080’

Divulgativo / seguridade. Programa de carácter inmersivo que segue de preto o día a día dos bombeiros de Galicia. A través do acceso directo aos operativos, o espazo amosa tanto a complexidade técnica das intervencións como o factor humano que implica este labor, destacando a súa preparación, coordinación e capacidade de resposta. O formato combina tensión, realidade e divulgación, poñendo en valor o traballo dos servizos de emerxencias e achegando á audiencia unha visión próxima e rigorosa destas profesións.

‘CODIGO 092’

Documental. Docuserie que achega ao espectador o día a día da Policía Local en distintas cidades galegas, mostrando en primeira persoa a súa intervención en situacións reais. Sen artificios nin recreacións, o programa segue operativos vinculados á seguridade cidadá, como conflitos veciñais, incidencias de tráfico ou actuacións en espazos públicos, ofrecendo unha visión directa e inmersiva dun servizo esencial que opera de forma continua. O formato combina tensión narrativa e valor divulgativo, poñendo en valor o labor destes profesionais e o seu papel na convivencia e protección da cidadanía.

‘OS GARDIÁNS DO MAR’

Documental. Docuserie que segue o labor dos distintos corpos de seguridade e emerxencias que operan nas costas galegas, como o Servizo Marítimo da Garda Civil, Salvamento Marítimo ou Gardacostas de Galicia. A través do acceso directo a intervencións reais —rescates, operacións de vixilancia ou actuacións fronte a situacións de risco—, o programa ofrece unha visión inmersiva do seu día a día, combinando acción e testemuños en primeira persoa. O formato pon en valor tanto a complexidade técnica das actuacións como o compromiso humano dos profesionais que traballan para garantir a seguridade marítima e a protección do medio mariño en Galicia.

‘A MIÑA GRAN CIDADE - 24 H’

Divulgativo. Programa no que unha persoa coñecida exerce de anfitriña na súa cidade de orixe, á que leva un convidado sorpresa co obxectivo de amosarlle os seus principais atractivos e convencelo para que quede nela uns días. Ao longo dunha xornada, o formato combina percorridos por espazos emblemáticos, experiencias singulares e momentos persoais que revelan a relación do anfitrión co lugar. A través desta dinámica, o programa ofrece unha visión próxima e emocional das cidades galegas, poñendo en valor o seu patrimonio, a súa identidade e o seu potencial como destino.

‘O + VIRAL’

Divulgativo / actualidade. Programa de entretemento que recompila e comenta os contidos máis virais de internet, ofrecendo unha selección de vídeos e fenómenos dixitais que destacan pola súa repercusión e curiosidade. A través dun enfoque humorístico e dinámico, e coa participación de presentadores e colaboradores, o espazo analiza tendencias, situacións sorprendentes e historias compartidas nas redes sociais, conectando coa actualidade dixital e co consumo audiovisual das novas audiencias.

‘DESAFÍOS CRIMINAIS’

Documental. Serie de carácter policial que reconstrúe algúns dos casos máis impactantes da crónica negra recente de Galicia, a través dun formato que combina investigación, recreación e análise. Cada episodio afonda nun crime real, seguindo o proceso que levou á súa resolución mediante o traballo da Garda Civil, incorporando entrevistas con persoas implicadas, expertos e testemuñas, así como elementos de

análise forense. O programa ofrece unha visión rigorosa e inmersiva das investigacións, poñendo en valor o labor dos corpos de seguridade e achegando á audiencia unha comprensión detallada destes feitos.

‘FANÁTICOS’

Musical / cultura popular. Programa que percorre os principais festivais de música celebrados en Galicia durante o verán, ofrecendo unha visión directa do ambiente e das actuacións en directo. Da man do presentador, o espazo achega ao público os artistas participantes, combinando concertos, encontros e contidos exclusivos nun formato dinámico e próximo. A través deste percorrido polos eventos musicais máis destacados, o programa pon en valor a relevancia dos festivais como motor cultural e social, así como o papel da música en directo na dinamización do territorio galego.

‘COMISIÓN DE FESTAS’

Entretemento. Programa que acompaña as comisións organizadoras de festas populares en distintas localidades galegas ao longo dos meses previos á súa celebración. A través dun seguimento próximo, o espazo amosa o proceso de preparación destes eventos, desde a busca de financiamento e a planificación ata a resolución dos retos organizativos, poñendo en valor o traballo voluntario da veciñanza. O formato ofrece unha visión humana e participativa das festas como elemento clave da identidade cultural e da vida comunitaria en Galicia.

‘BAILAMOS! CELEBRITY’

Talent. Concurso de baile con participación de persoas coñecidas que compiten en parella ao longo das galas interpretando coreografías de diversos estilos musicais. Cada semana, os participantes enfróntanse a novos retos que poñen a proba a súa capacidade interpretativa, coordinación e evolución artística, nun formato que combina espectáculo, emoción e compoñente *reality* mediante entrevistas, probas e momentos de convivencia. Avaliados por un xurado profesional e coa participación do público, os concursantes avanza nunha dinámica eliminatoria ata a elección final do gañador ou gañadora.

‘LATITUDE GALEGA’

Divulgativo. Programa de viaxes que percorre diferentes países e destinos internacionais da man de galegos que residen neles, ofrecendo unha visión próxima e persoal de cada lugar. A través do encontro con estes protagonistas, o espazo combina descubrimento cultural, experiencias de vida e integración en contextos diversos, amosando tanto as características dos territorios visitados como o vínculo que manteñen con Galicia. O formato achega así unha perspectiva humana e global, poñendo en valor a presenza e proxección da comunidade galega no mundo.

‘CURANDO O MUNDO’

Documental. Serie centrada na actividade internacional do cirurxián Diego González Rivas e o impacto da súa técnica médica.

‘GALICIA BONITA’

Divulgativo. Programa no que un equipo liderado por unha arquitecta percorre distintas localidades galegas para intervir en vivendas e espazos do rural que presentan deficiencias estéticas ou estruturais. A través de reformas rápidas, centradas especialmente na mellora de fachadas e na corrección de elementos asociados ao denominado ‘feísmo’, o espazo transforma inmobles en mal estado, contribuíndo á recuperación da contorna. O formato combina asesoramento técnico, execución das obras e participación da veciñanza, poñendo en valor a rehabilitación do patrimonio arquitectónico e a mellora da calidade de vida no rural galego.

‘XENTE MARABILLOSA’

Social. Programa que emprega a cámara oculta para recrear situacións de discriminación ou inxustiza social en espazos públicos, co obxectivo de observar a reacción da cidadanía. A través destas dinámicas, o espazo pon en valor o comportamento solidario e comprometido de persoas anónimas que interveñen ante estas situacións, converténdose en exemplo de civismo e empatía. O formato combina emoción, entretemento e concienciación, abordando temáticas como o acoso, a desigualdade ou a exclusión social, e reforzando o papel da televisión pública na promoción de valores sociais positivos.

‘IMOS AO CHOIO’

Divulgativo / emprego. Programa centrado na reforma e transformación de vivendas en distintas localidades galegas, no que dous profesionais do sector afrontan o reto de mellorar espazos deteriorados ou desfasados. A través de intervencións que combinan obra, decoración e solucións creativas, o formato amosa todo o proceso de cambio, desde o diagnóstico inicial ata o resultado final. O espazo ofrece unha visión práctica e próxima do mundo das reformas, poñendo en valor a mellora das condicións de habitabilidade e a renovación do parque residencial en Galicia.

‘EXPEDIENTE OCULTO’

Divulgativo. Programa de investigación que combina xornalismo de sucesos, análise e exploración do misterio para abordar casos reais e fenómenos vinculados a Galicia. A través dunha estrutura que integra reconstrucións narrativas, debate en estudio e a participación de especialistas en ámbitos xurídicos, policiais e históricos, o espazo analiza crimes, cuestións de actualidade social e lendas ou enigmas do patrimonio inmaterial. O formato propón unha aproximación rigorosa e participativa, invitando á audiencia a seguir o desenvolvemento dos casos e a reflexionar sobre as distintas interpretacións posibles.

‘A SUPERFESTA’, cos Mozos de Arousa

Programa de entretemento que percorre as festas máis emblemáticas de Galicia ao longo do verán, ofrecendo unha visión dinámica e participativa da cultura festiva do territorio. En cada entrega, os presentadores visitan distintas celebracións para coñecer as súas tradicións, gastronomía, música e ambiente, avaliando os seus elementos máis representativos. O formato combina reportaxes, participación e espectáculo, co obxectivo final de destacar e coroar a mellor festa galega, ao tempo que pon en valor o papel destas celebracións como expresión da identidade cultural e social de Galicia.

‘A MACROVERBENA. MONTALVO FEST’

Entretemento. Emisión da gran macroverbena musical ao aire libre celebrada nas inmediacións da praia de Montalbo (Sanxenxo). O programa recolle a esencia das verbenas galegas contemporáneas, cunha posta en escena de gran formato protagonizada por dúas das orquestras máis emblemáticas de Galicia, Panorama e París de Noia, que compiten en espectáculo, potencia vocal, coreografía e posta en escena. Integrado no contexto das festas de verán da parroquia de Arra, o evento configúrase como unha noite única de celebración colectiva, na que milleiros de asistentes gozan dunha experiencia musical intensa nun espazo natural privilexiado. Montalvo Fest combina tradición e modernidade, reivindicando o fenómeno das orquestras como un dos grandes piares do entretemento popular galego.

‘MIRADE ARRIBA’

Entretemento. ‘Mirade arriba’ é un programa especial da TVG emitido o 24 de xullo de 2025 desde a praia de Silgar, en Sanxenxo, e que se concibe como un espectáculo audiovisual que combina tecnoloxía, música e narración. O formato tivo como eixo central unha impactante coreografía aérea con máis de 200 drones, que transformaron o ceo nunha pantalla tridimensional cargada de simbolismo e emoción, ofrecendo unha experiencia visual inédita en Galicia.

Presentado por David Espiño e Rocío Delgado, o programa construíu un relato conmemorativo que percorreu as catro décadas da televisión pública galega a través de imaxes, música e intervencións de caras coñecidas da canle, nun ambiente festivo compartido con público en directo.

A emisión incluíu ademais conexións con Santiago, integrándose na programación do Día do Apóstolo e funcionando como antesala dos tradicionais fogos composteláns. O resultado foi un evento televisivo que combina innovación tecnolóxica e memoria colectiva, convertendo o ceo de Galicia nun espazo narrativo para celebrar a identidade e a traxectoria da TVG.

‘O PRIMEIRO DÍA DO RESTO DAS NOSAS VIDAS’

Docu-ficción. Programa especial emitido o 1 de xaneiro de 2025 con motivo do 40 aniversario da Televisión de Galicia, que propón unha viaxe emocional e narrativa pola historia da canle a través da súa ficción máis emblemática. Unha galego-inglesa retornada percorre as vilas onde se gravaron as series da nosa vida, servindo de fío condutor dun relato que combina realidade e recreación. O espazo recupera personaxes e escenarios de títulos míticos —como ‘Pratos combinados’, ‘Mareas vivas’, ‘Padre Casares’, ‘Era Visto!’ ou ‘Libro de Familia’—, recreando algunhas das súas escenas máis recoñecibles. A través de imaxes de arquivo e testemuños, o programa pon en valor o impacto da ficción propia na identidade audiovisual galega e proxecta unha mirada cara ao futuro.

5.1.4 Producción propia de entretemento

No 2025 a CSAG fomentou a produción propia de entretemento desenvolvida integramente no seo da Televisión de Galicia, como elemento clave para garantir a identidade, a autonomía creativa e o control sobre os contidos emitidos.

Esta aposta polo traballo realizado dentro da propia casa permite optimizar recursos, consolidar equipos profesionais internos e asegurar unha programación coherente cos valores de servizo público, ao tempo que se reforza o vínculo coa audiencia a través de formatos próximos e recoñecibles.

‘LUAR’

‘Luar’ segue a ser o grande espectáculo semanal da TVG, combinando música en directo, humor, entrevistas e concursos nun formato consolidado e interxeracional. O programa continuou a exercer un papel clave na difusión da cultura galega e na promoción de artistas, mantendo unha estrutura clásica e unha audiencia fiel no *prime time* dos venres. Co inicio da temporada, en setembro, ‘Luar’ experimenta unha renovación significativa orientada á modernización do formato. Introdúcese unha escenografía máis contemporánea e dinámica e actualízase a identidade visual e sonora do programa. Ademais, o espazo reforza o seu papel como escaparate da programación da TVG, integrando novos contidos e mellorando a conexión co público máis novo, sen renunciar aos elementos tradicionais que definen a súa identidade.

‘SALA G’

‘SALA G’ é un formato musical da TVG que combina espectáculo, concurso e entretemento, construído arredor de actuacións en directo e enfrontamentos musicais entre artistas ou formacións. O programa propón unha viaxe nostálxica pola música, evocando o ambiente das salas de festas dos anos 80 e mesturando clásicos inesquecibles con éxitos actuais. Cun ton desenfadado e cargado de humor, e baixo a condución de Arturo Fernández, o formato artículase como unha competición na que o

público e a dinámica de *show* determinan os gañadores. Dentro deste universo, Dúos Históricos (ou O Mellor Dúo da Historia) configúrase como unha proposta especial centrada na colaboración artística, na que grandes nomes da música comparten escenario con talentos galegos actuais. A través deste formato, o programa revisita e pon en valor asociacións musicais emblemáticas, xerando un diálogo entre xeracións e estilos. O resultado é un espectáculo que mestura memoria musical, reinterpretación e competición, co obxectivo de identificar e celebrar os dúos máis significativos da historia musical.

‘GALA 40 ANIVERSARIO’

A gala do 40 aniversario da TVG, ‘Día G: onde estás ti’, celebrada no Pazo de Congresos de Santiago o 23 de xullo, configúrase como un grande evento audiovisual concibido como homenaxe á historia da televisión pública galega. Emitida en *prime time* o Día de Galicia, a gala combina espectáculo, memoria e celebración nun formato participativo e emotivo, reunindo sobre o escenario rostros históricos da canle, profesionais do audiovisual e artistas emblemáticos da cultura galega. Presentada por Xosé Ramón Gayoso, Arturo Fernández, Noelia Rey e Aitana del Mar, a gala artículase como un percorrido polas catro décadas de traxectoria da TVG, a través de actuacións musicais, intervencións de figuras clave e momentos simbólicos que evocan a evolución da canle e o seu impacto social e cultural.

O evento, celebrado ante máis dun milleiro de convidados, pon en valor o papel colectivo de traballadores, creadores e audiencia na construción do proxecto audiovisual galego. Coa participación de artistas como Luz Casal, Tanxugueiras, Treixadura ou Herdeiros da Crus, entre outros, o programa conecta pasado e presente nun espectáculo que celebra a memoria musical e televisiva de Galicia.

‘GALA KACHUCHA FEST’

A ‘Gala do Cocido de Lalín 2025’ (Kachucha Fest) configúrase como un grande espectáculo televisivo e musical integrado na programación da LVII Feira do Cocido, unha das celebracións gastronómicas máis emblemáticas de Galicia. Emitida pola TVG e celebrada no Lalín Arena, a gala ofreceu música en directo, entretemento e tradición, converténdose nun dos actos centrais da festa. O *show* reuniu artistas do panorama galego e estatal xunto a orquestras de referencia, agrupacións locais e espectáculos de danza. Xunto á dimensión musical, a gala ten marcado carácter institucional e cultural, ao acoller a entrega do Premio de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro, reforzando así o vínculo entre gastronomía, identidade e promoción do territorio. Conducida por Xosé Ramón Gayoso e cun ton festivo e participativo, a Gala Kachucha Fest mestura espectáculo, humor e participación do público, converténdose nun evento que transcende o ámbito televisivo para funcionar como escaparate da cultura popular e da proxección de Lalín como capital gastronómica de Galicia.

‘GALA DÍGOCHO EU’

A gala dos Premios DigochoEu 2025 configúrase como un evento televisivo e educativo para celebrar a creatividade e o compromiso coa lingua galega entre a mocidade. Cun formato dinámico e participativo, a gala recolle a entrega de galardóns aos mellores vídeos elaborados por alumnado de educación primaria e secundaria de centros de toda Galicia, recoñecendo propostas que destacan pola súa calidade lingüística, orixinalidade e capacidade comunicativa. Ademais da entrega de premios, a gala ofrece actuacións musicais e intervencións institucionais, contribuíndo a crear un ambiente festivo e motivador que pon en valor o talento novo e o papel da comunidade educativa na transmisión e normalización da lingua galega.

‘O QUE A G ESCONDE’

Formato documental da TVG centrado na crónica negra galega, que reconstrúe algúns dos sucesos máis impactantes da historia recente de Galicia a través de testemuños, recreacións e material de arquivo. O programa afonda nos feitos, no contexto social e nas consecuencias emocionais que estes episodios deixaron nas comunidades, converténdose nun relato de memoria colectiva arredor dos episodios máis escuros do país. Entre os casos abordados destaca o de Paulino de Chantada, protagonista dun dos crimes máis impactantes da historia galega. En marzo de 1989, este labrego da parroquia de Adá protagonizou unha violenta matanza, causando a morte de sete persoas antes de suicidarse ao prender lume á súa propia casa. O programa reconstrúe o suceso e pon o foco tanto nos feitos como na figura do agresor, para explorar a brutalidade do acontecemento e tamén o impacto duradeiro que deixou na memoria de Chantada.

‘NADA É PARA SEMPRE’

‘Nada é para sempre’ é un programa especial concibido como un exercicio de memoria audiovisual que revisita os momentos máis emblemáticos da historia da canle. A través dunha selección de actuacións musicais e fragmentos destacados, o programa constrúe un percorrido emocional polos 40 anos da televisión pública galega, poñendo en valor o seu legado cultural e o impacto na sociedade galega. Cunha estrutura baseada na recompilación e reinterpretación de contidos históricos e un ton evocador e nostálgico, ‘Nada é para sempre’ conecta distintas xeracións de espectadores a través da música e dos recordos compartidos.

5.1.5 Contidos de ficción, Series G

Os contidos de ficción, e en particular as Series G, constitúen unha peza fundamental na estratexia de creación e difusión cultural da Televisión de Galicia. A través destas producións, a TVG promove narrativas propias, visibiliza a lingua galega e contribúe á construción dun imaxinario colectivo, ao tempo que impulsa o sector audiovisual e favorece a proxección da cultura galega máis alá do ámbito autonómico.

A CSAG continuou en 2025 a súa aposta por un modelo de produción que combina a proximidade coas tendencias actuais do sector audiovisual, impulsando contidos que conectan coa realidade social galega ao tempo que dialogan cos formatos e linguaxes máis demandados pola audiencia. Esta estratexia materializouse nunha oferta diversa que abrangue desde propostas de comedia, como ‘A coral’, que retrata con humor e identidade propia as dinámicas cotiás da sociedade galega, ata *thrillers* inspirados en feitos reais, como ‘O home perfecto’, que incorporan elementos de tensión narrativa e actualidade, en liña cos estándares da ficción contemporánea. A través destas producións, a CSAG reforza a creación de relatos en galego que resultan recoñecibles e próximos para a cidadanía, ao tempo que aposta por códigos narrativos universais que favorecen a súa competitividade e proxección máis alá do ámbito autonómico. Deste xeito, consolídase un modelo de ficción que equilibra identidade, innovación e vocación de público, contribuíndo á dinamización do sector audiovisual galego e á normalización da lingua.

‘O HOME PERFECTO’

Serie que explora, en clave de drama con elementos de comedia e crítica social, a idea contemporánea das relacións afectivas e das expectativas arredor da parella ideal. A historia xira arredor dunha protagonista que, tras unha serie de decepcións sentimentais, se ve confrontada coa posibilidade —real ou simbólica— de atopar o “home perfecto”, unha figura que encarna todos os atributos que socialmente se consideran desexables. A serie desmonta este concepto idealizado, amosando as contradicións, inseguridades e presións que inflúen na construción das relacións modernas. A protagonista enfróntase non só ás súas propias expectativas, senón tamén ás impostas polo seu círculo social, laboral e familiar, nun percorrido que combina momentos de humor, reflexión e conflito emocional.

‘PUNTO NEMO’

Thriller de aventuras e ciencia que segue a expedición dun grupo de científicos e mariñeiros cara ao lugar máis remoto do planeta: o chamado “Punto Nemo”, o punto do océano máis afastado de calquera terra habitada. A misión, en principio de carácter científico, ten como obxectivo investigar anomalías ambientais e recoller datos nun dos espazos máis inhóspitos e descoñecidos da Terra. Porén, o que comeza como unha viaxe controlada convértese rapidamente nunha loita pola supervivencia cando unha serie de sucesos inesperados deixan á tripulación illada e sen comunicación co exterior. A serie combina suspense, drama humano e misterio, explorando tanto os límites físicos dos personaxes nun contorno hostil como as súas fronteiras psicolóxicas. A primeira temporada constrúe un relato intenso sobre a supervivencia, a ambición científica e as consecuencias de desafiar o descoñecido, deixando abertas múltiples incógnitas sobre o verdadeiro propósito da misión e o que realmente se agocha nas profundidades do Punto Nemo.

‘A CORAL’

‘A Coral’ é unha serie de comedia que conta a historia dun prestixioso director de corais que se ve obrigado a reinventarse nunha pequena poboación galega. Alí asumirá a dirección dunha peculiar coral formada por veciños sen experiencia musical, cos que deberá aprender a convivir e a redescubrir o sentido da música máis alá da perfección técnica. A serie constrúe o seu relato a través das relacións entre personaxes diversos e entrañables, mesturando situacións cómicas e momentos emotivos que reflicten a vida nas comunidades rurais galegas. Cun formato de episodios curtos e unha forte presenza musical, ‘A Coral’ aposta por unha narrativa próxima e accesible, na que a música funciona como fío condutor para falar de superación, identidade e convivencia.

‘ERA VISTO. A CHOUPANA’

‘Era visto! A Choupana’ é unha serie de comedia que recupera o universo do mítico ‘Era visto!’ nunha nova etapa chea de humor, retransca e mirada costumista sobre a vida en Galicia. A ficción segue a Kevin José, quen tras unha xuventude caótica intenta sentar cabeza ao mudarse á parroquia rival da Choupana, onde inicia unha nova vida familiar e profesional, enfrontándose aos retos da madurez nun contorno tan peculiar como entrañable. A serie constrúe o seu relato a través de historias curtas e situacións delirantes protagonizadas por unha galería de personaxes que combinan rostros clásicos e novas incorporacións, mantendo o ton irreverente e popular que converteu o formato orixinal nun referente da comedia galega.

‘LUME’

Serie de ficción que mestura *thriller*, drama e denuncia social nun relato marcado pola tensión e a actualidade. A historia segue a Lucía, unha xornalista galega asentada en Lisboa que regresa á súa terra natal tras un devastador incendio forestal na fronteira entre Galicia e Portugal. O que comeza como unha investigación informativa, convértese nunha busca persoal que a levará a descubrir unha complexa rede de intereses económicos e políticos vinculados aos incendios, poñendo en risco a súa vida e confrontándoa co seu propio pasado. Rodada en galego e portugués, e estruturada como unha miniserie de seis capítulos, ‘Lume’ constrúe unha narrativa intensa que mestura suspense e emoción cunha forte mensaxe ambiental. A serie destaca pola súa dimensión transfronteiriza e pola utilización do territorio —marcado polos incendios— como elemento central do relato, convertendo a paisaxe nun personaxe máis da historia.

5.1.6 Grandes eventos

Os grandes eventos marcaron de maneira especial este ano e foron un dos piares da programación e da conexión coa audiencia no marco da celebración do 40 aniversario da Televisión de Galicia. Este fito marcou a ocasión de poñer en valor a traxectoria e o arquivo do medio, a súa contribución á sociedade galega e o vínculo construído coa

cidadanía ao longo destas catro décadas. Ademais de retransmisións habituais cada ano, como a cabalgata dos Reis Magos, as entregas dos Premios Castelao e das Medallas de Galicia, ou a Ofrenda ao Apóstolo do 25 de xullo e a Traslación dos restos do Apóstolo en decembro, neste 2025 pódense salientar tamén:

‘GALA 40 ANIVERSARIO’

O 23 de xullo de 2025, a Televisión de Galicia conmemorou o seu 40 aniversario cun grande evento celebrado no Pazo de Congresos de Santiago nunha xornada especialmente significativa da que se informou na epígrafe anterior. A gala ‘Día G’ concibiuse como unha homenaxe audiovisual, participativa e cargada de emoción, cun repaso á evolución da canle a través da presenza de rostros históricos e actuacións de artistas emblemáticos da cultura galega. Acadou ademais unha forte repercusión en audiencia, converténdose no contido máis visto da xornada en Galicia, cun amplo seguimento e liderado do *prime time*, o que confirma o seu valor como evento televisivo de referencia e como símbolo da conexión entre a TVG e a sociedade galega.

‘MIRADE ARRIBA’ e ‘FOGOS DO APÓSTOLO’

Os ‘Fogos do Apóstolo’ son cada ano o espectáculo central da noite do 24 de xullo. Neste 2025, a proposta completouse cun formato innovador, a retransmisión dunha coreografía de drons desde Sanxenxo. Xusto antes da emisión dos fogos composteláns, a TVG retransmitiu ‘Mirade arriba’ apostando por novos formatos de celebración e divulgación cultural e incorporando tecnoloxías emerxentes para ofrecer unha experiencia contemporánea, sostible e de alto impacto visual grazas a un impresionante espectáculo de drons. A celebración tivo lugar na praia de Silgar ante varios milleiros de persoas no paseo marítimo, e combinou de maneira creativa a traxectoria da TVG coa propia historia de Galicia, ofrecendo unha proposta visual de grande impacto e simbolismo. A montaxe incluíu figuras aéreas, efectos lumínicos e secuencias coreografiadas que recrearon símbolos, fitos históricos e referencias culturais do país, ao tempo que incorporou elementos recoñecibles do imaxinario da TVG, reforzando o seu papel como medio público ao servizo da sociedade galega. Esta integración de contido simbólico e innovación técnica permitiu construír un relato emocional e accesible para públicos diversos.

‘BADALADAS’ e ‘GALA DE FIN DE ANO’

Como peche dun ano tan relevante, a TVG organizou un evento moi especial na praza do Obradoiro de Santiago para dar a benvinda ao novo ano coas tradicionais badaladas desde o reloxo da Berenguela, reafirmando así o seu papel como referente nos grandes acontecementos que acompañan a sociedade galega. A programación de fin de ano da TVG artículase cada Noitevella arredor dun grande evento televisivo que combina espectáculo musical, memoria e celebración colectiva. A gala ‘Todo empeza hoxe’, presentada por Xosé Ramón Gayoso e Aitana del Mar, propuxo un percorrido festivo pola música dos anos 90, recuperando artistas e éxitos dunha década clave a través dun formato dinámico que mestura actuacións en directo, humor e evocación xeracional.

No treito final da noite, a emisión trasladouse á praza do Obradoiro, onde Aitana del Mar xunto a Eva Iglesias, Arturo Fernández e Eddy Insua retransmitiron en directo as badaladas de medianoite. A presenza da orquestra Cinema e o ton próximo dos presentadores reforzaron o carácter festivo e participativo do momento.

5.2 Emisións televisivas

Durante o ano 2025 leváronse a cabo algunhas actuacións de mellora do control de continuidade, parte estratéxica e vital da emisión, na liña da permanente renovación tecnolóxica. Estas actuacións afectaron principalmente ao sistema de almacenaxe de continuidade e a súa capacidade, incorporáronse novos reprodutores, duplicouse a emisión en *main* e *backup*, reforzando a situación anterior na que unicamente estaban duplicados os servidores. Tamén se mellorou o método de traballo do *branding*, que agora está tutelado por deseño gráfico. As actualizacións tecnolóxicas sumáronse ás melloras realizadas nos últimos meses para que a emisión das catro canles da TVG estea no nivel óptimo en canto a calidade de emisión e deseño dos elementos de pantalla.

5.2.1 Televisión de Galicia


TVG é a principal canle xeneralista da CSAG, cunha oferta variada de programación que permite chegar a diferentes perfís de audiencia, sempre tendo como prioridade o servizo público. A súa grella ofrece principalmente programación en directo, nas mañás entre 07:00 e 11:00 horas e de novo de 11:30 a 21:40 horas. Ademais os espazos en *prime time* de luns, mercores e venres tamén son en directo.

TVG está preparada para adaptar a súa programación a calquera evento de interese que suceda no territorio galego e no mundo, tanto cuestións informativas ou eventos de relevancia social.


Esta capacidade de retransmisión en directo increméntase tamén grazas á interacción co estudio multimedia da Radio Galega, que facilita a emisión en directo a calquera hora do día e a noite, practicamente en tempo real, acompañando desta forma situacións extraordinarias ou de emerxencia en vivo e en directo, como foi o caso do apagón do 28 de abril de 2025.

A produción propia interna e propia externa ocuparon a maior parte das emisións no 2025, con arredor de 7.500 horas (3.659 de propia interna e 3.762 de propia externa), fronte a só 463 horas de produción allea, o que supón que os contidos producidos en Galicia representan o 91,3% do total.

TVG - horas/mes



TVG - horas_produción/tipo_programa



Por tipo de programa, destacan os programas informativos, seguidos dos espazos de entretemento e os magazines.


5.2.2 A canle G2

A segunda canle incrementou nestes últimos anos a súa oferta de contidos de produción propia interna e segue sendo a canle que reúne a programación infantil, xuvenil e deportiva, ademais da redifusión dos informativos, con intérprete de lingua de signos.

Á primeira hora, a programación infantil inclúe a redifusión de series de éxito da TVG. Pola tarde especializámonos en programas de divulgación e culturais de produción 100 por cento galega e concursos culturais. E durante a fin de semana prima a proposta para o público infantil, os deportes e series míticas como 'Bonanza'.


A G2 emite tamén de luns a venres o informativo cultural 'ZigZag', unha ollada diaria ao panorama cultural galego, que conta tamén cunha versión en fin de semana, na TVG. Todo isto complétase coa oferta de *prime time*, xa descrita nas epígrafes anteriores, e que atende a cultura, a historia e a música e cine galegos.

G2 - horas/tipo producción




Na G2 o maior número de horas de emisión correspondeu a produción propia interna, con 3.918 horas. A produción propia externa ocupou 2.783 horas e a allea 1.823 horas.

G2 - horas/mes



Por tipo de programa, nesta canle destaca a oferta de entretemento, seguida de series e debuxos animados.

G2 - horas_producción/tipo_programa



5.2.3 Canles internacionais

A Corporación segue apostando e traballando pola distribución máis extensa posible dos seus sinais, en todos os mercados, coa finalidade non só de chegar ás colectividades galegas no exterior, senón atraer novos públicos que demandan contidos de calidade, ben por sistemas de transmisión tradicionais ou por IPTV.

A oferta para Europa distribúese pola canle Galicia TV Europa e a través de IPTV co protocolo SRT, o que garante unha transmisión de alta calidade e segura para os agregadores de contidos, canais e plataformas de distribución dos diferentes países e tamén para os clientes finais.

Os contidos son os mesmos que na canle TVG, agás os produtos que non teñen dereitos de emisión fóra do territorio galego. É o sinal que emiten as plataformas españolas, fóra de Galicia. Así, pode verse:

- En Portugal: a través de Vodafone, Meo, e Nos.
- En Suíza: a través de Swisscom, Salt Mobile (paquete Le Bouquet Espagnol), Sunrise TV, e a través do agregador de contidos Netstream en Thurcom TV, TV Plus AG e Spare GmbH.
- En Francia: por medio de Le Bouquete Espagnol en Orange, SFR, Free e Bouygues.

En América, a canle é Galicia TVG e distribúese a través do satélite Hispasat 30W5, en aberto. O satélite da servizo indistintamente a usuarios finais con decodificador axeitado, así como a agregadores de contidos, canais e plataformas de distribución dos distintos países:

- Na Arxentina e no Uruguai: a través de Cablevisión, Equital, Teledifusora San Miguel Arcángel, Ver TV, Red Intercable, Telemás, Motecablevideo, Tractoral, Riselco, Cable Plus, Teledifusora e Paralelo 52TV.
- En México: a través da plataforma Sky, Cablevisión e IZZI (servizo IPTV do grupo Televisa).
- En Panamá: a través de MasMovil (anteriormente Cable Onda), Tigo (anteriormente Cable&Wireless) e Sky Panamá.
- En América central: a través de Sky chega a Costa Rica, O Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua e República Dominicana.

E nos casos nos que contan con parábola orientada ao satélite Hispasat 30°W e un receptor para canles en aberto, poden sintonizar na frecuencia 12.052 Mhz Vertical e symbol rate 27.500 Msym/seg.

A canle TVG América emite os directos ao mesmo tempo que en Galicia e adapta redifusións ao horario transatlántico. Igualmente o *prime time* emítese tendo en conta os usos horarios do continente americano. Ademais os sinais de TVG poden recibirse en liña en todo o mundo a través de Internet na nosa plataforma OTT no dominio www.agalega.gal.

5.2.4 Plataformas de TV de pago en España

A Televisión de Galicia pode verse a través das plataformas televisivas de pago Movistar+, Vodafone, MasOrange e Digi TV tanto no caso de que reciban o sinal por Internet como por satélite. TVG e G2 só poden verse en Galicia; fóra da comunidade, emítense os sinais TVG Europa e TVG América. A información actualizada para sintonizar as canles de CSAG é a seguinte:

En Galicia		
Movistar	TVG G2	canle 9-GAL canle 10-GAL
Vodafone MasOrange Digi	TVG G2	canle 7-GAL canle 8-GAL

Fóra de Galicia		
Movistar TVG Europa	TVG Europa HD TVG Europa SD	canle 151 IPTV canle 152 SAT
Vodafone	G TV Europa	canle 901 VDF TV
Lowi	G TV Europa	canle 401 LOWITV
MasOrange	G TV Europa	canle 195
Digi	G TV Europa	canle 205

- Telefónica opera con dúas marcas de telefonía e acceso a internet para toda España, pero ofrece só a marca MOVISTAR+ para TV con distintos paquetes.
- MasOrange opera coas marcas MASMOVIL TV, ORANGE TV, YOIGO TV, JAZZTEL TV, PEPE TV; o agregador de contidos AGILE TV dálle servizo ás marcas rexionais: R (Galicia), TELECABLE (Asturias) e EUSKALTEL (País Vasco).
- Digi só opera una marca para toda España: DIGI TV.

- Vodafone opera con dúas marcas a nivel nacional: VODAFONE TV e LOWI TV dende o 1 de setembro 2025. Estas marcas inclúen os canais principais para o ámbito galego no mesmo dial e teñen distinto dial para Galicia TV Europa para toda España.

5.3 Producción allea

Desde a Área de Contidos da CSAG aténdense as tendencias e estándares do mercado audiovisual e incorpóranse, ademais dos dereitos de Free Tv, os dereitos dixitais para fortalecer a presenza de contidos neste contexto e explorar as novas oportunidades de exhibición e distribución. No ano 2025, as plataformas AGalega.gal e Xabarán.gal consolidáronse como vías de comunicación pública para achegar a oferta aos usuarios.

As plataformas incorporan contidos diversos, alternativos e complementarios á programación lineal co obxectivo de satisfacer as demandas dos espectadores máis novos e conectar con públicos 'non tradicionais'.

5.3.1 Producción allea para televisión

O volume das horas de emisión de produción allea mantense estable en relación aos datos de anteriores exercicios. Desta maneira, asegúrase a presenza de contidos producidos fóra de Galicia que achegan unha variada selección de títulos pensada para satisfacer as demandas da audiencia, dentro das posibilidades e oportunidades que ofrece o mercado internacional.

As horas de emisión que corresponden a produtos de produción allea incrementáronse un pouco en relación ao exercicio anterior e rozan o 6% da programación da canle principal. Representan principalmente contido internacional e de prestixio que alimenta os espazos dedicados ao cinema na grella semanal e de fin de semana. En horas/ano, a produción allea na primeira canle supón preto de 470 horas.

A porcentaxe de contidos de produción allea na G2 continúa sendo máis significativa grazas á presenza na franxa da tarde da serie clásica do Oeste 'Bonanza' e aos contidos infantís, maioritariamente series de animación, nas franxas destinadas ao público máis pequeno. En horas/ano, a produción allea na segunda canle está representada por preto de 1.823 horas. Estes contidos ofrécense en versión galega grazas ao proceso de dobraxe. Desta forma, incorpóranse ao catálogo de Televisión de Galicia

películas, series, episodios de animación e documentais con valor engadido por seren produtos de prestixio e calidade, ben de recente produción ou clásicos do audiovisual.

Na canle principal, os contidos de produción allea son principalmente longametraxes cinematográficas que alimentan os *slots* dedicados ao cine nas franxas da noite, así como o emblemático espazo 'Butaca especial', dedicado ás versións orixinais subtituladas. Respecto do tipo de longametraxes, distínguense dous bloques claros: os *first run* ou estreos den televisión aberta, e os *re-runs* ou títulos de librería que corresponden a compras que se xestionan mediante FORTA baseadas na selección de paquetes conxuntos. Normalmente trátase de acordos coas Majors: Warner, Universal, Paramount, Metro ou Disney, ou con distribuidores independentes, como Inopia, Vértigo, Castelao, Divisa, Videomercury, Alfa Pictures, Flins & Pinículas, Motion Pictures, New Regency, Selectavision, Adso, Studio Canal, Diamond, Via play, A Contracorriente, etc.

Estas compras veñen tamén a alimentar as plataformas AGalega.gal e Xabarín.gal ao contemplar tamén a adquisición de dereitos dixitais para a posta a disposición destes contidos, ben na modalidade de *catch-up* vinculada á emisión lineal ou nas modalidades de AVOD para AGalega.gal ou FVOD para Xabarín.gal. Deste xeito pecháronse acordos para incrementar a diversidade da oferta dixital co foco posto no público infantil e xuvenil:

Planeta Junior:

- 'Pippi' (live action)
- 'Adventurer Carly'
- 'Bernard S7'
- 'Formula Dream'

Luk:

- 'Doraemon serie' (876-927)
- 'Shin Chan serie' (555-656)
- 'Atomic Betty' (1-78 + Especial Nadal)
- 'Keroro' (50)
- 'Rocket Monkeys' (1-65)

Watson & Holmes:

- 'El malvado zorro feroz', 'La canción del mar'
- 'Zarafa', 'Belle', 'El niño y la bestia'
- 'La tortuga roja', 'Coppelia', 'La rebelion de los cuentos'
- 'Dunia y otros cuentos del mundo'
- 'El grullo', 'La hija del grufalo'
- 'El niño y el mundo'

Wild Brain:

- Alva's world

No caso da G2, preto do 80% dos dereitos de produción allea adquiridos corresponden ao espazo das tardes da semana dedicado a 'Bonanza', a serie clásica do Oeste que segue a contar coa receptividade do público. O segundo contido con máis presenza son as series de animación infantil e xuvenil, que alimentan as distintas franxas de programación do Xabarín Club da G2.

Ademais, cómpre citar as redifusións gratuítas nos 30 días seguintes das longametraxes cinematográficas nos *slots* destinados ao cine nas noites da G2, e a oferta de documentais que cobren o espazo da 'Noite da descuberta' dentro do concepto 'Noites temáticas' da G2. A distribución do contido de produción allea na G2 é a seguinte: 1.108 episodios de animación, 343 longametraxes, 22 documentais e 326 horas de series.

5.3.2 Política de compras no novo escenario dixital

Nun escenario no que o consumo híbrido é cada vez máis frecuente, Televisión de Galicia acompaña e atende os hábitos de consumo do público. En consecuencia, a inmersión no proceso de transformación dixital pon o foco nos dereitos dixitais, un eixo fundamental á hora de pechar acordos.

Seguindo as pautas e recomendacións do marco xurídico acordado en FORTA, Televisión de Galicia aplica de forma habitual o *check list* de dereitos como modelo para reflectir as novas condicións de contratación necesarias no novo marco de actuación.

Introdúcense, por tanto, variables e condicións importantes nas negociacións que se poderían resumir de acordo cos seguintes parámetros:

- _Televisión lineal aberta e gratuíta e as modalidades de *simulcasting* e de *catch up* (permite ter dereitos dixitais durante un tempo limitado e vinculados á emisión lineal).
- _Definición do número de episodios máximo que pode estar en *catch up* simultaneamente.
- _Servizos de videogravación remota.
- _Vídeo on demand (especificando as modalidades de VoD: TVoD, EST, SVoD, Pack VoD, AVoD/FVoD, TV VoD).
- _Xeobloqueo (permite limitar territorialmente a visibilidade dos contidos e posibilita axustar os prezos.)
- _Ámbito territorial, que para os dereitos lineais habitualmente é Galicia, e no caso dos dereitos dixitais é España.
- _Concepto de exclusividade (permite limitar a exclusividade ao idioma ou renunciar a ela a favor dun acordo máis equilibrado).
- _Reenfoque nas políticas de prezo:

- Nos casos híbridos nos que xa hai unha licenza de TV lineal, o *catch up* é gratuito e garante uns mínimos dereitos no ámbito dixital.
- Nos casos en que se xestiona unicamente a posta a disposición, a política de prezos aínda non está totalmente definida, pero a referencia é que o prezo sexa substancialmente inferior ao da licenza lineal.

Así e todo, non se pode obviar que os modelos de negocio son cada vez máis complexos e dinámicos e implican cada vez máis variables na ecuación. Nesta situación de constante evolución e redefinición do mundo dixital, a Área de Contidos da CSAG está atenta á detección de oportunidades, ao tempo que propicia alianzas que garantan un espectro de dereitos máis amplo, de forma que os contidos poidan ofrecerse con garantía xurídica tamén nas plataformas OTT de Televisión de Galicia.

Desta forma, as fórmulas de adquisición de dereitos son cada vez máis híbridas, co obxecto de alimentar tanto a grella lineal como as necesidades da OTT, sen non por iso deixar de manter o espírito da TVG como canle pública. E, ademais, pon en valor as funcionalidades da posta a disposición para satisfacer a demanda e as tendencias do mercado máis innovadoras como posible oportunidade para atraer outros públicos. Neste sentido, ao longo do 2025 as compras realizáronse cunha dobre perspectiva:

- Por un lado, para dar continuidade aos espazos de produción allea da grella lineal: sesións de cine, documentais e animación.
- Por outro lado, para construír unha oferta atractiva e diferenciada que alimente as dúas novas plataformas: a xeralista e a infantil.

No caso das series de animación dirixidas ao público infantil e xuvenil, acometéronse compras de dereitos híbridos para alimentar a grella lineal e a oferta dixital. A selección de títulos combinou a relicenza de títulos xa dobrados xunto coa incorporación dalgúns títulos de *anime* e de contido *pre school* que puideran achegar novidade e atractivo á nova plataforma Xabarán.gal.

Por outra parte, mantivéronse as sinerxías co circuío das televisións rexionais europeas (Celtic Festival e CIRCOM Regional), que permitiron incorporar algunhas novidades aos *slots* das 'Noites temáticas' da G2 con contidos de recoñecido prestixio.

5.3.3 Cine

Durante o ano 2025, a CSAG emitiu un total de 497 sesións cinematográficas, das que 268 pases se difundiron na TVG e 229 pases foron emitidos na G2. En total, emitíronse 279 filmes diferentes, 13 deles longametraxes documentais.

A programación de cine de TVG e da G2 adaptouse ás modificacións de grellas motivadas pola actualidade, con sesións suprimidas ou resituadas por mor da actualidade informativa, como aconteceu durante a vaga de incendios de agosto ou polo apagamento eléctrico do mes de abril.

Cine na TVG

A programación de cinema da primeira canle (268 pases) elaborouse cos contratos de 35 distribuidoras, produto dunha escolla minuciosa e moi variada.

Estas distribuidoras foron La Aventura, Alfa Pictures, Betafilm, Wanda Vision, Divisa Red, Inopia Films, Regency Entertainment, Caramel Films, Cesca Films, Vértigo, Comercial de Contenidos, Youplanet, Twelve Oaks, Video Mercury, Sony Pictures, A Contracorriente, Lionsgate, Aurum/E-One, NBC/Universal, Flins, Paramount, DeAPlaneta, Motion Pictures, MGM, Warner, Watson & Holmes, Adso, Key2Media, Diamond, Castelao Pictures, Selectavision, StudioCanal, Big Rights, New Regency e Walt Disney.

A grella de cine completouse cos fondos da TVG, que corresponden fundamentalmente aos proxectos apoiados por Televisión de Galicia no marco da lei de apoio ao cine, chamada 'Lei do 6%'. Foi o caso das películas producidas por Abano Producións, Pulsa Control Z, Ollovivo, Caladiño Filmes, Zeitum Films, Quien a hierro mata, Undodez, Lapiruetaylamanzana, Caretos Film, Miramemira, Matriuska Producciones, Frida, Filmanova, Vaca Films, Filmika Galaika, Artemática, Perro Verde, Ficción Producciones, Voz Audiovisual, Milou/Continental, Portocabo, Chévere, Tic Tac/Zircozine ou Live is Life Movie AIE, entre outras.

Un novo contrato con Video Mercury, de 2025, permitiu dar continuidade á programación da sesión en VOSG da noite dos sábados, 'Butaca especial', con 52 pases. Este programa cumpriu 35 anos de emisión ininterrompida e é, a día de hoxe, a sesión de cine máis veterana das televisións europeas. Este ano estreáronse neste espazo filmes clásicos e de culto como 'My favorite wife', 'What's eating Gilbert Grape', 'Classe tous risques', 'Cradle will rock', 'Before night falls', 'The Long Good Friday', 'L'uccello dalle piume di cristallo', 'The wind that shakes the barley', 'Il prefetto di ferro', 'La nonna Sabella', ou 'La famiglia', que os espectadores da Televisión de Galicia puideron ver por primeira vez en versión orixinal subtitulada ao galego.

Estreáronse ademais tres filmes galegos en *prime time*: 'O corno', 'Matria' e 'O corpo aberto'. Na franxa do *late* estreáronse sete títulos galegos: 'O home e o can', 'Honeymoon', 'Lúa vermella', 'Salta!', 'Amigos ata a morte', 'Sica' e 'A mazá dourada'. O número total de emisións de películas galegas foi de 14, coa reemisión de títulos como 'O que arde', 'Cuñados', 'Os fenómenos' ou 'Vacas, porcos e zapatos de tacón'.

Durante o mes de maio, e especialmente na semana das Letras Galegas, reforzouse a programación de cinema galego coa emisión de seis filmes, cinco deles estreos. Aplicouse o mesmo criterio na semana do 25 de xullo, coa estrea de catro títulos galegos.

Ademais, mantivéronse os *slots* dedicados ao cinema e mesmo se ampliaron desde o 23 de marzo ao 27 de abril, cunha sesión os domingos pola tarde. O *share* medio do cinema da primeira canle da TVG durante o ano 2025, coa maior parte das sesións na franxa do *late night*, a partir das 00.00 horas, foi dun 3%. E o *share* medio do cinema emitido na sesión de VOSG, nas madrugadas do sábado ao domingo, foi de 1,94%.

Houbo un total de 81 estreos, das que 14 foron filmes galegos. E entre as estreos internacionais destacamos 'Brazil', 'La la land', 'A time to kill', 'Paris can wait', 'Deux jour, une nuit', 'La brigade', 'American gangster', 'State of play', 'Narrow margin', 'Dragged across concrete', 'The northman', 'Rams', 'Seraphim falls', 'In guerra per amore', 'Last night in Soho', 'Tenor', 'The duke', 'Shut in', 'Les misérables', 'The dry', 'Pelé, birth of a legend', 'Les choristes', saga 'Johnny English', 'Hotel Mumbai', 'Rogue agent', 'Adieu, monsieur Haffman', 'Novembre', 'Made in Italy', 'The gentlemen', 'Ride the eagle', 'Deepwater Horizon', 'Une belle course' e 'The lives of others'.

Cine na G2

A programación cinematográfica da G2 componse da redifusión dos filmes emitidos na primeira canle, nunha grella completada con producións galegas de estrea e reestrea. Así, na G2 difundíronse 229 sesións cinematográficas, case todas na franxa do segundo *prime time* ou na franxa do *late night*. En xaneiro abriuse unha sesión os mércores pola tarde para albergar as redifusións gratuítas derivadas dos novos *slots* en TVG. E en setembro, esta sesión trasladouse aos venres pola noite. Do total das 229 emisións, 30 corresponderon a producións galegas. A partir de setembro abriuse unha sesión nas noites dos xoves para emisión de cine galego. O *share* medio da programación cinematográfica da G2 é do 1%.

5.3.4 Series de ficción

'Bonanza' consolídase como un contido de referencia na oferta da programación das tardes da G2, polo que a finais do ano procedemos a xestionar a renovación de varias temporadas da serie, compostas por preto de 200 episodios. Ademais, cómpre destacar a relicenza da miniserie bíblica 'Sansón e Dalila' a Betafilm para a programación específica de Semana Santa.

5.3.5 Documentais

Grazas aos acordos asinados, incorporouse unha selección de longametraxes documentais para alimentar as 'Noites temáticas' ou incorporar contido vinculado a efemérides ou datas sinaladas. Entre estes títulos, os seguintes:

- 'Zoom: 24 horas de una catástrofe' de CVMC
- 'Viva Mary' de Runda Productions
- 'Viajando con el papá' de Watson & Holmes
- '10 de Marzo' de Arthur Gordon
- 'Reboiras: Acción e corazón' de Nós P.C.G
- 'Chichi Campos e máis eu' de Ollovivo
- 'Mes Amis Espagnols' de Hiddenframe
- 'Nova' de Big Rights
- 'From ground Zero' de CTV
- 'Castelao e os irmáns da liberdade' de Memoria Documental
- 'Castelao e a revolución gráfica en Galicia' de Memoria documental

5.3.6 Música e concertos

A plataforma AGalega.gal incluíu entre os seus contidos unha escolma de retransmisións musicais en *streaming* que, nalgúns casos foron tamén emitidos en televisión. Foi o caso de:

- Selección de concertos en *streaming* de 'O Son do Camiño', 'Portamérica' e 'Río Verbena', de Esmerarte.
- 'Mine e o piano de cristal', 'Madame Butterfly' e 'A nota dourada', de Casa de Tolos.
- 'Festival de Lorient: A gran parade' e 'As noites intercélticas', de Morgane Productions.

5.3.7 Programación infantil

Xabarín.gal é o escaparate principal da ampla oferta de contido infantil en galego que os medios públicos ofrecen á súa audiencia máis nova, a infantil e xuvenil. A intención desta oferta para nenos, cativos e mozos é conectar cos diversos grupos de idade a través dunha ampla variedade de xéneros que achega contidos atractivos e en constante renovación.

Pola súa parte, TVG concentra a súa atención en atender as demandas e gustos dos máis pequenos incorporando produtos tan populares como 'Lady Bug', 'Paw Patrol' ou 'Timmy Time', que veñen a incrementar a catálogo para os cativos tanto da televisión lineal como da plataforma dixital.

A CSAG traballa conxuntamente con FORTA para acadar acordos con diversas distribuidoras internacionais. Este é o caso de Paramount e Mediawan, coas que se pechou a compra de dereitos de marcas e franquicias de grande éxito e popularidade. Entre elas, algunhas tan consolidadas como as series 'Ninja Turtles', 'Maddie&Triggs' ou 'Sonic Boom' e a xa mencionada 'Miraculous Lady Bug'. Todos estes títulos corresponden a marcas moi consolidadas e recoñecibles que potencian o consumo lineal, á parte de funcionaren como puntos de atracción de novos usuarios á plataforma dixital.

A programación da franxa infantil en televisión ocupa un *slot* diario de luns a venres, e tamén nas mañás da fin de semana, cunha presenza regular na G2 moi especialmente durante os períodos de vacacións escolares. A oferta semanal estrutúrase arredor do espazo matinal, dun xeito compatible cos horarios escolares. A G2 ofrece preto de 18 horas de emisión dedicadas principalmente ás series de animación para a cativada con contidos máis *pre school* ou de *edutainment* e outros máis emblemáticos da canle, como as series de *anime* dirixidas especialmente á mocidade; á parte, tamén se incorporaron produtos de imaxe real como a serie de ficción 'Pippi' ou a serie 'Lucas'. Esta programación representa unha parte moi significativa das horas de emisión correspondentes a contidos de produción allea presentes na G2, con arredor dunhas 900 horas anuais.


En relación á catalogación de contidos de directo, mantivéronse os tres bloques diferenciados por idades, baixo os nomes de "Pequerrech@s", para o público de ata 6 anos; "Cativ@s", para a cativada de entre 6 e 9 anos; e "Mociñ@s", dixirido aos maiores de 9 anos, tanto na App do Xabarín como na plataforma Xabarín.gal.

5.4 Dobraxe e subtitulación

Conforme á súa misión de servizo público da CSAG, os medios públicos promoven a lingua galega, a dobraxe e a subtitulación para potenciar a accesibilidade da audiencia aos seus contidos e a producións elaboradas noutras linguas. Ademais, cómpre destacar que a dobraxe de contidos ao galego vén acompañada dos correspondentes ficheiros .stl de subtitulado para posibilitar atender as necesidades das persoas con discapacidade auditiva, de acordo coa referencia técnica 3264-E da UER.

5.4.1 Dobraxe

O expediente CRT-2024-0011 arrancou unha nova licitación de dobraxe que iniciou o reparto de adxudicacións: servizo de dobraxe ao galego de obras audiovisuais mediante acordo marco. Este concurso formalizouse en outubro de 2024, e nel resultaron adxudicatarios do servizo sete estudos de dobraxe. O balance das horas dobradas no pasado exercicio 2025, que corresponde ao primeiro ano da referida licitación, foi de preto de 260 horas de contidos audiovisuais, que incluían tamén os insertos de dobraxe para remasterizar algunhas longametraxes.



5.4.2 Subtitulación

Durante 2025 emitíronse preto de 3.439 horas de programación subtitulada, das cales 1.326 corresponden a programas subtitulados na primeira canle, TVG. Outras 2.113 horas de emisión subtitulada corresponden á segunda canle, a G2. Neste exercicio mantéñense os programas en directo que vertebran a maior parte da programación no horario diúrno na primeira canle, polo que o número de horas de subtitulación corresponde unicamente aos *slots* dedicados a espazos de contidos programados.

Sobre a base da información do programado no ano 2025 en TVG obsérvase que o maior número de horas con subtítulos se corresponde aos diferentes programas de entretemento, seguido das series, longametraxes e *docu-realities*, concursos e documentais. Na segunda canle, o maior número de horas de subtitulado concéntrase nas series de animación, as series de ficción das mañás e a sobremesa, e, en terceiro lugar, as longametraxes que se programan nas noites e madrugadas.

5.5 Programación radiofónica

A Radio Galega mantivo en 2025 unha estrutura de programación baseada en grandes bloques programáticos, especialización temática con especial atención á cultura e o deporte e unha intensa cobertura territorial das catro provincias galegas. A estratexia xira arredor dunha programación vinte e catro horas en directo, con información, entretemento e deportes e as voces máis destacadas do panorama mediático de Galicia.

Esta proposta situou a Radio Galega como a emisora pública máis escoitada de Galicia, que alcanzou no Estudo Xeral de Medios da Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación (AIMC) a estabilización dos datos de audiencia en 2025. En concreto, o número de oíntes chegou, no acumulado anual das tres ondas que comprenden o período de febreiro a novembro de 2025, a unha media de 114.000 oíntes de luns a venres e 112.000 de luns a domingo. Así mesmo, o grupo de emisoras da radio pública galega logrou a cifra de 142.000 oíntes de luns a venres e 139.000 de luns a domingo. Cómpre destacar os incrementos consecutivos no número de oíntes rexistrados en Radio Galega Música nas tres ondas publicadas do Estudo Xeral de Medios durante o ano.

Estes datos foron o resultado de outorgar protagonismo ás historias galegas, dar espazo a voces de todo o país en todos os ámbitos de relevancia social e facilitar a participación da audiencia nos programas en directo.

A capacidade de estabilización da emisora en 2025 é unha proba de que o servizo público de audio é forte e se mantén ante o ecosistema mediático actual caracterizado pola fragmentación das audiencias e a multiplataforma. Nese sentido, a radio pública segue a reforzar a plataforma AGalegaAudio.gal, que ofrece ao público un catálogo amplo, conformado por contidos de FM, contidos nativos dixitais e formatos innovadores. Co fortalecemento desta plataforma, a Radio Galega amplía a súa pegada dixital e garante o acceso aos seus contidos, combinando a emisión en liña, a produción de *podcasts* nativos dixitais e a retransmisión en multiplataforma con imaxe.

O teléfono móbil intelixente posiciónase como o aparello máis empregado por parte dos usuarios, por diante mesmo do ordenador persoal. Así mesmo, outros dispositivos están gañando protagonismo, como o altofalante intelixente e os sistemas de audio dos automóbiles. Neste contexto, a Radio Galega está combinando a emisión lineal de calidade coa produción de formatos de audio adecuados para o seu seguimento por medio das novas oportunidades que o mercado outorga, todo isto canalizado a través da plataforma A Galega Audio.

No contexto da innovación, a Radio Galega seguiu avanzando en 2025 nos usos do Estudio Multimedia estreado en 2022. Esta infraestrutura de primeiro nivel a nivel estatal foi un dos espazos de experimentación da Corporación Radio Televisión de Galicia coa creación de videopodcast, a acollida de actuacións musicais e a produción de produtos informativos *breaking news* para a emisión en simultáneo en RG, TVG e canles dixitais.

Todas as canles da Radio Galega -Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña- continuaron a emisión no agregador de radios dixitais Radioplayer España, logo da incorporación a ela en decembro de 2019. Pola súa parte, os podcast e os videopodcast dos programas emitidos en FM e os dos programas nativos dixitais puxéronse a disposición da audiencia en Spotify, Ivoox, iTunes, Apple Podcast e YouTube.

No que atinxe ao apartado técnico, no marco do seu compromiso coa continuidade e fiabilidade do servizo público, a Radio Galega activou protocolos de resposta ante incidencias críticas como o apagón eléctrico rexistrado o 28 de abril. Ante a previsión de caída dos servizos de internet —esenciais tanto para as conexións de audio a través de IP (equipos Quantum) como para o acceso á información por parte dos equipos de redacción e locución—, procedeuse á despregadura dunha solución de conectividade alternativa mediante tecnoloxía satelital (Starlink). Esta medida permitiu dotar de conexión de alta velocidade os sistemas básicos do estudio multimedia e da redacción, garantindo a continuidade dos fluxos de traballo e a emisión ininterrompida da programación. Como resultado, a Radio Galega mantivo a súa actividade ao longo de todo o episodio na maior parte do territorio galego, reforzando o seu papel como servizo esencial en situacións excepcionais.

Paralelamente, no ámbito da modernización tecnolóxica, avanzouse no proceso de transformación dixital da emisora mediante a licitación do proxecto de dixitalización integral. A empresa T.S.A. resultou adxudataria do concurso público, formalizándose o contrato no mes de decembro. Este proxecto, cuxa execución se desenvolverá ao longo de 2026, permitirá culminar a migración cara a un novo sistema tecnolóxico máis eficiente, flexible e adaptado ás necesidades de produción e distribución actuais, contribuíndo a optimizar recursos e a reforzar a capacidade de prestación do servizo público da Radio Galega.

Por canto á programación, as novidades da temporada 24-25, en antena dende o mes de setembro, reforzouse o cambio de formato do 'Galicia por diante' no seu tramo informativo de 06.00 h a 09.30 h ao se converter no primeiro informativo a nivel nacional de formato híbrido para radio e televisión que empregou un sistema de realización automatizado que permitiu a súa emisión pola primeira canle de TVG con imaxes con composicións multiventá con textos, *tickers*, titulares, información meteorolóxica, etc, co fin

de potenciar a vocación de servizo público e as sinerxías entre a radio e a televisión. O ‘Galicia por diante’ situouse así como un informativo referente a nivel nacional.

No tramo que abrangue de 09:30 h a 14:00 h, convértese nun programa informativo que combina información e entretemento. A súa emisión dende o estudio multimedia asentouno como o programa refencia das propostas multiplataforma da emisora cunha emisión *streaming* que dá resposta a novas formas de consumo por parte da sociedade. O ‘Galicia por diante fin de semana’ é a edición deste programa nos sábados e domingos, cunha franxa informativa de 09:00 h a 10:00 h e un bloque magazine de 10:00 h a 12:00 h, no que se inclúen entrevistas de sociedade e cultura, ademais de seccións temáticas sobre ciencia, lingua, audiovisual e música.

O programa ‘A tarde’ consolidou o horario implementado en setembro de 2022, de 15:00 h a 19:00 h, tras amosarse exitosa a proposta dunha mesa informal de debate ás tres da tarde coa colaboración dunha das humoristas con maior seguimento en redes sociais e unha mesa de actualidade con temas que marcan a axenda do día da audiencia e con puntos en directo por todo o territorio galego.

No marco do proceso de actualización e adaptación aos novos hábitos de consumo audiovisual, a Radio Galega reforzou a súa oferta de contidos deportivos co obxectivo de responder de maneira máis eficaz ás demandas da audiencia e á evolución das canles de distribución. Esta aposta inscríbese na función de servizo público de garantir unha oferta plural, accesible e conectada coa realidade social e deportiva de Galicia.

Desde setembro púxose en marcha o programa de entretemento ‘A penaltis’, unha iniciativa orientada ao impulso de formatos nativos multiplataforma. O proxecto foi concibido desde a súa orixe cun enfoque integral, combinando os estándares de calidade e rigor propios da radio pública coa linguaxe visual e dinámica das plataformas dixitais. O resultado é unha proposta que permite “ escoitar e ver ” o deporte galego, ampliando as posibilidades narrativas e reforzando a experiencia informativa. Este modelo responde de maneira directa aos novos patróns de consumo, especialmente entre os públicos máis novos, habituados a contidos híbridos e á interacción en contornas dixitais. Ao mesmo tempo, garante que o deporte galego —en todas as súas categorías e disciplinas— conte cun espazo de difusión adaptado aos códigos comunicativos actuais, reforzando así a súa visibilidade e proxección social.

Con ‘A penaltis’, a Radio Galega avanza cara a unha nova concepción da produción de contidos: a distribución multiplataforma deixa de ser unha fase posterior de adaptación para converterse nun elemento estrutural do propio formato. Esta orientación estratéxica contribúe a optimizar recursos, ampliar o alcance do servizo público e fortalecer a presenza da lingua galega nos novos ecosistemas dixitais.

O apartado informativo deu continuidade ao formato 'A crónica' en dúas edicións. A primeira emitiuse ás 14:00 h, con trinta minutos de información pura e outros trinta minutos de información deportiva, e a segunda ás 19:00 h, cun formato híbrido que combina a información pura e información de proximidade. Nesta segunda edición, emitiuse información de 19:00 h a 19:45 h e cultura de 19:45 h a 20:00 h. A partir desa hora, realízase un faladoiro político. Finalmente na última hora do programa emitiuse unha hora de programación especializada en mar –'Mar de ardora' -, tecnoloxía –'Lambóns dixitais' -, viaxes –'Lambóns de viaxe'-, e ciencia –'Efervesciencia'.

Os faladoiros políticos do informativo 'Galicia por diante' -de luns a venres de 08:30 h a 09:30 h- e de A Crónica -de luns a xoves de 20:00 h a 21:00 h- realízanse dende o estudio multimedia e emitíronse en simultáneo en Radio Galega e na segunda canle da Televisión de Galicia.

A información cultural constitúe un dos piares estruturais da programación da Radio Galega, en coherencia coa misión de servizo público de promover, difundir e normalizar a cultura galega en todas as súas expresións. Durante 2025 reforzouse de maneira decidida esta liña estratéxica, consolidando a presenza diaria da actualidade cultural na grella e ampliando os seus formatos de difusión cun podcast diario en AgalegaAudio.gal e unha edición específica nas fins de semana.

Este modelo contribúe a cumprir cos principios de pluralidade, accesibilidade e cohesión social propios do servizo público, ao situar a cultura como elemento central da identidade colectiva e da vida pública de Galicia. En 2025, a Radio Galega avanzou de maneira significativa na integración da cultura na programación xeralista, ao tempo que reforzou a oferta especializada e ampliou a súa difusión tanto na emisión convencional en FM como nas contornas dixitais. Deste xeito, consolídase unha oferta cultural sólida, adaptada aos novos consumos e comprometida coa promoción do ecosistema cultural galego.

No ámbito da programación deportiva, durante 2025 a Radio Galega desenvolveu unha estratexia de reforzo informativo orientada a garantir unha cobertura ampla, plural e rigorosa da actualidade deportiva galega, en coherencia coa súa misión de servizo público.

Neste contexto, incorporouse unha nova edición de 'A crónica dos deportes' dentro do informativo das 19:00 horas, de luns a venres, ampliando así os espazos específicos dedicados á información deportiva en franxa de máxima audiencia. Esta medida permitiu incrementar a presenza do deporte na axenda informativa diaria, ofrecendo á cidadanía unha cobertura sistemática e contextualizada da actualidade.

Así mesmo, reforzouse a análise especializada mediante a integración de dúas mesas de actualidade deportiva no programa 'Galicia por diante', os luns e os venres, coincidindo respectivamente coa xornada previa e posterior das competicións de Liga. Esta estrutura favorece unha lectura anticipatoria e avaliativa das competicións, contribuíndo a enriquecer o debate público arredor do deporte galego e fortalecendo a dimensión participativa e reflexiva do servizo público.

Paralelamente, mantívose unha estratexia flexible de programación que permitiu realizar cambios puntuais na grella para garantir a cobertura en directo de citas deportivas relevantes con presenza de equipos galegos en competicións nacionais e internacionais. Esta capacidade de adaptación constitúe un elemento esencial do mandato de servizo público, ao asegurar que os éxitos, retos e fitos do deporte galego contén cunha difusión inmediata, accesible e en lingua galega.

O programa 'Galicia en goles', buque insignia da programación deportiva da Radio Galega, mantivo a súa ampla cobertura en directo os venres de 20:30 a 00:00 horas, e os sábados e domingos de 15:00 horas ata a medianoite, incorporando ademais unha edición matinal os domingos de 12:00 a 14:00 horas. Esta extensa franxa de emisión garante o seguimento integral das competicións, facilitando o acceso universal á información deportiva en todo o territorio e reforzando a cohesión social a través do relato compartido do deporte.

No eido do baloncesto, a Radio Galega consolidou a súa aposta polo deporte da canastra mediante a retransmisión en directo, durante 2025, de todos os partidos disputados polos clubs galegos na Liga ACB nas tempadas 2023-2024 e 2024-2025. Esta cobertura integral contribúe á visibilidade do baloncesto galego de elite e reforza o apoio institucional ao tecido deportivo do país.

Do mesmo xeito, a emisora pública deu continuidade aos proxectos específicos 'Galicia en xogo - Motor' e 'Galicia en xogo – Olímpicos', ampliando o foco informativo cara a disciplinas con menor presenza mediática habitual. Con esta aposta, a Radio Galega garante unha representación máis equilibrada do ecosistema deportivo galego, promovendo a diversidade de modalidades e contribuíndo á difusión dos valores asociados ao deporte, como o esforzo, a igualdade e a superación.

En conxunto, estas actuacións evidencian o compromiso da Radio Galega cun modelo de información deportiva baseado na universalidade, na pluralidade, na cohesión territorial e na promoción da lingua galega, reforzando así o seu papel como medio público ao servizo da cidadanía. Así mesmo, o equipo de deportes asumiu emisións para canles dixitais coa retransmisión de partidos en desdoblamento de programación.

No cumprimento da súa misión de servizo público, a Radio Galega mantivo unha programación especializada estable, diversa e orientada a dar resposta aos intereses específicos de distintos segmentos da audiencia, garantindo pluralidade temática, equilibrio territorial e promoción da cultura e do coñecemento en lingua galega.

A oferta especializada estivo encabezada polos programas ‘Mar de ardora’ (sábados ás 07:00 horas) e ‘Ferrado e medio’ (domingos ás 07:00 horas), espazos centrados na divulgación do sector marítimo-pesqueiro e do ámbito agrogandeiro, respectivamente.

Ambos constitúen unha mostra clara do compromiso da Radio Galega coa vertebración territorial e coa visibilización dos sectores produtivos estratéxicos de Galicia, ofrecendo información útil, análise e espazos de participación para profesionais e comunidades vinculadas ao mar e ao rural.

Esta liña de especialización completouse con programas como ‘Lambóns dixitais’ e ‘Lambóns de viaxe’, orientados á promoción da gastronomía, do turismo e da proxección do territorio; ‘Sala 5’, dedicado á información e divulgación cinematográfica; e ‘Efervescencia’, referente consolidado na divulgación científica en galego. A través destes contidos, a Radio Galega reforza o seu papel como axente de dinamización cultural, promoción do coñecemento e impulso da lingua galega en ámbitos estratéxicos como a ciencia, a innovación e a creación audiovisual.

No eido do entretemento, o programa de humor ‘Como que non?’, emitido na medianoite das fins de semana, contribuíu a ampliar a diversidade de xéneros e rexistros da grella, incorporando formatos que conectan con públicos novos e consolidando unha oferta equilibrada entre información, divulgación e lecer, sempre desde os principios de calidade e responsabilidade propios dun medio público.

Especial relevancia acadou o mantemento do liderado na franxa de madrugada co programa ‘Pensando en ti’, cunha duración de cinco horas (01:00–06:00 horas), de luns a domingo. Este espazo, baseado na participación activa da audiencia, constitúe un exemplo singular de servizo público pola súa función social de acompañamento, cohesión e atención ás persoas en horarios de menor cobertura mediática.

Co obxectivo de ampliar o seu alcance e adaptarse aos novos hábitos de consumo, o programa emítese de maneira simultánea na Radio Galega, na segunda canle da Televisión de Galicia e na plataforma YouTube, reforzando así a súa dimensión multiplataforma e a súa accesibilidade.

A interacción coa audiencia continuou sendo un eixo transversal da estratexia da Radio Galega. Polas vías convencionais, esta participación canalizouse a través de chamadas telefónicas e mensaxes de WhatsApp, favorecendo a proximidade e a bidireccionalidade comunicativa. Paralelamente, a presenza activa en redes sociais como Facebook, Twitter e Instagram permitiu consolidar comunidades dixitais dinámicas, interesadas e fieis aos contidos da emisora. Este diálogo permanente cos públicos non só fortalece o vínculo coa cidadanía, senón que contribúe a unha radio máis aberta, participativa e representativa da diversidade social de Galicia.

En conxunto, esta programación especializada e participativa reafirma o compromiso da Radio Galega cun modelo de comunicación pública baseado na proximidade, na pluralidade, na promoción da lingua e na adaptación constante ás novas realidades sociais e tecnolóxicas.

5.5.1 Programación xeral

‘Galicia por diante’

O programa ‘Galicia por diante’ constitúe unha das pezas estruturais da programación da Radio Galega, cumprindo de maneira directa coa misión de servizo público de garantir información rigorosa, plural e de proximidade ao conxunto da cidadanía galega. Emitido de luns a venres en horario de 06:00 h a 14:00 h, o espazo vertebra a franxa matinal cunha proposta que combina información, análise, divulgación e entretemento responsable. A súa primeira parte, ata as 09:30 h, responde ao modelo de radio informativa de primeira hora, facilitando á audiencia un seguimento puntual da actualidade galega, estatal e internacional.

No tramo comprendido entre as 09:30 h e as 14:00 h, ‘Galicia por diante’ amplía o seu enfoque como programa informativo en sentido amplo, incorporando entrevistas, análise e seccións temáticas semanais dedicadas a ámbitos como a arte, a ciencia, a música, a educación afectivo-sexual e a medicina. O programa estrutúrase cunha presentación coral de contidos e conexións diarias con seis puntos do territorio galego, reforzando así a cohesión territorial, a vertebración do país e a visibilización da diversidade social, económica e cultural de Galicia. Esta estrutura contribúe á divulgación do coñecemento, á promoción da cultura galega e á alfabetización informativa da audiencia, reforzando o papel da radio pública como ferramenta de formación cidadá e dinamización cultural. A partir das 12:00 h, o programa incorpora o espazo de humor ‘A bóla extra’, que se caracteriza pola participación activa da audiencia —a través de chamadas telefónicas e do servizo de mensaxería WhatsApp—, o que fortalece o vínculo coa cidadanía e fomenta a interacción directa, un elemento esencial do modelo de comunicación pública.

Na súa última hora, o programa recupera un ton marcadamente informativo no que se aborda un asunto de interese público incorporando as voces protagonistas e diversas perspectivas. Este tratamento favorece a análise contextualizada e o contraste informativo, elementos centrais do xornalismo de servizo público.

‘Galicia por diante’ reforza ademais a súa vocación multiplataforma a través da presenza activa en Facebook, Twitter e Instagram, canles empregadas a diario para ampliar a difusión dos contidos, facilitar o diálogo coa audiencia e promover iniciativas participativas. O programa realízase e emítese con imaxe desde o Estudio Multimedia da Radio Galega, con distribución dixital a través das plataformas da CSAG e de YouTube, garantindo así accesibilidade, transparencia e adaptación aos novos hábitos de consumo.

En conxunto, ‘Galicia por diante’ cumpre cos principios de proximidade, pluralidade, cohesión territorial, participación cidadá, promoción da lingua galega e innovación tecnolóxica que definen o mandato de servizo público da CSAG, consolidándose como un espazo de referencia informativa e social na comunidade autónoma.

‘A tarde’

En 2025, o programa ‘A tarde’ consolidouse como un espazo de referencia para o acompañamento diario da cidadanía, reforzando un formato que xa demostrara a súa eficacia na temporada anterior. A estrutura do programa, baseada nunha primeira hora de mesa redonda co equipo, artículase arredor de temas de sociedade tratados desde unha perspectiva próxima, amena e con presenza do humor, incorporando a participación dunha das humoristas de maior proxección en Galicia. Esta combinación de análise, entretemento e actualidade contribuíu a ampliar públicos e acadou resultados positivos segundo as cifras do Estudo Xeral de Medios, consolidando a franxa como un espazo competitivo dentro do panorama radiofónico galego.

‘A tarde’ cumpre unha función esencial de cohesión territorial e vertebración social. Cada día establécense conexións en directo con cinco puntos distintos do territorio galego, garantindo a presenza equilibrada das diferentes realidades xeográficas e achegando á audiencia información de proximidade sobre cuestións sociais, culturais e de lecer. Esta despregadura territorial reforza o compromiso da radio pública coa representación plural do país e coa visibilización da diversidade local. O programa incorpora ademais unha dimensión de utilidade pública a través de espazos diarios de consulta con persoas expertas en ámbitos de interese directo para a cidadanía: consumo, ciberseguridade, seguridade viaria, medicina, dereito, coidado da horta, entre outros. Estes contidos contribúen á formación e á prevención, ofrecendo información rigorosa e accesible que facilita a toma de decisións informadas e promove hábitos responsables.

‘Galicia por diante fin de semana’

Na programación de fin de semana, ‘Galicia por diante fin de semana’ consolidouse como un programa de autor cun elevado seguimento por parte da audiencia, converténdose nunha das referencias informativas e culturais da grella da Radio Galega nesas franxas horarias. O seu posicionamento responde á combinación de rigor informativo, profundidade nos contidos e proximidade coa realidade social galega, cumprindo así coa misión de servizo público encomendada á emisora.

O formato estrutúrase en dous grandes tramos diferenciados e complementarios. Entre as 08:00 e as 09:30 horas emítese un bloque informativo —desenvolvido noutro apartado desta memoria— que garante á cidadanía un acceso puntual, veraz e contextualizado á actualidade galega, estatal e internacional. A continuación, entre as 09:30 e as 12:00 horas, o programa evoluciona cara a un magazine puro, centrado en entrevistas en profundidade de carácter social e cultural, reportaxes de elaboración propia e colaboracións de especialistas en ámbitos estratéxicos como a ciencia, o dereito, a música ou o sector audiovisual.

Esta segunda parte constitúe un espazo de análise e reflexión pausada, pouco frecuente nos actuais ecosistemas mediáticos, caracterizados pola inmediatez e a fragmentación. A través destas entrevistas e seccións especializadas, o programa contribúe á divulgación do coñecemento, á promoción do talento galego e ao fortalecemento do debate público informado, elementos esenciais nun medio de comunicación de titularidade pública.

‘Diario cultural’

Neste marco, o ‘Diario Cultural’, espazo de referencia e longa traxectoria na radio pública galega, ampliou a súa cobertura cunha edición específica nas fins de semana, garantindo así unha atención continuada á actualidade cultural ao longo de toda a semana. Ademais, reforzouse a súa presenza dixital coa incorporación dun podcast diario en AGalegaAudio.gal, o que permite adaptar os contidos aos novos hábitos de consumo baixo demanda e ampliar o seu alcance máis alá da emisión en FM.

A estratexia de información cultural responde a unha dobre finalidade. Por unha banda, manter e fortalecer programas especializados, dirixidos a un público interesado especificamente na cultura, ofrecendo análise, contextualización e profundidade informativa. Por outra, integrar de maneira transversal a actualidade cultural nos programas xenéricos, informativos, plataformas dixitais e redes sociais, garantindo que a cultura forme parte da axenda informativa xeral e chegue tamén a públicos amplos e diversos.

Con motivo da celebración das Letras Galegas 2025, dedicadas á tradición oral e ás cantareiras, o equipo do ‘Diario cultural’ desenvolveu un programa especial que se emitiu o 17 de maio e que puido escoitarse en Radio Galega na súa emisión en directo e en formato podcasts en AGalegaAudio.gal.

‘Seres’

No marco da misión de servizo público da Radio Galega, orientada á cohesión social, á divulgación rigorosa e á atención das realidades que afectan directamente á cidadanía, o programa especializado ‘Seres’ consolidouse como o formato de referencia na súa franxa horaria, de luns a venres entre as 00.00 e a 01.00 horas, exercendo ademais como antesala do espazo participativo ‘Pensando en ti’.

A estabilidade e consolidación de ‘Seres’ nesta banda nocturna responden a unha estratexia de programación que reforza a función social da radio pública nun tramo horario especialmente propicio para a reflexión, a análise en profundidade e a escoita atenta. O programa contribúe a ofrecer contidos de valor engadido, afastados da inmediatez informativa, que promoven coñecemento, sensibilización e conciencia crítica.

As súas temáticas —os servizos sociais, a medicina, a investigación científica, as enfermidades, o medio ambiente ou as historias de superación humana, entre outras— sitúan no centro da axenda cuestións de interese xeral que inciden directamente na calidade de vida da poboación galega. A través dun tratamento rigoroso, accesible e humanizado, o formato facilita a divulgación de información útil, combate a desinformación en ámbitos sensíbles e dá voz a profesionais, investigadores, colectivos sociais e persoas protagonistas de experiencias vitais significativas. Neste sentido, ‘Seres’ cumpre unha clara función de acompañamento e apoio social, ao visibilizar realidades que non sempre teñen presenza destacada nos espazos informativos convencionais e ao ofrecer ferramentas de comprensión sobre cuestións sanitarias, ambientais ou sociais de especial relevancia. O programa reforza así o compromiso da Radio Galega coa promoción da saúde pública, a sustentabilidade, a inclusión e a igualdade.

A súa posición como antesala de ‘Pensando en ti’ contribúe ademais a articular unha continuidade temática e emocional na programación nocturna, favorecendo un tránsito natural cara a un espazo de participación cidadá. Esta configuración fortalece a coherencia da grella e consolida unha oferta diferenciada, centrada nas persoas e nas súas realidades, en cumprimento dos principios de proximidade, pluralismo e utilidade social propios do servizo público.

‘Pensando en ti’

No exercicio 2025, ‘Pensando en ti’ (de luns a venres) e “Pensando en ti fin de semana’ (sábados e domingos) consolidáronse como líderes da noite radiofónica en Galicia, reforzando o papel da Radio Galega como referencia informativa e de acompañamento tamén na franxa de madrugada. Este liderado evidencia a capacidade do servizo público para conectar coa cidadanía en todas as franxas horarias, incluídas aquelas tradicionalmente menos atendidas pola oferta privada.

O programa, cunha duración de cinco horas (de 01:00 h a 06:00 h), cumpre unha función social esencial: ofrecer un espazo de escoita activa, participación e acompañamento nun tramo horario especialmente sensible, no que unha parte significativa da audiencia —traballadores nocturnos, persoas maiores, profesionais en quendas especiais ou cidadáns en situación de soidade— demanda contidos próximos e interactivos. A súa estrutura baséase na participación directa da audiencia, que intervéñ por vía telefónica ou mediante notas de voz para compartir vivencias e reflexións a partir das temáticas propostas polos condutores. Este modelo fomenta a cohesión social, dá voz á cidadanía e reforza o carácter bidireccional do medio público.

Ademais, o espazo integra de maneira activa as canles de comunicación social, ampliando as vías de interacción e adaptándose aos novos hábitos de consumo e participación dixital. Esta estratexia permite fortalecer a comunidade arredor do programa, incrementar o alcance do servizo público e consolidar a presenza da lingua galega tamén nas contornas dixitais.

En 2025, ‘Pensando en ti’ deu un paso máis na súa evolución ao incorporar as posibilidades técnicas do Estudio Multimedia, emitíndose de forma simultánea pola Radio Galega e pola segunda canle da Televisión de Galicia. Esta emisión visual, realizada mediante sistemas de realización automática, optimiza recursos públicos ao permitir unha produción integrada e eficiente, sen incremento proporcional de custos.

‘Sabrosura fest’

No marco do seu mandato de servizo público, a Radio Galega desenvolve unha programación orientada á promoción, difusión e posta en valor da cultura propia, prestando especial atención á creación artística en lingua galega e ao talento emerxente do país. Neste contexto inscríbese ‘Sabrosura Fest’, un programa de variedades musicais que nace coa vocación de celebrar e visibilizar o excelente momento que vive o panorama musical galego. O espazo combina entrevistas, actuacións en directo e fórmulas de participación activa da audiencia a través de canles como WhatsApp, configurando un formato dinámico e aberto que favorece a interacción cidadá e reforza o vínculo entre o medio público e a

sociedade. A través dunha selección musical diversa, que abrangue todos os estilos e xéneros, 'Sabrosura Fest' garante unha representación plural da escena actual, cunha atención prioritaria aos grupos e artistas de Galicia e á música galega e en galego.

Desde setembro, o estudio multimedia da Radio Galega convértese, de 12:00 h a 14:00 h, nun punto de encontro de referencia para a comunidade musical do país. O programa acolle tanto novas promesas como artistas consolidados que presentan os seus proxectos máis recentes, ofrecéndolles unha plataforma de difusión estable e de ampla cobertura. Esta función resulta esencial para fortalecer o tecido cultural galego, apoiar a profesionalización do sector e contribuír á súa proxección social.

'Sabrosura Fest' cumpre así unha función estratéxica dentro do servizo público: actúa como escaparate da creatividade contemporánea, impulsa a normalización do uso da lingua galega na música actual e favorece a cohesión cultural ao dar cabida á diversidade de propostas que conviven no noso territorio. O programa consolídase como un reflexo fiel do momento vizo que atravesamos a creación musical galega e como unha ferramenta eficaz para garantir a súa difusión, accesibilidade e continuidade no tempo.

5.5.2. Programas temáticos

A grella de programas temáticos da radio pública de Galicia está conformada polos seguintes espazos:

- 'Efervescencia' ocúpase de achegar a ciencia ao público xeral, desde o humor e con voces autorizadas e reportaxes sobre descubrimentos científicos de toda índole. O programa conta coa colaboración da USC e o financiamento da FECYT (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía).
- 'Lambóns dixitais' é un programa de novas tecnoloxías que vive a súa terceira temporada en antena e conta cun espazo dedicado ás novas tecnoloxías aplicadas á accesibilidade.
- 'Lambóns de viaxe' é un programa de experiencias de viaxes por todo o mundo.
- 'Mar de ardora' é un programa especializado na actualidade do mar que vive a súa segunda temporada en antena.
- 'Ferrado e medio' é un programa especializado na actualidade do agro que vive a súa segunda temporada en antena.
- 'Como que non?' é un espazo de humor.

A Radio Galega produciu e emitiu en 2025 programas nativos dixitais -podcast-, publicados nas plataformas AGalegaAudio.gal, Spotify, Ivoox, Apple Podcast e iTunes.

Trátase dos seguintes espazos:

- ‘De lá para cá’ é un programa que busca e trae as músicas portuguesas para mostralas e achegalas ao público de aquí.
- ‘Na fin do xogo’, podcast narrativo que achega as historias que hai detrás da creación dos videoxogos.
- ‘Polisón’, espazo sonoro especializado en músicas urbanas e de vangarda.
- ‘A mirada económica’, podcast que ofrece unha visión clara e accesible da economía, explorando temas de actualidade como aqueles aspectos atemporais subxacentes no funcionamento da economía, dos mercados, políticas públicas ou tendencias financeiras.
- ‘Movendo marcos’ é un videopodcast sobre o mundo do deseño feito en Galicia e/ou por galegos.
- ‘Un ollo de vidro’ é unha serie de ficcións sonoras que adaptan contos de terror de escritores recoñecidos mundialmente.
- ‘Satélite Xabarín’ é un videopodcast que orbita pola historia do icónico ‘Xabarín Club’, arredor das cancións e series que forman xa parte da memoria colectiva do país e que se poderán coñecer mellor da man das persoas que as protagonizaron.

5.5.3 Estratexia dixital

A Radio Galega culminou un lustro de traballo na súa conversión dixital co lanzamento da plataforma AGalegaAudio.gal en xaneiro de 2024, co obxectivo de posicionarse como un dos principais medios de comunicación de audio e de servizo público de Galicia dentro do ecosistema mediático dixital.

Coa creación de AGalegaAudio.gal, a Radio Galega deu un paso decisivo na súa estratexia dixital, poñendo en marcha unha plataforma OTT que centraliza, organiza e potencia toda a oferta de audio da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG). Este proxecto forma parte da aposta pola explotación dixital do contido radiofónico no marco da transformación dixital dos medios públicos, garantindo unha presenza máis forte, accesible e adaptada aos novos hábitos de consumo.

Desde o seu lanzamento, AGalegaAudio.gal consolidouse como unha das plataformas de referencia para os contidos en galego, ampliando progresivamente o seu catálogo e fortalecendo a súa capacidade de chegar a novos públicos. Neste contexto, desde 2025 reforzouse a aposta por contidos especializados e formatos nativos dixitais, deseñados especificamente para a escoita baixo demanda e que complementan a programación da FM.

Estes novos contidos permiten explorar narrativas sonoras máis específicas e segmentadas, adaptadas ás novas dinámicas de consumo de audio dixital, ao tempo que amplían e enriquecen a oferta editorial da Radio Galega.

Esta estratexia dixital complétase cun modelo de distribución e creación de contidos multiplataforma, no que as redes sociais desempeñan un papel fundamental. A produción de contidos específicos para estas plataformas, cunha linguaxe propia e adaptada ás súas dinámicas, contribúe á captación de novos públicos, así como á difusión e promoción dos contidos sonoros, ampliando o alcance da Radio Galega máis alá das canles tradicionais.

AGalegaAudio.gal supón unha evolución con respecto ás iniciativas dixitais previas da Radio Galega, consolidando nun único espazo tanto a emisión en directo coma a distribución de contidos en formato podcast, videopodcast e outros formatos dixitais. Esta nova plataforma substitúe e amplía os servizos previos lanzados desde a Radio Galega cunha aposta renovada pola innovación, a usabilidade e a interactividade.

AGalegaAudio.gal non só modernizou a infraestrutura técnica da Radio Galega, senón que tamén reforzou o seu papel como servizo público fundamental en Galicia, ao permitir que a información, a cultura e o entretemento cheguen a toda a cidadanía dun xeito máis accesible, flexible e innovador. A OTT está deseñada para mellorar a experiencia dos usuarios grazas a unha navegación máis intuitiva e á incorporación de funcionalidades que permiten un consumo máis cómodo e personalizado do contido.

AGalegaAudio.gal está dispoñible en web e en aplicacións nativas para iOS e Android, facilitando o acceso aos contidos desde calquera dispositivo. Ademais, os programas tamén están accesibles en agregadores como Radio Player, Spotify, iVoox e Apple Podcasts. A plataforma permite acceder ás emisións en directo de todas as emisoras da Radio Galega (Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña), ao tempo que ofrece un amplo catálogo de contidos a demanda. Deste xeito, o servizo público radiofónico está dispoñible as 24 horas do día, en calquera momento e desde calquera lugar.

Os programas están organizados en distintas seccións para facilitar a exploración dos usuarios, incluíndo espazos temáticos dedicados a música, cultura, historia, ciencia, ficción e sociedade.

O sistema de recomendacións permite descubrir novos contidos en función dos intereses do usuario, mellorando así a experiencia global.

- **Música:** con 'Fondos reservados', 'Polison', 'O rancho', 'De lá para cá', 'Cara B', 'A lista negra', 'Galicia emerxe', 'Consellería do ritmo', 'Tres peixes voando', 'Lume na palleira', 'Ondas indies', 'Estudio 3. Desclasificados', e 'Notas de jazz'.
- **Sociedade:** con *podcasts* como 'Movendo marcos', 'Na fin do xogo', 'A mirada económica', 'Superando a ficción', 'O Poigrama', 'Pasarse da raia', 'Satélite Xabarín' ou 'Lambóns dixitais'.
- **Ciencia:** con 'Enfermeira saturada', sobre saúde, 'Corazón contento', do doutor Juan Antonio Juanatey, sobre saúde, e 'Deborah Ciencia', de Débora García Bello, sobre ciencia, ou 'Efervescencia', de Manuel Vicente.
- **Historia:** con espazos como 'Efeméridas', de Manuel Gago, 'Arredor de nós' e 'Próxima estación'.
- **Cultura,** con *podcast* como 'O Barroquista' de Miguel Ángel Cagiao, 'Galicia para neofalantes', de Pilar Ponte, 'Zeta' ou 'Lambóns de viaxe'.
- **Igualdade:** con programas como 'Consellos con sexo' e os nativos dixitais 'Moito ollo!' e 'Morra o conto'.
- **Humor:** co programa 'Como que non?'.
- **Documental:** co *podcast* 'Un país en guerra', sobre a guerra de Ucraína.
- **Ficción:** co *podcast* 'Un ollo de vidro', baseado na adaptación de contos de terror, 'Os pobre tamén choran' e os contos de Nadal 'Que belo é vivir' e 'Morte na abadía'.

AGalegaAudio.gal non só mellora o acceso aos contidos radiofónicos, senón que tamén reforza o papel da Radio Galega como medio público de referencia en Galicia, garantindo que a súa programación responda ás necesidades da cidadanía en diferentes ámbitos:

- Información veraz e de servizo público: a plataforma pon á disposición da cidadanía todos os programas informativos da Radio Galega, garantindo un acceso inmediato á actualidade, análise e debate de temas clave para Galicia.
- Cultura galega ao alcance de todos: a nova OTT ofrece contidos en galego relacionados con música, literatura, historia, divulgación científica e cultura popular, garantindo que o patrimonio cultural galego teña unha maior difusión.
- Música e entretemento en galego: AGalegaAudio.gal potencia a música e o entretemento producido en Galicia, promovendo novos talentos e formatos adaptados ás novas audiencias.
- Diversidade de formatos e voces: a plataforma inclúe programas especializados en igualdade, ciencia, ficción e humor, asegurando unha oferta variada e adaptada aos intereses da sociedade galega.
- Proximidade e participación: o servizo público reforza o contacto cos usuarios a través da interactividade, facilitando a súa participación e permitindo unha comunicación máis próxima entre a Radio Galega e a súa audiencia.

Un servizo público que promove a información, a cultura e a identidade galega.

O lanzamento de AGalegaAudio.gal non só modernizou a presenza dixital da Radio Galega, senón que tamén supón unha aposta por novos formatos e modelos de distribución. Entre os avances máis destacados desta OTT atópanse:

- Toda a infraestrutura técnica da Radio Galega foi optimizada para permitir unha xestión áxil e eficiente dos contidos, facilitando a súa publicación e actualización en tempo real.
- Ademais dos programas tradicionais, a plataforma incorpora videopodcasts, directos multimedia e formatos nativos dixitais, adaptándose ás novas tendencias de consumo, ofrecendo contidos curtos, directos interactivos e formatos audiovisuais innovadores.
- O sistema de xestión de contidos permite unha organización eficiente dos programas e unha mellor integración cos sistemas de distribución dixital da CSAG.
- Experiencia de usuario mellorada, con navegación intuitiva e opcións personalizadas de recomendación.

Esta aposta tecnolóxica permite que a CSAG preste un mellor servizo público, garantindo que os contidos da Radio Galega sexan accesibles para toda a poboación sen importar o dispositivo ou a localización.

AGalegaAudio.gal sitúa a Radio Galega á vangarda da transformación dixital dos medios públicos galegos. A súa integración dentro do ecosistema OTT da CSAG, xunto con AGalega.gal e Xabarín.gal, reforza a aposta da Corporación por un modelo dixital flexible e innovador.

A plataforma non só garante unha oferta de contidos rica e diversificada, senón que tamén facilita a fidelización do público tradicional e a captación de novas audiencias, especialmente das xeracións máis novas, que consomen contido principalmente en plataformas dixitais.

5.5.4. Estudio multimedia

A Radio Galega transformouse en medio multiplataforma en 2022 coa estrea das emisións no estudio multimedia, que foron nucleares nas estratexias programáticas da emisora durante todo o ano 2025, coa emisión en imaxe en AGalegaAudio.gal e YouTube, así como noutras canles dixitais.

Os programas de Radio Galega poden, grazas ao equipamento tecnolóxico do estudio multimedia, emitir en directo ou diferido por Televisión de Galicia ou en calquera

das canles dixitais da CSAG en calidade *broadcast* desde un espazo creado *ad hoc*. Ademais, este estudio está acondicionado para a emisión ou gravación de concertos - incorporouse un piano ao estudio en 2023-, para acoller público e para atender proxectos en novos formatos, que combinen audio e imaxe.

Os departamentos técnicos da Corporación desenvolveron numerosas integracións e implementaron avances tecnolóxicos para avanzar na automatización de procesos que reverteron de xeito positivo no resultado final dos produtos elaborados no estudio multimedia. No marco destes avances, en 2025 reforzouse o posto avanzado de vídeo vMix que permite a emisión de vídeo máis completa ata a data: incorporación de grafismos, titulacións, composicións de vídeo multiventá, etc. Especialmente destacable é a capacidade de automatización do sistema, o que posibilitou a realización desatendida do informativo 'Galicia por diante' na TVG en directo mostrando cámaras de tráfico, webcams da CSAG, mapa de predición meteorolóxica e información de temperatura, estado do ceo de todos os concellos de Galicia, titulares, noticias de última hora, valores do IBEX35...

Xunto con este sistema púxose un pequeno panel de control "Stream Deck" co que poder facer variacións en directo de forma manual. Un fito tecnolóxico no referente ao vídeo relacionado coa radio. O estudio multimedia é o espazo dende o que se emitiu o programa 'Galicia por diante', de 06:00 h a 14:00 h, 'A crónica', de 19:00 h a 21:00 h e o 'Pensando en ti' de 01:00 h a 06:00 h. Así mesmo, a tecnoloxía destas instalacións permitiu que se emitise en simultáneo en radio e televisión o magazine 'Galicia por diante', de 07:00 h a 08:00 h e de 08:30 h a 09:30 h e pola G2, os faladoiro do 'Galicia por diante' e de 'A crónica', e o programa da madrugada 'Pensando en ti', de 01:00 h a 06:00 h.

No que atinxe á produción estritamente dixital, este estudio é o espazo para a gravación de videopodcast, como 'Movendo marcos', e os dos programas especializados 'Lambóns dixitais', 'Lambóns de viaxe' e 'Sabrosura fest'. Así mesmo facilitou a difusión de informativos en redes sociais con formato vídeo, como os que derivaron da emisión de 'Galicia por diante' e dos formatos deportivos 'Ao contraataque' e 'Galicia en goles'.

5.5.5. Emisión simultánea Radio Galega – TVG

Os procesos de sinerxía da Corporación consolidáronse coas estratexias de emisión simultánea de espazos de Radio Galega nas canles de Televisión de Galicia. Ademais dos citados máis arriba, incorporáronse novas emisións simultáneas neste 2025:

- **'Galicia por diante'**. De luns a venres de 07:00 a 08:00 en RG e TVG e o seu faladoiro de luns a venres de 08:30 a 09:30 en RG e G2.
- **'A Crónica'**. Faladoiro de luns a xoves de 20:00 a 21:00 en RG e G2.

- **‘Pensando en ti’.** Emisión en simultáneo en RG e G2 de luns a domingo pasando á primeira canle de TVG cando a actualidade da xornada así o require, como aconteceu na noite do 29 de outubro en que unha dina afectou a boa parte de España, unha catástrofe con máis de 200 vítimas mortais e cuantiosos danos materiais.

A colaboración entre radio e televisión é hoxe unha realidade consolidada dentro da Corporación e forma parte dunha estratexia de integración que se vén desenvolvendo de maneira progresiva nos últimos anos.

Estas experiencias diarias, xunto con outras emisións puntuais realizadas en momentos de especial relevancia informativa (como especiais electorais ou coberturas de última hora), teñen ofrecido resultados satisfactorios tanto desde o punto de vista da calidade do produto como en termos de audiencia. Ademais, permiten reforzar a capacidade de resposta ante a actualidade, aproveitando a axilidade propia da radio e integrándoa co soporte televisivo.

Este avance foi posible, en boa medida, grazas á posta en marcha en marzo de 2022 dun estudio multimedia con realización automática e estética televisiva, que permite trasladar á pantalla contidos radiofónicos con estándares técnicos profesionais. Trátase dunha infraestrutura sobre a que a Corporación realizou un investimento importante e que continúa a mellorarse, tanto nos seus sistemas tecnolóxicos como nas aplicacións asociadas, co obxectivo de optimizar o resultado visual e a integración entre soportes.

Neste contexto, está previsto seguir consolidando este modelo de converxencia. O obxectivo é poñer en valor unha infraestrutura multimedia moderna e eficiente, reforzar a coordinación entre equipos e adaptar o servizo público aos actuais hábitos de consumo, claramente multiplataforma, sempre preservando a identidade propia de cada un dos nosos medios.

5.5.6. Radio Galega Música

Radio Galega Música (RGM) mantén a estratexia de radio fórmula melódica establecida en 2023 coa incorporación de novas hibridacións de estilos musicais e a inclusión de novidades relacionadas coas novas demandas dos públicos e con especial atención á combinación de temas musicais nas linguas galega, castelá e inglesa.

O sistema de reprodución baséase nunha rotación de cincocentas cancións, novas e antigas, coa renovación continua de novidades musicais. Nun ecosistema de radio musical atomizado coa repetición de fórmulas clónicas, RGM mantívose na vontade

dunha radio musical feita dende Galicia para a cidadanía galega, na que a música galega se amalgame con naturalidade con temas doutras linguas.

A emisora experimentou tres incrementos consecutivos de audiencia en 2025, alcanzando os 114.000 oíntes no acumulado anual (de febreiro a novembro) de luns a venres e os 112.000 oíntes de luns a domingo.

A programación artículase en grandes bloques musicais que acompañan a audiencia ao longo da xornada. Desde as 07:00 h ata as 23:00 h apóstase pola radiofórmula sen locutor. Isto, xunto coa ausencia de publicidade, propicia que Radio Galega Música sexa unha opción a ter en conta polos establecementos comerciais como fío musical.

Dende as 07:00 h ata as 09:00 h preséntase a fórmula espertador con ritmos e estilos axeitados para o arranque do día. Dende as 09:00 h ata as 14:00 h prográmase música para o traballo coa vontade de convertérmonos en banda sonora das actividades laborais.

A hora de xantar e as primeiras horas da tarde continúan a mesma tónica cunha selección melódica uniforme, con temas de corte máis relaxado e cadencioso.

Xa no tramo de 18:00 h a 22:00 h préstase atención á audiencia que escoita Radio Galega Música no coche coa fórmula RGM na túa volta á casa', unha selección musical tranquila, sen estridencias e con calidez.

A radiofórmula conxúgase coa emisión de programas de autor creativos, orixinais e especializados en distintos xéneros musicais. Estes programas son espazos de prescrición musical, en tanto que os profesionais que os realizan son expertos en distintos xéneros musicais. Estes espazos acollen o tratamento de temas en profundidade, entrevistas, presentacións, voces de protagonistas, recomendacións e tendencias:

- **'O Lobo urbano'**, música rock.
- **'Ondas Indies'**, música indie.
- **'Cara B'**, coas grandes anécdotas da música.
- **'Raizame'**, músicas do mundo e listaxe World Music Charts Europe.
- **'Tres peixes voando'**, música galega combinada con músicas do mundo.
- **'Fondos reservados'**, cos éxitos musicais do século XX.
- **'Lume na Palleira'**, espazo de música tradicional e folk galego.
- **'De lá para cá'**, música portuguesa.
- **'O rancho'**, os grandes clásicos da música americana.
- **'Saúde & Rock'**, unha viaxe pola historia dos grandes himnos do rock e do pop.

Radio Galega Música programa máis dun 30% de música galega, entendida esta como aquela que está composta en lingua galega pero tamén a realizada por grupos musicais galegos noutros idiomas. As horas de maior atención (horas puntas e medias horas) alcánzanse sempre con música en lingua galega dentro do formato radiofórmula.

A Corporación, con todas as súas canles analóxicas e dixitais, é o único medio no ámbito xeográfico de Galicia que atende a totalidade da produción de música de grupos galegos, en lingua galega e outras. A música creada por galegos é a preferente na totalidade da emisión da primeira canle da Radio Galega en FM. E preto do 100% das músicas empregadas nas sintonías, fondos e cortinas son maioritariamente galegas.

5.5.7. Radio Picariña

Radio Picariña é a primeira canle dixital de música infantil e xuvenil da historia da Radio Galega, creada en xuño de 2018. En 2025 a emisora ampliou o catálogo de cancións coa incorporación dos discos publicados en galego ao longo do ano.

Para acceder aos contidos de Radio Picariña, en a AGalegaAudio.gal, os usuarios deben empregar os accesos ás canles dixitais da Radio Galega, así como ás aplicacións móbiles da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

5.5.8. Programas exteriores de Radio Galega

Na programación da radio pública de Galicia cómpre destacar a presenza en directo en exteriores dos distintos programas que conforman a grella. Esta fortaleza da programación da Radio Galega continuou durante todo o ano 2025.

Neste contexto, realizáronse as seguintes saídas:

- 05/02 | Ao contraataque | Cidade deportiva Afouteza (Mos)
- 12/02 | Ao contraataque | A Malata (Ferrol)
- 21/02 | A tarde | Silleda -Gandagro
- 24/02| Galicia por diante | Santiago – 40 anos de emisión
- 25/02 ao 02/03| O Gran Camiño | Santiago – cobertura dos inicios e finais de etapa con inicio en Portugal e unha etapa máis por cada provincia. Final en Compostela.
- 13/03 | Ao contraataque | Abegondo
- 26/03 | A tarde | Silleda- Sedexpo
- 27/03 | Galicia por diante | Santiago- FP Innova 2025

- 27/03 | Ferrado e medio | Curtis
- 28/03 | Pensando en ti | Soutomaior -Festa da Ostra de Arcade
- 02/04 | A tarde | Ferrol
- 02/04 | Ao contraataque | Ferrol- partido da final europea do Baxi Ferrol
- 10/04 | Mar de ardora | Muxía
- 17/04 | Galicia por diante | Camariñas-Mostra do encaixe
- 13/05 | Galicia por diante | Rebordechao
- 14/05 | Efervescencia | San Cibrao das Viñas- feira Galiciencia
- 17/05 | Galicia por diante fin de semana | Malpica- Letras Galegas
- 06/06 |A tarde | Silleda- Semana Verde

5.6 As plataformas OTT

A consolidación das novas plataformas dixitais, AGalega.gal, AGalegaAudio.gal e Xabarán.gal, en 2025 foi un paso imprescindible para garantir un acceso máis amplo, flexible e inclusivo á cultura, ao entretemento e á información en galego. Consolidadas no 2025 como as principais plataformas dixitais do audiovisual galego, cumpren unha función esencial de servizo público baseada na difusión da cultura, a lingua e a nosa identidade..

5.6.1 Os contidos de AGalega.gal

Nos primeiros meses do ano, a estratexia baseouse en fortalecer os piares fundamentais do servizo público: a emisión en directo, a promoción da ficción galega, a divulgación cultural e científica, a atención á mocidade e a diversificación de contidos para públicos específicos. A partir do segundo semestre, evolucionouse cara a unha plataforma máis viva e competitiva na contorna dixital, reforzando a conexión coa programación da TVG e potenciando a capacidade de viralización dos contidos. Isto permitiu consolidar AGalega.gal como un espazo que combina arquivo, actualidade, entretemento e proxección exterior do audiovisual galego. As principais liñas estratéxicas entre xaneiro e setembro foron as seguintes:

- **Directos e contido en tempo real:** A emisión en directo configurouse como un dos principais elementos diferenciais de AGalega.gal e supón unha das áreas con maior consumo. A plataforma ofrece acceso permanente á canle TVG Europa a nivel global, así como ás emisións da Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Mira RG, garantindo a difusión internacional dos contidos. Ademais mantívose a oferta infantil coas canles Pequerrech@a, Cativos, Mociñ@s, Xabarán

TV e Radio Picariña. O ámbito deportivo ten un peso destacado, con múltiples retransmisións en directo que consolidan a plataforma como referencia do deporte galego. Xunto a isto, ampliouse a oferta de entretemento en directo coa retransmisión de festivais e concertos, reforzando a conexión coa cultura musical.

- **Ficción galega e impulso ao sector audiovisual:** A ficción galega ocupa un lugar central na estratexia de contidos, tanto pola súa capacidade de fidelización como polo seu valor cultural e de apoio á industria. A posta a disposición de series actuais e históricas favorece o consumo continuado (*binge watching*), destacando títulos como 'A coral' ou 'Lume', así como a recuperación de clásicos como 'Pazo de familia', 'Terra de Miranda' ou 'Escoba', que conectan coa memoria colectiva e atraen novos públicos. No ámbito cinematográfico, reforzouse o compromiso coa industria galega coa incorporación de títulos como 'Honeymoon', 'Os fillos do sol', 'Salta' ou 'Amigos ata a morte', e creouse unha sección específica de curtametraxes galegas, con múltiples obras galegas de recoñecida traxectoria nos festivais.
- **Xeración Z e contidos nativos dixitais:** A adaptación aos novos hábitos de consumo da mocidade materializouse na creación do espazo Xeración Z, orientado a públicos novos e caracterizado por contidos de curta duración, unha linguaxe audiovisual áxil e a integración co ecosistema das redes sociais. Nesta liña, pódense nomear espazos como 'Raíña-me!', 'A nosa movida' ou 'Estudante 360', series como 'Merlí', microseries como a multipremiada 'Poscoito', curtametraxes como 'Alicia fai cousas' e contidos divulgativos como 'Se canto é porque quero' ou 'Pandeiretatok'. Este enfoque multiplica o alcance da plataforma e conecta con novas audiencias, reforzando a presenza do galego nas contornas dixitais.
- **Divulgación e servizo público:** A divulgación consolídase como un dos eixos fundamentais da plataforma, con contidos orientados á difusión do coñecemento, á historia e á realidade social de Galicia. Destacan neste punto as docuficcións 'Historias de aquí', as longametraxes documentais como 'Dorothe na vila', 'Os espazos en branco' ou 'Reboiras acción e corazón', así como a serie documental 'Historias a pé de páxina'. Tamén tiveron un papel relevante os contidos nativos dixitais como 'Incalculable' ou 'O imán do Amazonas', xunto con programas como 'Pais en apuros', formato que pretende dar resposta ás dúbidas de pais e nais dun xeito didáctico e divertido.
- **Programas e extensión da programación da TVG:** A plataforma funcionou como extensión natural da programación da TVG, poñendo a disposición todos os programas da grella e ampliando a súa vida máis aló da emisión lineal. Destacan os grandes formatos de entretemento como 'Land Rober Tunai Show' ou 'Desafíos

criminais', que son máis accesibles e están dispoñibles para o consumo baixo demanda.

- **Contidos de nicho e segmentación de audiencias:** Co obxectivo de atender a fragmentación das audiencias, desenvolvéronse seccións específicas con contidos orientados a públicos concretos. Entre elas, destaca 'Palco', centrada nas artes escénicas, con concertos e teatro, e á que se incorporaron títulos tan diversos como 'Mine e o piano de cristal' ou 'Son de seu. Entreterras'; a sección 'Lecer', con propostas como 'Lixa e verniz' ou 'Respira'. E tamén programas dedicados a nichos moi concretos como 'Galician friki'. Esta estratexia permitiu diversificar a oferta e reforzar o valor cultural e patrimonial da plataforma.
- **Ficción e cinema internacional en galego:** A oferta de contidos galegos complementouse cunha ampla selección de ficción internacional dobrada ou subtitulada ao galego na que destacaron series como 'Travesuras da nena mala' ou '1985', así como unha ampla oferta cinematográfica, especialmente nos xéneros de suspense e acción, moitos deles dispoñibles en modalidade *catch-up* tras a súa emisión en televisión.
- **Informativos e conexión coa actualidade:** A totalidade dos servizos informativos da TVG estivo dispoñible na plataforma, sendo o 'Telexornal mediodía' o contido informativo máis consumido, o que reforza o papel de servizo público da CSAG.

A partir do segundo semestre, a plataforma iniciou unha evolución cara a un modelo máis dinámico, orientado á actualidade e á interacción co usuario cos obxectivos de reforzar a visibilidade dos programas da TVG, incrementar a capacidade de viralización mediante a creación de fragmentos e "momentazos". A nova estrutura prioriza os contidos máis relevantes do momento, combina directos, entretemento e información, e incorpora seccións específicas para potenciar tanto o catálogo galego como a oferta internacional.

Cronograma de contidos destacados en AGalega.gal:

Xaneiro

A plataforma reforzou a oferta de contidos cunha combinación de estreos exclusivos, cinema, formatos dixitais e aposta polo audiovisual galego. No eido da ficción e o entretemento, destacou a continuidade da serie 'Salvaxe', consolidada como contido exclusivo da plataforma, xunto coa incorporación de novos formatos como o programa familiar 'Estrelas máxicas' e o espazo divulgativo 'Contando historias', centrado na historia de Galicia. A oferta cinematográfica ampliouse coa incorporación de títulos como 'A caixa

de música', 'A sombra do poder', 'Ao outro lado da lei', 'Os tres días do Cóndor' e 'Testemuña accidental', combinando *thrillers* políticos, dramas xudiciais e cinema de acción. No ámbito da produción galega, incorporouse a serie histórica 'A vida por diante', así como contidos documentais e especiais como 'A vida galega de Leonor. Por que te vas?', reforzando a difusión de historias vinculadas á identidade e memoria colectiva.

Un dos fitos do mes foi a creación dunha sección de curtametraxes galegas, con títulos recoñecidos en festivais, entre eles 'Matria', 'Sandwich Cat', 'Anacos', 'Plus Ultra', 'Xoves de comadres', 'Son unha tumba', 'Montaña en sombra' e 'Mentres iso pasa'. Esta iniciativa consolida o compromiso coa promoción do talento audiovisual galego e coa difusión de formatos curtos de alto valor cultural.

Así mesmo, reforzouse a aposta polos contidos *digital first* coa estrea de formatos como 'Un prato ao día', orientado á aprendizaxe de cociña para públicos novos, e microseries como 'Rent a pal' e 'E logo, quen foi?'. A programación completouse coa incorporación de espazos de entretemento e divulgación, entre eles 'Lévame, lévame', 'Dando a nota', 'Espazo mural' e 'Historias de aquí: A movida', que achegan contidos culturais e sociais desde unha perspectiva próxima e actual. No ámbito das series e ficción dixital, estreáronse títulos como 'O chofer' e a microserie 'A arte de ser mal pai'.

Febreiro

No ámbito da ficción e do entretemento, continuou a emisión de 'Salvaxe' e incorporáronse novos formatos como 'Léocho', orientado á promoción da lectura, e a serie documental 'Recambio climático', centrada na sensibilización ambiental. Reforzouse o espazo da ficción galega coa estrea de 'A coral', unha das principais apostas transmedia do período, e coa serie 'Panorama. O desconcerto', que conecta co fenómeno das orquestras en Galicia. A programación completouse coa incorporación da serie internacional 'O chofer'. No ámbito cultural e artístico, estreáronse espazos como 'Espazo mural', centrado na arte urbana, e incorporáronse curtametraxes galegas como 'To bird or not to bird' e 'O coidado', xunto con novas propostas audiovisuais.

A oferta cinematográfica ampliouse con títulos como 'Vixiados', 'Cuestión de paciencia', 'Unha cita no parque', 'Todo o diñeiro do mundo', 'Gringo: búscase vivo ou morto', 'Axuste de contas', 'Damas de ferro' e 'Deus, por que es tan fato!', combinando diferentes xéneros e procedencias. No ámbito documental, destacaron contidos como 'Julio Camba, o home que non quería ser nada' e 'Inside the microtubule', reforzando a aposta pola divulgación cultural e científica. A programación completouse con novos formatos dixitais como 'A loita' e 'Curso acelerado de galeguidade', orientados á divulgación e á identidade cultural.

Un dos fitos do mes foi a convocatoria dos I Premios AGalega.gal, unha iniciativa de participación cidadá que reforza a relación coa audiencia, e para a que se creou un espazo específico na plataforma.

Marzo

No mes de marzo, destacou a incorporación á programación de contidos musicais e culturais como 'Mine e o piano de cristal' e o documental 'A mirada de Anna', así como pola continuidade de formatos de éxito como a ampliación da serie galega 'A coral'. Ademais, a plataforma reforzou a súa aposta pola diversidade e a innovación coa segunda tempada de 'Raíña-me!' e a estrea da microserie 'Poscoito'. Ademais, a emisión da gala de entrega dos I Premios AGalega.gal foi clave dentro da estratexia de dinamización da comunidade dixital.

Con motivo do Día Internacional da Muller (8M), a plataforma contou cunha programación específica con contidos como a curtametraxe 'Conversa cunha muller morta', o programa 'Elas' e os biopics 'Contou Rosalía', 'Concepción Arenal, a visitadora de cárceres', 'Juana de Vega, vizcondesa do arado', 'Emilia Pardo Bazán, a condessa rebelde' e 'Sofía Casanova, a obreira do pensamento', reforzando o compromiso coa igualdade e a visibilización das mulleres galegas.

A oferta cinematográfica do mes incluíu títulos como 'Sempre Xonxa', 'Señora de', 'Os fillos do sol', 'Honeymoon', 'Caza humana', 'Ao outro lado da lei' e 'Megan Leavy', combinando cinema galego, internacional e documental. No ámbito divulgativo, incorporáronse contidos como 'O videoclub', 'A ollada de Blanco Amor', 'Galicia peza a peza' e novos programas informativos e de servizo público entre os que se poden citar 'Alarma 080' e 'Os gardiáns do mar'.

Abril

A programación de abril reforzouse con series, documentais e contidos de carácter cultural e social, así como pola posta a disposición da serie 'Libro de familia', un dos contidos históricos da Televisión de Galicia. Destacou a estrea da serie 'Punto Nemo', unha das principais apostas do período xunto coa serie documental 'Galicia diversa', centrada na visibilización da diversidade funcional.

A nova oferta cinematográfica incluíu títulos como 'Amor á siciliana', 'Enfrontados', 'A rapaza do tren', 'Rams', 'A cidade perdida de Z', 'Million Dollar Baby', 'Revolución sen sangue', 'O home do norte' e 'Persecución ao límite'. E no ámbito cultural e divulgativo incorporáronse os contidos 'Sons do mundo', 'Arborismos', 'Satélite Xabarín' e o documental 'Os espazos en branco'. Por último, no eido do entretemento e a cultura popular estreáronse 'Galician Friki' e 'Pasaporte galego'. Ademais, coincidindo coa

Semana Santa, AGalega.gal incorporou contidos relixiosos e retransmisións, reforzando o servizo público da plataforma e a conexión coa tradición.

Maio

A celebración das Letras Galegas marcou a programación deste mes. Neste contexto, incorporáronse contidos como 'Se canto é porque quero', 'Non canto por cantare', 'Dorothe na vila', 'Son de seu: Entreterras' e o programa dixital 'Bótalle azucre', xunto cunha canle específica dedicada ás Letras Galegas e un carrusel especial de contidos. En maio puxéronse a disposición da audiencia programas históricos do arquivo da TBVG, como 'Alalá', ou espazos especiais como a gala dos Premios #DígochoEu aos colexios gañadores na edición 2025. A programación completouse con títulos como 'O corno', 'A muller do eternauta', 'Captain Fantastic', 'Coda', 'Premonición', 'Houbo unha vez en América', 'Brazil' e 'Tempo de matar'. No ámbito das series e formatos dixitais, pódense citar 'Incalculable', 'Galician Friki', 'Desafíos criminais', 'Satélite Xabarín' e 'Historias a pé de páxina'. E a curtametraxe galega 'Alicia fai cousas'.

Xuño

As estreas de xuño correspondéronse cos títulos 'Nómades', 'Naturalista do rural', 'A nosa movida' e 'O imán do Amazonas', que reforzan a diversidade temática e a conexión co territorio. No ámbito musical e cultural, destaca 'Unha noite de inverno' e novos episodios de 'Galegos', mentres que a oferta cinematográfica do mes incluíu títulos como 'Os miserables', 'Encerrada', 'A maxia do chocolate', 'Lola e os seus irmáns' e 'O duque', combinando cinema europeo e internacional. No eido infantil e xuvenil, a plataforma reforzouse con novos episodios de 'Doraemon' e 'Shin Chan'. Ademais, incorporáronse novos episodios de 'Punto Nemo' e do videopodcast 'Satélite Xabarín', consolidando a súa estratexia dixital e transmedia.

Xullo

Os contidos en directo e a programación cultural vinculada á música, con retransmisións de concertos do Festival PortAmérica como os de Siloé, La La Love You, Merino, Marisa Valle Roso, Carla Lourdes e Travis Birds foron algunhas das propostas do mes de xullo. Ademais, estreouse a microserie 'Capitán Breomán', e continuou a posta a disposición de ficción galega con novos episodios da serie 'Lume'. A programación da plataforma tamén puxo en valor o arquivo audiovisual da CSAG coa sección 'Especial 40 anos da TVG: Os programas da túa vida', que recuperou formatos históricos da canle como 'Senda verde', 'Tal como somos' ou 'A repanocha'. Seguiuse a actualizar a serie 'Satélite Xabarín', incorporouse o filme 'Nadando en liberdade' e estreouse a curtametraxe 'Escarabana', ademais de incorporar máis contidos de entretemento con 'A superfesta'.

Agosto

Durante o mes de agosto, destacou a estrea do documental 'Jakobsland, tras os pasos de Ulf o galego', centrado na presenza viquinga en Galicia e na súa pegada histórica e incorporación de contidos de ficción como as series 'Terra de Miranda' e 'Escoba', así como unha ampla variedade de títulos cinematográficos. No eido da creación galega, incorporáronse as curtametraxes 'A rabia', '30 70 60 120' e 'Homes', reforzando o apoio ao talento emerxente. Ademais, a programación documental sumou os títulos 'Reboiras, acción e corazón' e novos episodios de 'O gran camiño, grandes rutas a pé do mundo', ampliando a oferta de contidos de viaxes e natureza.

Setembro

Coa nova temporada de outono, a plataforma iniciou unha etapa máis orientada ao contido dixital e á actualidade, reforzando formatos breves e adaptados ao consumo rápido. Destaca nesta liña a estrea da serie dixital 'Respira', centrada no benestar emocional, e do programa 'Galicia de récord', que recolle fitos singulares do territorio en formato breve.

No ámbito da ficción galega, incorporouse ao catálogo a serie 'Pazo de familia', como continuidade de 'Libro de familia'. E no que respecta á oferta cinematográfica sumáronse títulos como 'París pode esperar' e 'Axente oculto', combinando cinema internacional e narrativas contemporáneas.

Este mes tamén estivo marcado pola conexión coa programación de outono da TVG e a visibilización das novidades da grella televisiva.

Outubro

Entre as novidades do mes de outubro, destacan formatos como 'Estudiante 360', que pecha a súa tempada, e a continuidade de programas divulgativos como 'Curando o mundo', así como unha nova entrega do concurso musical 'Sala G', reforzando a conexión coa actualidade televisiva. No eido deportivo e social, a plataforma ofreceu a retransmisión do evento solidario 'Xuntos contra o lume', combinando deporte e compromiso social, e no ámbito cultural pódense citar as emisións das galas da 30ª edición do festival cinematográfico OUFF.

A oferta de contidos ampliouse coa incorporación de *anime* como 'Cabaleiros do Zodiaco' e cinema como 'Johnny English, o regreso', así como con novos episodios do espazo sobre lingua 'Bótalle azucre', un proxecto transmedia que se emite na plataforma pero cunha forte presenza en redes sociais. A aposta pola ficción e o entretemento mantívose un mes máis cos títulos 'París pode esperar' e 'Axente oculto'.

Novembro

Entre as novidades da plataforma no mes de novembro atópanse, no ámbito documental, os últimos episodios de 'Galicia vertical' e novas entregas de 'Terra de cómics', que continúan a explorar o talento creativo galego. A oferta cultural ampliouse coa incorporación do programa da TVG 'Clac', centrado na análise do cinema galego, e coa estrea das películas 'Adeus, señor Haffmann' e 'O home do norte'.

Con motivo do 25N, a plataforma contou cunha sección temática que reuniu contidos como 'Prefiro condenarme', 'O club da calceta', 'Contraaluz', 'Onde máis doe' e 'Tódalas mulleres que coñezo', reforzando o compromiso coa igualdade e a sensibilización social, do que se amplía información en capítulos posteriores deste mesmo informe. Así mesmo, a plataforma prestou especial atención aos contidos da feria Culturgal, desde Pontevedra.

Decembro

A plataforma pecha o ano reforzando a súa programación cultural, cinematográfica e de produción propia, na que destacan contidos divulgativos como 'Terra de cómics' e a estrea da serie 'No seu lugar, outro', centrada na creación audiovisual contemporánea. No eido da ficción galega, o catálogo incorporou a miniserie 'Mar libre', que aborda a historia e os conflitos sociais na Galicia do século XVIII. A oferta cinematográfica incluíu títulos como 'Especiais', 'The Cry', 'Amor a distancia', 'A colonia', 'O Apóstolo', 'Esperanza' e 'Amanda', combinando cinema internacional e galego. Tamén, contidos de produción galega como a curtametraxe 'Ulises' e programas divulgativos como 'Polo rego'. Así mesmo, en decembro rematou a emisión da serie de ficción 'Lume'.

5.6.2.3 Algúns datos sobre AGalega.gal

A finais de 2025, AGalega.gal consolidábase como un grande escaparate do audiovisual galego, superando os 22.000 contidos dispoñibles. A plataforma segue medrando con forza, impulsada sobre todo polas emisións en directo das canles de televisión, que continúan a ser as grandes protagonistas e as máis demandadas pola audiencia. Ao longo do ano, os directos volveron liderar o consumo, mentres que no eido da ficción brillaron tanto títulos xa emblemáticos —como 'Matalobos', 'Pratos combinados', 'Serramoura' ou 'Mareas vivas'— como novas propostas que captaron o interese do público, entre elas 'O home perfecto' e 'A coral'.

No ámbito do entretemento, 'Land Rober Tunai Show' posicionouse como o programa máis visto do ano, acompañado de cifras destacadas para espazos como 'Galicia bonita', 'Hora galega' ou 'Casamos!'. Pola súa banda, os contidos dixitais tamén gañaron protagonismo, con 'Galicia vertical' e 'Réxime' á cabeza das preferencias.

En canto aos hábitos de consumo, o móbil reafírmase como o dispositivo principal, concentrando o 58,4% das visualizacións, seguido do ordenador (25,9%), a tableta (7,7%) e a smart TV (8,1%). Os domingos destacan claramente como o día de maior actividade na plataforma, cunha diferenza notable respecto ao resto da semana, probablemente impulsada polas retransmisións deportivas.

AGalega.gal tamén continúa ampliando o seu alcance máis alá de Galicia. No resto do Estado, Madrid, Andalucía e Cataluña encabezan o acceso á plataforma. A nivel internacional, a audiencia concéntrase especialmente en Inglaterra, Nova Jersey e Nova York (EUA), así como en Vaud e Zürich (Suíza), confirmando o interese global polos contidos galegos.

5.6.2.4 Convocatoria dos Premios AGalega.gal

O lanzamento da plataforma en 2024 marcou un punto de inflexión, abrindo a porta a contidos con novas temáticas, máis diversos e afastados da programación convencional. Co obxectivo de darlles maior visibilidade, puxéronse en marcha no 2025 os Premios AGalega.gal, unha iniciativa que convidaba a cidadanía a participar activamente escollendo os seus contidos favoritos.

Para reforzar o seu alcance, desenvolveuse ademais unha campaña específica en redes sociais. Os resultados foron moi significativos: a campaña acadou preto de 40.000 clics na ligazón, que se traducen nun elevado volume de visitas á web de votación, cun CTR medio do 0,73%.

A estratexia de segmentación por intereses, adaptada aos distintos tipos de contido, permitiu conectar cun público máis cualificado e receptivo, incrementando o interese polos anuncios. Como lectura final, destaca un dato revelador: os premios tiveron un maior impacto entre a xente nova, pero foron as persoas de maior idade as que amosaron un nivel de interacción máis alto, evidenciando así diferentes formas de relación coa plataforma segundo os perfís de audiencia. A entrega de premios realizouse nun evento celebrado na sede central da Galega, en San Marcos (Santiago).

5.6.3. Os contidos de Xabarín.gal

Os medios dixitais e especificamente as plataformas OTT constitúen hoxe unha infraestrutura estratéxica para a distribución de contidos audiovisuais infantís e xuvenís, ao posibilitar un modelo de consumo non lineal, personalizado, multiplataforma e baixo demanda, adaptado aos novos hábitos das familias e da poboación menor de idade.

No caso da CSAG, Xabarín.gal configúrase como unha extensión natural do servizo público audiovisual no ecosistema dixital, garantindo un acceso permanente, universal e desde calquera dispositivo conectado -móviles, tabletas, ordenadores e televisores intelixentes-, eliminando a dependencia da franxa horaria e facilitando o consumo tanto en contornas domésticas como educativas.

Desde o punto de vista da oferta, a plataforma dispón dunha programación ampla, diversificada e segmentada por idades, intereses e valores educativos. Esta abrangue animación preescolar, infantil e xuvenil, contidos musicais, divulgativos e educativos, así como cinema familiar e adolescente, todo iso libre de publicidade.

En termos técnicos e estratéxicos, Xabarín.gal permite:

- Unha distribución eficiente e adaptada aos novos modelos de consumo.
- A segmentación por idades, intereses e perfís educativos.
- A integración de contidos con valores de inclusión, diversidade funcional e identidade cultural.
- A accesibilidade permanente en calquera dispositivo e contorna.
- A consolidación dun ecosistema dixital que garante unha oferta ampla, diversa e de servizo público en lingua galega.
- Durante o ano, a plataforma mantivo e ampliou a súa oferta mediante a incorporación progresiva de novos contidos e a actualización de títulos xa existentes. Reforzouse o catálogo con animación clásica como 'Heidi', 'Marco' ou 'A abella Maia' en versión 3D, así como con estreas galegas como 'Queres un conto' e propostas divulgativas como 'Superheróis da natureza'.

A programación dirixida ao público infantil e xuvenil ampliouse con títulos recoñecidos internacionalmente, entre os que destacan 'As aventuras de Paddington', dispoñible por primeira vez en galego, e contidos educativos como 'Citizen Code', orientados á comprensión da cultura dixital e ao uso seguro da tecnoloxía.

O cinema continuou a ocupar un papel relevante dentro da oferta, coa incorporación de filmes de referencia como 'A tartaruga vermella', 'O neno e o mundo' ou 'Coppelia', reforzando a diversidade e a calidade do catálogo audiovisual.

A plataforma consolidou tamén a súa oferta de series mediante a actualización de títulos xa asentados, como 'Doraemon', 'Shin Chan' ou 'Pipi Mediaslongas', e a incorporación de novos episodios de producións recentes como 'Os Bolechas: historia de Galicia', 'Can cheirento' ou 'A patrulla canina'. No último tramo do ano reforzouse de maneira significativa o catálogo coa incorporación de producións internacionais de amplo recoñecemento, como 'Prodixiosa: As aventuras de Ladybug e Cat Noir', 'As Tartarugas Ninja' ou 'Timmy Time', xunto con contidos orientados á inclusión como 'Maddie e Triggs', centrado na discapacidade visual.

Paralelamente, mantívose a aposta pola produción propia e polos contidos en galego con iniciativas como 'Galiworld', dirixida ao público preescolar, e 'Galego para peques', un proxecto musical audiovisual de alto valor didáctico e accesible mediante pictogramas. A oferta completouse con contidos orientados á aprendizaxe de idiomas, como 'Learning Time with Timmy', e con series dirixidas ao público infantil e preadolescente como 'Mononautas', consolidando unha programación equilibrada entre entretemento e formación.

Durante o período festivo reforzouse a programación especial con contidos temáticos vinculados ao Nadal, combinando estreas, especiais musicais e títulos de referencia da animación internacional, co obxectivo de ofrecer unha experiencia compartida en familia. Neste contexto, incorporouse unha selección de curtametraxes de 'Wallace e Gromit', referente internacional da animación, recoñecido polo seu valor creativo e atractivo interxeracional.

En consecuencia, os medios dixitais e, particularmente, a OTT da CSAG consolidan un modelo de acceso aos contidos infantís e xuvenís máis accesible, incluso, tecnoloxicamente avanzado e culturalmente comprometido, reforzando o papel da corporación como axente clave na educación, no entretemento e na normalización lingüística das novas xeracións.

5.6.3.2 Algúns datos sobre Xabarán.gal

A finais de 2024, Xabarán.gal consolidábase como un referente do entretemento infantil e xuvenil en galego, cun catálogo que xa superaba os 4.600 contidos. A plataforma mantén viva a esencia do Xabarán Club, onde o anime continúa a ser un dos seus grandes sinais de identidade. Proba diso é o éxito de 'Shin Chan', que se posicionou como o contido máis visto do ano. Xunto a el, títulos como 'Bibopalula', que seguiu destacando

tamén en 2025, ou propostas tan recoñecidas como 'A patrulla canina', reforzan unha oferta variada e atractiva para o público máis novo.

No que respecta aos hábitos de consumo, o móbil lidera claramente como dispositivo preferido (49,4%), seguido da smart TV (21,7%), o ordenador (17,7%) e a tableta (11,2%), o que reflicte unha experiencia cada vez máis flexible e adaptada aos distintos contextos familiares. Nas fins de semana concéntranse os maiores picos de actividade, coincidindo cos momentos de lecer.

Ademais, Xabarín.gal segue traspasando fronteiras. Dentro do Estado, Madrid, Andalucía e Castela e León son os territorios con maior acceso á plataforma fóra de Galicia. A nivel internacional, destacan lugares como County Monaghan (Irlanda), Inglaterra e o estado de Illinois (EUA), confirmando a conexión global coa cultura e os contidos en galego desde idades temperás.

6. RELACIÓN CO SECTOR AUDIOVISUAL

6.1 Medidas de apoio ao cine

Os medios públicos galegos manteñen unha intensa implicación co sector audiovisual, unha cooperación institucional e de apoio económico que no 2025 se plasmou na participación en proxectos relevantes de cine, ficción e documentais de produtoras galegas.

Ademais, a CSAG potencia a difusión da actualidade e das actividades das asociacións e dos profesionais galegos, nomeadamente da Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi), da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), do Clúster Audiovisual Galego ou a Academia Galega do Audiovisual. Dentro desa dinámica, e dando cumprimento ao cánon do 6% en apoio á produción cinematográfica, a CSAG seleccionou e apoiou 10 proxectos durante 2025.

Por outra parte, a CSAG acompaña e promove o traballo dun sector e dun tecido empresarial que cada ano conta con máis presenza en festivais e foros de traballo dentro e fóra de Galicia. Esa estreita colaboración implica o seguimento detallado dos proxectos en todas as súas fases, así como a maior presenza posible nos principais festivais e citas da axenda audiovisual.

No 2025 foron:

- Pitching de Producción no Máster en Producción Xornalística e Audiovisual (MPXA, UDC), abril 2025, A Coruña.
- Pitching no Celtic Media Festival, xuño 2025, Cornwall (Reino Unido).
- Pitching do Clúster do Audiovisual Galego 'I+P ideas para producir', o 25 de novembro na Coruña.
- Presenza en xornadas organizadas pola Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi), a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) e o Clúster Audiovisual Galego.
- Presenza no Carballo Interplay.
- Participación nas xornadas FORTA.
- Participación no 'Conecta FICTION' organizado en Cuenca, onde se presentou o proxecto da primeira serie concibida nas catro linguas oficiais do estado, 'Pensión incompleta' en coprodución con 3Cat e EITB.
- Presentación en Asturias da primeira convocatoria 'Asturias e Galicia crean ficción', para a coprodución dunha *sitcom* entre RTPA e TVG.
- Participación no programa 'RTPA Creativa' presentando unha visión global da Ficción "*made in Galician*".
- Participación nas Xornadas Ágora no Festival Novos Cinemas de Pontevedra.
- Presenza institucional en Culturgal, a feira das industrias culturais de Pontevedra.

- Presenza institucional en Cineuropa en Santiago de Compostela.
- Presenza institucional na gala dos Premios Mestre Mateo.
- Presenza institucional no Festival de cine de Ourense (OUFF).
- Presenza institucional no Festival de San Sebastián.
- Participación no FestVal de Vitoria, en setembro, cun panel dedicado ao proxecto 'Pensión incompleta' e a presentación do programa 'A miña gran cidade', coa presenza de Noelia Rey e Boris Izaguirre.

Presenza institucional en rodaxes e preestreas de películas e series:

- Presentación da serie 'A coral'.
- Presentación do documental sobre Rosendo Salvado.
- Presentación do programa 'O novo rei da comedia'.
- Preestrea da serie 'Punto Nemo'.
- Presentación do programa 'Galician friki'.
- Presenza no programa 'A liga dos cantantes extraordinarios' en Ordes (A Coruña).
- Preestrea da serie 'Lume' no Festival de Series Ría de Vigo.
- Presentación do programa de AGalega.gal 'Lixa e Verniz', en Oleiros (A Coruña).
- Preestrea da película 'San Simón' en Vigo.
- Estrea da cinta de animación 'Decorado' na Coruña.
- Presentación e preestrea da película 'Romería' en Vigo.
- Presentación da serie de animación 'Pipo' en Culleredo (A Coruña).
- Presentación de 'O home perfecto' no Festival de Ourense
- Visita á rodaxe de 'O pesadelo das vacas' en Lalín (Pontevedra).
- Presentación en Bertamiráns do programa 'Bonito con bonito'.
- Visita á rodaxe da serie 'Pensión incompleta' en Santiago.
- Preestrea da cinta 'As liñas discontinuas' en Pontevedra.

6.2 Proxectos aprobados no 2025

O rexistro de proxectos audiovisuais, dispoñible no Portal de Transparencia da Corporación, recolleu neste 2025 un total de 314 propostas, entre elas 30 longametraxes, 1 longametraxe de animación, 14 longametraxes documentais, 27 documentais, 13 series, 4 series de animación, 21 radiofónicas mais 202 propostas de programas. Ademais, actualizáronse os procedementos relativos á presentación de proxectos:

- Resolución do 29 de setembro de 2025 pola que se establece o procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais.
- Resolución do 24 de novembro de 2025 pola que se establece o procedemento de presentación de programas radiofónicos e sonoros.

Tralo exhaustivo traballo de valoración e selección realizado pola Comisión Directiva de Programación e atendendo ás disponibilidades orzamentarias, propúxose participar en 10 proxectos, dos que 7 son longametraxes cinematográficas, 2 son longametraxes documentais e 1 é unha longametraxe de animación.

Os proxectos seleccionados foron os seguintes:

- **‘Adeus, Berta’, de Kraken Media Films.** Un drama social con toques de humor que aborda o conflito da “xeración perdida” que nos anos 80 caeu no abismo das drogas. Ofrece unha mirada persoal sobre os danos colaterais no seo da familia. O proxecto está avalado pola mestura entre o talento emerxente e a traxectoria sólida da produción executiva.
- **‘Islandia’, de Matriuska Producciones, S.L.** Proposta autoral de Alfonso Zarauza, nun filme de madurez centrado nuns personaxes que transitan entre dous espazos vitais e físicos (Islandia) e que transmiten os seus estados de ánimo de forma contemplativa e evocadora.
- **‘Cariñena. Viño do mar’, de Producións A Fonsagrada, S.L.** Adaptación da novela ‘Cariñena’ de Antón Castro, premio Nacional de Periodismo Cultural. Trátase dunha *road movie* de iniciación que relata a historia dun mozo galego que foxe do servizo militar e viaxa a Zaragoza, onde vivirá unha historia de amor compartindo as ansias de liberdade que representan a toda unha xeración.
- **‘Os Invitados’, de Frida Films, S.L.** É unha historia da Europa moderna e a segunda obra de dous directores noveis, Cristina Diz e Stefan Buzmülhen, con traxectoria en festivais internacionais. Unha emotiva *road movie* que trata sobre a migración e o apoderamento feminino.
- **‘Roubáchesme o corazón’, de Ficción Producciones, S.L.** Comedia romántica de acción que contén elementos esenciais para captar a atención do espectador: unha historia de amor, un plan para roubar e unha persecución policial.
- **‘A Nadadora’, de Setembro Cine, S.L.U.** É un *coming of age* dirixido por Sandra Sánchez, desenvolto na década dos 90 na Costa da Morte, onde vive Nico, que planea fuxir da vila para sempre.
- **‘A morte nos teus ollos’, de Sétima, Sociedade Cooperativa Galega.** Debut cinematográfico de Guillermo de Oliveira, que achega un *thriller* inspirado en feitos reais.

- **‘Mu-ki-ra, Choco e a selva máxica’, de Abano Producións, S. L.** É unha aventura musical de animación que transcorre na selva multicolor e pon o foco no valor da diversidade, a empatía e o amor.
- **‘Hoxe e o resto do mundo’, de Matriuska Producciones, S. L.** Esta película documental propón unha viaxe a través das innumerables facetas de Isaac Díaz Pardo, que, por un momento, logrou cambiar a historia de Galicia colocándoa no mapa internacional da arte, o deseño, a industria e o pensamento de vangarda.
- **‘Rumbo ás estrelas’, de Meteórica Cine, S.L.** Presenta unha proposta documental sobre unha viaxe ao espazo da man de Begoña Vila, a científica galega da NASA.

Con estas achegas á produción cinematográfica, a Corporación continúa a potenciar a súa estratexia de apoio ao sector audiovisual, que cada vez adquire un maior impacto no mercado internacional.

6.3 Relación global co sector audiovisual

A importancia da CSAG para o sector audiovisual de Galicia reside no seu papel como catalizador do talento local. Ao apoiar profesionais dos ámbitos creativo, artístico e técnico, a Corporación non só impulsa a industria, senón que actúa como escaparate da nosa identidade cultural no exterior. Esta estratexia de apoio desenvólvese principalmente a través de:

- **Dinamización da industria:** A produción externa alimenta e verteбра a programación e os principais espazos de *prime time* da grella.
- **Xestión de proxectos:** Para organizar a recepción de propostas, a CSAG utiliza un protocolo de rexistro que garante un proceso homoxéneo e eficaz. Este sistema modernizouse en setembro de 2025 cunha aplicación de rexistro de proxectos que facilita a presentación e xestión dixital da documentación requirida.
- **A liña de apoio aos proxectos cinematográficos que nacen desde Galicia** está regulada en cumprimento da lei do chamado 6%, a efecto de promover a construción de plans de financiamento sólidos que fomenten a coprodución e a competitividade. No novo protocolo prevense dúas convocatorias anuais: outubro-novembro e maio-xuño.

- A CSAG acompaña **novas fórmulas de produción**, como foi o caso de series como ‘O home perfecto’ ou ‘O Asasino do pelo roxo’, construídas valéndose de fórmulas de financiamento que implican a entrada de investidores e que garanten produtos máis ambiciosos e de calidade; produtos que, á súa vez, acrecentan a visibilidade e posta en valor da lingua e do talento de noso no marco audiovisual.
- Establécense iniciativas que estreitan os lazos de **colaboración coas televisións autonómicas**. Este é o caso do proxecto ‘Pensión incompleta’, a primeira serie de ficción concibida para mostrar a diversidade lingüística e cultural dos territorios. Esta fórmula de coprodución presenta e realza os idiomas cooficiais, distintivos da identidade de TVG, 3Cat e EITB. Na mesma liña está a convocatoria lanzada xunto con RTPA, que reforza a irmandade coa televisión veciña pola marxe cantábrica e posibilita a primeira *sitcom* en galego e asturiano co obxectivo de potenciar os valores distintivos de ambas comunidades.
- Lánzase no 2025 unha nova edición da **convocatoria de contidos dixitais** dirixida á busca de formatos e creadores innovadores e adaptados ao mundo dixital co obxectivo de transcender a produción dos contidos tradicionais da televisión lineal e focalizar en contidos concibidos cunha linguaxe e narrativa propias das redes e dos distintos soportes transmedia.
- Ademais, a CSAG realiza importantes achegas complementarias ao sector audiovisual na forma de prestación de servizos, tales como poden ser a dobraxe ou o subtítulado, entre outros, que representan volumes relevantes en termos de servizo e mesmo orzamentarios. A estes hai que sumar as achegas en materias como os servizos de información, grafismos, alugueiros de estudos, servizos de *streaming* e traballos exteriores de apoio á produción e á circulación polas canles dixitais, ou colaboracións en diversos programas e proxectos de televisión, radio ou ámbito dixital.

O vínculo entre a Corporación e o sector audiovisual transcende o ámbito cinematográfico e inclúe a produción de todo tipo de programas, ben sexan ficción, documentais, contidos infantís, e tamén a adquisición de produtos e servizos de todo tipo, de nova tecnoloxía ou de desenvolvementos.

6.4 Promoción e presenza exterior das producións galegas

2025 foi un ano de intensa actividade para Televisión de Galicia no relativo a accións promocionais e de visibilidade da marca. Esta actividade articulouse arredor de tres eixes principais, destacando especialmente o primeiro deles:

- A **celebración do 40 aniversario** de Televisión de Galicia non foi só un evento interno, senón unha campaña de imaxe de marca que vertebrou toda a programación e actividades da Corporación na permanente busca de conexión directa cos espectadores. O momento destacado do ano foi a gala conmemorativa, 'O día G: onde estás ti', que liderou o *prime time* da noite do 25 de xullo.
- A **escala nacional** destaca o traballo realizado na busca de produtos atractivos para o público que reforcen a misión de servizo público das televisións autonómicas e mostren a decidida vontade de unir esforzos para dar visibilidade á riqueza de culturas, linguas e valores identitarios das distintas comunidades.
- **No eido internacional**, a presenza de Televisión de Galicia consolídase no escaparate do Festival Celtic Media 2025, onde obtivo 17 candidaturas, tales como as das películas 'As neves' e 'Xustiza artificial' na categoría de Mellor Filme, a Radio Galega como Mellor Estación de Radio do ano, o presentador Kiko Novoa como candidato a Presentador do Ano en Radio e o cirurxián Diego González Rivas como candidato na categoría de *Factual Series* con 'Curando o mundo'. Finalmente, a candidatura que se alzou co galardón a mellor filme en Cornualles na 46 edición do certame foi a película 'Xustiza artificial'. Os Circom Prix, os premios das televisións rexionais de toda Europa, tiveron tamén presenza galega con varias candidaturas e con produtos tan diversos como 'Raíña-me', 'Lévame lévame', 'Curso acelerado de galeguidade' ou 'Curando o mundo'.

Percorrido exterior de producións galegas

A Corporación segue a cultivar alianzas con socios europeos que propician sinerxías. Un claro exemplo son os contidos conxuntos coa canle pública lusa RTP e que contan co apoio das principais plataformas ou distribuidoras internacionais.

Estes acordos garanten un alcance maior dos produtos *made in Galicia* ao incrementaren a súa capacidade de chegar ao mercado audiovisual global. Neste senso, a Corporación esforzase en potenciar iniciativas que impulsen a distribución dos contidos galegos no mercado e aumenten o seu atractivo comercial.

Deste 2025 pódese destacar o feito de que algunhas series de ficción de librería xa clásicas, como ‘Serramoura’, ‘Dalia’, ‘Motel Valkirias’ ou algúns documentais como ‘O caso de Diana Quer’ ou a serie de *true crime* ‘Na mente do asasino’, seguen despertando interese no mercado.

Ao longo do ano pasado desenvolvéronse negociacións con distintas plataformas dixitais e televisións internacionais co obxecto de ofrecerlles contidos en lingua galega correspondentes á librería de Televisión en Galicia. Concretáronse ademais accións de venda, froito da colaboración con televisións internacionais como a ORF austríaca ou a xaponesa NHK, que estiveron en Galicia atendendo eventos musicais de interese para os seus territorios: ‘Mine e o piano de cristal’ e o concerto ‘The Golden note’.

O interese da CSAG por explorar novas oportunidades de negocio no actual ecosistema dixital continúa sendo clave e as plataformas dixitais da Corporación son un magnífico escaparate do catálogo de produtos con selo galego.

7. DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

7.1 Creación da nova canle TVG en Ultra Alta Definición

En marzo do 2025 a Corporación deu comezo á difusión do sinal da primeira canle de Televisión de Galicia con parámetros de Ultra Alta Definición (UHD) a través do múltiple autonómico, converténdose na primeira canle autonómica de España en contar cunha canle en UHD na TDT.

Tamén no pasado ano estableceuse vía Real Decreto o novo Plan Técnico Nacional, que regula e impulsa o proceso de evolución tecnolóxica da TDT á futura nova tecnoloxía de transmisión DVB-T2, o que vai permitir unha maior capacidade para dispoñer de máis canles UHD nun mesmo múltiple, i.e., normalizar o UHD na TDT. A evolución tecnolóxica dos últimos anos permite un uso máis eficiente do espectro radioeléctrico, grazas a novas tecnoloxías de codificación como a HEVC, ou tecnoloxías de transmisión como o devandito estándar de transmisión DVB-T2.

A nova canle TVG-UHD prové á cidadanía as seguintes novas características:

- Resolución incrementada da imaxe a 4K en lugar da actual 720p.
- Codificación do sinal de vídeo tipo HEVC (H.265), de maior eficiencia que a actual H264.
- Implementación de alto rango dinámico (HDR) na imaxe, de tipo HLG10, o que mellora o contraste da mesma con respecto á actual SDR (rango dinámico estándar).

O obxectivo último é dotar de maior calidade as emisións da CSAG, potenciar a súa relevancia e xustificar a continuidade da TDT como medio de distribución universal ao cidadán galego.

7.2 Renovación do sistema de control de Continuidade

A Corporación, na súa sede central de Santiago de Compostela, conta cun sistema de control da continuidade que integra un equipamento no que cada compoñente está sincronizado para que a emisión flúa sen interrupcións, mantendo así a calidade das canles de televisión.

A CSAG elabora a emisión simultánea de catro canles de televisión, o que require unha planificación meticulosa e unha execución técnica perfecta para garantir que os contidos producidos cheguen aos espectadores de maneira continua e coherente. Nesta contorna, o sistema de continuidade xoga un papel moi importante como punto principal da emisión no que se asegura que todos os elementos técnicos estean sincronizados para unha transmisión sen fallos durante as 24 horas.

As catro canles de televisión producidas son TVG, G2, TVG Europa e TVG América. Estas canles envíanse a través dos diferentes medios de transmisión: rede rexional da TDT, internet, satélite, redes privadas dos diferentes operadores, etc. No 2025 levouse a cabo a renovación do sistema de continuidade de cara a manter nas mellores condicións e sen corte as emisións.

O alcance do proxecto contemplou o seguinte equipamento:

- subsistema de inxesta e playout (gravación e reprodución).
- As matrices de conmutación.
- Os mesturadores de audio e vídeo.
- As subtituladoras.
- Subsistema de branding (grafismo).

7.3 Radio Galega: novo sistema de produción

O proxecto de dixitalización da Radio Galega é o chanzo final da engrenaxe de dixitalización da Corporación, unha vez rematado o proceso de transformación de Televisión de Galicia, iniciado en 2017, a creación do portal G24.gal e o lanzamento en 2024 das plataformas OTT: AGalega.gal, AGalegaAudio.gal e Xabarín.gal. Ao longo do último exercicio traballouse para licitar a adquisición dun novo sistema de produción para a Radio Galega.

O centro principal de produción da CSAG, situado en Santiago de Compostela, conta con diversos estudos de radio e instalacións técnicas desde as que se emiten diariamente catro canles de radio: Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e a emisora infantil Radio Picariña.

Estes sinais distribúense a través de emisoras de FM e TDT en toda a comunidade, así como por satélite e Internet. Tamén se realizan publicacións diarias de múltiples contidos nas distintas plataformas dixitais.

As instalacións actuais destinadas á produción serán renovadas para adaptarse ás novas necesidades tecnolóxicas e funcionais que demanda o mercado. Este proxecto de instalación dun novo sistema contempla a renovación das ferramentas de produción de noticias, programas e entretemento, integrándose nunha estratexia de compartir recursos co centro de proceso de datos e medios da TVG, e fusionando nun único centro servidores e aplicativos necesarios para un novo sistema de produción que abrangue tanto o centro de San Marcos como as delegacións da Radio Galega. Tamén se abordará a renovación do equipamento dos controis, modernizando e simplificando as tarefas de compartir noticias e pezas para a publicación tanto nos directos, nas gravacións coma nas publicacións na Internet.

A posta en marcha do sistema de produción dixital permitirá á Corporación adoptar un enfoque plenamente orientado ao modelo *digital first*, no que os contidos se conciben e deseñan prioritariamente para a súa distribución en plataformas dixitais e redes sociais. Fortalecerá a visibilidade da Corporación nos novos espazos de consumo, incrementará a capacidade de resposta e achegará unha oferta máis personalizada, moderna e próxima ao público máis novo.

7.4 Maximizar o transporte de sinais de audio e vídeo das canles da Corporación, nomeadamente as internacionais, facendo uso de Internet

A Corporación xestiona os seus recursos para que os seus servizos estean dispoñibles para todos os usuarios, empregando diferentes medios para emisións terrestres, por satélite, e nos últimos tempos habilitando servizos a través da internet para a difusión das plataformas dixitais, o que facilita o acceso a contidos en galego desde calquera lugar do mundo.

Internet representa un medio eficaz e globalmente difundido para a transmisión de sinais de vídeo e audio desde o punto de creación ata os puntos de destino. Isto ofrece vantaxes significativas como a seguridade no envío de datos, a flexibilidade para escalar servizos ou a calidade e a optimización dos recursos ao eliminar a dependencia de tecnoloxías tradicionais, como o satélite, con maior custo e retardo. Ademais, facilita a integración con sistemas modernos, garantindo unha entrega eficiente, accesible e de calidade. O obxecto deste proxecto é facilitar e, en consecuencia, maximizar o transporte (procesado, recepción e transmisión), facendo uso de internet, dos sinais de audio e vídeo das canles da Corporación, nomeadamente das internacionais procedentes de diversas fontes desde a CSAG.

7.5 Ciberseguridade: adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade

A Corporación presta un servizo público esencial no que a dispoñibilidade continua das redes e sistemas é un requisito imprescindible. Neste contexto, a certificación no Esquema Nacional de Seguridade (ENS) de nivel medio constitúe unha garantía estratéxica para asegurar a continuidade do servizo público mesmo diante de incidentes graves, fallos técnicos ou ciberataques deliberados.

O ENS establece o marco común de principios, requisitos e medidas de seguridade aplicables ao sector público e ás entidades que prestan servizos de interese xeral. O nivel medio do ENS supón a adopción dun conxunto estruturado de medidas técnicas e organizativas orientadas a protexer a dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, autenticidade e trazabilidade dos sistemas de información e das comunicacións electrónicas. Para unha empresa pública de radiotelevisión, esta certificación non é un simple requisito normativo, senón unha ferramenta clave para reforzar a confianza cara á cidadanía. O ENS de nivel medio esixe identificar os servizos críticos, analizar o seu impacto ante interrupcións e establecer medidas de continuidade e recuperación axeitadas, evitando a improvisación en situacións de crise.

Esta aproximación sistemática permite:

- Reducir o tempo de indispoñibilidade ante incidentes.
- Priorizar a recuperación dos servizos máis críticos.
- Dispoñer de procedementos claros e probados para actuar fronte a fallos ou ataques.
- Mitigar riscos operativos, reputacionais e institucionais.
- Mellorar a gobernanza da seguridade da información.
- Garantir a calidade e continuidade do servizo á cidadanía.

O contexto actual caracterízase por un incremento constante da frecuencia e sofisticación dos ciberataques. A certificación ENS de nivel medio implica unha xestión activa do risco, a implantación de controis técnicos adecuados, así coma outras medidas de formación e concienciación, e a mellora continua das capacidades de detección, resposta e recuperación ante incidentes.

Tralo traballo de adecuación desenvolvido ao longo do 2024 e 2025, a Corporación acaba de certificarse no Esquema Nacional de Seguridade de nivel medio, unha decisión estratéxica que vai máis alá da seguridade técnica e supón un compromiso coa continuidade do servizo público e coa confianza da cidadanía.

7.6 Ciberseguridade: equipamento de seguridade perimetral

A Corporación precisa de sistemas de información adecuados para salvagardar a seguridade da información que xestiona. Neste senso, dispoñer dun sistema de cortalumes axeitado é a prioridade principal de cara a garantir a seguridade perimetral.

Para acometer a securización de novas zonas a 10Gb, faise precisa a renovación da plataforma existente de xeito que se poida garantir o rendemento dos equipos de seguridade perimetral. A substitución do principal equipamento mediante o novo equipamento redundante permitirá alcanzar este obxectivo. Por ese motivo, no 2025 publicouse a licitación que dará cobertura a estas necesidades.

7.7 Implementación do uso da intelixencia artificial xenerativa na produción

A implantación de ferramentas de intelixencia artificial (IA) xenerativa e mellora audiovisual na produción e posprodución da Corporación supón un acelerador da misión de servizo público: máis contido de calidade e mellor posta en valor do arquivo, mantendo (e reforzando) a confianza cidadá. A IA aplicada á creación de grafismos, ilustracións e pezas de apoio mellora a eficiencia.

As diversas aplicacións de IA implantadas na Corporación no último período permiten mellorar a estabilidade das imaxes, reducir a dependencia de bancos externos de grafismos, o escalado de imaxes, o restaurado de materiais de baixa calidade ou de contidos comprimidos para adaptalos a pantallas actuais, como por exemplo as pantallas de resolución 4K. Os estándares de maior resolución (por ex. UHD) incrementan as esixencias de infraestrutura e arquivo.

7.8 Incremento da capacidade de almacenamento de datos mediante a adquisición de novo equipamento

A necesidade de incrementar a capacidade de almacenamento de datos da Corporación responde a un motivo dobre. Por unha banda, para dar soporte de infraestrutura ao futuro novo sistema de produción para a Radio Galega, dado que se

prevé un incremento da demanda debido á cantidade crecente dos vídeos xerados no estudio 5 da Radio Galega e outros contidos multimedia necesarios para as operacións diarias.

Por outra banda, a necesidade de renovar as cabinas de almacenamento actuais que se empregan para os sistemas corporativos e para os contidos destinados a publicación nas webs, por estaren próximas á fin da súa vida útil e, deste xeito e de forma simultánea, para adaptar a capacidade á demanda actual.

Para dar cobertura a estas necesidades, a Corporación participou mediante un contrato baseado no acordo marco licitado por AMTEGA para subministración de equipamento para as plataformas de almacenamento NAS e SCALE-OUT da Xunta de Galicia. O alcance incluíu a instalación e soporte de novos elementos de almacenamento para novas cabinas de almacenamento tipo NAS dos sistemas corporativos e ampliación do clúster de almacenamento NAS Isilon actual da Corporación, asociado ao sistema de produción dixital da TVG e da RG.

8. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A corrección lingüística é unha das primeiras manifestacións da calidade informativa e de entretemento dos medios públicos, que son modelo de lingua comunicacional e referencia lingüística. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia comparte plenamente a importancia de garantir un modelo lingüístico coidado, coherente e conforme ás recomendacións das institucións normativas, en particular da Real Academia Galega (RAG).

O uso correcto da lingua constitúe unha responsabilidade esencial do servizo público, aínda que as dinámicas propias da produción audiovisual poden implicar usos non uniformes da lingua, nomeadamente na expresión oral.

A CSAG mantén un compromiso firme coa promoción dun galego de calidade, vivo e correcto, e traballa de maneira continua na mellora dos seus estándares lingüísticos, tanto no ámbito interno como na súa proxección pública. A calidade lingüística é imprescindible, xa que a súa ausencia podería provocar unha falta de empatía ou recoñecemento por parte da audiencia á que serven a Televisión de Galicia, a Radio Galega e todas as súas canles e plataformas dixitais.

Esa corrección lingüística bascula en varias fronteas, todas elas importantes e obxecto de atención desde os inicios dos medios públicos, en 1985, por parte dun equipo de asesores lingüísticos. Entre esas fronteas están:

- **Léxico.** Quizais un dos primeiros elementos en que máis se fixa a audiencia. O criterio vén marcado polo dicionario normativo da RAG, se ben non dá resposta a todas as realidades que se tratan nos nosos medios, e segue sendo preciso e inevitable o labor dos lingüistas. Despois de corenta anos de existencia, o léxico básico está normalizado para os profesionais da comunicación ao tempo que para a audiencia. Ademais, o lingüista asesora no uso apropiado de sinónimos e nas precisións semánticas. E tamén deberá decidir ou recomendar o uso de palabras dialectais cando sexa oportuno, pois non se pode esquecer, dentro da nosa responsabilidade de servizo público, que servimos a toda Galicia.
- **Gramática.** Quizais se trate do aspecto en que máis se corrixe. A figura do asesor lingüístico é precisa sobre todo en aspectos como a sintaxe ou os verbos, para axustes de tempos, perífrases e aspectos verbais.

- **Fonética.** É a manifestación esencial da lingua, polo que é imprescindible nos profesionais do xornalismo. É ademais un aspecto de atención continua nos procesos de selección e que implica seguimento por parte dos asesores. Si deben considerarse superados os problemas existentes de consonantismo dos primeiros anos, particularmente coa fricativa palatal xorda (x) e co -n velar.
- **Entoación.** Aínda que para algúns tipos poden existir varias opcións, no caso das enunciativas, con liña entoativa e tonema precisas e indiscutibles, é un aspecto ao que procede seguir prestando atención. A ameaza para a entoación do galego vén sobre todo dos modelos de fóra, xa non só do castelán.
- **Estilo.** Dentro da subxectividade consubstancial a este aspecto, o feito de sermos medio público invita ao uso, particularmente en informativos, dun modelo de rexistro culto, que en programas se pode relaxar. Os lingüistas encárganse de asesorar no uso das variedades diastráticas, así como as construcións sintácticas ordenadas e canónicas ou a correcta puntuación, que no caso das lendas poden dar lugar a ambigüidades ou sentidos equivocados. Neste sentido, agrádese a colaboración dos redactores con sensibilidade estilística, pois ese traballo mutuo é garantía de calidade.

O dicionario da Real Academia, a Fundeu ou o Nomenclátor da Xunta de Galicia axudan, alivian a carga de traballo, resolven dúbidas de maneira inmediata e achegan seguridade. Pero estas novas ferramentas non poden facer descansar a atención ao propio patrimonio da lingua ou levar a non facer un traballo propio para solucionar ou adaptar as terminoloxías ao mundo da comunicación, polo que debe manterse acesa a atención ao estudo sobre todo lexicográfico e á definición de modelo lingüístico dos medios públicos, do que somos últimos responsables.

O labor principal do equipo de asesores lingüísticos da CSAG consiste en supervisar e corrixir a lingua galega nas canles da Corporación, así coma en todos os textos administrativos, xurídicos e corporativos. O servizo intégrase na Dirección de Proxección Social, dentro da Oficina de Dirección Xeral.

Desde o equipo de asesores lingüísticos, formado por nove profesionais, garántese que os textos e locucións se axusten á normativa gramatical e lexicográfica emanadas da Real Academia Galega. Este equipo resolve diariamente cuestións de terminoloxía para realidades novas que non sempre son tratadas pola Real Academia Galega ou que reciben resposta con posterioridade. Neste sentido, os lingüistas da Corporación sempre resultaron ser, pola natureza do seu medio, os primeiros que se enfrontan a certos

problemas terminolóxicos e de adaptación lingüística, o que supuxo sempre un dificultade engadida que non existe noutros ámbitos, nos que non teñen o problema da inmediatez.

O equipo tamén desenvolve, máis aló dos seus compromisos laborais, iniciativas de investigación e divulgación da lingua, con propostas pedagóxicas e de participación dos cidadáns, asumindo así en plenitude o cometido de normalizadores da lingua. Neste sentido, os lingüistas da CSAG levan desde o 1985 traballando en propostas lexicográficas a realidades novas.

8.1 Adaptación a novas necesidades da Corporación

Desde a creación dos medios públicos, os cometidos dos lingüistas fóronse adaptando á evolución e ampliación dos medios. Actualmente é xa unha realidade a atención que require a lingua dos contidos en redes sociais e nas canles dixitais.

Nesta liña, os asesores lingüistas asumiron novos roles na redacción da Radio Galega, na de Programas da TVG e na área de Produción Allea, dentro do departamento de Contidos.

Ademais, os portais G24.gal e csag.gal requiren tamén da súa atención e obrigan a reforzar a revisión destas ventás informativas. Así mesmo, os asesores asignados á redacción de Programas e na área de Produción Allea adáptanse ás necesidades destas áreas, que afectan aos contidos de produción propia, programas en directo de produción externa, series de animación, cine e documentais.

8.2 Equipo de asesores lingüistas

Nove asesores lingüistas repártense nas distintas redaccións e departamentos da CSAG, en distintas quendas horarias e de luns a domingo. A Radio Galega, as distintas redaccións da TVG e a área de Tempo Real, que cobre os contidos dixitais, contan con asesores que revisan a produción informativa e de entretemento, así como a documentación administrativa e corporativa. Tamén prestan cobertura a outros contidos, como os propios da área comercial, corporativa e administrativa.

8.3 Principais cometidos

Os principais cometidos do equipo de asesores lingüísticos son:

- Asegurar a corrección no uso da lingua das emisións e da documentación xerada de todo tipo.
- Coidar de que a lingua se axuste á doutrina gramatical e lexicográfica da RAG. Dado que non existe unha gramática oficial como tal, e posto que o dicionario oficial está en fase de elaboración, atópanse continuamente dificultades que solventar con oficio lingüístico e o sentido corporativo propio dun medio público.
- Axudar a manter con coherencia un rexistro idiomático unha vez elixido. As distintas propostas informativas e de entretemento poden presentar tamén distintas opcións diastráticas, dentro da corrección, que unha vez decididas se deben manter.
- Proporcionar recursos orais tradicionais e literarios como metaloxismos, figuras lóxicas, ironía, retransca ou riqueza de imaxes nas redaccións e descrições (aínda que haxa ilustración sonora e visual).
- Proporcionar material lexicográfico e fraseolóxico para conseguir un texto rico e afinado, ademais de correcto.
- Axudar no modelo entoativo e prosódico. Aínda que se realizaron varios cursos de formación nesta materia, o equipo de lingüistas sempre traballou con autonomía neste aspecto tan importante da lingua oral.
- Ofrecer, na medida do posible, un modelo de lingua da comunicación en galego recoñecible, académico, sen renunciar á riqueza dialectal e que os galegos non sintan alleo nin artificial.

Ademais destes asuntos xenéricos, os asesores encárganse doutros aspectos extralingüísticos:

- Revisar e corrixir topónimos. Por defecto, revisan todas as entidades de poboación segundo o criterio do Nomenclátor de Galicia. Ademais de ser de cumprimento obrigatorio, como servizo público a CSAG debe coidar de que ningún galego vexa o seu topónimo usado incorrectamente.
- Revisar e corrixir textos con criterios de edición, podendo tratarse de temas convencionais que en moitos casos presentan distintas solucións noutros medios de comunicación, coa obriga de ofrecer unha liña coherente por parte da CSAG.
- Corrixir erratas ou equívocos. A inmediatez e a habitual celeridade e prontitude propios das redaccións informativas fan inevitables este tipo de descoidos, que o asesor lingüista detecta e corrixe en numerosas ocasións, servindo neste sentido de filtro de calidade.

8.4 Participación en procesos de selección

Os asesores lingüistas participan en todos os procesos de selección realizados na Corporación ao longo do ano, tanto para a selección de contratos en prácticas ou na ampliación de listaxes das distintas categorías laborais.

No 2025, participaron en 34 probas, para as seguintes categorías laborais:

- Operador-montador de vídeo (1)
- Técnico de control da radio (1)
- Control de cámara (1)
- Redactor (3)
- Deseñador gráfico (1)
- Axudante de realización (2)
- Relacións públicas (2)
- Analista programador (1)
- Operador de posproducción (1)
- Iluminador (2)
- Documentalista (2)
- Reporteiro gráfico (1)
- Locutor-presentador (1)
- Titulado medio (1)
- Locutor de radio (4)
- Auxiliar de programas (1)
- Promotor (1)
- Técnico de son (2)
- Cámara de primeira (1)
- Maquillador (2)
- Técnico electrónico (1)
- Técnico de iluminación (1)
- Técnico administrativo (1)

8.5 Relacións con institucións académicas e lingüísticas

O equipo de lingüistas mantén contactos coas autoridades institucionais e académicas en materia de lingua galega, co fin de aplicar as súas decisións, consultar dúbidas, recibir formación e manter, en xeral, unha comunicación enriquecedora.

- Coa Real Academia Galega, en desenvolvemento do convenio asinado con esta institución.
- Co Centro Ramón Piñeiro, para a achega de material informativo para fins investigadores, particularmente para as investigacións do Corpus de referencia do galego actual (CORGA).
- Coa Facultade de Filoloxía da USC e o Instituto da Lingua Galega, para consultas e formación dos asesores lingüistas da CSAG. Esta relación é recíproca, pois contan tanto USC como ILGA coa CSAG para solicitude de material gravado e para proxectos lingüísticos, tanto en Galicia coma fóra, nos que a lingua dos medios é motivo de estudo. Concretamente, este ano colaborouse co Centro Europeo de Asuntos Minoritarios a través dunha solicitude da USC.
- Coa Facultade de Filoloxía da USC para acoller bolseiros que veñen realizar as súas prácticas curriculares. Colaboran todos os membros do equipo de lingüistas para que os bolseiros coñezan todas as realidades das que se ocupan.
- O equipo forma parte activa do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade.

8.6 Colaboracións de normalización lingüística

Os lingüistas tamén desenvolven iniciativas de investigación e divulgación da lingua, que teñen lugar nos distintos medios da CSAG, con maior presenza nestes últimos anos no contorno dixital. Concretamente, este ano desenvolveuse a colaboración 'Apalabradas' no magazine da mañá dos sábados da Radio Galega do coordinador de lingüistas. Explícanse curiosidades lexicográficas, coméntanse correccións para un bo uso da lingua e recórdanse palabras que van estando en desuso.

9. A PROXECCIÓN SOCIAL DA CSAG

A Dirección Xeral da CSAG engloba a Dirección de Proxección Social, desde a que se coordina e xestiona a comunicación corporativa e as relacións institucionais da Corporación, entre outros cometidos. Proxección Social inclúe a área de Relacións Públicas e as de Prensa, Coordinación Creativa, Responsabilidade Social Corporativa e, desde mediados de 2025, o novo servizo de Alfabetización Dixital, así como a coordinación dos asesores lingüistas que traballan na TVG e a Radio Galega.

A planificación da comunicación corporativa desenvólvese baixo o territorio de comunicación da Dixitalización de Galicia e un dos seus principais eixes de traballo é o deseño e a produción das #AcciónsG, as campañas de servizo público que se enmarcan nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU. En 2025, estas accións xiraron arredor do 40 aniversario da Corporación, permitindo aos medios públicos achegarse á cidadanía e abrir o aniversario á participación da sociedade.

9.1 Responsabilidade Social Corporativa

9.1.1 #AcciónsG

As #AcciónsG da CSAG son as iniciativas de RSC coas que a Corporación se achega á sociedade para visibilizar proxectos de valor que contribúan a afrontar os retos aos que esta se enfrenta, ou para apoiar o labor das entidades do terceiro sector. Tamén teñen como fin fomentar a participación da cidadanía nuns medios públicos que buscan abrirse o máximo posible á sociedade e compartir con ela fitos como a celebración dos 40 anos de vida da televisión e da radio públicas galegas.

Nestas catro décadas, a TVG e a Radio Galega transformáronse nun ecosistema de canles e plataformas dixitais que reúne hoxe a maior oferta informativa e de entretemento audiovisual en galego, e que non deixa de medrar en alcance e impacto. En 2025, a CSAG desenvolveu nomeadamente #AcciónsG de produción propia en eidos como o deporte nas súas distintas manifestacións, a protección da infancia ou o fomento da lingua e da cultura galegas.

Ademais da parte lúdica e de presenza de marca, todas as accións nas que participou o Xabarán tiñan como obxectivo promover o coñecemento e o consumo da plataforma Xabarin.gal para fomentar o uso da lingua galega entre os máis cativos.

MARZO / 40 ANOS CO BALONCESTO GALEGO

Grazas á colaboración dos clubs galegos Leyma Basquet Coruña e Breogán de Lugo, a Corporación puido celebrar 40 anos de apoio e retransmisións de baloncesto, aproveitando a celebración dun derbi galego, no Coliseum da Coruña.

O Xabarín da TVG participou o domingo 16 de marzo, na Coruña, nesta festa do baloncesto galego na Liga ACB, cun acto de irmandamento entre as dúas afeccións e as mascotas dos clubs: Leymita pola parte coruñesa, Máximus polo club lucense e o Xabarín. Primeiro, na *fan zone* destinada aos máis cativos, houbo espazo para fotos, festa e entrega de agasallos conmemorativos. Despois, no descanso do encontro, tivo lugar unha actuación das mascotas, nun evento en que o público se reencontrou co ambiente do Xabarín Club.

Os programas informativos da TVG e da Radio Galega difundiron a acción, así como as redes sociais dos clubs e da CSAG.

ABRIL / 40 ANOS CO ATLETISMO GALEGO

En abril tivo lugar unha segunda #AcciónG arredor do deporte, coincidindo coa celebración, o domingo 6 de abril, da VIG-BAY, o popular medio maratón que se disputa cada ano entre Vigo, Nigrán e Baiona, e no que participaban nesta edición de 2025 máis de 6.000 corredores.

Para conmemorar os 40 anos de retransmisións deportivas e o apoio ao atletismo galego na televisión e na radio públicas, a Corporación instalou un posto na meta da carreira, no parque da Palma de Baiona.

Alí, e coa colaboración da organización do evento, fíxose un aceno especial aos participantes nados no 1985, como os medios públicos galegos. Amosando o dorsal no posto, todos eles recibiron un pequeno agasallo e, en moitos casos, lembraron a súa vinculación coa programación da canle.

Como cada ano, a TVG e a Radio Galega informaron do evento deportivo desde os seus informativos e espazos deportivos, e a emisora pública estivo en directo na carreira e no espazo da Corporación, informando para o programa 'Galicia por diante' e no espazo deportivo 'Galicia en goles'.

MAIO / CAMPAÑA LETRAS GALEGAS

Arredor do Día das Letras Galegas, o 17 de maio, a CSAG ofreceu unha programación especial arredor da figura homenaxeada en 2025 —as cantareiras e a poesía popular oral—, recoñecendo o labor destas mulleres como transmisoras de cultura a través da música tradicional galega.

Aos contidos programados na televisión e na radio públicas sumouse a proposta da plataforma dixital AGalega.gal, cun carrusel especial de contidos e estreos exclusivos para poñer en valor a lingua, a identidade e a creatividade galega.

Nesta semana especial, a oferta incluíu cinema premiado, concertos, documentais, series completas e espazos dedicados á cultura popular. Os fondos do arquivo audiovisual da Corporación e a colaboración con entidades como a Real Academia Galega ou o Consello da Cultura Galega contribúen a multiplicar e fomentar os contidos e espazos arredor da lingua e da cultura galegas en todas as canles.

As redes sociais da CSAG completaron a difusión dos contidos e, a nivel institucional, a Corporación produciu unha nova #AcciónG de Responsabilidade Social Corporativa, cunha campaña de difusión propia e recursos no portal web CSAG.gal.

MAIO / 40 ANOS CO FÚTBOL GALEGO

O Xabarín da Televisión de Galicia saltou ao céspede de Balaídos no descanso do partido Celta–Sevilla do 9 de maio. A mascota da Galega lembrou os mellores momentos do Celta nestas catro décadas de emisións deportivas da canle autonómica, no marco das #AcciónsG do 40 aniversario da Corporación.

O partido foi emitido a través da TVG e de AGalega.gal. O Xabarín lembrou os éxitos do Celta, os mellores goles, as grandes celebracións, os xogadores históricos e a traxectoria do club celeste nestas décadas.

Proxectouse un vídeo conmemorativo, aderezado con música do Club da Galega dos vigueses Aerolíneas Federales, e houbo máis sorpresas, como a entrega ao club olívico do Carné de Honra do Xabarín.

XUÑO / FÚTBOL POLA INCLUSIÓN CON CELTA E DÉPOR GENUINE

O partido dos 40 anos da Televisión de Galicia xuntou os xogadores do Celta e do Dépor da Liga Genuine, a competición de fútbol para persoas do colectivo DI (discapacidade intelectual) que organiza a Fundación LaLiga, e que representa o compromiso do fútbol profesional coa diversidade e a inclusión.

Nun partido de celebración do deporte inclusivo, os xogadores da TVG e da Radio Galega xogaron contra unha selección formada polos xogadores do Celta e do Dépor na última xornada do torneo MS2 que organiza o que fora xogador do Celta, do Real Madrid e da selección española Michel Salgado.

Ademais, a edición matinal do 'Galicia en goles' da Radio Galega situou a audiencia no campo da Madroa, en Vigo, para retransmitir o torneo e informar en directo do partido do 40 aniversario, que rematou con vitoria do combinado da Liga Genuine e impulsou a visibilidade do colectivo de persoas con discapacidade e o valor do deporte na súa inclusión na sociedade.

XULLO / ONCE, O CUPÓN DO 40 ANIVERSARIO

O 40 aniversario da Televisión de Galicia protagonizou o cupón da ONCE (Organización Nacional de Cegos Españóis) do 22 de xullo. Cinco millóns de cupóns levaron por toda España a imaxe da canle pública galega, xusto na semana en que se cumpriron 40 anos das primeiras emisións da Televisión de Galicia.

Foi esta unha acción corporativa de visibilización e recoñecemento que se puido levar a cabo grazas á colaboración e sensibilidade da ONCE, entidade que traballa pola autonomía e inclusión das persoas cegas e con discapacidade visual. Celebrouse un acto conmemorativo na sede de San Marcos, e difundíuse a iniciativa na TVG e na Radio Galega, que se implicaron con contidos e entrevistas nos informativos e magazines na semana en que saíu á venda.

A ONCE conta con 20.600 vendedores en toda España, dos que 835 están en Galicia, e todos eles distribuíron o boleto coa imaxe da TVG, o que facilitou que toda a sociedade galega puidese compartir a celebración do aniversario dos seus medios públicos. Segundo o informe da ONCE, a venda do boleto foi un éxito en toda Galicia.

XULLO / FESTA 40 ANIVERSARIO 'DÍA G'

A Corporación celebrou, na semana grande de Galicia e arredor do 25 de xullo, unha gran Gala do 40 aniversario que reuniu máis dun milleiro de convidados no Pazo de Congresos de Santiago. O evento rendeu homenaxe á traxectoria da canle pública e á historia do audiovisual galego nun programa emotivo que se emitiu o venres 25, Día de Galicia, no *prime time*, baixo o título 'Día G'.

O encontro reuniu representantes institucionais, do ámbito audiovisual, e traballadores e extraballadores da canle. As accións programadas para remarcar o 40 aniversario da Televisión de Galicia e da Radio Galega non podían levarse a cabo sen contar con eles: os profesionais que fixeron posible estas catro décadas de emisións. Por iso, o convite abriuse tamén aos traballadores xubilados. Preto dun centenar deles puideron asistir, nunha festa de reencontro e celebración dos anos compartidos.

SETEMBRO / ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA

A CSAG é unha das promotoras da alfabetización mediática e da loita contra a desinformación no seo de FORTA, a entidade que reúne as canles autonómicas públicas en España. Neste marco de colaboración e optimización de recursos e coñecemento, os medios públicos galegos impulsaron en 2025 distintas liñas de acción, entre elas a celebración da I Xornada sobre alfabetización mediática e desinformación, en colaboración co Observatorio Ibérico de Medios Dixitais (IBERIFIER).

Deste xeito, a CSAG alíñase coa misión deste observatorio, un proxecto impulsado pola Comisión Europea para España e Portugal, conformado por técnicos e xornalistas dos dous países, e que vén complementar o labor da TVG e da Radio Galega neste eido.

Os medios públicos galegos xa desenvolven ao longo do ano accións coas que divulgan a importancia da formación cidadá no ámbito dixital e os beneficios das ferramentas dixitais, pero tamén a necesidade de aprender a protexerse e a importancia dun uso correcto da tecnoloxía.

Entre outras medidas, as canles galegas programan nos seus principais espazos contidos sobre ciberseguridade, entrevistas con expertos e divulgadores, para facer chegar á sociedade mensaxes comprensibles e efectivas que impulsen o pensamento crítico fronte ás noticias falsas e enganos dixitais e, en definitiva, unha cultura de uso responsable das ferramentas dixitais.

A I Xornada sobre alfabetización mediática e desinformación, celebrada no mes de setembro en Madrid, marcou a folia de ruta para que as canles autonómicas públicas intensifiquen o seu traballo e optimicen os seus recursos cun obxectivo compartido: mellorar e racionalizar o consumo de contidos dixitais. Contouse para isto coa visión de expertos nacionais e internacionais que abordaron os retos da alfabetización mediática nunha contorna saturada de información e desinformación. Participaron investigadores, docentes e profesionais do sector audiovisual de distintas universidades e consultoras, contribuíndo á reflexión sobre como afrontar, desde os medios e as institucións, un dos grandes desafíos da sociedade dixital: dotar a cidadanía de ferramentas para consumir información de maneira crítica, responsable e consciente.

NOVEMBRO / XIV SEMANA COA INFANCIA

As #AcciónsG da Corporación sumáronse un ano máis á Semana coa Infancia de UNICEF, coa que esta organización internacional busca que a sociedade sexa consciente e se acenda polos dereitos da infancia e da adolescencia, e que eses dereitos se sitúen no centro da conversa social, das prioridades e das políticas.

Entre o 17 e o 23 de novembro, TVG e Radio Galega apoiaron a campaña 'Acéndete polos dereitos da Infancia', no marco das #AcciónsG de Responsabilidade Social Corporativa dos medios públicos galegos. Xornalistas e presentadores da TVG e da Radio Galega divulgaron cuestións clave como a importancia de coidar a saúde mental, a vacinación, a loita contra a pobreza ou a desnutrición e o impacto da tecnoloxía no benestar emocional dos nenos, nenas e adolescentes. A colaboración plasmouse non só desde os espazos informativos, senón tamén desde os platós dos magazines e dun 'Especial Luar' que se acendeu polos dereitos da infancia. Son xa 15 anos dunha colaboración institucional que permite achegar a mensaxe de UNICEF e tamén recadar fondos. En 2025, e grazas ás achegas da audiencia, UNICEF puido tratar contra a desnutrición 2.589 nenos durante un día.

NOVEMBRO / 40 ANOS CO FÚTBOL GALEGO NON PROFESIONAL

En novembro, o Xabarán volveu celebrar os 40 anos de emisións deportivas dos medios públicos autonómicos desde un campo de fútbol, desta volta no Estadio Anxo Carro de Lugo, con motivo do derbi entre o CD Lugo e o Pontevedra CF, de 1ª RFEF, retransmitido pola G2.

A mascota do Club da Galega viaxou a Lugo para participar no derbi xunto con Nabic, a mascota lucense, e celebrar cos máis novos os 40 anos de retransmisións e de apoio ao fútbol galego cun posto de agasallos do Xabarín Club para os máis pequenos.

DECEMBRO / FESTA INFANTIL XABARÍN.GAL

O sábado 13 de decembro, a CSAG reuniu as familias dos seus traballadores con nenos nunha festa de Nadal na sede central de San Marcos á que asistiron máis de 200 cativos.

Nesta #AcciónG de Responsabilidade Social Corporativa no eido da comunicación interna, a Corporación abriu as súas portas a unha visita moi especial ás instalacións da TVG e da Radio Galega, ás oficinas xerais e mesmo aos platós e redaccións, co obxectivo de que as familias compartan e coñezan o lugar de traballo das súas nais, pais, tíos ou avós. A festa incluíu un concerto do Xabarín, xogos de Nadal, un plató virtual de informativos e unha merenda final para todos.

DECEMBRO / A RADIO CONTA

O programa solidario ‘A Radio Conta’ dedicou a súa 13ª edición, o 27 de decembro, a apoiar o traballo da asociación sen ánimo de lucro ACCEM, que traballa na inserción social e laboral de persoas migrantes. Esta cita xa tradicional do Nadal coruñés reuniu sete radios da cidade, públicas e privadas: Radio Galega, RNE, Cadena SER, Onda Cero, RadioVoz, COPE e Radio Marca.

A temática do programa deste 2025 foi a diáspora, un elemento fundamental na identidade galega, marcada durante todo o século XX polo desexo de centos de milleiros de persoas de buscar no estranxeiro a prosperidade que non atopaban na súa terra. Durante o programa, homenaxeouse a Sito Sedes, profesional da TVG e cantante de Los Satélites, falecido en 2024.

DECEMBRO / COLABORACIÓN CON FESBAL (BANCOS DE ALIMENTOS)

FORTA e FESBAL renovaron o convenio polo cal as radios e televisións públicas autonómicas emiten en decembro unha campaña de sensibilización para fomentar a doazón de alimentos destinados a persoas desfavorecidas. A TVG súmase cada ano a esta acción solidaria.

OUTRAS ACCIÓNS DE RSC AO LONGO DE 2025

Entre outras colaboracións co tecido social galego, en marzo, TVG e Radio Galega contribuíron á visibilización da campaña de Down Galicia con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down, o 21 de marzo, desde distintos espazos dos servizos informativos. Tamén en marzo, a Radio Galega deu unha cobertura especial, os días 15 e 16, á Liga Genuine. Durante o torneo, na Coruña, os espazos deportivos atenderon os partidos e os seus protagonistas, con conversas e entrevistas desde Abegondo a xogadores e responsables do Celta de Vigo, o Rácing de Ferrol, o CD Lugo e o Deportivo da Coruña.

Xornalistas da sección 'O Tempo' da TVG seguiron en 2025 realizando visitas a centros escolares galegos, nas que achegan á cativada o seu traballo: como se elaboran e comunican as predicións meteorolóxicas e como se traballa nun plató de televisión.

En maio, a CSAG acolleu un posto de venda do Sorteo de Ouro da Cruz Vermella, entidade coa que colabora anualmente nunha acción que axuda á asemblea de Santiago nunha das máis importantes captacións de recursos económicos de cada exercicio. En xuño, cociñeiros do popular espazo 'A voltas co prato' participaron no xurado do VIII Concurso de Cociña 'En ASPACE cociñamos xuntos', certame anual da Federación ASPACE Galicia. Ademais, en 2025 mantívose a doazón, a través da Consellería de Política Social, dos libros que se reciben ao longo do ano na redacción de Cultura dos medios públicos e que son remitidos a residencias de persoas maiores de Galicia.

9.1.2 Informe de Progreso de Pacto Mundial das Nacións Unidas

Como nos exercicios anteriores, neste 2024, a CSAG atendeu a súa obriga de informar ao Pacto Mundial de Nacións Unidas sobre o seu labor no eido da Responsabilidade Social Corporativa, acción que queda recollida publicamente no portal web de Pacto Mundial.

9.1.3 Transparencia

O Portal de Transparencia da CSAG, renovado en 2023, está formado por catro grandes bloques: información institucional (organigrama, definición estratéxica, anuncios corporativos, referencias legais...), actividade corporativa (orzamentos, contratos, Plan de Actuación...), de responsabilidade social (sección #AcciónsG, informes de Pacto Mundial e contidos do eido da autorregulación) e a área de interacción cos usuarios, ligada tamén ao Portal de Transparencia da Comunidade Autónoma. O portal está dispoñible en: <https://www.CSAG.gal/CSAG/portal-de-transparencia>.

9.1.4 Responsabilidade social na publicidade

O control da publicidade que se emite nas canles e soportes dixitais da Corporación lévase a cabo a través de distintas vías. Unha delas é o control desde o Consello de Administración da CSAG, que desenvolveu xa en 2017 unhas normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual, entre as que cabe salientar a existencia dun capítulo específico sobre a imaxe da muller (Título II, cap. 3). Este documento é accesible na sección 'Normativa' en <https://www.CSAG.gal/gl/CSAG/portal-de-transparencia/informacion-comercial>

Por outra parte, a CSAG está comprometida cunha serie de acordos e regulacións:

- A Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial, entidade da que CSAG é membro e que vela polas boas prácticas da publicidade en España, seguindo un Código de Conduta.
- Normas internas de emprazamento de produto para evitar a confusión da publicidade con outros contidos dos programas da CSAG.
- En 2025, unha representante da CSAG continuou a participar na Comisión Asesora de Publicidade non Sexista, creada no ámbito do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, e na que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que fan un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade. A mesma representante participa como xurado no certame escolar anual de carteis do Día Internacional da Muller da Xunta de Galicia, e do Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- A CSAG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, na que participa o sector publicitario español.

9.2 Coordinación creativa

A celebración do 40 aniversario supuxo unha elevada esixencia para o departamento de Proxección Social, que asumiu en 2025 o deseño e produción de accións e campañas ao longo do ano, entre elas as #AcciónsG explicadas na epígrafe anterior, eventos de produción propia en colaboración con organizacións do eido deportivo.

A área de Coordinación Creativa encargouse tamén do proceso de creación da imaxe corporativa do 40 aniversario e da súa aplicación a soportes tanto externos como internos, ás emisións, aos produtos de márketing e aos eventos asociados á celebración.

Entre outros, deseñáronse *photocalls*, convites, vídeos, cartelaría e agasallos como bolsas, cuncas coa imaxe 40G.

Ademais, ao longo de 2025 impulsouse a marca Xabarín, da man da plataforma dixital Xabarín.gal, para o cal se deseñaron e produciron folletos e agasallos, como paraugas infantís, e se crearon vídeos para proxeccións nas AcciónsG vinculadas ao personaxe de Xabarín en Lugo, A Coruña e Vigo.

A coordinación creativa intensifícase coa renovación de grellas, estreos de espazos e incorporación de profesionais en pantalla, o cal implica habitualmente o desenvolvemento de campañas de promoción.

Entre outros, pódense destacar os casos da promoción da nova tempada de outono dos espazos de TVG 'Quen anda aí' e 'Casamos', publicitados cunha campaña en soportes exteriores, cun circuíto de valos publicitarios e liñas de autobuses urbanos nas principais cidades galegas. E tamén a concepción e produción da campaña publicitaria da nova tempada de 'Galicia en goles' da Radio Galega, que cambiou despois do verán de director e presentador.

A transformación da CRTVG en CSAG, coa entrada en vigor da Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, xerou a necesidade de reorganizar as marcas da Corporación, o que requiriu un traballo integral de análise da árbore de marcas e produtos da Corporación que culminará en 2026 coa aplicación efectiva e co cambio da imaxe gráfica.

Desde esta área liderouse o proxecto ao longo do primeiro semestre de 2025 co obxectivo de aplicar un redeseño con pautas provisionais da nova identidade, nunha transición orgánica de elementos da CRTVG cara á CSAG.

Outros traballos de 2025:

- Deseño e execución de elementos promocionais para superposicións de HbbTV para o departamento comercial.
- Redeseño e análise da experiencia de usuario da plataforma Plaxa - Plataforma de xestión audiovisual da CSAG.
- Asesoramento sobre licenzamento de tipografías.
- Renovación periódica de imaxes para as plataformas, pantallas corporativas e para o gabinete de prensa da Corporación.
- Deseño e execución da identidade visual dos I Premios AGalega.gal.

- Deseño e execución de vídeos de promoción da seguridade informática, segundo convenio de colaboración con AMTEGA.
- Vídeos promocionais e posprodución de soportes de presentación de produtos da canle en festivais e xornadas profesionais (Festival Internacional de Series Ría de Vigo, Cultural, FesTVal...).
- Deseño e execución de *banners* para publicidade programática.
- Cobertura fotográfica de actos institucionais.

9.3 Comunicación e relación co público

Buzón da Galega

Aínda que as redes sociais multiplican desde hai anos xa as opcións de comunicación directa coa audiencia, a CSAG mantén activo o seu servizo 'Buzón da Galega', que segue a ser unha vía de contacto e atención á cidadanía cun notable volume de comunicacións ao longo do ano. Este servizo, atendido desde a área de Proxección Social da CSAG, emprega a conta de correo electrónico info@csag.gal para recibir e resolver dúbidas, incidencias ou solicitudes de particulares, empresas, asociacións e todo tipo de colectivos. En 2025, respondéronse 2.671 consultas, dúbidas ou queixas que se xestionaron directamente, se derivaron aos destinatarios correspondentes e se responderon oportunamente.

Visitas e atención ao público

A área de Relacións Públicas atende ao longo do ano unha intensa actividade de xestión e asistencia aos convidados dos programas de entrevistas e faladoiros da TVG e da Radio Galega, así como de eventos e actos institucionais. En total, en 2025, foron 22.290 persoas, distribuídas do seguinte xeito:

- Informativos e programas da TVG / 20.118 persoas
- Visitas de centros educativos / 1.802 persoas
- Radio Galega / 370 persoas

A gran gala 40 Aniversario celebrada en xullo no Pazo de Congresos de Santiago e á que asistiu unha notable representación de institucións galegas dos distintos eidos social, político, económico e audiovisual, foi tamén xestionada integramente por este departamento.

9.4 Igualdade e inclusión

9.4.1 Igualdade e tratamento da violencia de xénero

Tanto a Televisión de Galicia como a Radio Galega e as canles dixitais, nomeadamente a plataforma AGalega.gal, ofrecen ao longo de todo o ano contidos que reflicten o compromiso da Corporación coa igualdade de xénero, coa visibilización da loita social pola igualdade plena e co traballo do sector audiovisual galego nesta liña.

Máis aló dos contidos informativos diarios e transversais presentes en todas as canles, que promoven a igualdade entre homes e mulleres, a CSAG ofrece tamén contidos dispoñibles en AGalega.gal para o seu consumo baixo demanda.

Como cada ano, a Corporación súmase a datas sinaladas nas que destacan o 8M, Día Internacional da Muller, e o 25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero, nas que se potencia a sensibilización social con contidos específicos en televisión, radio e soportes dixitais.

8M, Día Internacional da Muller

A información sobre o 8M estruturouse arredor dos eixos institucional, político, social e cultural. Os informativos da TVG recolleron as campañas individuais das entidades políticas con representación no lexislativo galego (PPdeG, BNG e PSdeG-PSOE), así como as campañas institucionais da Xunta de Galicia e do Goberno central.

Entre outros exemplos, na semana do 8M incluíronse pezas informativas como as elaboradas arredor do foro empresarial 'Mulleres na empresa actual e futura' do Círculo de Empresarios de Galicia e organizacións como Empresarias Galicia e Mulleres en Igualdade de Vigo; sobre a mostra 'Convidadas: dúas miradas de Zuloaga', no Museo de Belas Artes da Coruña; ou sobre mobilizacións realizadas en diversas localidades galegas e tamén en Madrid.

Ademais, coa intención de dar visibilidade a referentes femininas, a TVG viaxou ata o concello ourensán de Cea para coñecer o traballo de artesás do pan desta vila; a Alemaña para achegarse á primeira galega que conseguiu unha praza fixa na Orquestra Filharmónica de Berlín; e á primeira edición de 'Lingua de fogo', foro pioneiro que reuniu tatuadoras de toda España para reivindicar a figura feminina nun sector tradicionalmente masculinizado.

No eido cultural, os espazos ‘Zigzag’ e ‘Zigzag fin de semana’ emitiron pezas sobre a presentación do volume ‘Ítaca’, de María Comesaña; o ciclo ‘Olladas de muller’ da Filmoteca de Galicia; ou unha entrevista con María Xosé Porteiro, autora da novela ‘As benfaladas’, entre outros contidos.

No ámbito deportivo, por citar algún dos máis destacados, a TVG recolleu a vitoria de Ana Peleteiro no XXXVIII Campionato Europeo de Atletismo en Pista Cuberta, nos Países Baixos, así como os partidos Dépor Abanca–SD Eibar da Liga Profesional de Fútbol Feminino e Poio Pescamar–Burela FS da Primeira Iberdrola de fútbol sala, coas súas respectivas previas. Emitiuse tamén unha reportaxe sobre a participación do Baxi Ferrol na Copa Europea Feminina da FIBA.

Así mesmo, salientouse a participación de Nagwa Brown co Ibercomsa Anfiv na primeira fase da Eurocup 3 de baloncesto en cadeira de rodas, e a alta participación feminina na 30ª edición dos Xogos Autonómicos Minoritarios (Special Olympics Galicia, asociación de pais e nais, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual), celebrada en Vilagarcía de Arousa. Moitos destes contidos informativos difúndense tamén a través do portal www.g24.gal, referencia dixital das noticias en galego, e nas súas redes sociais, con contas corporativas en Instagram, X, Facebook, TikTok e YouTube.

Desde a área de contidos de entretemento da TVG programouse no *prime time* do 8 de marzo a película ‘Matria’, de Álvaro Gago Díaz. Tamén se emitiu o programa ‘Elas’, que visibiliza mulleres que deixan pegada dun xeito colectivo, poñendo o foco nas agrupacións femininas da nosa terra en distintos sectores profesionais.

No espazo matinal ‘O termómetro’ configurouse unha mesa redonda con diversos perfís de mulleres galegas, e no programa da tarde ‘Quen anda aí?’ escoitáronse testemuños como os de Noelia Míguez, vítima de violencia machista e coautora do libro ‘Oito sinais: cuestión de vida ou morte’; Victoria Oubiña, marisqueira; Icía Varela, pandeireteira; ou María Urrutia Baliño, experta en defensa persoal. A seguir, no ‘Hora galega’ do 8 de marzo, puido verse a reportaxe ‘Estas son algunhas das mulleres máis marchosas do Grove’.

Na segunda canle, a G2, a grella daquela semana incluíu a longametraxe documental ‘Nación’, de Margarita Ledo, e o espazo ‘Ondas novas’, cunha entrega con dúas artistas. Emitíronse tamén contidos como ‘Hoxe pode ser a miña grande noite’, cunha festa teatral e un monólogo cómico e musical, e ‘Desmontando a Barbie’, documental sobre a boneca máis famosa do mundo, desde as súas orixes ata a súa figura actual.

Como xa se indicou, AGalega.gal multiplica o alcance dos contidos da TVG e conta cun programa propio de estreas e contidos especiais que combinou creación contemporánea, memoria histórica e referentes femininos. Entre eles, o concerto de Mine Kawakami na catedral de Santiago de Compostela; o documental 'A mirada de Anna', sobre a fotógrafa catalá Anna Turbau Puig, que se trasladou a Galicia en 1976 como enviada especial; ou a nova tempada do espazo dixital 'Raíña-me', xunto coa película pioneira do audiovisual galego 'Sempre Xonxa', de Chano Piñeiro.

A Radio Galega realizou unha cobertura transversal na que a efeméride recibiu un tratamento singular, como nos anos anteriores, desde a práctica totalidade dos espazos da emisora pública. 'A crónica 14h' informou desde días antes sobre a axenda arredor do 8M e as campañas impulsadas nos distintos eidos (Delegación do Goberno, Xunta de Galicia, partidos políticos, federacións do tecido social, etc.).

O magazine matinal 'Galicia por diante' sumouse para informar das manifestacións e actos da xornada en toda Galicia e entrevistar a María Quintiana Pérez, directora xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade. A sección de arte do programa, 'O barroquista', centrouse días antes na figura de varias pintoras galegas (Carmen Babiano Méndez-Núñez, Elvira Santiso García, Elina Molíns Fernández, Blanca Chao Sedano, María del Carmen Corredoira Ruiz de Baro...).

Desde varias semanas antes do 8M, o 'Diario cultural' comezou a informar e cubrir a actualidade arredor da muller. Así, abriu os seus micrófonos a Noelia Darriba García, Raquel Veiga Teijeiro e Tania Merelas Iglesias, autoras das barallas da colección 'Feminismos no tempo', con nomes e historias de mulleres relevantes, tanto galegas como do resto do mundo, editada por Ás do Social, Sociedade Cooperativa Galega. O espazo contou con Dolores Vilavedra, colaboradora especialista en literatura, para comentar o libro 'Ítaca', de María Comesaña, no que se revisa o mito de Penélope desde unha perspectiva actual. Na sección de literatura infantil e xuvenil, Eva Mejuto Rial propuxo que, en tres entregas semanais, a audiencia coñecese editoras e autoras galegas, entre moitos outros contidos.

Nas vésperas do 8M e no propio día, 'Galicia por diante' abordou cuestións como a presión social no Día Mundial da Obesidade, poñendo o foco na opresión estética e na gordofobia médica que sofren as mulleres, así como nos perigos asociados ao uso indebido de determinados medicamentos, da man do colectivo Resposta Feminista, que convocara unha concentración diante do Museo de Arte Contemporánea (MARCO). Entrevistouse tamén a María Quintiana Pérez con motivo da campaña institucional da Xunta de Galicia 'O noso canto: todas xuntas resoamos máis forte', que visibilizou a forza da unión interxeracional do feminismo.

No eido deportivo, rendeuse homenaxe a mulleres representantes de distintos estamentos do fútbol galego no marco dun partido de fútbol sala no que participaron mulleres coñecidas de diferentes ámbitos.

O espazo 'A tarde' programou entrevistas con Ana María Suáñez, empresaria fundadora de Logística Vantrans S.L., e con María Bazar, finalista do XIII Premio Promesas da Alta Cociña 2024/2025 de Le Cordon Bleu. En directo desde Celanova, o programa informou sobre o percorrido 'Celanova: terra de mestras', organizado polas asociacións de Amas de Casa Ilduara e de Mulleres Rurais San Rosendo, e dirixido pola Fundación Curros Enríquez. Visitáronse distintos centros educativos da localidade para poñer en valor o papel do ensino e das docentes ao longo da historia.

Pola súa parte, o 'Diario cultural' entrevistou a Susana Reboreda, coordinadora do libro 'Contáronme un conto mal contado', sobre a invisibilización das mulleres na historia, e a Isabel Blanco, autora do volume 'Galegas na música', unha escolma de biografías de mulleres galegas dedicadas á música, desde a primeira xoglaresa ata as intérpretes contemporáneas máis recoñecidas.

En 'Galicia por diante fin de semana' entrevistouse a Noelia Darriba, educadora social e unha das creadoras do proxecto 'Feminismo no tempo', e a Esther Navarrete, maratoniana, nunha conversa sobre deporte e maternidade. Emitiuse tamén unha reportaxe sobre a fotógrafa María del Carmen Quintero (Mary Quintero), unha das pioneiras da fotografía profesional en Galicia.

O deporte feminino tivo unha importante presenza ao longo do espazo 'Galicia en goles', tanto na emisión convencional (FM) como na plataforma AGalegaAudio.gal, algo que, por outra banda, é habitual ao longo do ano.

Ao abeiro do partido de fútbol sala organizado pola RFGF, no que participaron mulleres coñecidas de diferentes ámbitos, realizáronse entrevistas a Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade; Lara Meneses Álvarez, directora xeral de Xuventude; Pilar Lueiro García, concelleira de Deportes, Relacións Veciñais, Festas, Rural e UMAD do Concello de Compostela; Sabela e Olaia Maneiro Argibay, integrantes de Tanxugueiras; Carme Méndez (actriz); Noelia Rodríguez Rey e Esther Estévez Casado (xornalistas); Abraham Yáñez Martínez, responsable da xestión do fútbol feminino galego (RFGF); Elena Casal Fernández e Alicia Andrés Silva (árbitras); María José Fontán Cascallar, seleccionadora sub-14; Carolina Baños Ameneiro, futbolista; e Begoña Aldao Matilla, presidenta do Sárdoma CF.

Entre as retransmisións, incluíuse o derbi galego da Terceira Federación Feminina disputado en Vigo entre As Celtas e o D. Abanca Feminino B. Neste caso realizouse unha

hora de previa a pé de campo coas seguintes protagonistas: Xisela Aranda Núñez (membro do Consello de Administración do R.C. Celta de Vigo, S.A.D.), Humberto González Lede (coordinador do fútbol feminino da mesma sociedade anónima deportiva) e Carmen Carballada Rodríguez (xogadora do D. Abanca Feminino B). Na sección 'Galicia en xogo olímpico' foron protagonistas Sofía Toro Prieto-Puga (exregatista) e Antía Chamosa Dacasa (marchadora).

Cómpre subliñar que as deportistas e os clubs galegos reciben atención en todos os espazos diarios de información deportiva da canle.

25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

O 25N é a data do ano en que os medios públicos acompañan a sociedade no labor de visibilizar a loita contra a violencia de xénero e dan voz ás iniciativas públicas e privadas que traballan para erradicala.

A Área de Información e Documentación realizou unha cobertura intensa dos actos centrais de carácter institucional, político, sindical e social celebrados na xornada. 'Bos días' abriu o día cunha referencia á axenda e aos actos previstos, e con información sobre a importancia da detección temperá de posibles casos, así como sobre as ferramentas das que dispoñen as mulleres maltratadas e calquera persoa que detecte un caso de violencia machista para formular as pertinentes denuncias.

Nos días previos e tamén o propio 25 de novembro, en todos os informativos deuse conta das distintas accións e campañas impulsadas polas entidades políticas con representación no lexislativo galego incorporando declaracións e imaxes destas convocatorias. Incluíuse tamén unha entrevista coa conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García Martínez, e unha peza centrada nos labores que desenvolven os xulgados de violencia sobre a muller.

O 'Telexornal mediodía' do 25N deu conta dos actos do día e centrou o foco nas actuacións de carácter institucional desenvolvidas na xornada. Ademais, emitiu pezas de produción propia: unha sobre o mural inaugurado na Casa Azul de Pontevedra como homenaxe ás vítimas da violencia machista, composto por 2.322 azulexos, cada un co nome, a idade, a data e o lugar onde mulleres foron asasinadas en España desde o 2000; e outra salientando as tres mulleres asasinadas en Galicia en 2025 ata a data.

O 'Telexornal serán' efectuou unha ampla cobertura das manifestacións realizadas nas principais cidades galegas, con puntos de directo desde algunhas delas, novas pezas sobre actos institucionais e seguimento das mobilizacións desenvolvidas en distintas cidades españolas, xunto coas convocatorias das principais entidades políticas.

Desde a Radio Galega, 'Galicia por diante', seguindo o modelo de 'Bos días', divulgou a axenda ampla dos actos da xornada. Esta información reproducíuse nos boletíns horarios e completouse coa afectación que as mobilizacións puideron ter para o conxunto da cidadanía, nomeadamente en forma de cortes de tráfico. Máis tarde, 'A crónica 14h' ofreceu unha perspectiva xeral sobre a violencia machista en Galicia e no resto do Estado, coa opinión dunha xuíza especialista na materia. No serán, 'A crónica 19h' realizou unha conexión en directo coa manifestación que se estaba a celebrar en Compostela, ademais de informar sobre os actos institucionais e ofrecer o testemuño dunha vítima, que serviu para contextualizar os datos acumulados no que vai de ano sobre os casos de violencia machista.

Pola súa parte, a Área de Contidos planificou unha programación que permitiu ofrecer, entre os días 23 e 27 de novembro, producións audiovisuais relacionadas coa loita pola eliminación da violencia contra a muller. Emitíuse unha selección de longametraxes e documentais que abordan a problemática desde múltiples perspectivas (historias reais, testemuños, ficción social...).

Ademais, esta cuestión tivo cobertura nos programas estruturais da grella, divulgados en directo. O obxectivo desta oferta especial foi facer visible a violencia machista, promover a reflexión e dar voz a mulleres e colectivos que traballan pola igualdade. Con ela, a CSAG reafirmou o seu compromiso coa divulgación, a educación e a sensibilización social ante unha lacra estrutural que segue afectando a milleiros de mulleres, coa pretensión de converterse nunha ferramenta de reflexión colectiva e de destacar o valor da información, da cultura e das narrativas audiovisuais para avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Como exemplos deste enfoque, o espazo 'O Termómetro' do 25N presentou un informe sobre as mulleres asasinadas no que vai de 2025, contou co testemuño dunha muller vítima de violencia machista e incluíu unha entrevista con María Elena Molanes, psicóloga e responsable do Centro de Emerxencias para Mulleres en Situación de Violencia de Xénero de Vigo.

No magazine da sobremesa 'Quen anda aí?' contouse con Isabel Presas Cacheda, coordinadora dos centros Quérote+, e 'Hora galega' entrevistou a Silvia Pérez Freire, socióloga e investigadora da violencia machista, para falar dos puntos cegos deste tipo de violencia que, polo tanto, non se aprecian doadamente, entre outros contidos.

Na G2, xa desde días antes da efeméride, programáronse contidos como a longametraxe 'O club da calceta', adaptación libre da premiada novela do mesmo título da lucense María Reimóndez Meilán, que conta a historia de cinco mulleres moi distintas, atrapadas en vidas marcadas pola rutina e as frustracións.

Tamén o documental ‘Unha historia de crimes: ata que a morte nos separe’, que reconstrúe un caso marcado pola violencia machista, coas voces de quen o investigou e de quen o padeceu. Emitíronse, ademais, outros contidos como o drama social ‘Sara’ ou a peza documental ‘Contraaluz’, que afonda nas sombras da violencia machista e na capacidade de resistencia das vítimas.

O propio 25N, a segunda canle estreou a longametraxe documental ‘Prefiro condenarme’, de Margarita Ledo Andiñ, un relato intenso sobre os límites, o medo e as decisións extremas ás que pode levar a violencia. Tamén o documental ‘Onde máis doe’, que analiza os efectos emocionais e sociais da violencia simbólica e psicolóxica. Baséase no suceso de 2017 en Oza-Cesuras (o caso coñecido como o parricida de Oza) e permite reflexionar sobre a violencia vicaria, quizais a expresión máis cruel da violencia machista.

A G2 programou contidos nos días seguintes, maioritariamente documentais, como ‘Na mente do asasino 2: non estará con outro’, aproximación aos patróns e mecanismos dos agresores machistas, ao que seguiu un debate no que tomaron parte especialistas, xornalistas e profesionais para contextualizar e analizar o contido. A cinta ‘Matria’ e o documental ‘Señora de...’, que aborda a identidade, o control e as presións sociais sobre o papel da muller na familia e na sociedade, completaron a grella.

No marco da programación especial do 25 de novembro, en AGalega.gal habilitouse unha sección temática específica centrada na denuncia, reflexión e visibilización da violencia machista, que reuniu moitos destes filmes e documentais emitidos en televisión para facilitar o seu consumo á carta.

Na radio, todos os grandes formatos abordaron a cuestión da erradicación da violencia machista, coa finalidade de sensibilizar todos os segmentos sociais e denunciar unha lacra que afecta a mulleres de todo o mundo. A cobertura foi global e comezou nos días anteriores. Tanto o ‘Galicia por diante’ dos días previos como o do propio día 25 incluiron informacións, entrevistas e reportaxes sobre violencia de xénero, como a entrevista a Encarna Iglesias, presidenta da Asociación Stop Violencia de Xénero Dixital; a presentación da campaña ‘Bro, meu, neno: non cales’ da Universidade da Coruña; ou unha entrevista con Cristina López, vicerreitora de Igualdade e Diversidade da UDC.

O ‘Diario cultural’ atendeu tamén os actos arredor da efeméride, con espazos musicais de Carlos Crespo relacionados coa erradicación da violencia machista; unha entrevista con Sabela Losada pola estrea en Rianxo do documental ‘O próximo baile será comigo’, recoñecido nos IV Premios Luisa Villalta (Deputación Provincial da Coruña); ou a inauguración do mural colectivo que reivindica a igualdade de xénero e a loita contra as violencias machistas no Museo Centro Gaiás de Santiago.

O magazine ‘A tarde’ entrevistou a Daniel Costas (Dani Costas) pola publicación dunha nova versión do tema ‘Cuatro almas’, que compuxo en 2015, o mesmo día no que catro mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas, e a Marisa Castro, quen presentou a súa segunda novela, ‘Soño de liberdade’, na que narra a batalla que a súa protagonista tivo que manter para saír do círculo de submisión no que vivían a súa nai e a súa avoa. O espazo conectou en directo con distintos puntos de Galicia nos que o tecido social e educativo programara actividades reivindicativas.

Normativa sobre igualdade e accións de visibilización do compromiso

A CSAG conta cun Plan de Igualdade redactado e aprobado pola Comisión de Igualdade da Corporación, constituída por representantes das persoas traballadoras e por representantes da Corporación, en 2024, e de acordo coa definición do principio que establece a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

O plan, cunha vixencia de catro anos, foi posto a disposición de todo o persoal nunha sección específica na intranet corporativa. Desde a súa aprobación —logo de seis anos de negociacións continuas iniciadas no 2018—, estanse a desenvolver todas as accións previstas nel, que redundan en beneficio das persoas traballadoras da Corporación e, de xeito indirecto, na totalidade da sociedade galega, por canto receptora do servizo público esencial que se presta.

Ademais, a CSAG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, constituído no 2014, e que conta con representantes das administracións, da xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación.

En 2025, a CSAG creou unha sección sobre Igualdade na súa intranet corporativa. Nela recóllese, ademais do Plan de Igualdade, toda a actualidade sobre o traballo corporativo a prol da igualdade de xénero e de oportunidades no eido laboral. Entre outros contidos, o persoal pode acceder a:

- Guía de indicios para empresas destinada á detección de vítimas de violencia de xénero, co obxecto de ofrecer información para concienciar, apoiar e identificar as vítimas.
- A guía de linguaxe non sexista e inclusiva editada pola Xunta de Galicia.
- A ‘Guía informativa sobre as medidas para a conciliación da vida persoal e laboral’ co obxecto de dar a coñecer as posibles medidas de conciliación ás que se pode acoller o persoal cando cumpren co suposto de feito para o que foron creadas.
- Diversos manuais de linguaxe non sexista.

Normativa

- A CSAG aplica as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres, propostas polo seu Consello de Administración en 2024 e accesibles no portal corporativo.
- As informacións relacionadas coa violencia de xénero son obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso, no que prima ante todo o respecto extremo ás vítimas. Ademais, inclúese sempre o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista: 016.
- A CSAG conta con normas reguladoras de publicidade, tamén dispoñibles no Portal de Transparencia da Corporación, que inclúen un capítulo específico sobre a imaxe da muller.

Recoñecemento á CSAG como ‘Empresa Igual en Xénero 2025’

A Corporación recibiu a acreditación que a recoñece por sétimo ano consecutivo como Empresa Igual en Xénero e, ademais, repetiu por segunda vez o indicador de Empresa Circular. Estes Indicadores ARDÁN son outorgados polo servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, que se publica anualmente. O indicador de Empresa Igual en Xénero é outorgado ás empresas con altos valores en igualdade desde unha perspectiva de xénero no eido laboral, medidos en tres dimensións: igualdade de funcións, igualdade de retribucións e igualdade de actuacións.

Nesta edición de 2025, a Corporación acada tamén un segundo indicador como Empresa Circular, xa recibido en 2024, que se entrega ás empresas que implementan unha estratexia de economía circular, establecendo colaboracións con grupos de interese e incorporando criterios circulares no consumo de recursos, no deseño e produción dos seus produtos e, en xeral, no conxunto dos seus procesos produtivos, segundo comunica a distinción do Informe ARDÁN.

A igualdade dentro da CSAG

A Corporación é exemplo de plena igualdade na súa estrutura directiva. En concreto, a 31 de decembro de 2025, o equipo directivo estaba composto por 18 mulleres e 17 homes. O Consello de Administración conta desde o verán de 2021 con 4 conselleiras e 2 conselleiros.

Desde xullo de 2025, a CSAG conta cunha directora xeral por primeira vez na súa historia. A área de Soporte Tecnolóxico, que engloba toda a xestión dos departamentos técnicos de produción, e a de Contidos, que engloba os departamentos de xestión da

produción interna e externa e a compra de produtos audiovisuais, están dirixidas por dúas mulleres. Son tamén mulleres a directora de Organización e Xestión do Cambio, a subdirectora de Producción Propia, Emisións e Continuidade, as xefas do Arquivo, de Innovación e Novas Narrativas no contorno dixital, da plataforma dixital, a xefa de Comunicación Corporativa ou a redactora xefa de Informativos, ademais doutras directivas de servizos e responsables de área.

A 31 de decembro de 2025, en total, son mulleres 356 dun cadro de 831 traballadores, é dicir, o 41,8% do total do persoal da CSAG. No que respecta aos salarios, na CSAG non existe fenda salarial entre homes e mulleres. Así mesmo, no que respecta á conciliación laboral, a CSAG implementa distintas medidas para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para os empregados e empregadas. A porcentaxe deles que gozou en 2025 dalgún tipo de medidas de conciliación é o 27,31%.

9.4.2 Inclusión de persoas con necesidades especiais

Co firme obxectivo de ofrecer un servizo público ao alcance da maioría, e coa accesibilidade e a inclusión como piares fundamentais da súa misión, a CSAG emprega a innovación tecnolóxica ao seu alcance para ampliar cada ano as facilidades de acceso aos seus contidos. Actualmente, TVG ofrece con opción de subtitulado todo o contido que non se emite en directo e que emana fundamentalmente do sector audiovisual galego. Durante 2025, a CSAG reforzou estes compromisos para favorecer a inclusión plena das persoas con necesidades especiais, sumándose ou liderando proxectos que achegan valor á comunicación en lingua galega con todos os seus públicos.

Nesta liña, a Corporación traballa para mellorar e ampliar o servizo de subtitulado e a tradución de contidos informativos á lingua de signos (LSE), entre outras accións.

Subtitulado

Os procesos de subtitulado en directo están severamente condicionados pola inexistencia de sistemas automáticos homologados que entendan o idioma galego e sexan capaces de subtitular en tempo real. Ante esta carencia, a CSAG incluíu na súa estratexia a colaboración con todos os entes de investigación de Galicia que traballan na subtitulación automática.

A Televisión de Galicia conta na produción de informativos cun software que permite o subtitulado automático de programas en directo e que se incorporou aos espazos ‘Galicia noticias’, ‘Telexornal mediodía’ e ‘Telexornal serán’, e desde este 2025 tamén ao informativo matinal ‘Bos días’.

Subtitulado para redes sociais

A CSAG emprega o software Kapwing para subtitular contidos en redes sociais de xeito automático grazas á implementación de modelos de intelixencia artificial. Este esforzo busca facilitar o acceso e o seguimento dos contidos por parte de toda a audiencia, promovendo unha comunicación máis inclusiva nas plataformas dixitais, ademais de contribuír a adestrar esta plataforma para mellorar o servizo en idioma galego que lle ofrece á cidadanía.

Transcrición e subtitulado a través de intelixencia artificial (IA)

A Corporación desenvolveu distintos proxectos en fase experimental orientados a dotar a súa plataforma OTT dun sistema de transcrición automática de determinados programas baixo demanda (VoD). Ao longo de 2025 analizáronse diversas solucións dispoñibles no mercado co obxectivo de consolidar un proxecto global de intelixencia artificial que dea servizo ao conxunto das plataformas e produtos dixitais da CSAG.

Auditoría de accesibilidade

No contexto do despregamento da plataforma OTT da Corporación, a accesibilidade constitúe unha prioridade estratéxica, en coherencia coa súa misión de servizo público. A plataforma AGalega.gal conta cun certificado de accesibilidade que avalía o cumprimento das normativas UNE-EN 301549:2022, RD 1112/2018 e das directrices WCAG 2.1 (nivel AA), tanto na versión web como nas aplicacións para iOS e Android. O Informe de Revisión de Accesibilidade (IRA) atópase dispoñible na seguinte ligazón: <https://www.agalega.gal/legal/links/31-compliance>.

Contidos en Lingua de Signos (LSE)

De luns a venres, festivos incluídos, o ‘Telexornal mediodía’ e o ‘Telexornal serán’ son accesibles en Lingua de Signos pola G2, ás 15.30 h e ás 21.45 h, respectivamente. A emisión destes espazos —os principais informativos do día en LSE— fai posible o acceso das persoas xordas á información que ofrece a Televisión de Galicia.

Os dous informativos quedan dispoñibles na plataforma AGalega.gal, para a súa consulta a calquera hora. A CSAG conta con dúas sedes equipadas e operativas desde as que emitir estes contidos informativos: a delegación da Coruña e a sede central de San Marcos, en Santiago. En 2025, a TVG emitiu 647 horas en lingua de signos (entre informativos e programas especiais como actos oficiais, entrega das medallas Castelao e de Galicia, entrevistas e actos institucionais, etc.).

A distribución destes datos é a seguinte:

Telexornais LSE / Reemisión pola G2, de luns a venres

- 'Telexornal mediodía': 262 días × 70 min. = 18.340 minutos / 306 horas
- 'Telexornal serán': 262 días × 75 min. = 19.650 minutos / 327 horas

Outros programas en 2025

- Debate anual de política xeral / 23 e 24 abril / Duración: 645'
- Medallas Castelao / 28 xuño / Duración: 60'
- Medalla de Galicia á Princesa Leonor / 14 xullo / Duración: 40'
- Medallas de Galicia / 24 xullo / Duración: 65'
- Discurso de Fin de Ano do presidente da Xunta de Galicia / 31.12.2025 / Duración: 10'

Renovación do convenio coa Consellería de Política Social

En 2025, a Corporación renovou o convenio anual de colaboración coa Consellería de Política Social, co que estende a colaboración vixente para actuacións como a inclusión da lingua de signos española (LSE) nos dous informativos de máxima audiencia ('Telexornal mediodía' e 'Telexornal serán') de luns a venres, festivos incluídos, garantindo que os principais informativos do día sexan totalmente accesibles para as persoas xordas. Ambos os informativos están tamén dispoñibles en www.g24.gal e en AGalega.gal, accesibles a calquera hora.

Ademais, o servizo comprende programas especiais como os xa detallados, a entrega das medallas Castelao e as medallas de Galicia, entre outros, o que supón un incremento sobre as horas legalmente establecidas na Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeral de Comunicación Audiovisual, como horas de emisión obrigatoria. Así mesmo, a Corporación conta cun software de subtitulado automático en directo para os informativos 'Galicia noticias', 'Telexornal mediodía' e 'Telexornal serán', ofrecendo así subtitulación en tempo real os sete días da semana.

Proxecto 'Sinxelo'

O proxecto 'Sinxelo', creado no 2022, é un espazo informativo para mellorar a accesibilidade das persoas con discapacidade, nacido da colaboración coa Universidade de Vigo, e pioneiro en España en achegar a información ás persoas con dificultades cognitivas.

Os medios públicos galegos foron o primeiro medio audiovisual en aplicar este nivel de comunicación aos seus contidos, nun proxecto que adapta contidos informativos e

formatos para cumprir cos estándares de “lectura sinxela” e facelos máis accesibles. A difusión dos vídeos realízase a través de G24.gal e das canles dixitais YouTube, Facebook, Instagram e TikTok.

En 2025, continuouse o traballo da man do centro educativo Centro Juan María (Centro de Educación Especial, Ocupacional e de Día de Nigrán, Pontevedra) no proceso de creación de contidos, que inclúe esta actividade nos seus programas, facendo realidade o obxectivo da CSAG de actuar como dinamizador social na procura da máxima integración das audiencias. ‘Sinxelo’ segue os criterios de “lectura sinxela”, un método que aplica pautas e recomendacións á redacción de textos, ao ritmo das imaxes e ao deseño e maquetación de documentos, coa finalidade de facer accesible a información a persoas con dificultades de comprensión lectora, fundamentalmente —aínda que non só— a persoas con síndrome de Down. A voz do vídeo está xerada mediante intelixencia artificial e a súa velocidade está regulada para o fin correspondente. Os parámetros do proxecto están tamén marcados pola asociación Inclusion Europe, apoiada pola Unión Europea, e levarán o logo Easy-to-read.

9.5 Accións internacionais

Os medios públicos galegos participan en foros e festivais internacionais do eido audiovisual nos que contan cun sólido percorrido nos últimos anos, especialmente na contorna de países celtas e en relación coa canle pública de Portugal, a RTP. De feito, coa televisión pública portuguesa existe un marco establecido de colaboración e traballo que se visibiliza na produción de programas conxuntos e o apoio a proxectos comúns de produtoras galegas e lusas. O capítulo 5 desta memoria inclúe información sobre estes proxectos internacionais no eido dos contidos.

No ámbito europeo, a Corporación é un membro destacado de CIRCOM Regional, a rede de 250 medios públicos e centros de produción rexionais presentes en 29 países de Europa na que a Dirección de Contidos da CSAG ostentou a Secretaría Xeral durante os últimos dez anos. Ademais, TVG participa cada ano no Celtic Media, un festival no que participan canles de orixe celta, como a BBC británica en Escocia, Gales e Irlanda do Norte, as irlandesas RTE e TG4 e France 3 Bretagne.

Os seus foros e programas de actividades supoñen un interesante espazo de traballo do que xorden proxectos audiovisuais e intercambio de coñecemento. En 2025, a canle galega alzouse con premios polo seu programa ‘Pesca total’, galardoado na categoría de Factual Entertainment (entretemento baseado en feitos reais) e pola

longametraxe 'Xustiza artificial', coprodución hispano-portuguesa participada pola Televisión de Galicia que foi premiada na categoría Single Drama (filme dramático).

No que respecta a América Latina, cómpre salientar a emisión da canle TVG América, así como a especial cobertura informativa da televisión e a radio galegas da actualidade destes países e o seguimento de proxectos audiovisuais.

Aproximación á lusofonía e á cultura portuguesa

Galicia e Portugal manteñen intensos lazos como espazos limítrofes e unha intensa historia común que se traslada e se potencia desde as súas dúas canles públicas de televisión. A colaboración dos medios públicos galegos coa RTP e o apoio a coproducións de empresas audiovisuais dos dous países veciños é unha constante.

Como resultado deste labor pódense desfrutar produtos como 'Auga Seca', 'O corpo aberto', 'Motel Valkirias', 'Vidago Palace' ou o documental 'Galegos d'Ouro', entre outros desenvolvidos nestes últimos anos, ademais de programas de entretemento como as distintas edicións de 'Aquí Portugal'.

En 2025 estreouse unha nova coprodución galego-portuguesa: 'Lume', ficción que chegou o 20 de xuño simultaneamente á TVG e RTP (e HBO MAX). 'Lume' é unha coprodución da empresa Setemedia e da lusa Coral Vision Europa, con distribución internacional a cargo de ZDF Studios e protagonizada por Cristina Castaño. A serie, rodada en galego e portugués, é un thriller xornalístico con fondo social e ecolóxico, composto por seis capítulos.

Ademais, a longametraxe 'Xustiza artificial', participada pola Televisión de Galicia, é tamén unha coprodución hispano-portuguesa, neste caso con participación da produtora galega Kraken e Abano Producións. Como se indicou máis arriba, esta cinta alzouse co Premio Celtic Media Festival 2025 na categoría Single Drama (filme dramático).

Outro proxecto transfronteizo que une os dous países é 'Ponte nas ondas' (marzo 2025), unha acción que xunta escolas de Galicia e do norte de Portugal, e que cumpriu 30 anos en 2025. Para celebralo, a Radio Galega desenvolveu unha cobertura especial que tamén quedou dispoñible en AgalegaAudio.gal.

Esa cobertura incluía, no programa 'Galicia por diante', unha conexión desde Valença do Minho (un dos puntos nos que estaban emitindo en directo) e a presenza no estudo de varios convidados.

Ademais, a TVG foi galardoada polo seu labor divulgativo nos premios portugueses Vinhos do Atlântico. A canle foi distinguida no apartado de comunicación social pola súa promoción dos caldos galegos e da cultura atlántica. Estes premios recoñecen a excelencia e a innovación do sector vitivinícola de Galicia e o norte de Portugal.

Así mesmo, os servizos informativos atenden con especial interese a axenda e acontecementos de actualidade en Portugal. Así foi tamén no caso das eleccións portuguesas do 18 de maio de 2025 ás que se enviou un equipo para a cobertura dos comicios para a canle galega.

9.6 Colaboracións institucionais e apoio ao tecido social e cultural

O 40 aniversario da TVG e da Radio Galega implicou un esforzo de deseño e produción de contidos especiais, xa detallados en anteriores capítulos desta memoria, e tamén un esforzo de organización desde a dirección da Corporación e o departamento de Proxección Social, xunto co de Producción.

Entre os grandes eventos do ano, destacan tamén as presentacións dos novos programas e series de ficción. Este foi o caso da serie ‘Lume’ no marco do Festival Internacional de Series Ría de Vigo. Deste xeito, a TVG apoiou a creación do festival vigués coa presentación pública desta coprodución galego-portuguesa na primeira edición do certame. Á proxección acudiron os protagonistas da serie, o equipo técnico e moitos dos presentadores, actores e actrices máis coñecidos da canle, así como profesionais do sector audiovisual.

Tamén no marco dun festival, a Televisión de Galicia preestreu ‘O home perfecto’, a súa nova serie de ficción. Foi no Ourense Film Festival (OUFF), en outubro, cun *photocall* previo á proxección que reuniu o equipo da produción e numerosos representantes do audiovisual galego e da canle pública.

A estrea da microserie ‘A coral’, en Santiago de Compostela, ou do programa ‘O novo rei da comedia’, tamén en Compostela, súmanse a outros eventos cos que a Corporación quere achegarse á comunidade audiovisual galega e celebrar o talento do sector, así como ás numerosas estreas de longametraxes, documentais e outros produtos apoiados pola canle pública que se suceden ao longo do ano.

Media partner de festivais e eventos

A Corporación repetiu apoio a distintos eventos da escena cultural e social galega e tamén sumou outros novos en 2025. Entre outros, en marzo a CSAG foi medio colaborador de Aedemo TV, o seminario sobre televisión celebrado na Coruña do 26 ao 28 e que reúne axencias, empresas de investigación de mercados, anunciantes, medios e produtoras. Tamén no mes de marzo a CSAG volveu ser o principal socio e colaborador dos Premios Mestre Mateo organizados pola Academia Galega do Audiovisual, que cumpriron a súa XXIV edición.

Como xa foi comentado, a CSAG foi o media partner elixido pola organización da primeira edición do Festival Internacional de Series Ría de Vigo que tivo lugar en Vigo do 29 ao 31 de maio.

No verán, a Corporación apoiou un ano máis a celebración do Atlantic Fest, que se celebrou na praia da Concha de Vilagarcía de Arousa do 18 ao 20 de xullo, consolidado como un dos grandes eventos musicais do verán galego.

Outros eventos profesionais e culturais que contaron coa CSAG como media partner foron a 30ª edición do Ourense Film Festival (OUFF), en setembro, e INTERSECCIÓN, o Festival Internacional de Cine da Coruña, desenvolvido do 26 de setembro ao 4 de outubro.

En novembro, a CSAG apoiou a 2ª edición do Hematofesti, o festival de humor e literatura infantil que enche Vigo de actividades durante cinco días. Ademais, o Xabará da TVG viaxou ata alí para participar na gala do festival que homenaxea a figura de Miguel Ángel López González, máis coñecido como Hematocrítico, falecido en 2023.

Tamén en novembro e tamén en Vigo tivo lugar o Festival Internacional de órgano organizado pola Orquestra Clásica da cidade na Concatedral de Santa María, e ao que se sumou a canle pública como media partner.

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia volveu ter presenza destacada en Culturгал, a Feira das Culturas Galegas, do venres 28 ao domingo 30 no Pazo da Cultura de Pontevedra. Ademais da cobertura informativa, con entrevistas en distintos programas da TVG e da Radio Galega, a plataforma dixital AGalega.gal emitiu o programa completo de charlas e entrevistas da feira.

Por último, a CSAG repetiu apoio como media partner de Novos Cinemas, o festival de cine que a cidade de Pontevedra acolle en decembro e que en 2025 cumpría 10 anos de traxectoria.

No eido cultural, a CSAG atendeu a invitación da organización da xornada 'Legados. Espazos para o coidado das creacións contemporáneas', que tivo lugar o 29 de novembro en Santiago. A xefa do servizo do Arquivo da Corporación participou nunha das mesas redondas, xunto con representantes do sector artístico que debateron sobre o destino dos legados dos artistas nesta xornada de traballo que tivo lugar no Centro Galego de Arte Contemporánea.

Así mesmo, no Nadal, o personaxe de Xabarán participou nun evento infantil na tenda IKEA da Coruña, na tarde do 22 de decembro.

9.7. Premios e recoñecementos 2025

No eido internacional, a Corporación foi recoñecida cos seguintes galardóns:

_ Premios Celtic Media Festival 2025

- Categoría 'Single Drama' para a película 'Xustiza artificial'.
- Categoría 'Factual Entertainment' para o reality 'Pesca total'.

Neste festival, ademais, a Radio Galega foi finalista nas seguintes categorías: mellor emisora do ano; o presentador Kiko Nova na categoría de mellor presentador; o espazo 'Como que non?' na categoría de programa radiofónico de humor; e o magazine 'A tarde' foi finalista na categoría de mellor programa radiofónico de entretemento.

_ Premio Vinhos do Atlântico, no apartado de comunicación social, para a Televisión de Galicia polo seu labor divulgativo nos premios portugueses.

_ Mención Especial no Fantastic Fest, de Austin (Texas) para a película 'Decorado'.

_ Mención Especial do Xurado no Festival de Mar del Plata para a película 'Leo & Lou'.

No eido estatal, as producións participadas ou creadas pola CSAG recolleron estes premios:

_ Premio no FesTVal ao mellor programa autonómico 2024 para o espazo da Televisión de Galicia 'Atrápame se podes'.

_ Premios Mestre Mateo 2025:

- Tres galardóns para a película 'As Neves': mellor película, mellor son e mellor actriz de reparto.
- Dous premios para 'Tratamos demasiado bien a las mujeres': mellor vestiario e mellor dirección de arte.
- Mellor comunicador para Juan Fuentes, por 'Quen anda aí?'.
- Mellor documental para 'Filmei paxaros voando'.
- Mellor programa para 'Recollendo músicas'.
- Mellor realización por 'Historias de aquí'.

Ademais, dous galardóns especiais, que se entregan na gala de finalistas previa á gala dos Mestre Mateo, para a serie 'Bibopalula', dispoñible en Xabarin.gal, e que foi recoñecida co Premio Especial 'Deleite á promoción da lingua'; e para o espazo da TVG 'Cos pés na terra', gañadora do Premio Especial ABANCA ao impulso da sostibilidade, polos seus máis de 200 programas divulgando a riqueza da vida rural.

_ I Premios AGalega.gal

A plataforma dixital dos medios públicos galegos celebrou o seu primeiro aniversario coa convocatoria dos I Premios AGalega.gal, nun concurso aberto a todos os seguidores rexistrados nas plataformas, que puideron votar os seus contidos favoritos.

- Categoría 'Para ver cos amigos': o concurso 'Salvaxe'.
- Categoría 'Para poñer na clase': a webserie documental 'San Simón, colonia penitenciaria'.
- Categoría 'Para saber máis de nós': o ciclo de documentais 'Historias de aquí'.
- Categoría 'Para ver no bus': gañou o programa divulgativo sobre a historia de Galicia 'Contando historias'.
- Categoría 'Para desconectar': o público elixiu a serie máis recentemente estreada na TVG, a divertida 'A coral'.
- Categoría 'Mellor microserie': resultou gañadora a webserie 'E logo, quen foi?'.
- Categoría 'Viva a diversidade': o programa divulgativo 'Sexo con senso', que achega un punto de vista actual sobre a educación afectivo-sexual.
- Categoría 'Orgullo friki': alzouse co premio á "Sección anime" da plataforma dixital.
- Categoría 'A serie da túa vida': gañou un clásico da canle, 'Pratos combinados'.
- Categoría 'Mellor serie galega de Xabarin.gal': premio para 'Os bolechas: Historia de Galicia'.
- Categoría 'Mellor podcast de AGalegaAudio.gal': triunfou o podcast sobre deseño galego 'Movendo marcos'.

- _ Premio Semente para 'Labranza', pola divulgación dos valores rurais.
- _ Premio 'Teniente General Fernández Vallespín' da Comisión Hogueras de San Juan da Coruña á CSAG polo seu labor de difusión da cultura.
- _ Premio Rebulir da Cultura Galega 2025 para 'Luar' na categoría Homenaxe.
- _ Premio Deporte Galego ao mellor labor informativo de 2024, da Secretaría Xeral para o Deporte, para o programa da TVG 'Soltando Estacha'.
- _ 'Zigzag', finalista nos premios da XVII Bienal Española de Arquitectura y Urbanismo (BEAU), organizados polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana.
- _ Premio Ecovidrio 2025 para a serie divulgativa de AGalega.gal 'Incalculable'.

- _ Premios do Festival Internacional de Xixón
 - Mellor dirección para a película 'Así chegou a noite'.
 - Mellor guión para a película 'As liñas descontinuas'.

- _ Premio á mellor película do Festival Cineuropa para a película 'Onte á noite conquistei Tebas'.
- _ Premio Forqué a Mellor Longametraxe de Animación para a película 'Decorado', participada pola CSAG.
- _ 'Zigzag' recibe o I Recoñecemento A Colectiva, a Asociación Profesional de Artistas de Galicia, polo seu labor de difusión da cultura e arte galega.
- _ Premio Compromiso coa Igualdade no Desenvolvemento Rural, na categoría de Difusión para 'Cos pés na terra'. Este galardón está promovido pola Asociación de Familias e Mulleres do Medio Rural (Afammer).
- _ Premios Nacionales de Medicina s. XXI, na categoría de Comunicación para o programa 'Curando o mundo'.

10. A ADMINISTRACIÓN, O CONTROL E O GOBERNO DA CSAG

10.1 Normativas de aplicación

10.1.1 Corporación CRTVG

En función do que se determinaba nos artigos 8.1 (*Réxime xurídico*) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 2.1 (*Réxime xurídico*) dos seus estatutos, ata o 01.07.2025 (data na que o director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio da Consellería de Facenda, representante do socio único -a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia- cambiou a súa denominación e modificou os seus estatutos sociais), rexeuse:

- Pola Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (DOG núm. 239 do 16.12.2011)
- Polos seus estatutos sociais (DOG núm. 55 do 21.03.2016)
- Pola Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual (BOE núm. 79 do 01.04.2010)
- Pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251 do 31.12.2010)
- En defecto da normativa anterior, pola lexislación mercantil

10.1.2 CSAG

Ao abeiro do que se establece nos artigos 19.1 (*Réxime xurídico*) da Lei 1/2025, do 14 de marzo, e 2.1. (*Réxime xurídico*) dos seus estatutos, regúlase:

- Pola Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital (DOG núm. 53 do 18.03.2025)
- Polos seus estatutos sociais (DOG núm. 157 do 19.08.2025)
- Pola lexislación xeral de comunicación audiovisual
- Pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251 do 31.12.2010)
- En defecto da normativa anterior, pola lexislación mercantil

10.2 Organización e atribucións

10.2.1 Corporación RTVG

- Lei 9/2011, do 9 de novembro:
- Artigo 12.1 (Órganos): *Son órganos da Corporación RTVG os seguintes: a) O consello de administración...*
- Artigo 13.1 (Consello de administración): *Correspóndelle ao consello de administración a administración e o control da Corporación RTVG.*
- Artigo 10 (Órganos da Corporación RTVG) dos estatutos: *A Corporación RTVG estará composta polos seguintes órganos: (I) O Consello de Administración...*

10.2.2 CSAG

- Lei 1/2025, do 14 de marzo:
- Artigo 23.1 (Órganos): *Son órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia o Consello de Administración...*
- Artigo 24.1 (Definición e composición): *O Consello de Administración é o órgano colexiado de goberno e administración da CSAG.*
- Estatutos:
 - _Artigo 9.1 (Órganos da CSAG): *Son órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia: (i) O Consello de Administración...*
 - _Artigo 10.1 (Definición e composición): *O Consello de Administración é o órgano colexiado de goberno e administración da CSAG.*

10.3 Composición

10.3.1 Corporación RTVG

- Artigo 13.2 (Consello de administración) da Lei 9/2011, do 9 de novembro: *...componse de sete membros. Un deles será a directora ou o director xeral.*
- Artigo 11 (A composición do Consello de Administración) dos estatutos: *...comporase de sete membros, dos cales un será, ao mesmo tempo, o director ou directora xeral.*

10.3.2 CSAG

- Artigo 24.2 (*Definición e composición*) da Lei 1/2025, do 14 de marzo: ...*componse de sete membros, dos cales un é a persoa titular da Dirección Xeral.*
- Artigo 10.2 (*Definición e composición*) dos estatutos: ...*componse de sete membros, dos cales un é a persoa titular da Dirección Xeral.*

10.4 Competencias e funcións

10.4.1 Consello de Administración da Corporación RTVG

- Lei 9/2011, do 9 de novembro: artigos 19 (*Competencias e funcións*), 21.2 (*Secretaría*), 23.2 (*A directora ou o director xeral -nomeamento-*), 28 (*Comisión de economía e control*), 36.3 (*Estatuto profesional*), 39.1.b) (*Dereito de acceso*) e 45.2 (*Contas anuais e auditoría externa*).
- Estatutos: artigos 5.2 (*Domicilio social*), 16 (*Funcións do Consello de Administración*), 19.1 (*Secretaría do Consello de Administración*), 20 (*A Comisión de Economía e Control*), 21.2 (*Nomeamento e cesamento -referido á persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG-*), 31 -segundo parágrafo- (*O Consello de Informativos*), 32 -segundo parágrafo- (*O Estatuto profesional*), 36.1 (*Funcións en materia de persoal*) e 40.2 (*Contas anuais e auditoría externa*).
- Mandato marco da Corporación RTVG (DOG núm. 247 do 29.12.2015): artigos 18 (*Dereito de acceso*) e 34.3 (*O modelo de xestión*).
- Artigo 26.3 (*Competencias e funcións da directora ou do director xeral*) da Lei 9/2011, do 9 de novembro: *As dúbidas que no transcurso da actividade poidan xurdir en relación coa atribución dunha competencia ao consello de administración ou á persoa titular da dirección xeral da corporación resolveranse sempre a favor desta.*

10.4.2 Consello de Administración da CSAG

- Lei 1/2025, do 14 de marzo: artigos 30 (*Competencias e funcións*), 32.2 e 5 (*Secretaría*), 34.5 (*Definición, elección e nomeamento -referido á persoa titular da Dirección Xeral da CSAG-*), 36.1.g) e 2 (*Cesamento -tamén referido á persoa titular da Dirección Xeral da CSAG-*), 39 (*Comisión de Economía e Control*), 41.1.c) (*Composición -Consello Asesor de Participación Social e Profesional-*), 50 (*Autorregulación e correulación*), 55.2 (*Contas anuais e auditoría externa*) e 56.4 (*Patrimonio*).

- Estatutos: artigos 5.2 (*Domicilio social*), 16 (*Competencias e funcións do Consello de Administración*), 18.2 e 5 (*Secretaría do Consello de Administración*), 20 (*A Comisión de Economía e Control*), 21.5 (*A directora ou o director xeral -nomeamento-*), 23.2 (*Cese -referido á persoa titular da Dirección Xeral da CSAG-*), 30 (*Da convocatoria -da Xunta Xeral-*), 33 (*Composición -Consello Asesor de Participación Social e Profesional-*), 40.1 (*Funcións en materia de persoal*), 45.2 (*Contas anuais e auditoría externa*), 46 (*A formulación das contas anuais*) e 49.4 (*Patrimonio*).
- Artigo 38.2 (*Competencias e funcións*) da Lei 1/2025, do 14 de marzo, e 25.2 (*Competencias e funcións*) dos estatutos: *As dúbidas que no transcurso da actividade da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia poidan xurdir respecto da atribución dunha competencia ao Consello de Administración ou á Dirección Xeral resolveranse sempre a favor desta última.*

10.5. Elección e nomeamento

10.5.1 Consello de Administración da Corporación RTVG

- No Pleno do 13.07.2021, o Parlamento de Galicia elixiu como membros do Consello de Administración da Corporación RTVG a Cabaleiro Durán, De la Matta Cantó, Meijide Gómez, Peón Piñeiro, Vidal Lage e Viña Bravo. Acadaron a maioría de dous terzos que se determinaba nos artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos estatutos da Corporación RTVG. O seu nomeamento por parte da Xunta Xeral realizouse mediante acta de decisións do 16.07.2021, que asinou o secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia (de acordo co que se preceptuaba nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos da Corporación RTVG).

A aceptación do cargo por cada unha das persoas que se mencionaron antes produciuse no pleno ordinario do 21.07.2021. Os acordos que se adoptaron nel eleváronse a escritura pública que se outorgou ante José Manuel Amigo Vázquez, notario do Ilustre Colexio de Galicia, con residencia en Santiago de Compostela, o 24.09.2021 (núm. 1.727 do seu protocolo), e que se inscribiu no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela (tomo 212, folio 210, sección 8, folla SC-4608, inscrición 66 do 15.10.2021; Borme núm. 205 do 25.10.2021).

- Por escrito do 22.04.2022 (rexistro de entrada núm. 11 da mesma data), o conselleiro De la Matta Cantó renunciou ao cargo con efectos do 25.04.2022. A súa renuncia inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 70 do 06.06.2022 (Borme núm. 111 do 13.06.2022).

- Mediante escrito do 21.05.2022 (rexistro de entrada núm. 16 da mesma data), o conselleiro Meijide Gómez renunciou ao cargo con efectos do 25.05.2022. A súa renuncia inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 71 do 12.07.2022 (Borme núm. 139 do 21.07.2022).
- No Pleno do 12.07.2022, o Parlamento de Galicia elixiu como membros do Consello de Administración da Corporación RTVG a Alonso Filgueira e López Blanco. Acadaron a maioría de dous terzos que se determinaba nos artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos seus estatutos. O seu nomeamento por parte da Xunta Xeral realizouse mediante acta de decisións do 19.07.2022, que asinou o secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia (de acordo co que se preceptuaba nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos). Aceptaron o cargo neste mesmo acto. Este acordo inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 72 (Borme núm. 161 do 24.08.2022).
- Dese xeito, no período comprendido entre o 19.07.2022 e o 11.07.2025, o Consello de Administración da Corporación RTVG quedou configurado por Alonso Filgueira, Cabaleiro Durán, López Blanco, Peón Piñeiro, Sánchez Izquierdo (director xeral da Corporación RTVG e da CSAG), Vidal Lage e Viña Bravo.

10.5.2 Consello de Administración da CSAG

- Por acta de decisións do 11.07.2025, do director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (Consellería de Facenda e Administración Pública), representante do socio único da CSAG (a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia):
- Cesouse a Sánchez Izquierdo como membro do Consello de Administración da CSAG.
- Nomeouse a Pombo Romero como membro do Consello de Administración da CSAG.

Pombo Romero, presente no acto, aceptou o seu nomeamento como membro do Consello de Administración da CSAG e manifestou non estar incurso en ningunha das prohibicións ou incompatibilidades legais para o exercicio do dito cargo, especialmente as que se recollen expresamente nas leis 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital; 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e demais

normativa que puidese ser de aplicación ou calquera disposición estatutaria sobre a materia.

Os ditos acordos eleváronse a escritura pública ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, con residencia en Santiago de Compostela, Manuel Remuñán López, o 14.07.2025, (núm. 1.497 do seu protocolo). Inscribíronse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 31.07.205 (sección 8, folia SC-4608, inscrición 82; Borme núm. 149 do 07.08.2025). Por esa razón, no período comprendido entre o 11.07.2025 e o 03.09.2025, o Consello de Administración da CSAG quedou configurado por Alonso Filgueira, Cabaleiro Durán, López Blanco, Peón Piñeiro, Pombo Romero (directora xeral da CSAG), Vidal Lage e Viña Bravo.

- Por escrito do 03.09.2025 (rexistro de entrada núm. 15 da mesma data), a conselleira Viña Bravo renunciou ao cargo con efectos do mesmo día. A súa renuncia inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela na sección 8, folia SC-4608, inscrición 83 do 16.10.2025 (Borme núm. 203 do 23.10.2025).

Dese xeito, no período comprendido entre o 03.09.2025, o Consello de Administración da CSAG quedou configurado por Alonso Filgueira, Cabaleiro Durán, López Blanco, Peón Piñeiro, Pombo Romero (directora xeral da CSAG) e Vidal Lage.

10.6 Duración do mandato

10.6.1 Consello de Administración da Corporación RTVG

- Artigo 16 (*Duración do mandato*) da Lei 9/2011, do 9 de novembro: 1. *O mandato dos membros do Consello de Administración é de cinco anos, contados desde o seu nomeamento.* 2. *O mandato é renovable por unha soa vez.* 3. *Esgotado o mandato, os membros do Consello de Administración continúan no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos novos conselleiros.*
- Artigo 14 (*Duración do cargo de membros do Consello de Administración*) dos estatutos: 1. *O mandato dos membros do Consello de Administración é de cinco anos, contados desde o seu nomeamento, renovables unha soa vez...* 3. *Esgotado o mandato, os membros do Consello de Administración continuarán no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos novos conselleiros.*

10.6.2 Consello de Administración da CSAG

- Artigo 27 (*Duración do mandato*) da Lei 1/2025, do 14 de marzo: 1. *O mandato dos membros do Consello de Administración é de cinco anos, contados desde o seu*

nomeamento. 2. O mandato é renovable por unha soa vez. 3. Despois de se esgotar o mandato, os membros do Consello de Administración continúan no exercicio das súas funcións ata a renovación no cargo ou ata a toma de posesión das persoas que os substitúan.

- *Disposición derradeira terceira (Primeira elección consonte o establecido por esta lei dos membros dos órganos e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais) da Lei 1/2025, do 14 de marzo: 2. Unha vez que entre en vigor a modificación dos estatutos sociais prevista na disposición derradeira segunda, entenderase expirado o mandato... dos demais membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, que continuarán no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión das persoas que os substitúan... 3. Para a primeira elección conforme o establecido por esta lei dos membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia non se terán en conta os mandatos en que as persoas propostas, se for o caso, exercesen os mesmos cargos cando a sociedade tiña a denominación de «Corporación Radio e Televisión de Galicia».*
- *Artigo 13 (Duración do cargo de membro do Consello de Administración) dos estatutos: 1. O mandato dos membros do Consello de Administración é de cinco anos, contados desde o seu nomeamento. 2. O mandato é renovable por unha soa vez. 3. Despois de se esgotar o mandato, os membros do Consello de Administración continúan no exercicio das súas funcións ata a renovación no cargo ou ata a toma de posesión das persoas que os substitúan.*

10.7 Réxime das persoas membros dos Consellos de Administración da CRTVG e da CSAG

10.7.1 Consello de Administración da Corporación RTVG

Nos artigos 29.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 13.5 dos estatutos especificouse que os/as membros do órgano colexiado, incluída a persoal titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG, estarían vinculados coa empresa por unha relación mercantil, sen prexuízo das especialidades que se establecían na devandita lei.

10.7.2 Consello de Administración da CSAG

Os artigos 44 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, e 36.1 dos estatutos reproducen a anterior redacción.

10.8 Presidencia

10.8.1 Consello de Administración da Corporación RTVG

Nos artigos 20.1 e 4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 18.1 e 4 dos estatutos determinábase que a Presidencia:

- Era puramente funcional e se desempeñaba de forma rotatoria polos/as membros do órgano colexiado, excluída a persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG, por un período de seis meses.
- Quen a exercese non tería ningunha función de representación ou dirección executiva da empresa, que lle correspondían á persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG.

As súas funcións determináronse nos artigos 20.2 e 3 da Lei 9/2011, do 9 de novembro; 18.2 e 3 dos estatutos e 16 do Regulamento interno do Consello de Administración da Corporación RTVG.

10.8.2 Consello de Administración da CSAG

Nos artigos 31.1 e 4 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, e 17.1 e 4 dos estatutos establécese que:

- Se exerce por un/unha dos/as seus/súas membros, excluída a persoa titular da Dirección Xeral da CSAG, de acordo coa orde rotatoria que estableza o propio órgano colexiado, por períodos de seis meses.
- Non exercerá funcións de representación nin de dirección executiva da empresa, que lle corresponden exclusivamente á persoa titular da Dirección Xeral da CSAG.

As súas funcións reflíctense nos artigos 31.2 da Lei 1/2025, do 14 de marzo; 17.2 do estatutos e 16 do Regulamento interno do Consello de Administración da CSAG.

10.8.3 Presidente e presidentas

En 2025, ocuparon a Presidencia:

10.8.3.1. Corporación RTVG

Álvaro Alonso Filgueira, elixido por unanimidade no pleno ordinario do 22.10.2024. Desempeñou o cargo entre o 01.01.2025 e o 23.05.2025 O seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 16.12.2024. Datos rexistrais: sección 8, folla SC-4608, inscrición 78 (Borme núm. 246 do 23.12.2024).

10.8.3.2. Corporación RTVG e CSAG

Margarita López Blanco, elixida por unanimidade no pleno extraordinario do 23.05.2025. Desempeñou o cargo entre o 23.05.2025 e o 25.11.2025. O seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 09.06.2025. Datos rexistrais: sección 8, folla SC-4608, inscrición 80 (Borme núm. 113 do 17.06.2025).

10.8.3.3. CSAG

Ana I. Peón Piñeiro, elixida por unanimidade no pleno ordinario do 25.11.2025. Desempeñou o cargo entre o 25.11.2025 e o 31.12.2025. O seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 07.01.2026. Datos rexistrais: sección 8, folla SC-4608, inscrición 85 (Borme núm. 8 do 14.01.2026).

10.9 Secretaría dos Consellos de Administración da Corporación RTVG e da CSAG

No pleno extraordinario do 26.04.2022, por unanimidade, designouse secretaria a Martina Puente Nogueira. Déuselle cumprimento ao que se establecía nos artigos 21 da Lei 9/2011, do 9 de novembro; 19 dos estatutos da sociedade e 17 do Regulamento interno do Consello de Administración da Corporación RTVG (nos que se indican as súas funcións).

O seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 28.04.2022. Datos rexistrais: tomo 212, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 69 (Borme núm. 87 do 09.05.2022).

10.10 Direccións xerais da Corporación RTVG e da CSAG

10.10.1 Corporación RTVG e CSAG

Por acta de decisións do 31.12.2015, a representante do socio único da Corporación RTVG (a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia) designou a Alfonso Sánchez Izquierdo director xeral da Corporación RTVG. Aplicouse o que se sinalaba na disposición transitoria terceira da Lei 9/2011, do 9 de novembro, modificada pola disposición derradeira cuarta da Lei 13/2015, do 24 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas. O seu nomeamento elevouse a escritura pública ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, con residencia en Santiago de Compostela, José Manuel Amigo Vázquez (núm. 3.228 do seu protocolo).

Inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 10.02.2016 (tomo 212, folia 199, sección 8, folia SC-4608, inscrición 44; Borme núm. 33 do 18.02.2026). Alfonso Sánchez Izquierdo desenvolveu as funcións de administración e de representación da empresa dende as 00:00 h do 01.01.2016 e foi nomeado director xeral da Corporación RTVG na primeira sesión do Consello de Administración da Corporación RTVG (04.01.2016). Presente no acto, aceptou o cargo.

O Consello de Administración da CSAG cesouno como director xeral da empresa no pleno ordinario do 11.07.2025. Este acordo elevouse a escritura pública ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, con residencia en Santiago de Compostela, Manuel Remuñán López, o 14.07.2025 (núm. 1.497 do seu protocolo). Completouse e emendouse por escritura pública do 30.07.2025 (núm. 1.759 do protocolo do mesmo notario). Inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 31.07.205 (sección 8, folia SC-4608, inscrición 82; Borme núm. 149 do 07.08.2025).

10.10.2 CSAG

En virtude do que se dispón no artigo 34.2 e na disposición adicional segunda da Lei 1/2025, do 14 de marzo, e 21.2 dos estatutos, o Parlamento de Galicia, no Pleno do 08.07.2025, elixiu a María Concepción Pombo Romero como titular da Dirección Xeral da CSAG.

De acordo co que se preceptúa nos artigos 34.5 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, e 21.5 dos estatutos, o Consello de Administración da CSAG nomeouna directora xeral da CSAG no pleno extraordinario do 11.07.2025.

Pombo Romero, presente nese acto, aceptou o seu nomeamento como directora xeral da CSAG e manifestou non estar incurso en ningunha das prohibicións ou incompatibilidades legais para o exercicio do cargo, especialmente as que se recollen expresamente nas leis 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital; 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e demais normativa que puidese ser de aplicación ou calquera disposición estatutaria sobre a materia.

O dito acordo elevouse a escritura pública ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, con residencia en Santiago de Compostela, Manuel Remuñán López, o 14.07.2025 (núm. 1.497 do seu protocolo). Completouse e emendouse por escritura pública do 30.07.2025 (núm. 1.759 do protocolo do mesmo notario).

Inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 31.07.205 (sección 8, folia SC-4608, inscrición 82; Borme núm. 149 do 07.08.2025).

10.11 Funcionamento dos Consellos de Administración da CRTVG e da CSAG

10.11.1 Corporación RTVG

- Artigo 22 da Lei 9/2011, do 9 de novembro
- Artigo 17 dos estatutos da Corporación RTVG
- Regulamento interno (aprobase, por unanimidade, no pleno ordinario do 19.07.2016 e modificouse, tamén por unanimidade, no pleno ordinario do 27.07.2021)

10.11.2 CSAG

- Artigo 33 da Lei 1/2025, do 14 de marzo
- Artigo 19 dos estatutos da CSAG
- Regulamento interno (aprobase, por unanimidade, no pleno ordinario do 19.07.2016 e modificouse, tamén por unanimidade, no pleno ordinario do 27.07.2021)

10.12 Relación das 16 sesións plenarias que se realizaron en 2025

10.12.1 - 28 de xaneiro de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 20.12.2024 (aprobase por unanimidade e asentimento).
- Aprobación, se procede, da proposta de indemnización polo desenvolvemento das funcións propias do cargo de secretaria do Consello de Administración da Corporación RTVG (aprobase por unanimidade e asentimento).
- Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG (aprobase por cinco votos a favor e dous en contra).
- Informes do director xeral da Corporación RTVG.

1 Situación no ámbito das relacións laborais.

2 Kantar Media, S.A.U.

- Contestación a rogos e preguntas (formuláronse no pleno ordinario do 20.12.2024, todas elas a título individual, agás no caso das dúas primeiras).

- 1 Trala conclusión do proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro, viabilidade, de estender a vinculación laboral máis aló do 31.12.2204 con aquelas persoas que non o superaron (realizaron a pregunta dúas conselleiras).
- 2 Tan axiña se adoptase, comunicación de calquera determinación en relación co contrato que se formalizara para a coprodución de 'O Termómetro' (realizaron a pregunta dúas conselleiras).
- 3 Relación de participantes nos faladoiros, nas mesas de actualidade e nas columnas económicas, políticas e deportivas dos programas 'Galicia por diante' e 'A crónica' no período comprendido entre o 02.09.2024 e o 31.12.2024 e número de intervencións en cada caso.
4. Apelación para que na composición dos faladoiros, nomeadamente no que formaba parte do 'Galicia por diante', se garantise o equilibrio ideolóxico (o panorama da sociedade galega), e que así se preservase a pluralidade.
1. Tratamento da manifestación que se realizou en Compostela o 15.12.2024, a iniciativa das plataformas Ulloa Viva e En Defensa da Ría de Arousa e contra a pretensión de Altri SGPS, S.A. de erixir unha celulosa en Palas de Rei.
2. Cantidades que percibira a xefa do Servizo de Administración e Facturación cando, antes do seu nomeamento, realizou funcións de representante legal externa da Corporación e posibilidade de ampliar o número de titulados/as superiores do Departamento de Asesoría Xurídica.
3. Razóns polas que dende a súa elección como alcaldesa de Compostela Goretti Sanmartín Rei aínda non fora protagonista de ningunha entrevista na TVG, como tampouco o alcalde e a alcaldesa das dúas principais cidades galegas por número de habitantes.
4. Causas polas que a Radio Galega modificaba a súa programación habitual cando ofrecía entrevistas a membros do Goberno galego.

- Asuntos de trámite.

Por unanimidade, aprobouse o seguinte acordo:

A través da Dirección do Departamento de Recursos Humanos, solicitar un informe da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal (Consellería de Facenda e Administración Pública) sobre:

- a) Se existía un marco normativo aplicable que regulase o acceso ás listaxes de contratación temporal das persoas que perderon a condición de persoal laboral indefinido non fixo como consecuencia da resolución do proceso extraordinario de consolidación de emprego e

- b) de existir, cales serían os requisitos ou, se for o caso, os impedimentos para que o devandito persoal puidese ser chamado a través das listaxes de contratación para formalizar contratos de duración determinada coa CRTVG.

O informe emitíuse o 12.03.2025 e proporcionouse na reunión da Comisión de Recursos Humanos do 27.03.2025.

- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual e contestáronse no pleno ordinario do 25.02.2025).

1 Estado do expediente disciplinario que se lle abrixa a unha técnica de iluminación e a un iluminador ao abeiro dun incidente que ocorrera o 15.11.2024 durante a emisión do programa 'O Termómetro'.

2 En canto aos acordos que se alcanzaran coas coprodutoras do espazo 'O Termómetro', no que respecta á achega de recursos humanos, variacións que se introduciran no correspondente á segunda serie de programas (a que principiou o 07.01.2025) en relación coa primeira, tanto en termos cuantitativos como nominalmente no caso do persoal da Corporación RTVG.

3 Valoración da Dirección Xeral da Corporación RTVG sobre o contido, a autopromoción e a cota de pantalla da produción 'A vida galega da princesa Leonor. Por que te vas?'.

4 Parecer da Dirección Xeral da Corporación RTVG sobre a difusión da nova que se titulou *Os reis pasan por diante do expositor de Galicia en Fitur* (divulgouse o 23.01.2025 na conta @G24Noticias da rede social X).

5 Motivo polo que se permitía que determinados/as colaboradores/as de programas da TVG tipo revista interviñesen nalgunhas das súas seccións (mesas de debate sobre asuntos triviais) en castelán.

6 Coa excepción da que se contemplou no plan de cobertura da campaña das eleccións ao Parlamento de Galicia do 18.02.2024, razóns polas que no último ano a voceira nacional do BNG non fora obxecto de ningunha entrevista na Corporación RTVG.

7 Causas polas que na fin de semana que comezou o 17.01.2025 a información sobre os problemas que xurdiron entre a veciñanza da compostelá avenida de Salamanca pola existencia dunha colonia de gatos fora obxecto de abordaxe en tres programas diferentes da TVG.

8 Reiterouse o pedimento que se fixera no pleno ordinario do 26.11.2024 para que se restablecese a práctica consistente na comunicación anticipada das persoas que ían participar en cada faladoiro.

- 9 Tratamento que recibira na TVG a polémica da que fora protagonista Rosendo Fernández González, suplente da candidatura do BNG no Concello de Coles nas eleccións locais do 28.05.2023.
- 10 Cobertura dos pedimentos que se fixeran para que José Manuel Baltar Blanco dimitise como senador en función da condena que se lle impuxo pola Sala do Penal do Tribunal Supremo.
- 11 Actuacións da CRTVG para conmemorar o Ano Castelao.
- 12 Atención que recibira o pasamento de Bernardino Graña Villar na TVG.
- 13 Liña de actuación da TVG para dar conta do acto de homenaxe a Castelao no 75 aniversario do seu pasamento (Panteón de Galegas e Galegos Ilustres), concretamente nos 'Telexornal mediodía' e 'Telexornal serán' do 07.01.2025 e 10.01.2025.

Ademais, realizáronse as seguintes consideracións:

- 1 O Consello de Administración deixou constancia do seu pesar unánime polo pasamento de Xosé Manuel Piñeiro Borrajo (22.01.2025).
- 2 O Consello de Administración deixou constancia do seu pesar unánime polo pasamento de Jesús Pérez Varela (16.01.2025), quen, entre outros moitos cargos públicos, fora membro do Consello de Administración da extinta CRTVG entre o 02.12.2005 e o 16.06.2009.
- 3 Observación sobre a resposta que se ofreceu no pleno ao abeiro dunha das preguntas que se formulara no anterior (20.12.2024).

10.12.2 - 25 de febreiro de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 28.01.2025 (aprobose por unanimidade e asentimento).
 - Informes do director xeral da Corporación RTVG.
- 1 XL aniversario do comezo das emisións da Radio Galega e da TVG.
 - 2 Evolución do proceso de integración das delegacións multimedia da CRTVG
 - 3 Mundial da FIFA 2026.
 - 4 Tendencias en innovación e adaptación á transformación dixital nas televisións públicas rexionais europeas.
 - Contestación a rogos e preguntas.
 - Asuntos de trámite.

- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual, agás a segunda, e contestáronse no pleno ordinario do 27.03.2025).
- 1 Intención da Dirección Xeral da Corporación en relación co pedimento que lle fixera o Comité Intercentros, consistente na fixación dunha data co obxecto de manter unha reunión para analizar diversos problemas que detectou o órgano de representación do persoal.
 - 2 Base legal na que se apoiou a CRTVG para, a partir do 01.04.2025, deixar de aplicar a disposición adicional novena do convenio colectivo (regulación da xubilación parcial) (realizaron a pregunta dúas conselleiras).
 - 3 Situación das 20 persoas que tiveran que cesar na súa ocupación laboral por non superar o proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro.
 - 4 No que se refire ao proceso selectivo, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, que se convocou por Resolución do 30.11.2023, da Dirección Xeral da Corporación, razóns polas que, por vez primeira dende a creación da extinta CRTVG, se incluíu nas bases da convocatoria a posibilidade de realizar as probas tipo test en castelán.
 - 5 Rolda de entrevistas na que cabía inscribir a que se lle realizou na Radio Galega á secretaria xeral do PPdeG e que se emitiu o 16.02.2025.
 - 6 En relación coa campaña da Xunta de Galicia que se denominou *menos é máis*, sobre o plan de repotenciación dos 25 parques eólicos máis antigos, motivos polos que se decidiu que a protagonizasen os/as presentadores/as da sección *O tempo* e que se utilizasen os escenarios propios deste espazo.
 - 7 Atención que recibira o comunicado que divulgaron o 15.02.2025 medio cento de profesores/as das universidades galegas e investigadores/as e no que solicitaron que a Corporación RTVG non empregase o termo *bilingüismo cordial*.
 - 8 Solicitud consistente na promoción das creacións literarias en galego nos programas de información xeral da Corporación RTVG.
 - 9 Malia que se programou nunha franxa pouco acaída en función do consumo que se identificaba nela, gabouse a decisión da dirección de pór en antena o programa *Lécho*.
 - 10 Causas polas que a información que se divulgou o 14.02.2025 e que versou sobre a desaparición de pezas arquitectónicas no antigo convento beneditino de San Salvador de Asma non se completou cunha mención á pregunta para resposta oral na Comisión 4ª (Educación e Cultura) que fixeran o 23.01.2025 Iago Suárez

Fernández e Mercedes Queixas Zas (deputado e deputada do G.P. do BNG) sobre a mesma cuestión.

11 Posibles iniciativas da Dirección Xeral da CRTVG para que as áreas de Información e Documentación e de Contidos lle outorgasen un tratamento igual a todos os concellos galegos, independentemente da entidade política que os gobernaba.

12 Eventualidade de establecer algún tipo de directriz para que non se fixese ningún tipo de apoloxía involuntaria do consumo de alcol, drogas ou produtos do tabaco nas programacións dos medios públicos galegos de comunicación audiovisual.

13 Solicitude de entrega do estudo psicosocial.

Ademais, realizáronse as seguintes consideracións e reflexións:

1 Felicítouse ao conxunto da organización polo XL aniversario da Radio Galega e pola programación que se difundiu o 24.02.2025 para conmemorar esta efeméride.

2 A Dirección Xeral da Corporación compartiu a reflexión que se fixo sobre a necesidade de extremar o coidado para non difundir contidos nos que se fixese a máis mínima apoloxía do consumo de produtos do tabaco, alcol e drogas.

10.12.3 - 27 de marzo de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 25.02.2025 (aprobose por unanimidade e asentimento).
- Formulación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2024 (artigo 253 da Lei de sociedades de capital, aprobada polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo).

Formuláronse as contas anuais da CRTVG correspondentes ao exercicio 2024 (comprensivas do balance, das contas de perdas e ganancias, dos estados de cambios no patrimonio neto, dos estados de fluxos de efectivo e da memoria), o informe de xestión (incluído o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado. Os anteditos documentos asináronse polas/os conselleiras/os antes da súa elevación á Xunta Xeral para a súa aprobación.

- Informes do director xeral da Corporación RTVG.

1 Primeiro informe anual sobre as canles dixitais da Corporación RTVG.

2 Ultra alta definición (UHD).

- Contestación a rogos e preguntas.
- Asuntos de trámite.

- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual e contestáronse no pleno ordinario do 22.04.2025).

- 1 Parecer da Dirección Xeral da Corporación RTVG sobre o proceder do narrador e o comentarista da Radio Galega cando nun momento do encontro de LaLiga Hypermotion RCD da Coruña-FC Cartaxena (23.03.2025) unha parte do público presente no estadio Abanca-Riazor se pronunciou contra o proxecto de Altri SGPS, S.A. en Palas de Rei.
- 2 Relación de procedementos en trámite na xurisdición laboral nos que era parte a Corporación RTVG.
- 3 Información sobre o estado das dilixencias previas procedemento abreviado núm. 784/2023 do Xulgado de Instrución núm. 1 de Santiago de Compostela.
- 4 En relación coa grella da TVG, información detallada sobre os programas de produción propia externa ou que se realizaban en réxime de coprodución e custo de cada un deles.
- 5 Dificultades na consulta da información da sección *Actividade corporativa (Contratos e convenios, Actividade contractual)* da web www.crtvg.gal.
- 6 Motivos polos que nos programas nos que se facía referencia ás novas de portada de diferentes xornais non se incluía a de Nós Diario e polos que se excluía este diario cando a Corporación RTVG promovía a súa programación na prensa escrita.
- 7 Razóns polas que non se lle permitiu cursar unha visita ás instalacións da Corporación RTVG en San Marcos a membros dos órganos de representación dos traballadores de diferentes organismos públicos de comunicación audiovisual autonómicos que, baixo o lema *Sumar fuerzas*, participaron no I Encontro de comités de empresa de medios públicos de comunicación (18.03.2025).
- 8 Causas polas que o conselleiro-delegado de Altri SGPS, S.A. fora obxecto de tres entrevistas na TVG e polas que non se deu conta da concentración do 19.03.2025 diante do Parlamento Europeo contra o proxecto da dita empresa en Palas de Rei.
- 9 Liña de actuación da TVG na cobertura da manifestación da Pobra do Caramiñal o 22.03.2025, previa convocatoria da Plataforma en Defensa da Ría de Arousa.
- 10 Relación de alcaldes/alcaldesas que foran obxecto de entrevistas na TVG dende as eleccións locais do 28.05.2023.
- 11 Medidas para que o presentador do espazo da TVG 'O novo rei da comedia' amosase o debido respecto polo idioma galego.

- 12 Motivos polos que non fora merecente de atención para a TVG a manifestación que se realizou en Viveiro o 23.03.2025, a iniciativa da Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña.
- 13 Proceder da TVG na cobertura do debate que se produciu no Parlamento de Galicia o 25.03.2025 e que xirou arredor da mina de litio de Doade (Beariz).
- 14 Criterios profesionais que se seguiron para encabezar unha información que se divulgou a través da rede social X co seguinte titular: *Unha disputa entre o BNG e o PSOE fai cancelar a carreira de carrilanas de Esteiro*.
- 15 En relación co proxecto de Altri SGPS, S.A. en Palas de Rei, razóns polas que a TVG interpretou as declaracións públicas que fixo o 19.03.2025 Néstor Rego Candamil (*O BNG non está disposto a pasar unha liña vermella*).
- 16 Escolla das protagonistas do primeiro programa da produción *A miña gran cidade*.
- 17 Previsións da Dirección Xeral da Corporación RTVG para manter unha reunión con membros da Comisión Permanente da Mesa pola Normalización Lingüística.
- 18 Adopción de medidas rápidas para solucionar defectos en diversas dependencias das instalacións da Radio Galega.

Ademais, realizáronse as seguintes consideracións:

- 1 Entrega na xuntanza da Comisión de Recursos Humanos do 27.01.2025 do informe que se requirira da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal ao abeiro do acordo unánime que se adoptara no pleno ordinario do 28.01.2025.
- 2 No que atinxe ao pedimento de información detallada sobre os programas de produción propia externa ou que se realizaban en réxime de coprodución e o custo de cada un deles, a Dirección Xeral da Corporación RTVG indicou que, malia que se atendería en tempo e forma, a dita información se podía consultar na web www.crtvg.gal, apartado *Portal de transparencia*, sección *Actividade corporativa* (*Contratos e convenios, Actividade contractual*).
- 3 Argumentos que se utilizaron para responder a pregunta que se formulara no pleno ordinario do 25.02.2025 e que versou sobre a eventualidade de establecer algún tipo de directriz para que non se fixese ningún tipo de apoloxía do consumo de alcol, drogas ou produtos do tabaco nas programacións dos medios públicos galegos de comunicación audiovisual, nomeadamente a utilización da expresión *a entidade política que propuxo á conselleira para formar parte deste órgano*.
- 4 Xustificación que se esgrimiu para que a voceira nacional do BNG fose obxecto dunha entrevista na Radio Galega.
- 5 Nun suposto ton humorístico, emprego de determinadas expresións groseiras, extemporáneas e machistas en programas da Radio Galega e da TVG.

10.12.4 - 22 de abril de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 27.03.2025 (aprobose por unanimidade e asentimento).
- Informes do director xeral da CRTVG.

1 Primeira onda do EXM de 2025.

2 Comportamento nas contas da Corporación nas redes sociais.

3 Tributación do IVE.

- Contestación a rogos e preguntas.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (agás as tres primeiras, as restantes formuláronse a título individual e contestáronse no pleno ordinario do 23.05.2025):

1 Razóns polas que a Dirección Xeral da Corporación RTVG se negaba a manter unha xuntanza co Comité Intercentros (realizaron a pregunta dúas conselleiras).

2 Causas polas que a programación especial da TVG sobre o pasamento do papa Francisco non se configurara por profesionais da Área de Información e Documentación (realizaron a pregunta dúas conselleiras).

3 Motivos polos que se recortara a duración do *Tx-II* e da sección *Deportes 2* da TVG (realizaron a pregunta dúas conselleiras).

4 Unha conselleira preguntoulle ao director xeral da Corporación RTVG se renunciara ao cargo e se tería dereito a percibir unha indemnización no caso de que non o fixese antes da elección e do nomeamento da persoa titular da Dirección Xeral da CSAG.

5 Ao fío da súa baixa cota de pantalla, previsións en relación coa produción 'O rei da comedia'.

6 Fundamento da *Convocatoria de proba para a ampliación de listaxes de contratación na categoría de redactor/a na Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.*

7 Relación de colaboradores/as que participaron como analistas na programación especial da TVG sobre o Debate do Estado da Autonomía 2025.

8 No tempo que restaba ata a extinción da Corporación RTVG, posibilidade de reverter a liña que se baseaba na hiperpresenza de representantes de determinados organismos e institucións e de certos/as profesionais nos medios públicos galegos de comunicación audiovisual e na ausencia das facianas e voces doutros/as

(alcaldes/alcaldesas das cidades galegas, o único medio de comunicación escrito que se edita en galego, plataformas contrarias á construción da celulosa de Altri SGPS, S.A., Mesa pola Normalización Lingüística...).

- 9 Revisión pola Área de Información e Documentación dos criterios que empregaba na configuración das novas de ámbito local, no senso de non establecer diferenzas en función da *cor* das alcaldías.
- 10 Motivos polos que non se actualizaba permanentemente a información que se divulgaba a través da sección *Contratos e convenios*, apartado *Contidos audiovisuais*, da web www.crtvg.gal, ademais de incluír nela antecedentes engadidos, como a denominación da produtora á que se lle encomendaba a materialización de cada produto.
- 11 Posibilidade de que se proporcionase o informe que elaborara Berdayes Comunicación, S.L. (Barlovento Comunicación) e que derivou do expediente CRT-2024-0016 (*Servizo para a cuantificación da relevancia da Televisión de Galicia na sociedade*).
- 12 Consideración arredor da resposta que se ofreceu no pleno a raíz da pregunta que se formulara no anterior (27.03.2025) e que versou sobre o proceder da TVG na cobertura do debate que se producira no Parlamento de Galicia o 25.03.2025 arredor da mina de litio de Doade (Beariz).

Ademais, efectuouse a seguinte crítica:

- 1 Conselleiros e conselleiras cualificaron o proceder de persoas que se identificaron como membros do Comité Intercentros (sen autorización, accederon á sala e interromperon o natural desenvolvemento do pleno ordinario).

10.12.5 - 23 de maio de 2025 (pleno extraordinario)

- Elección da/o presidenta/e do Consello de Administración da Corporación.

Por unanimidade, elixiuse a López Blanco.

- Delegación de facultades

Por unanimidade, facultouse expresamente á secretaria para que puidese elevar a público a decisión que se adoptou e para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez da devandita decisión e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes. * A acta aprobouse cando concluíu a reunión.

10.12.6 - 23 de maio de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 22.04.2025 (aproboouse por unanimidade e asentimento).
- Informes do director xeral da Corporación.
- Contestación a rogos e preguntas.
- Asuntos de trámite.

O director xeral da Corporación RTVG:

- Comunicou que o 20.05.2025, a través do Sistema Único de Rexistro da Xunta de Galicia, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (Consellería de Facenda e Administración Pública) remitira a certificación do conselleiro de Facenda e Administración Pública o 19.05.2025, na que se especificaba que o Consello da Xunta de Galicia, na reunión da mesma data (19.05.2025), aprobara a modificación dos estatutos da sociedade mercantil pública autonómica Corporación RTVG. O acordo en cuestión adoptouse ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Notificou a destitución, por petición propia (xubilación) de Rosa María Sierra Sánchez como subdirectora do Departamento de Programación e Emisións (Área de Contidos), con efectos do 31.05.2025. O Consello de Administración da Corporación deulle cumprimento ao que se establecía nos artigos 19.1.b) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 16.1.b) dos estatutos da empresa.
- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual e, agás as dúas primeiras, que se contestaron polo director xeral da CRTVG na mesma sesión, as demais respondéronse no pleno ordinario do 24.06.2025).

- 1 Determinación do director xeral da Corporación RTVG sobre a súa renuncia ao cargo.
- 2 Consideración xeral sobre o balance da situación da organización. Con todo, entendeuse que sería extemporáneo realizar rogos e preguntas polo feito de que se podía dicir que o director xeral e o Consello de Administración da Corporación RTVG desenvolvían os seus cometidos en funcións.
- 3 Opinión do director xeral da Corporación RTVG sobre a persoa que o G.P. Popular de Galicia propuxera como directora xeral da CSAG.
- 4 Reparos á resposta que se ofrecera en función da pregunta que se realizara no pleno ordinario do 22.04.2025, no senso de que *non existe, en ningún caso, unha*

discriminación de contidos en función da cor política das alcaldías. Coa finalidade de demostrar a tese contraria, deixouse constancia dunha serie de novas que se publicaran na web www.g24.gal sobre feitos que tiveron lugar en Compostela.

- 5 Apelación para que se elaborasen as informacións co máximo decoro e que non se producisen situacións como o feito de que unha persoa entrevistada sostivese coa mesma man micrófonos cos logotipos da TVG e dunha determinada entidade política.
- 6 Razóns polas que cando nas informacións sobre accións do Goberno estatal sempre se recollían as reaccións do PP e, pola contra, non se seguía a mesma dinámica cando as novas se centraban na acción política da Xunta de Galicia, xa que neste caso se omitían as opinións das forzas da oposición no lexislativo galego.
- 7 Consideracións arredor da nova que se divulgou o 04.05.2025 na web www.g24.gal e no 'Telexornal mediodía' e que se titulou *Famosos e políticos felicitan hoxe as súas nais nas redes sociais. Día da nai. As redes sociais éñchense de felicitacións ás nais, tamén ás dos políticos.*
- 8 Orde de prelación entre a primeira canle da Corporación de Radio y Televisión Española, S.A. e a TVG para a estrea da longametraxe 'Antes de nós'.

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Deixouse constancia da solidariedade cos/coas traballadores/as da Corporación RTVG en virtude dos constantes ataques dos que eran obxecto, e non só no debate político, senón polo asañoamento que sufrían nas redes sociais.
- 2 Contido das rectificacións claras e públicas que debían facer membros do Comité Intercentros en función de declaracións previas que realizaron e que supostamente cuestionaban a lexitimidade e a profesionalidade do máximo responsable da organización e de integrantes do equipo directivo da organización para que o director xeral da Corporación mantivese unha xuntanza co órgano de representación dos/as traballadores/as.

10.12.7 - 10 de xuño de 2025 (pleno extraordinario)

- Aprobación, se procede, do Informe anual sobre a xestión da Corporación e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2024). Aprobouse por maioría (5 votos a favor e 2 en contra).

10.12.8 - 24 de xuño de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, das actas dos plenos ordinario do 23.05.2025 e extraordinario do 10.06.2025 (aprobáronse por unanimidade e asentimento).

- Aprobación, se procede, dos anteprojectos de orzamentos e do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) da CRTVG para 2026.

Aprobáronse por maioría (5 votos a favor e 2 en contra).

- Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da CRTVG.

Aprobouse por maioría (5 votos a favor e 2 abstencións).

- Destitución e formalización do cesamento de persoal directivo da CRTVG.

O director xeral da Corporación RTVG notificou a destitución, por petición propia, de José Pereira Fariña como director da Área de Innovación e Negocio (materializouse nas seguintes semanas). O Consello de Administración da Corporación deulle cumprimento ao que se establecía nos artigos 19.1.b) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 16.1.b) dos estatutos da empresa.

- Informes do director xeral da Corporación:

1 Documento da Unión Europea de Radiodifusión (UER) que se denomina *Redaccións líderes na era da IA xenerativa* (EBU News Report 2025).

- Contestación a rogos e preguntas.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas.

Efectuáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións (agás no caso da segunda e da novena, as demais a título individual):

- 1 Demora na publicación na web corporativa das *Recomendacións do Consello de Administración da Corporación RTVG sobre o tratamento da violencia machista*, documento que se aprobara, por unanimidade, no pleno ordinario do 26.11.2024.
- 2 Dúas conselleiras deixaron constancia da súa preocupación co contido da sentenza que ditou o 20.06.2025 o Xulgado do Social núm. 2 de Santiago no procedemento núm. 597/2024 (sentenza núm. 223/2025), que obrigou a CRTVG á inmediata reposición do demandante nas condicións previas de orixe (quenda da mañá) e declarou que se lesionara o seu dereito fundamental ao libre exercicio de folga.
- 3 Referido aos espazos da TVG 'Galicia noticias', 'Quen anda aí?', 'Hora galega', 'O Termómetro', 'Telexornal mediodía' e 'Telexornal serán', cobertura que recibiu o incidente que se produciu o 04.06.2025 no pontevedrés parque de Barcelos.
- 4 Repercusións da sentenza do 16.05.2025 da Sección núm. 6 da Audiencia Provincial da Coruña (recurso de apelación núm. 168/2025).

- 5 Necesidade de recibir información sobre as grellas da TVG e da Radio Galega na comisión de participación correspondente.
- 6 Liña de actuación da TVG para dar conta da dimisión do conselleiro do Mar.
- 7 Proceder da TVG á hora de informar sobre a rolda de prensa da Real Academia Galega do 20.06.2025, na que anunciou que Begoña Caamaño Rascado sería a protagonista do Día das Letras Galegas de 2026.
- 8 Ao fío da resposta que se ofreceu no pleno ordinario sobre unha pregunta que se formulara no anterior (23.05.2025), precisouse que os/as membros do Consello de Administración da Corporación foran propostos/as a título individual polos grupos parlamentarios, mais resultaron elixidos por todos eles, mentres que o nome da persoa que presumiblemente ocuparía o cargo de directora xeral da futura CSAG correspondeuse cunha iniciativa exclusiva dun deses grupos parlamentarios.
- 9 Os conselleiros expresáronlle ao director xeral da CRTVG os seus mellores desexos na etapa que se lle abría cando deixase de ocupar o cargo e agradecéronlle a cortesía e a cordialidade coa que sempre se conduciu no órgano colexiado.
- 10 O director xeral da Corporación agradeceu as verbas dos conselleiros e subliñou os eixos básicos que determinaron a súa actuación á fronte da organización e as perspectivas que cabía aplicar para valorar a súa xestión.

10.12.9 - 11 de xullo de 2025 (pleno extraordinario)

- Cesamento do director xeral da CSAG.

Cesouse a Alfonso Sánchez Izquierdo como director xeral da CSAG.

- Nomeamento da directora xeral da CSAG.

Nomeouse a María Concepción Pombo Romero directora xeral da CSAG. Presente no pleno extraordinario, aceptou o seu nomeamento como directora xeral da CSAG e manifestou non estar incurso en ningunha das prohibicións ou incompatibilidades legais para o seu exercicio, especialmente as que se recollen expresamente nas leis 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital; 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e demais normativa que puidese ser de aplicación ou calquera disposición estatutaria sobre a materia.

- Delegación de facultades.

O Consello de Administración da CSAG facultou expresamente á secretaria para que puidese elevar a público as decisións que adoptou e habilitouna para realizar cantas actuacións fosen necesarias e convenientes para a súa materialización, desenvolvemento e cumprimento, de xeito que puidese asinar cantos documentos públicos ou privados, incluídos os de natureza fiscal, e levar a cabo as actuacións que mellor conviñesen para a súa execución ata chegar á súa inscrición no rexistro mercantil. * A acta aprobouse cando concluíu a reunión.

10.12.10 - 21 de xullo de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 24.06.2025. Aprobouse por unanimidade e asentimento polos conselleiros Alonso Filgueira, Cabaleiro Durán, López Blanco, Peón Piñeiro, Vidal Lage e Viña Bravo. Posto que non tomou parte nel, non se pronunciou a directora xeral da CSAG.
 - Informes da directora xeral da CSAG: estrutura organizativa da Dirección da CSAG.
- 1 Estructura organizativa da Dirección da CSAG (contextualización normativa e encadre xeral, mudanzas no contido e no significado do servizo público de comunicación audiovisual e efectos económicos).
- Formalización do cesamento e do nomeamento de persoal directivo da CSAG destituído e designado pola Dirección Xeral da CSAG.

A directora xeral da CSAG realizou as seguintes notificacións:

- Oficina da directora xeral: reasignación de Fernández Sánchez como xefa do Servizo de Comunicación Corporativa e Alfabetización Dixital (anteriormente, xefa do Servizo de Comunicación Corporativa e Responsabilidade Social).
- Área de Xestión Corporativa: asunción por Tubío Villar da Dirección do Departamento de Xestión das Persoas (continuación da súa responsabilidade anterior como director do Departamento de Recursos Humanos).
- Área de Información e Documentación:
 - Nomeamento de López Carballeira (Subdirección de Xestión dos Servizos Informativos) como director do Departamento de Información e Documentación.
 - Reasignación de Darriba Quintián (redactora xefa) como subdirectora de Xestión dos Servizos Informativos.
 - Asunción por Varela Pereiro (xefe do Servizo de Planificación Informativa) do posto de redactor xefe multimedia.
 - Asunción por Sueiro Carballada (redactor xefe) do posto de redactor xefe multimedia.

- Reasignación de Medina Ferreiro (xefa do Servizo de Innovación no Entorno Dixital da extinta Área de Innovación e Negocio) como xefa do Servizo de Innovación e Novas Narrativas no Entorno Dixital.
- Área de Contidos:
 - Asunción por Bermúdez Blanco (directora do Departamento de Operativa dos Servizos Informativos) da Dirección da División de Área de Contidos.
 - Reasignación de Grela López (xefa do Servizo de Programación) como subdirectora de Producción Propia, Emisións e Continuidade.
 - Asunción por Sabucedo Santos (Xerencia de Proxecto, Xefatura do Servizo OTT) da Xefatura do Servizo de Xestión da Plataforma de Comunicación Audiovisual de Galicia.
 - Reasignación de Penas Varela (xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega) como xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas.
- Cesamentos (nos dous casos con efectos do 05.08.2025)
 - Rodríguez Ojea, pola desaparición do posto que ocupaba (director de departamento de Contidos).
 - Malde Correa, pola desaparición do posto que desempeñaba (xefe do Servizo de Producción e Realización).

Trala súa destitución pola directora xeral da CSAG -en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 38.b) da Lei 1/2025, do 14 de marzo-, o Consello de Administración da CSAG, ao abeiro do que se establece no artigo 30.f) da mesma lei, procedeu a formalizar o cesamento de Rodríguez Ojea e Malde Correa.

- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (agás a primeira, as restantes formuláronse a título individual e respondéronse no pleno ordinario do 28.08.2025):

- 1 Parecer da Dirección Xeral da CSAG sobre o contido da sentenza do 20.06.2025 o Xulgado do Social núm. 2 de Santiago de Compostela no procedemento núm. 597/2024 (sentenza núm. 223/2025) (formularon a pregunta dúas conselleiras).
- 2 Plan para dar a coñecer a obra de Begoña Caamaño Rascado, protagonista do Día das Letras Galegas 2026, así como o traballo que desenvolveu na extinta RTG, S.A. para promover a lingua e a cultura galegas.
- 3 Referido aos espazos da TVG ‘Galicia noticias’, ‘Quen anda aí?’, ‘Hora galega’, ‘O Termómetro’, ‘Telexornal mediodía’ e ‘Telexornal serán’, diversos datos sobre a cobertura que recibiu o incidente que se produciu o 04.06.2025 no pontevedrés

parque de Barcelos (número de novas, datas nas que se difundiron e duración - individual e agregada-).

- 4 Razóns da proposta de modificación do cadro de persoal que o director do Departamento de Xestión das Persoas lle remitiu o 11.07.2025 ao Comité Intercentros (consiste na amortización dunha praza de redactor/a e dunha praza de locutor/a de televisión e a creación de dúas prazas de locutor-presentador).
- 5 Revisión dos programas que redifunden TVG e a Radio Galega durante o verán, de xeito que neles non se inclúan contidos propios de épocas determinadas do ano.
- 6 Razóns polas que non se publicaran na web corporativa as *Recomendacións do Consello de Administración da Corporación RTVG sobre o tratamento da violencia machista*, documento que se aprobara, por unanimidade, no pleno ordinario do 26.11.2024.

Amais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Dúas conselleiras desexáronlle á directora xeral da CSAG os maiores éxitos como máxima responsable da organización. Unha delas reafirmouse na defensa dos medios públicos galegos de comunicación audiovisual e indicou que tentaría ser construtiva en todas as súas intervencións nos plenos do Consello de Administración da CSAG. A outra manifestou que agardaba que se abrise unha nova etapa na gobernanza da organización en todos os ámbitos.
- 2 Reiterouse a necesidade de que nos contidos se reflectise e respectase o pluralismo político, ideolóxico, social e cultural do país.
- 3 Expresouse o desexo de que se abrise unha nova etapa no ámbito das relacións laborais.
- 4 Mención nas convocatorias dos plenos aos asuntos que ían ser obxecto de abordaxe.
- 5 Felicítouse á organización polo seu XL aniversario. Agradeceuse o esforzo de todo o equipo humano que traballou na configuración do evento que se realizou con tal finalidade o 23.07.2025 no Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia e que se emitiu o día 25 seguinte.

10.12.11 - 28 de agosto de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 21.07.2025 (aprobase por unanimidade e asentimento).
- Formalización do nomeamento de persoal directivo da CSAG designado pola Dirección Xeral da CSAG.

En función da proposta que elevou a Comisión avaliadora do proceso de selección que se constituíu para os efectos do que se dispón no artigo 45.2 e 3 da Lei 1/2025, do 14 de marzo (Resolución do 22.08.2025), a directora xeral da CSAG comunicou as designacións de:

- Lopo Lis como subdirector do Departamento de Formatos e Contratación de Contidos.
- André Iglesias como xefe de Servizo de Identidade Visual e Realización.

Así mesmo, notificou que a mesma Comisión avaliadora, ao abeiro do que se estableceu no parágrafo cuarto da base 5 da convocatoria, resolveu non realizar propostas para a cobertura dos seguintes servizos: Produción de Informativos e Redactor Xefe Multimedia.

Trala súa designación pola directora xeral da CSAG -en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 38.1.g) da Lei 1/2025, do 14 de marzo, e 25.1.g) dos estatutos da CSAG-, o Consello de Administración da CSAG, ao abeiro do que se establece nos artigos 30.f) da mesma lei e 16.f) dos estatutos da empresa, procedeu a formalizar os nomeamentos de Lopo Lis e André Iglesias.

- Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da CSAG.

Aprobouse por maioría (5 votos a favor e 2 en contra).

- Informes da directora xeral da CSAG.

1 Distribución do sinal da canle Galicia TV Europa.

- Contestación a rogos e preguntas.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (agás no caso das tres primeiras, as restantes formuláronse a título individual).

Coas excepcións que se indican, contestáronse no pleno ordinario do 23.09.2025:

- A primeira e a segunda respondéronse no mesmo pleno ordinario e completáronse as respostas no do 23.09.2025.
- A derradeira no mesmo pleno ordinario.

1 Valoración da cobertura informativa dos incendios forestais que se produciron en Galicia durante agosto de 2025 (realizaron a pregunta dúas conselleiras).

2 Reproche polo feito de que non se presentasen formalmente as programacións da Radio Galega e da TVG para a temporada outono 2025-primavera 2026 no pleno (crítica de dúas conselleiras).

3 Decisión sobre o programa da Radio Galega 'Ao contraataque' (efectuaron a pregunta dúas conselleiras).

- 4 Relación de colaboradores/as dos faladoiros da CSAG na temporada outono 2025-primavera 2026.
- 5 Decisión da Dirección do Departamento de Xestión das Persoas sobre o criterio de xestión núm. 14/2025 (do 21.07.2025) da Subdirección de Ordenación e Asistencia Xurídica do Instituto Nacional da Seguridade Social sobre xubilación parcial do persoal laboral das administracións públicas.
- 6 Bloqueo de persoas ou colectivos nas contas que a CSAG posúe en determinadas redes sociais: necesidade de diferenciar entre aqueles que unicamente realizan críticas e quen profiren insultos ou ameazas de calquera clase.
- 7 Apelación para que no verán de 2026 a programación da TVG se configure a partir dunha oferta máis variada, nomeadamente no horario de máxima audiencia.
- 8 Unha conselleira preguntou se houbo disposición colectiva do Comité Intercentros ou individual das persoas que o integran co obxecto de reforzar o operativo da Área de Información e Documentación para elaborar e difundir información sobre os incendios forestais.

Amais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Agradeceuse a publicación das *Recomendacións do Consello de Administración da Corporación RTVG sobre o tratamento da violencia machista* na web corporativa.
- 2 Parabéns á Área de Información e Documentación pola cobertura que fixo dos incendios forestais (gabouse o esforzo todos/as os/as profesionais da organización que formaron parte do operativo que se dispuxo ao efecto).
- 3 Expresouse a solidariedade cos/coas traballadores/as da empresa que foran obxecto de acoso nas redes sociais.
- 4 A directora xeral da CSAG expresou o seu desexo de que o Consello de Administración da CSAG aprobase unhas recomendacións sobre a participación de terceiros nos perfís da organización nas redes sociais.

10.12.12 - 23 de setembro de 2025 (pleno extraordinario)

- Notificación formal da renuncia de Irene Viña Bravo ao cargo de membro do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A. (CSAG).

A presidenta comunicou que, por escrito do 03.09.2025 (rexistro de entrada núm. 15 da mesma data), Viña Bravo notificara expresamente a súa renuncia ao cargo de membro do Consello de Administración da CSAG con efectos da mesma data. En función do que se determina no artigo 28.c) da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos

dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o Consello de Administración da CSAG deuse por notificado da renuncia expresa de Viña Bravo.

Por unanimidade, acordouse que, formalmente, a presidenta puxese en coñecemento da Presidencia do Parlamento de Galicia a dita renuncia e que a secretaria non conselleira procedese de igual xeito en relación coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (socio único da CSAG).

- Delegación de facultades.

O Consello de Administración da CSAG facultou expresamente á secretaria para que puidese elevar a público a decisión que adoptou Viña Bravo e habilitouna para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez da dita decisión e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes. * A acta aprobouse cando concluíu a reunión.

10.12.13 - 23 de setembro de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 28.08.2025 (aprobouse por unanimidade e asentimento).
- Aprobación, se procede, da composición das comisións de Recursos Humanos, de Regulamento e Réxime Interior e de Responsabilidade Social Corporativa.

Por unanimidade, a substitución de Viña Bravo por Vidal Lage nas anteditas comisións de participación (con efectos do 23.09.2025).

- Elección do/a presidente/a da Comisión de Responsabilidade Social Corporativa. Por unanimidade, elixiuse a Peón Piñeiro presidenta da Comisión de Responsabilidade Social Corporativa (con efectos do 23.09.2025).
- Informes da directora xeral da CSAG.

1 Nomeamento de Fernando Rodríguez Ojea como secretario xeral da Forta.

2 Proposta de condicións económicas para o uso comercial dos arquivos documentais e audiovisuais da CSAG.

- Contestación a preguntas dos/as conselleiros/as.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual e contestáronse no pleno ordinario do 28.10.2025).

- 1 Situación do proxecto 'Dígocho Eu' (previsións sobre a súa continuidade, transformación ou substitución por outro formato semellante).
- 2 Ao abeiro dun sketch que se incluíu nun programa da produción 'Land Rober tunai show', que se centrou na utilización de léxico galego, directrices para un uso correcto da fala por parte dos/as traballadores/as da CSAG, condutores/as de programas de produción allea e produción propia contratada e colaboradores/as que interveñan ante os micrófonos e as cámaras.
- 3 Disposición da directora xeral da CSAG para manter unha reunión co Comité Intercentros.
- 4 Adopción das medidas precisas para que nos programas da CSAG non se promovesen de xeito involuntario o consumo de bebidas alcohólicas.
- 5 Actuacións especiais da CSAG para divulgar a conmemoración do Ano Castelao nos meses que restaban do ano.
- 6 Depuración da listaxe de colaboradores/as dos faladoiros pola inclusión nela de nomes de persoas ás que se lle comunicara que se prescindía delas na temporada outono 2025-primavera 2026.
- 7 Necesidade de conseguir a paridade de xénero na relación de colaboradores/as das mesas de debate.
- 8 Posibilidade de identificar nas emisións que combinaban imaxe e son os/as participantes nos faladoiros, para deste xeito contribuír a *crear personaxes* da vida social galega.
- 9 Opinión da Dirección Xeral da CSAG sobre a posible omisión de voces discrepantes nos faladoiros con determinados *argumentarios oficiais*.
- 10 Razóns polas que a directora xeral da CSAG non presentou un informe do tipo *declaración de intencións* sobre os seus propósitos á fronte da organización en calquera dos primeiros plenos ordinarios que se realizaron despois do seu nomeamento.
- 11 Decisión sobre os centros de traballo distintos do de San Marcos.
- 12 Eventualidade de incluír na grella da TVG producións nas que especificamente se dese a coñecer a identidade cultural galega e a actividade dos artistas do país.
- 13 Participación de Ana Romaní Blanco na emisión convencional da Radio Galega.

- 14 Cobertura das decisións importantes para Galicia que se adoptaron nas institucións, nos órganos e nas axencias da Unión Europea.
- 15 Motivos polos que se non se incluían escritores/as que publicaban obras en galego na relación de persoas que se entrevistaban no 'Bos días'.
- 16 Iniciativas para que a CSAG lle dese cumprimento á Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía (máis coñecida como *Lei Valentín Paz-Andrade*).
- 17 Actuación para promocionar o certame *aRitmar Galicia e Portugal*, que promove a Escola Oficial de Idiomas de Santiago.

Amais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Parabéns pola decisión de programar na plataforma AGalega.gal a sección *Especial Oliver Laxe*, na que se incluiron as longametraxes 'O que arde' e 'Mimosas' e o documental 'O futuro é das cabras'.
- 2 A directora xeral da CSAG suxeriu que se variase o esquema de comparecencias ante a Comisión de Programación para presentar as ofertas que se configuren en cada temporada, no senso de pasar do sistema actual (convocatorias separadas para informar sobre as grellas das canles convencionais) a outro que se basee nas formulacións por áreas. O conselleiro Alonso Filgueira, como presidente da Comisión de Programación, aceptou a proposición que elevou a directora xeral da CSAG.
- 3 Condenáronse certos comentarios que se divulgaron en determinados perfís dalgunhas redes sociais sobre a cobertura que se fixo dos incendios forestais de agosto deste ano.
- 4 Felicítouse a Alfonso Sánchez Izquierdo pola concesión do Premio EITB Saria na XVII edición do FesTVal (Vitoria).
- 5 Indicouse que entre as funcións da CSAG se inclúe promover a economía do país, que abrangue, pola súa relevancia, o sector vinícola.
- 6 Considerouse que a realización dun sketch nun programa concreto sobre a lingua galega non se debía entender como ofensivo co idioma propio do país.

10.12.14 - 28 de outubro de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 23.09.2025 (aprobose por unanimidade e asentimento).
- Aprobación, se procede, da proposta de condicións para o uso comercial dos arquivos audiovisuais da CSAG.

Aprobouse por maioría (cinco votos a favor e unha abstención).

- Informes da directora xeral da CSAG.
- 1 Ampliación da cobertura da Radio Galega Música (RGM) na frecuencia modulada (FM).
 - 2 Proxectos de orzamentos e do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) da CSAG para 2026.
 - Contestación a preguntas dos/as conselleiros/as.
 - Asuntos de trámite.
 - Rogos e preguntas (formuláronse a título individual e contestáronse no pleno ordinario do 25.11.2025).
 - 1 Parecer da Dirección Xeral da CSAG sobre o tratamento informativo na TVG da folga que realizou o 25.09.2025 persoal docente dos centros educativos públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
 - 2 Existencia dalgún procedemento interno para detectar o plaxio de formatos audiovisuais.
 - 3 Razóns polas que na web www.g24.gal e no perfil da rede social X se borrara a información na que se destacaba que o BNG conseguira desbloquear a tramitación da lei para a transferencia da AP-9 a Galicia (07.10.2025).
 - 4 Promoción dos podcasts que elaboraban profesionais da organización e consideración da Dirección da CSAG sobre o labor de Ana Romaní Blanco.
 - 5 Criterios para determinar os programas que se incluían na sección *Informativos á carta* da web www.g24.gal.
 - 6 En relación coa antedita cuestión, motivos polos que nese apartado, durante un tempo e como unha entrada específica, se incorporou o 'Foro La Toja'.
 - 7 Eventuais análises das persoas membros do equipo directivo con competencias na materia sobre a situación da TVG en termos de cota de pantalla, nomeadamente no apartado informativo.

Amais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Fíxose unha apelación para que a Dirección Xeral da CSAG reconsiderase a decisión de pospoñer a fixación dunha data para manter unha xuntanza co Comité Intercentros.
- 2 Agradeceuse a decisión da Dirección Xeral da CSAG de trasladarlles ás persoas responsables das áreas de Información e Documentación e de Contidos a instrución

de que reforzasen a vixilancia para que, de forma involuntaria, non se divulgasen mensaxes positivas sobre o consumo abusivo de bebidas alcohólicas.

- 3 Realizouse unha apelación para que na información de contido político se tivese en conta a representación que posuían as diferentes entidades políticas nos distintos legislativos, sen cingirse a unha regra estritamente matemática, e sostívose que na configuración dos programas informativos da CSAG debía primar o interese xeral da sociedade galega.
- 4 Omisión na TVG da iniciativa do BNG, que aprobou o Congreso dos Deputados, para impulsar o sector pesqueiro galego (16.10.2025).
- 5 En relación coas dúas proposicións de lei que se formularan na Cámara Baixa do legislativo estatal para a redución da xornada laboral e para a conciliación e corresponsabilidade familiar, inadvertencia dunha delas.

10.12.15 - 25 de novembro de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 28.10.2025 (aproboouse por unanimidade e asentimento).
- Elección da/o presidenta/e do Consello de Administración da CSAG.

Por unanimidade, elixiuse a Peón Piñeiro.

- Formalización do nomeamento de persoal directivo da CSAG designado pola Dirección Xeral da CSAG.

En función da proposta que elevou a Comisión avaliadora do proceso de selección que se constituíu para os efectos do que se dispón no artigo 45.2 e 3 da Lei 1/2025, do 14 de marzo (Resolución do 25.11.2025), a directora xeral da CSAG comunicou a designación de Noelia Vázquez Tasende como xefa de Servizo de Redacción Multimedia.

Trala súa designación pola directora xeral da CSAG -en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 38.1.g) da Lei 1/2025, do 14 de marzo, e 25.1.g) dos estatutos da CSAG-, o Consello de Administración da CSAG, ao abeiro do que se establece nos artigos 30.f) da mesma lei e 16.f) dos estatutos da empresa, procedeu a formalizar o nomeamento de Vázquez Tasende.

- Informes da directora xeral da CSAG.

- 1 Sistema de gravación e transcripción automática dos plenos do Consello de Administración da CSAG.

- 2 Certificación na adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS).

3 Taxa de absentismo: outubro de 2025.

4 Sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no conflito colectivo núm. 16/2025.

- Contestación a preguntas dos/as conselleiros/as.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual e contestáronse no pleno ordinario do 16.12.2025).

1 Eventual causa-efecto entre o feito de que Alamancos Pampín apoiase a moción de censura no Concello de Noia e que unha das produtoras que participaban na realización do programa 'O Termómetro', coa que estaba vinculado mediante un contrato mercantil, decidise prescindir das súas colaboracións nese espazo.

2 En relación cos contidos da oferta informativa da TVG, porcentaxes que materializaban o persoal da CSAG e traballadores/as dependentes de terceiros.

3 Liña de actuación que se seguiu para promover os dous episodios da produción 'A miña gran cidade. Corazón galego' dos que foi protagonista Bertín Ortiz y Osborne (*Bertín Osborne*).

4 Posibilidade de incrementar o número de temas interpretados en galego nas franxas da Radio Galega Música que se basean no formato *radiofórmula*.

5 Eventualidade de incluír a Declaración Compostela sobre linguaxe non sexista (2005) na relación de manuais de linguaxe non sexista que se poden consultar na sección *Igualdade* da intranet corporativa.

6 Parecer da directora xeral da CSAG sobre a información que difundiu a TVG arredor da constitución dunha caixa de resistencia por parte da CIG-Ensino para as persoas afiliadas a esta organización sindical que secundaron os paros do persoal docente dos centros educativos públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

7 Opinión da Dirección Xeral da CSAG do contido da nota de prensa que divulgou o 24.11.2025 o Comité Intercentros sobre, entre outras cuestións, o desmantelamento das retransmisións con medios propios.

8 En virtude do comunicado que fixo público o 21.11.2025 o Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (Colef-Galicia): titulación que posuía o condutor principal do espazo da TVG 'Pulso activo', no senso de se podía exercer legalmente funcións de adestramento personalizado en contornas profesionais, e posible existencia dunha exposición sexualizada da mesma persoa en diversos capítulos desa produción (exhibición de

estereotipos físicos e estéticos que se afastan dos principios da promoción da saúde, da responsabilidade profesional e da mensaxe baseada na evidencia científica).

Amais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Resposta que recibiu a pregunta que se formulara no pleno ordinario do 28.10.2025 e que versou sobre a existencia dalgún procedemento interno para detectar o posible plaxio dos formatos audiovisuais.
- 2 Unha conselleira efectuou un recordatorio sobre o seu proceder dende que forma parte deste órgano colexiado cando detecta actuacións da CSAG que, no seu parecer, se afastan do que se dispón na normativa pola que se regula e lembrou a relación que mantivo co anterior máximo responsable da organización alén das sesións plenarias.
- 3 Felicítouse á CSAG por recibir do Consorcio Zona Franca de Vigo a acreditación que a recoñece como Empresa Igual en Xénero (indicador Ardán) por 7º ano consecutivo.
- 4 Reivindicouse o dereito dos/as xornalistas a facer as preguntas que estimasen pertinentes, nomeadamente nas roldas de prensa.
- 5 Condenáronse todos os actos de violencia contra as mulleres que se produciron en Galicia no que ía de ano e defendeuse o valor das Recomendacións do Consello de Administración da CSAG sobre o tratamento da violencia machista.

10.12.16 - 16 de decembro de 2025 (pleno ordinario)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 25.11.2025 (aproboouse por unanimidade e asentimento).
- Informes da directora xeral da CSAG.

1 Addenda ao contrato que formalizaron a CSAG e Thema o 01.04.2022.

2 Contratos con empresas subministradoras de contidos informativos (2026-2027).

- Contestación a preguntas dos/as conselleiros/as.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual).

1 Datos de audiencia da canle Galicia TV Europa.

2 Referido aos contratos coas empresas subministradoras de novas (2026-2027), posto que o prezo dun deles está condicionado polo número de accesos ao arquivo histórico dunha empresa determinada, eventualidade de que tamén se establecese este condicionante nos restantes.

- 3 En relación co antedito asunto, se o contrato con algunha desas axencias contempla o uso de materia informativo que se xere en Galicia.
- 4 Custo do cambio da denominación da organización en todos os aspectos (de Corporación RTVG a CSAG), evolución dese proceso e momento no que se atopa.
- 5 Por mor da mingua e da perda de eficiencia da mostra de Kantar Media, S.A.U. en varios días de cada mes, posibilidade de que este feito penalizase a cota de pantalla da TVG e beneficiase a singular doutras canles de televisión xeneralistas.
- 6 Eventualidade de ampliar o elenco de presentadores/as e protagonistas principais das producións televisivas e de participantes nos faladoiros.
- 7 Disposición da Dirección Xeral da CSAG para que nas convocatorias dos plenos ordinarios se fixese unha mención nominal sobre os asuntos que ían ser obxecto de abordaxe no apartado *Informes da directora xeral da CSAG*.
- 8 Razóns do distinto tratamento que recibiu na TVG o caso do que foi protagonista José Tomé Roca (expresidente da Deputación Provincial de Lugo) e a dimisión de Alfonso Villares Bermúdez (exconselleiro do Mar).

Amais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Unha conselleira rogoulle á directora xeral da CSAG que se abstivese de valorar os contidos das súas interpelacións e subliñou que, en función do cargo que ocupaba, seguiría efectuando as que estimase oportunas, nos termos que considerase pertinentes e empregando as fontes que coidase convenientes.
- 2 A presidenta indicou que durante o tempo que ocupase o cargo non ía exercer ningún acto de censura previa ou posterior. Sempre que se observase a legalidade en materia de dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe e que se procedese coas normas básicas de cortesía e educación, os/as conselleiros/as terían liberdade para facer as preguntas que considerasen pertinentes. A directora xeral da CSAG gozaría do mesmo dereito á hora de ofrecer as respostas e mesmo expresar o seu parecer sobre calquera asunto.
- 3 Os conselleiros Alonso Filgueira e Cabaleiro Durán e as conselleiras López Blanco e Peón Piñeiro rexeitaron os ataques que dirixía decote o presidente da Corporación de Radio y Televisión Española, S.A. contra os traballadores da CSAG nas redes sociais e nas súas comparecencias ante a Comisión Mixta Permanente de Control Parlamentario de RTVE e as súas sociedades.

Resumo de asuntos que se trataron, tendo en conta os seguintes factores:

- Polo que se refire á epígrafe *Informes do director xeral da CRTVG* (e da CSAG) e *Informes da directora xeral da CSAG*, unicamente se contabilizan os informes que

se facilitaron en función dos títulos que se lles atribuíron nas actas das sesións plenarias. Cómpre ter en conta que algúns deles se dividían en varios apartados.

- Tampouco se computaron as cuestións colaterais xurdidas a partir dos devanditos informes.
- Respostas a determinadas preguntas cualificáronse como informes en senso estrito.

DATA DO PLENO	ASUNTOS TRATADOS NO APARTADO INFORMES DAS DIRECCIÓNS XERAIS DA CRTVG E CSAG	OUTROS INFORMES DAS DIRECCIÓNS XERAIS DA CRTVG E DA CSAG E/OU DECISIONS SOBRE ASUNTOS DIVERSOS	CUESTIÓN QUE SE ABORDARON NO APARTADO ASUNTOS DE TRÁMITE
28.01.2025	2	2	1
25.02.2025	4	0	0
27.03.2025	2	1	0
22.04.2025	3	0	0
23.05.2025	PLENO EXTRAORDINARIO	2	PLENO EXTRAORDINARIO
23.05.2025	0	0	2
10.06.2025	PLENO EXTRAORDINARIO	1	PLENO EXTRAORDINARIO
24.06.2025	1	3	0
11.07.2025	PLENO EXTRAORDINARIO	3	PLENO EXTRAORDINARIO

21.07.2025	1	1	0
28.08.2025	1	2	0
23.09.2025	PLENO EXTRAORDINARIO	2	PLENO EXTRAORDINARIO
23.09.2025	2	2	0
28.10.2025	2	1	0
25.11.2025	4	2	0
16.12.2025	2	0	0
Total	24	22	3

No referente aos rogos e preguntas que os/as conselleiros/as dirixiron ás direccións xerais da Corporación RTVG e da CSAG, sublíñase que:

- Non se enumeran as respostas que ofreceron as persoas titulares das devanditas direccións xerais ao abeiro de interpelacións que fixeron os/as conselleiros/as cando, unha vez concluído cada informe, se abriu a quenda de intervencións.
- Igualmente, cómpre salientar que:
- Algunhas cuestións concretas que se suscitaron en sesións plenarias respondéronse ou completáronse por representantes das direccións xerais da CRTVG e da CSAG en xuntanzas das comisións permanentes de participación.
- Determinados rogos e certas preguntas que se efectuaron nun pleno concreto atendéronse na mesma reunión por parte das direccións xerais da CRTVG e da CSAG, mais estas últimas tamén fixeron precisións ou completaron as súas respostas na sesión plenaria inmediatamente posterior.

DATA DO PLENO	FORMULADOS	ATENDIDOS NO MESMO PLENO	ROGOS E PREGUNTAS ATENDIDOS DE ANTERIORES PLENOS	OUTROS ROGOS OU CONSIDERACIÓN S
28.01.2025	13	0	8	3
25.02.2025	13	1	13	1
27.03.2025	18	1	13	4
22.04.2025	12	0	18	1
23.05.2025	PLENO EXTRAORDINARIO			
23.05.2025	8	2	12	2
10.06.2025	PLENO EXTRAORDINARIO			
24.06.2025	0	0	6	10
11.07.2025	PLENO EXTRAORDINARIO			
21.07.2025	6	0	0	5
28.08.2025	8	3	6	4
23.09.2025	PLENO EXTRAORDINARIO			
23.09.2025	17	0	7	6

28.10.2025	7	0	17	5
25.11.2025	9	0	7	5
16.12.2025	8	0	9	3
TOTAL	119	7	116	49

10.13 Decisións que adoptou o socio único da CRTVG e da CSAG

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (representada polo director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia), ao abeiro do que se dispón no artigo 15 da Lei de sociedades de capital (Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo), na súa condición de socio único da CRTVG e da CSAG, por ser o titular do 100% do seu capital social, adoptou as decisións seguintes:

10.13.1 - 24 de abril de 2025 (Xunta Xeral ordinaria)

- Aprobou as contas anuais, o informe de xestión (que incluíu o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio social que se pechou o 31.12.2024.
- Aprobou a xestión que desenvolveu o Consello de Administración da Corporación RTVG durante o exercicio social que se pechou o 31.12.2024.
- Facultou expresamente á secretaria para que puidese elevar a público as decisións que adoptou nesa data e, así mesmo, habilitouna para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez das devanditas decisións e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes.

* A acta aprobouse cando concluíu a reunión.

10.13.2 - 1 de xullo de 2025 (Xunta Xeral extraordinaria)

- Cambio da denominación social da Corporación RTVG

De acordo co que se determina na alínea 1 da disposición derradeira segunda da Lei 11/2025, do 14 de marzo, fixo constar que mediante Acordo do 19.05.2025, do Consello da Xunta de Galicia, se mudara a denominación da Corporación RTVG e asumiu a de CSAG. Aprobou a modificación da denominación social da Corporación RTVG, que no sucesivo pasou a denominarse CSAG. A devandita denominación reservouse a prol da Corporación RTVG en virtude da certificación que expediu o Rexistro Mercantil Central o 07.03.2025 e que se renovou o 25.06.2025.

- Modificación dos estatutos sociais da Corporación RTVG

En función do que se especifica na alínea 2 da disposición derradeira segunda da Lei 1/2025, do 14 de marzo, e no artigo 105.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, fixo constar que por Acordo do 19.05.2025, do Consello da Xunta de Galicia, se autorizara a modificación dos estatutos da CSAG para adaptalos ao que se determina na Lei 1/2025, do 14 de marzo.

Aprobou separadamente cada grupo de artigos dos estatutos da CSAG que teñen autonomía propia.

- Facultou expresamente á secretaria para que puidese elevar a público as decisións que adoptou e, así mesmo, habilitouna para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez das devanditas decisións e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes.

* A acta aprobouse cando concluíu a reunión.

10.13.3 - 11 de xullo de 2025 (Xunta Xeral extraordinaria)

- Cesou a Alfonso Sánchez Izquierdo como membro do Consello de Administración da CSAG.
- Nomeou a María Concepción Pombo Romero como membro do Consello de Administración da CSAG. Presente no acto, aceptou o seu nomeamento como membro do Consello de Administración da CSAG e manifestou non estar incurso en ningunha das prohibicións ou incompatibilidades legais para o seu exercicio, especialmente as que se recollen expresamente nas leis 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital; 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das

administracións públicas, e demais normativa que puidese ser de aplicación ou calquera disposición estatutaria sobre a materia.

- Facultou expresamente á secretaria para que puidese elevar a público as decisións que adoptou e, así mesmo, habilitouna para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez das devanditas decisións e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes.

* A acta aprobouse cando concluíu a reunión.

10.14 Órganos ou comisións de participación, asesoramento ou de control interno

10.14.1 Corporación RTVG

- Os artigos 12.3 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 11.2 dos estatutos obrigaban a constituír a Comisión de Economía e Control.
- Nos artigos 19.1.e) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 16.1.e) dos estatutos e 5.2.e) e 18 do Regulamento interno indicábase que lle correspondía ao Consello de Administración da Corporación RTVG aprobar a creación dos órganos ou das comisións de participación, asesoramento ou de control interno.

En virtude do que se preceptuou nos anteditos artigos, creáronse as seguintes comisións permanentes:

- Economía e Control (pleno ordinario do 04.01.2016)
- Igualdade (pleno ordinario do 27.07.2021)
- Programación (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Recursos Humanos (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Regulamento e Réxime Interior (pleno ordinario do 19.01.2016)
- Responsabilidade Social Corporativa (pleno ordinario do 27.07.2021)

10.14.2 CSAG

Reproducíuse tanto o devandito mandato como a facultade á que se fixo referencia antes:

- Lei 1/2025, do 14 de marzo:
- Artigo 30.b): *Correspóndelle ao Consello de Administración as seguintes funcións:...*
b) Aprobar a creación das comisións de participación, asesoramento e control interno do propio Consello. En todo caso, o Consello de Administración constituirá no seu seo unha Comisión de Economía e Control.

- Artigo 39: *A composición e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control son fixadas polos estatutos sociais ou, se for o caso, polo regulamento interno do Consello de Administración, que garantirán a independencia do seu funcionamento.*
- Estatutos:
 - Artigo 16.b): *Sen prexuízo das funcións que lle corresponden de conformidade coa lexislación mercantil, ao Consello de Administración correspóndenlle as seguintes competencias e funcións:... b) Aprobar a creación das comisións de participación, asesoramento e control interno do propio Consello. En todo caso, o Consello de Administración constituirá no seu seo unha Comisión de Economía e Control.*
 - Artigo 20.1: *No seo do Consello de Administración creárase unha Comisión de Economía e Control...*

O Consello de Administración da CSAG mantivo activas as comisións que se especificaron antes.

10.15 Comisión de Economía e Control

10.15.1 Corporación RTVG

- No artigo 28 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, sinalábase que o número de membros e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control se debían fixar estatutariamente ou, se for o caso, polas normas de funcionamento interno da entidade, que, en todo caso, debían favorecer a independencia do seu funcionamento.

Por outra banda, no artigo 20.1 dos estatutos ditáminouse o seguinte: *No seo do Consello de Administración creárase unha Comisión de Economía e Control que será formada na primeira sesión do Consello de Administración e estará composta por 3 membros. Os membros da Comisión de Economía e Control desempeñarán o seu cargo por un período de tres anos e cesarán cando o fagan na súa condición de conselleiros/as ou cando así o acorde o Consello de Administración ou polo transcurso do prazo establecido para o desempeño do cargo*

- As súas competencias establecéronse no artigo 20.2 e 3 (*A Comisión de Economía e Control*) dos estatutos:
- O seguimento do estado financeiro da Corporación RTVG, así como o estrito cumprimento do servizo público para o que se creou.

- A supervisión das contas anuais de cada exercicio e a formulación das observacións que considere axeitadas.
- A supervisión do plan anual de actividades, da memoria anual e dos anteproxectos de orzamentos.
- A análise das liñas xerais de asignación orzamentaria de cada exercicio e dos criterios que se utilizan para a súa elaboración.
- A supervisión dos plans financeiros plurianuais.
- A realización dun seguimento e dunha análise da xestión e da evolución da execución orzamentaria.
- O seguimento da evolución dos ingresos comerciais.
- A supervisión, con carácter trimestral, da posición financeira da empresa.
- Artigo 20.4 (*A Comisión de Economía e Control*) dos estatutos: *O funcionamento da Comisión de Economía e Control fixarase no regulamento de funcionamento que aprobe o Consello de Administración. En todo caso, a Comisión de Economía e Control reunirase cunha periodicidade trimestral, e cada vez que a convoque o seu presidente/a, que será elixido/a polo Consello de Administración na súa primeira sesión.*

10.15.2 CSAG

- Artigo 39 (*Comisión de Economía e Control*) da Lei 1/2025, do 14 de marzo: *A composición e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control son fixadas polos estatutos sociais ou, se for o caso, polo regulamento interno do Consello de Administración, que garantirán a independencia do seu funcionamento.*
- Artigo 20.1 (*A Comisión de Economía e Control*) dos estatutos: *No seo do Consello de Administración creárase unha Comisión de Economía e Control que será formada na primeira sesión do Consello de Administración e se comporá por 3 membros. Os membros da Comisión de Economía e Control desempeñarán o seu cargo por un período de tres anos e cesarán cando o fagan na súa condición de conselleiros/as ou cando así o acorde o Consello de Administración ou polo transcurso do prazo establecido para o desempeño do seu cargo*
- As súas competencias establecéronse no artigo 20.2 e 3 (*A Comisión de Economía e Control*) dos estatutos:
- O seguimento do estado financeiro da CSAG, así como o estrito cumprimento do servizo público para o que se creou.
- A supervisión das contas anuais e o estado de información non financeira (EINF) de cada exercicio e a formulación das observacións que considere axeitadas.
- A supervisión do plan anual de actividades, da memoria anual e dos anteproxectos de orzamentos.

- A análise das liñas xerais de asignación orzamentaria de cada exercicio e dos criterios que se utilizan para a súa elaboración.
- A supervisión dos plans financeiros plurianuais.
- A realización dun seguimento e dunha análise da xestión e da evolución da execución orzamentaria.
- O seguimento da evolución dos ingresos comerciais.
- A supervisión, con carácter trimestral, da posición financeira da empresa.
- Artigo 20.4 (A Comisión de Economía e Control): *O funcionamento da Comisión de Economía e Control fixarase no regulamento de funcionamento que aprobe o Consello de Administración. En todo caso, a Comisión de Economía e Control reunirase cunha periodicidade, polo menos, trimestral, e cada vez que o convoque o seu presidente/a, que será elixido/a polo Consello de Administración na súa primeira sesión.*

DATA DE CREAMENTO	MEMBROS E DATA DA SÚA ELECCIÓN	PRESIDENTE E DATA DE ELECCIÓN
04.01.2016	Cabaleiro Durán (28.06.2022, con efectos do 25.05.2022) Peón Piñeiro (27.07.2021) Vidal Lage (27.07.2021)	Cabaleiro Durán (27.07.2022)
Reelixidas e reelixido no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		

Reunións que realizou en 2025:

- 08.01.2025

Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión

Asuntos: posición financeira ao 31.12.2023 e controversia coa AEAT pola tributación do IVE

- 14.01.2025

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asuntos: ingresos comerciais (decembro de 2024 e acumulado do exercicio) e expediente CRT-2024-0029 (Servizo para a comercialización dos espazos publicitarios da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. para o mercado autonómico galego)

- 21.01.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 30.11.2024

- 04.02.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: plan de actuación en relación co peche do exercicio 2024

- 11.02.2025

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos comerciais (xaneiro de 2024)

- 11.03.2025

Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa

Asunto: presentación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2023

- 17.03.2025

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asuntos: ingresos comerciais (febreiro de 2025 e acumulado do exercicio) e *Estudo Infoadex do Investimento Publicitario en España 2025*

- 18.03.2025

Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa

Asunto: contas anuais correspondentes ao exercicio 2023

- 01.04.2025

Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión

Asuntos: posición financeira a 31.03.2025 e controversia coa AEAT pola tributación do IVE

- 08.04.2025

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asuntos: ingresos comerciais (marzo de 2025 e acumulado do exercicio) e proposta da Área de Innovación e Negocio a NewixMedia (Forta) sobre a *publicidade conectada*

- 22.04.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.01.2025

- 05.05.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 28.02.2025

- 14.05.2025

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asuntos: ingresos comerciais (abril de 2025 e acumulado do exercicio) e modelo conxunto de comercialización da comunicación comercial audiovisual a través dos sistemas dixitais que se implantou na Forta

- 20.05.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.03.2025

- 03.06.2025

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asunto: ingresos comerciais (maio de 2025 e acumulado do exercicio)

- 11.06.2025

Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa

Asuntos: presentación dos anteproxectos de orzamentos e do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) da Corporación RTVG para 2026

- 17.06.2025

Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa

Asuntos: anteproxectos de orzamentos e do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) da CRTVG para 2026

- 01.07.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 30.04.2025

- 08.07.2025

Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio

Asuntos: ingresos comerciais (xuño de 2025 e acumulado do exercicio) e novo formato para a difusión de comunicacións comerciais audiovisuais (*Escola de saúde*)

- 15.07.2025

Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión

Asuntos: posición financeira ao 30.06.2025 e controversia coa AEAT pola tributación do IVE

- 02.09.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.05.2025

- 10.09.2025

Comparecente: directora de Organización e Xestión do Cambio

Asunto: ingresos comerciais (xullo e agosto de 2025 e acumulado do exercicio)

- 16.09.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 30.06.2025

- 07.10.2025

Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión

Asuntos: posición financeira ao 30.09.2025 e controversia coa AEAT pola tributación do IVE

- 15.10.2025

Comparecente: directora de Organización e Xestión do Cambio

Asunto: ingresos comerciais (setembro de 2025 e acumulado do exercicio)

- 21.10.2025

Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa

Asunto: proxectos de orzamentos e do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) da CSAG para 2026

- 04.11.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.07.2025

- 11.11.2025

Comparecente: directora de Organización e Xestión do Cambio

Asunto: ingresos comerciais (outubro de 2025 e acumulado do exercicio)

- 18.11.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.08.2025

- 03.12.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 30.09.2025

- 09.12.2025

Comparecente: directora de Organización e Xestión do Cambio

Asunto: ingresos comerciais (novembro de 2025 e acumulado do exercicio)

- 16.12.2025

Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade

Asunto: evolución orzamentaria ao 31.10.2025

10.16 Restantes comisións permanentes de participación, asesoramento e control interno

10.16.1 Comisión de Igualdade

DATA DE CREACIÓN	MEMBROS E DATA DA SÚA ELECCIÓN	PRESIDENTA E DATA DE ELECCIÓN
27.07.2021	López Blanco (27.07.2022) Peón Piñeiro (27.07.2021) Vidal Lage (27.07.2021)	Vidal Lage (27.07.2021)
Reelixidas no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		

Reunións que realizou en 2025:

- 11.03.2025

Comparecentes: subdirector de Xestión dos Servizos Informativos e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega

Asunto: actuacións que desenvolveron a TVG e a Radio Galega para conmemorar o Día Internacional da Muller

- 27.05.2025

Comparecente: xefa do Servizo de Sistemas de Información de RRHH e Diálogo Social

Asunto: Plan de Igualdade

- 23.09.2025

Comparecente: xefa do Servizo de Sistemas de Información de RRHH e Diálogo Social

Asunto: Plan de Igualdade

- 03.12.2025

Comparecentes: director do Departamento de Información e Documentación e subdirectora do Departamento de Producción Propia, Emisións e Continuidade

Asunto: actuacións que desenvolveu a CSAG para conmemorar o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

10.16.2 Comisión de Programación

DATA DE CREACIÓN	MEMBROS E DATA DA SÚA ELECCIÓN	PRESIDENTE E DATA DE ELECCIÓN
26.02.2016	Alonso Filgueira (27.07.2022) Cabaleiro Durán (27.07.2021) Vidal Lage (27.07.2021)	Alonso Filgueira (27.07.2022)
Reelixida e reelixidos no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		

Reunións que realizou en 2025:

- 08.01.2025

Comparecente: director da Área de Contidos

Asuntos: cotas de pantalla da TVG en decembro de 2023 e no exercicio 2023 e sistema de medición de Kantar Media, S.A.U.

- 14.01.2025

Comparecente: director da Área de Contidos

Asunto: decisións da Comisión de Apoio á Produción Cinematográfica do 26.12.2024

- 04.02.2025

Comparecente: director da Área de Contidos

Asuntos: cota de pantalla en xaneiro de 2025 e sistema de medición de Kantar Media, S.A.U.

- 04.03.2025

Comparecente: director da Área de Contidos

Asuntos: cota de pantalla da TVG en febreiro de 2025 e sistema de medición de Kantar Media, S.A.U.

- 08.04.2025

Comparecente: director da Área de Contidos

Asuntos: cota de pantalla da TVG en marzo de 2025 e sistema de medición de Kantar Media, S.A.U.

- 28.04.2025

Comparecentes: xefe e xefa dos servizos de Planificación de Informativos e de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega

Asunto: audiencia das canles de radio da Corporación RTVG na primeira onda do EXM de 2025

- 07.05.2025

Comparecente: director da Área de Contidos

Asuntos: cota de pantalla de TVG en abril de 2025 e audiencia das canles de televisión da Corporación RTVG na primeira onda do EXM de 2025

- 03.06.2025

Comparecente: director da Área de Contidos

Asuntos: cota de pantalla de TVG en abril de 2025 e grella xenérica para o verán

- 08.07.2025

Comparecentes: xefe e xefa dos servizos de Planificación de Informativos e de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega

Asuntos: audiencia das canles de radio da Corporación RTVG na segunda onda do EXM de 2025 e programación da Radio Galega para o verán

- 15.07.2025

Comparecente: director da Área de Contidos

Asuntos: cota de pantalla de TVG en xuño de 2025, audiencia das canles de televisión da Corporación RTVG na segunda onda do EXM e programación da TVG para o verán

- 02.09.2025

Comparecentes: directora da Área de Contidos e director do Departamento de Información e Documentación

Asuntos: cota de pantalla de TVG en xullo e agosto de 2025

- 09.09.2025

Comparecentes: subdirectora de Xestión dos Servizos Informativos e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas

Asunto: programación da Radio Galega para a temporada outono 2025-primavera 2026

- 16.09.2025

Comparecentes: directora da Área de Contidos e subdirectora do Departamento de Producción Propia, Emisións e Continuidade

Asunto: programación da TVG para a temporada outono 2025-primavera 2026

- 07.10.2025

Comparecentes: subdirectora do Departamento de Producción Propia, Emisións e Continuidade e subdirector do Departamento de Formatos e Contratación de Contidos

Asunto: cota de pantalla de TVG en setembro de 2025

- 04.11.2025

Comparecentes: subdirectora do Departamento de Producción Propia, Emisións e Continuidade e subdirector do Departamento de Formatos e Contratación de Contidos

Asuntos: cota de pantalla de TVG en outubro de 2025, sistema de medición de Kantar Media, S.A.U. e nova programación da TVG

- 11.12.2025

Comparecentes: subdirectora do Departamento de Producción Propia, Emisións e Continuidade e subdirector do Departamento de Formatos e Contratación de Contidos

Asuntos: cota de pantalla de TVG en novembro de 2025, audiencia que se lles atribuíu ás canles de televisión da CSAG na 3ª onda do EXM e nova programación da TVG

- 16.12.2025

Comparecentes: director do Departamento de Información e Documentación e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas

Asunto: audiencia que se lles atribuíu ás canles de radio da CSAG na terceira onda do EXM de 2025

10.16.3 Comisión de Recursos Humanos

DATA DE CREACIÓN	MEMBROS E DATA DA SÚA ELECCIÓN	PRESIDENTA E DATA DE ELECCIÓN
26.02.2016	Cabaleiro Durán (27.07.2021) López Blanco (27.07.2022) Viña Bravo (27.07.2021)	López Blanco (27.07.2022)
Reelixida e reelixidos no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		
Viña Bravo renunciou ao cargo con efectos do 03.09.2025. Substituíuna como membro da Comisión de Recursos Humanos a conselleira Vidal Lage (elixida, por unanimidade, no pleno ordinario do 23.09.2025, con efectos da mesma data).		

Reunións que realizou en 2025:

- 09.01.2025

Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos

Asuntos: cadro de persoal ao 31.10.2024, resultado do proceso extraordinario de consolidación de emprego (derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro), modificación do cadro da CRTVG, proposta sobre a solicitude dun informe da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal (obriga de formalización de contratos temporais con determinadas persoas) e ofertas de emprego público

- 28.01.2025

Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.11.2024, ofertas de emprego público e litixios na xurisdición social

- 25.02.2025

Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.12.2024 e ofertas de emprego público

- 11.03.2025

Comparecente: xefa do Servizo de Formación e Selección

Asuntos: memorias de formación e de bolseiros/as (exercicio 2024)

- 27.03.2025

Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.01.2025, informe da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, estudo psicosocial e procedementos na xurisdición laboral

- 22.04.2025

Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 28.02.2025, procedementos na xurisdición laboral e ofertas de emprego público

- 27.05.2025

Comparecente: xefa do Servizo de Formación e Selección

Asunto: plan de formación do exercicio 2025

- 24.06.2025

Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.03.2025, modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG e estado dos procedementos na xurisdición laboral

- 21.07.2025

Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.04.2025 e ofertas de emprego público

- 28.08.2025

Comparecente: director do Departamento de Xestión das Persoas

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.05.2025, modificación do cadro de persoal, ofertas de emprego público e estado dos procedementos na xurisdición laboral

- 07.10.2025

Comparecente: director do Departamento de Xestión das Persoas

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.06.2025, ofertas de emprego público e estado dos procedementos na xurisdición laboral

- 28.10.2025

Comparecente: director do Departamento de Xestión das Persoas

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.07.2025, ofertas de emprego público e estado dos procedementos na xurisdición laboral

- 25.11.2025

Comparecente: director do Departamento de Xestión das Persoas

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.08.2025 e sentenza da Sala do Social do TSXG no conflito colectivo núm. 16/2025 (sentenza núm. 5131/2025 do 13.11.2025)

- 16.12.2025

Comparecente: director do Departamento de Xestión das Persoas

Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.09.2025, sentenza da Sala do Social do TSXG no conflito colectivo núm. 16/2025 (sentenza núm. 5131/2025 do 13.11.2025) e oferta de emprego público (2025)

10.16.4 Comisión de Regulamento e Réxime Interior

DATA DE CREAMIÓN	MEMBROS E DATA DA SÚA ELECCIÓN	PRESIDENTA E DATA DE ELECCIÓN
26.02.2016	Cabaleiro Durán (27.07.2021) Peón Piñeiro (27.07.2021) Viña Bravo (27.07.2021)	Peón Piñeiro (27.07.2021)
Reelixidas e reelixido no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		
Viña Bravo renunciou ao cargo con efectos do 03.09.2025. Substituíuna como membro da Comisión de Regulamento e Réxime Interior a conselleira Vidal Lage (elixida, por unanimidade, no pleno ordinario do 23.09.2025, con efectos da mesma data).		

Reunións que realizou en 2025:

- 08.01.2025

Asuntos: estatuto profesional, proposta de indemnización polo desenvolvemento das funcións propias do cargo de secretaria non conselleira e calendario de reunións

- 21.01.2025

Asuntos: estatuto profesional

- 04.02.2025

Asuntos: estatuto profesional, proposta de calendario de reunións e contido do borrador do apartado referido ao Consello de Administración da CRTVG que se integrou no Informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2024)

- 18.02.2025

Asuntos: estatuto profesional e proposta de calendario de reunións

- 04.03.2025

Asuntos: estatuto profesional, compatibilidade da conselleira Vidal Lage (padroado da Fundación Galiza Sempre) e calendario de reunións

- 14.05.2025

Asuntos: contas da CRTVG nas redes sociais, compatibilidade da conselleira Vidal Lage (padroado da Fundación Galiza Sempre) e calendario de reunións

- 09.09.2025

Asuntos: contas da CRTVG nas redes sociais, renuncia da conselleira Viña Bravo e calendario de reunións

- 07.10.2025

Comparecentes: xefa do Servizo de Arquivo e Documentación e letrada do Departamento de Asesoría Xurídica

Asuntos: proposta de condicións económicas para o uso comercial dos arquivos documentais e audiovisuais da CSAG e calendario de reunión

- 04.11.2025

Asuntos: proposta de Guía sobre as contas e os perfís da CSAG nas redes sociais, borrador das Normas da CSAG sobre a comunicación comercial audiovisual e calendario de reunións

- 18.11.2025

Asuntos: proposta de Guía sobre as contas e os perfís da CSAG nas redes sociais, borrador das Normas da CSAG sobre a comunicación comercial audiovisual e calendario de reunións

- 16.12.2025

Asuntos: proposta de Guía sobre as contas e os perfís da CSAG nas redes sociais e calendario de reunións

10.16.5 Comisión de Responsabilidade Social Corporativa

DATA DE CREACIÓN	MEMBROS E DATA DA SÚA ELECCIÓN	PRESIDENTA E DATA DE ELECCIÓN
27.07.2021	Alonso Filgueira (27.07.2022) Peón Piñeiro (28.06.2022) Viña Bravo (27.07.2021)	Viña Bravo (27.07.2021)
Reelixidas e reelixido no pleno ordinario do 23.07.2024 (con efectos do 27.07.2024)		
Viña Bravo renunciou ao cargo con efectos do 03.09.2025. Substituíuna como membro e presidenta da Comisión de RSC a conselleira Peón Piñeiro (nos dous casos elixida por unanimidade no pleno ordinario do 23.09.2025, con efectos da mesma data).		

Reunións que realizou en 2025:

- 04.03.2025

Comparecente: director do Departamento de Proxección Social

Asunto: actuacións e proxectos do Departamento de Proxección Social (exercicio 2025)

- 06.06.2025

Comparecente: director do Departamento de Proxección Social

Asunto: Informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2024)

Resumo das reunións das comisións de participación:

COMISIÓN	Nº DE REUNIÓN S	Nº ASUNTOS QUE SE ABORDARON	COMPARECENTE S
Economía e Control	32	41	32
Igualdade	4	5	6
Programación	17	32	26
Recursos Humanos	14	36	14
Regulamento e Réxime Interior	11	28	2
Responsabilidade Social Corporativa	2	2	2
TOTAL	80	144	82

10.17 Parlamento de Galicia

O control do Parlamento de Galicia sobre a Corporación plasouse no ano 2025 nas correspondentes comisións e comparecencias parlamentarias.

Ata xuño do 2025 as intervencións ante a Comisión Permanente non Lexislativa de Control sobre a Corporación foron atendidas por Alfonso Sánchez Izquierdo como director xeral da CRTVG.

A partir do 11 de xullo e trala a e vigor da LEI 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, foi a nova directora xeral, María Concepción Pombo Romero, quen atendeu estas comparecencias de control.

Comisión de Control (31/01/2025)

- 15735 POC sobre a cobertura que a CRTVG desenvolveu no día 25 de novembro de 2024, así como sobre a valoración que a Xunta de Galicia realiza respecto das accións da Corporación para conseguir a plena igualdade.
- 15866 POC sobre o nivel de defensa e promoción da lingua galega por parte da CRTVG e as medidas previstas para fomentar o seu uso.
- 16079 POC sobre a desestimación polo Tribunal Supremos dun recurso da CRTVG contra una sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que consideraba improcedente a destitución dun alto directivo desta empresa pública.
- 16388 POC sobre os datos de audiencia rexistrados pola TVG en 2024.

Comisión de Control (28/02/2025)

- 16550 POC sobre as modificacións anunciadas pola CRTVG en varios dos seus centros, as súas consecuencias nas condicións de traballo e a posibilidade de extensión futura deste sistema ao centro de San Marcos.
- 16790 POC sobre o nivel de rigor da información emitida pola TVG e o seu deber de veracidade e imparcialidade.
- 19455 POC sobre a situación orzamentaria e contable da CRTVG.

Comisión de Control (28/03/2025)

- 18630 POC sobre as medidas que prevé pór en marcha a CRTVG co fin de incrementar a transparencia e de reforzar a dotación económica que destina á produción audiovisual galega.

- 19523 POC sobre a decisión da CRTVG pola que vai permitir, por primeira vez, a realización de probas de acceso ao ente en lingua castelá, os motivos da adopción dese criterio e as súas repercusións.

Comisión de Control (30/04/2025)

- 20233 POC sobre o ton e o carácter de determinados comentarios que a delegada da TVG en Madrid realizou, como tal, nas redes sociais.
- 21510 POC sobre o balance da xestión do actual director xeral da CRTVG nos últimos quince anos.
- 22070 POC sobre o balance do primeiro ano de funcionamento da plataforma OTT AGalega.gal.
- 22300 POC sobre a ausencia de entrevistas a alcaldes e alcaldesas na TVG desde o inicio do actual mandato municipal.

Comparecencia da candidata a Directora Xeral da CSAG (27/05/2025)

- Comparecencia da candidata proposta para directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A.

Comparecencia e Comisión de Control (28/05/2025)

- 25514 Comparecencia do director xeral da CRTVG por petición propia, para presentar as contas anuais da Corporación do exercicio 2024.
- 19815 POC sobre as medidas previstas pola Dirección Xeral da CRTVG co obxectivo de garantir na programación dos seus medios o pluralismo político e ideolóxico do país.
- 22923 POC sobre a denegación das solicitudes de xubilación parcial anticipada por parte da CRTVG e a cantidade de traballadoras e traballadores que se van ver afectados por esta medida.

Comparecencia do director xeral da CRTVG (18/06/2025)

- 26991 Comparecencia do director xeral da CRTVG, por petición propia, para presentar a 'Memoria de Servizo Público' correspondente ao exercicio de 2024.
- 26933 POC sobre o tratamento informativo da CRTVG á denuncia contra o exconselleiro do Mar por agresión sexual.

Comisión de Control (25/09/2025)

- 27779 POC sobre a garantía do pluralismo político, social e cultural na nova etapa da CSAG.
- 28017 POC sobre os resultados das canles dixitais.
- 31241 POC sobre a cobertura informativa da vaga de incendios forestais deste verán por parte dos medios públicos galegos.
- 32086 POC sobre o perfil da información nos medios públicos galegos en relación cos incendios forestais de agosto de 2025 en Galicia.
- 32999 POC sobre o grao de externalización da programación.

Comisión de Control (23/10/2025)

- 29132 POC sobre a maneira en que a CSAG prevé reforzar a divulgación da cultura galega.
- 33808 POC sobre o interese da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia na emisión dos partidos do Club Baloncesto Breogán e as previsións respecto da adquisición dos dereitos de emisión dos seus partidos na Televisión de Galicia.
- 34046 POC sobre o control de calidade que leva a cabo a dirección xeral dos contidos dos medios e a valoración do tratamento dado á lingua galega e das alusións ao sexo feminino no programa presentado por Miguel Lago.
- 35616 POC sobre o balance da cobertura do deporte feminino no ano 2025 e as liñas de actuación para 2026.

Comparecencia da directora xeral da CSAG (30/10/2025)

- Comparecencia da directora xeral ante a Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos para realizar unha sesión informativa en relación co proxecto de Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2026.

Comisión de Control (28/11/2025)

- 29571 POC sobre a programación dirixida ao público máis novo.
- 37636 POC sobre os protocolos e procedementos empregados pola CSAG para a protección da propiedade intelectual na recepción dos proxectos audiovisuais.
- 37646 POC sobre as denuncias recibidas pola CSAG por vulneración dos dereitos de propiedade intelectual e as ferramentas coas que conta ou prevé desenvolver a dirección xeral para garantilos.
- 38321 POC Sobre a evolución da audiencia na Televisión de Galicia.

Comisión de Control (19/12/2025)

- 32954 POC sobre o calendario de reunións e as propostas da CSAG para negociar a recualificación profesional do persoal desta entidade.
- 39715 POC sobre as medidas adoptadas pola CSAG para garantir a fiabilidade e transparencia da información de audiencia que recibe.
- 40486 POC sobre a folia de ruta da dirección xeral para os vindeiros anos no que atinxe á radio, á televisión e á plataforma AGalega.gal.

Xunto ás 32 preguntas orais respondidas, outras 20 preguntas foron atendidas por escrito no ano 2025. Ademais, respondéronse tres solicitudes de datos achegadas polos grupos parlamentarios.

10.18 Outros organismos de control

En paralelo ao labor de atención e resposta ás cuestións presentadas no eido parlamentario, a CSAG atende tamén os expedientes abertos pola Valeduría do Pobo de Galicia. No 2025 a Valeduría do Pobo xestionou dous expedientes relativos á Corporación, resoltos positivamente.

_Expediente R.7.Q/12430/25 Cuestión formulada por un particular sobre a cobertura realizada polos medios públicos da folga no ensino non universitario o 25 de setembro de 2025. A Corporación respondeu achegando probas sobre a cobertura da noticia e o expediente foi concluído e archivado sen que se requirira á CSAG ningunha acción complementaria.

_Expediente R.7.Q/15863/24 Cuestión formulada por un particular sobre a posible inclusión da serie 'AirGalicia' na plataforma AGalega.gal que foi respondida o 29 de xaneiro de 2026.

